

# NORMAS INSTITUCIONAIS DE GALICIA



PARLAMENTO  
DE GALICIA



*Normas institucionais de Galicia*

Santiago de Compostela, abril de 2017

**Edita:**

© Parlamento de Galicia, 2017

Rúa do Hórreo, 63

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

[www.parlamento.gal](http://www.parlamento.gal)

ISBN: 978-84-7836-115-1

Depósito Legal: C 577-2017

# NORMAS INSTITUCIONAIS DE GALICIA



Anotada por **Xosé Antón Sarmiento Méndez**  
Revisión lingüística: **Xermán García Cancela**



## PRÓLOGO

A elaboración das leis é unha función básica de calquera Parlamento e tamén, obviamente, do Parlamento de Galicia, o cal, desde a súa constitución, o 19 de decembro de 1981, dotou a Comunidade Autónoma dun extenso corpus xurídico.

O Parlamento de Galicia está empeñado non só en elaborar leis de calidade que respondan ás necesidades da sociedade á que servimos, senón tamén en divulgar este rico patrimonio normativo entre o conxunto da cidadanía.

Iniciamos esta tarefa coa posta en marcha do portal *Lex.Gal*, unha novidosa base de datos que ofrece de balde, e na nosa lingua, toda a lexislación galega consolidada. E seguimos avanzando en materia de divulgación coa publicación deste volume que recompila as *Normas institucionais de Galicia*, integrado polos textos consolidados e actualizados da Constitución española e do Estatuto de autonomía, así como doutras nove leis destacadas entre as arredor de 400 que leva aprobadas a Cámara desde a súa constitución ata a actualidade.

A diferenza doutras edicións deste tipo efectuadas no pasado, o actual volume estará dispoñible en dous formatos: a edición clásica en papel, mais tamén unha versión electrónica na web do Parlamento de Galicia.

Agradezo moi especialmente o traballo de todas as persoas —deputadas e deputados, persoal da Cámara, expertos,...— que participaron na elaboración destas leis, convencido de que ofreceron o mellor de si a prol de Galicia e do seu autogoberno.

**Miguel Ángel Santalices Vieira**

*Presidente do Parlamento de Galicia*



## ÍNDICE

Constitución española - pax. 9

Estatuto de autonomía de Galicia - pax. 97

Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Galicia - pax. 143

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia - pax. 145

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística - pax. 171

Lei 5/1984, de símbolos de Galicia - pax. 183

Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo - pax. 193

Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas - pax. 215

Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia - pax. 245

Regulamento do Parlamento de Galicia - pax. 273

Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia - pax. 359

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno - pax. 375





# CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

*A Constitución española foi aprobada polas Cortes Xerais o 31 de outubro de 1978 e ratificada polo pobo español no referendo do 6 de decembro de 1978. Publicouse no Boletín Oficial del Estado do 29 de decembro de 1978. Posteriormente, foron reformados o artigo 13, apartado 2, en xullo de 1992 (BOE do 28 de agosto de 1992) e o artigo 135, en setembro de 2011 (BOE n° 233, do 27 de setembro de 2011).*

Don Juan Carlos I, rei de España,  
a todos os que a presente viren e entenderen.

Sabede: Que as Cortes aprobaron e o pobo español ratificou a seguinte Constitución.

## **PREÁMBULO**

A nación española, desexando que se estableza a xustiza, a liberdade e a seguridade e que se promova o ben de cantos a integran, no uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de:

Garantir, dentro da Constitución e das leis, a convivencia democrática, conforme unha orde económica e social xusta.

Consolidar un Estado de dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, das súas culturas e tradicións, das súas linguas e institucións.

Promover, para asegurarlles a todos unha digna calidade de vida, o progreso da cultura e da economía.

Establecer unha sociedade democrática avanzada, e

Colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra.

En consecuencia, as Cortes aproban e o pobo español ratifica a seguinte Constitución.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **Artigo 1**

1. España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

3. A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

### **Artigo 2**

A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

### **Artigo 3**

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

## **Artigo 4**

1. A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, vermella, marea e vermella; a marea é dobre de larga do que cada unha das vermellas.

2. Os estatutos poderán recoñecer bandeiras e mais emblemas propios das comunidades autónomas. Estes utilizaranse xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos e nos seus actos oficiais.<sup>1</sup>

## **Artigo 5**

A capital do Estado é a vila de Madrid.

## **Artigo 6**

Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concurren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e mais á lei. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.<sup>2</sup>

## **Artigo 7**

Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.<sup>3</sup>

---

1. Lei 39/1981, do 28 de outubro, pola que se regula o uso da bandeira de España e o doutras bandeiras e insignias.

2. Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.

3. Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

## **Artigo 8**

1. As Forzas Armadas, constituídas polo Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire, teñen como misión garantir a soberanía e a independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.

2. Unha lei orgánica regulará as bases da organización militar de acordo cos principios da presente Constitución.<sup>4</sup>

## **Artigo 9**

1. Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

2. Correspóndelles aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

3. A Constitución garante o principio da legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e mais a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

---

4. Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

## TÍTULO I

### **Dos dereitos e deberes fundamentais**

#### **Artigo 10**

1. A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

2. As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece interpretaranse conforme a Declaración universal dos dereitos humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

## CAPÍTULO I

### **Dos españois e dos estranxeiros**

#### **Artigo 11**

1. A nacionalidade española adquirese, consérvase e pérdese de acordo co establecido pola lei.<sup>5</sup>

2. Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.

3. O Estado poderá concertar tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tiveran ou teñan un particular vencello con España. Nestes mesmos países, aínda que non lles reconezan aos seus cidadáns un dereito re-

---

5. Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia.

cíproco, poderán naturalizarse os españois sen perderen a súa nacionalidade de orixe.

## **Artigo 12**

Os españois son maiores de idade aos 18 anos.

## **Artigo 13**

1. Os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o presente título nos termos que establezan os tratados e mais a lei.<sup>6</sup>

2. Só os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, non sendo o que, atendendo criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.<sup>7</sup>

3. A extradición non se concederá senón en cumprimento dun tratado ou da lei, atendendo o principio da reciprocidade. Quedan excluídos da extradición os delitos políticos, non considerándose como tales os actos de terrorismo.<sup>8</sup>

4. A lei establecerá os termos en que os cidadáns doutros países e mais os apátridas poderán gozar do dereito de asilo en España.<sup>9</sup>

---

6. Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

7. Por reforma constitucional do 27 de agosto de 1992 (BOE do 28 de agosto de 1992), neste apartado modifícase a expresión «sufraxio activo nas eleccións municipais» por «sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais».

8. Lei 4/1985, do 21 de marzo, de extradición pasiva.

9. Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.



## CAPÍTULO II

### **Dereitos e liberdades**

#### **Artigo 14**

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

*Sección 1ª. Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas*

#### **Artigo 15**

Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en caso ningún, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Queda abolida a pena de morte, salvo o que se poida dispoñer nas leis penais militares para tempos de guerra.

#### **Artigo 16**

1. Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, ca a necesaria para a conservación da orde pública, protexida pola lei.

2. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

3. Ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións<sup>10</sup>.

---

10. Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa.

## Artigo 17

1. Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén poderá ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do establecido neste artigo e nos casos e na forma previstos pola lei.<sup>11</sup>

2. A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das indagacións tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial.

3. Toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, sen que poida ser obrigada a declarar. Garántese a asistencia do avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a lei estableza.

4. A lei regulará un procedemento de habeas corpus para que se produza a inmediata posta á disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente. Igualmente, determinarase por lei o prazo máximo de duración da prisión provisional.<sup>12</sup>

## Artigo 18

1. Garántese o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e máis á propia imaxe.<sup>13</sup>

---

11. Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

12. Lei orgánica 6/1984, do 24 de maio, reguladora do procedemento de habeas corpus.

13. Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

2. O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, non sendo en caso de manifesto delito.

3. Garántese o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas ou telefónicas, non sendo en caso de resolución xudicial.

4. A lei limitará o uso da informática para que se garanta o honor e mais a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.<sup>14</sup>

## **Artigo 19**

Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circularen por todo o territorio nacional.

Tamén teñen dereito a entrar e saír libremente de España nos termos que a lei estableza. Este dereito non poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

## **Artigo 20**

1. Recoñécense e protéxense os dereitos:

- a) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
- b) Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- c) Á liberdade de cátedra.
- d) A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. A lei regulará o dereito á

---

14. Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

cláusula de conciencia e ao segredo profesional no exercicio destas liberdades.<sup>15</sup>

2. O exercicio destes dereitos non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa.

3. A lei regulará a organización e control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso aos citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.<sup>16</sup>

4. Estas liberdades teñen o seu límite no respecto aos dereitos recoñecidos neste título, nos preceptos das leis que os desenvolven e, especialmente, no dereito ao honor, á intimidade, á propia imaxe e á protección da mocidade e da infancia.

5. Só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución xudicial.

## **Artigo 21**

1. Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.<sup>17</sup>

2. Nos casos de reunión en lugares de tránsito público e manifestacións daráselle comunicación previa á autoridade, que só as poderá prohibir cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens.

---

15. Lei orgánica 2/1997, do 19 de xuño, reguladora da cláusula de conciencia dos profesionais da información.

16. Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeneral da comunicación audiovisual.

17. Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.

## **Artigo 22**

1. Recoñécese o dereito de asociación.<sup>18</sup>
2. As asociacións que persigan fins ou empreguen medios tipificados como delito son ilegais.
3. As asociacións constituídas ao abeiro deste artigo deberán inscribirse nun rexistro para os únicos efectos de publicidade.
4. As asociacións só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.
5. Prohíbense as asociacións secretas e mais as de carácter paramilitar.

## **Artigo 23**

1. Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.
2. Tamén teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis.

## **Artigo 24**

1. Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.
2. Do mesmo xeito, todos teñen dereito ao xuíz ordinario pre-determinado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a seren informados da acusación formulada contra eles, a un pro-

---

18. Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

ceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizaren os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declararen contra si mesmos, a non se confesaren culpables e á presunción de inocencia.

A lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de segredo profesional, non se estea obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos.

## **Artigo 25**

1. Ninguén poderá ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que no momento de se produciren non constitúan delito, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente daquela.

2. As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán encamiñadas á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados. O condenado a pena de prisión que estea cumprindo esta gozará dos dereitos fundamentais deste capítulo, fóra dos que se vexan expresamente limitados polo contido da sentenza condenatoria, o sentido da pena e a lei penitenciaria. En todo caso, terá dereito a un traballo remunerado e mais aos beneficios correspondentes da Seguridade Social, así como ao acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade.

3. A Administración civil non poderá impoñer sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade.

## **Artigo 26**

Prohíbense os tribunais de honor no ámbito da Administración civil e das organizacións profesionais.

## **Artigo 27**

1. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.<sup>19</sup>
2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
3. Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
4. O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.
5. Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes.
6. Recoñéceselles ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais.
7. Os profesores, os pais e, se procede, os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.
8. Os poderes públicos inspeccionarán e homologarán o sistema educativo para garantiren o cumprimento das leis.

---

19. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

9. Os poderes públicos axudarán os centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza.

10. Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza.<sup>20</sup>

## **Artigo 28**

1. Todos teñen dereito a sindicarse libremente. A lei poderá poñerlles limitacións ou excepcións ao exercicio deste dereito ás forzas ou institutos armados ou aos demais corpos sometidos a disciplina militar e regulará as peculiaridades do seu exercicio para os funcionarios públicos. A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos e a se afiliarse ao da súa elección, así como o dereito dos sindicatos a formaren confederacións e a fundaren organizacións sindicais internacionais ou a se afiliaren a elas. Ninguén poderá ser obrigado a se afiliarse a un sindicato.

2. Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses. A lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para que se asegure o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

## **Artigo 29**

1. Todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.<sup>21</sup>

2. Os membros das forzas ou institutos armados ou dos corpos sometidos a disciplina militar poderán exercer este dereito só individualmente e de acordo co disposto na súa lexislación específica.

---

20. Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

21. Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.



*Sección 2ª. Dos dereitos e deberes dos cidadáns*

**Artigo 30**

1. Os españois teñen o dereito e o deber de defender España.
2. A lei fixará as obrigas militares dos españois e regulará, coas debidas garantías, a obxección de conciencia, así como as demais causas de exención do servizo militar obrigatorio, podendo impoñer, se é o caso, unha prestación social substitutoria.
3. Poderase establecer un servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral.
4. Mediante a lei poderán regularse os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.<sup>22</sup>

**Artigo 31**

1. Todos contribuirán ao sustentamento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, chegará a ser confiscatorio.
2. O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía.
3. Só poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público reguladas pola lei.

**Artigo 32**

1. O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.

---

22. Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

2. A lei regulará as formas de matrimonio, a idade e mais a capacidade para o contraer, os dereitos e deberes dos cónxuxes, as causas de separación e disolución e os seus efectos.

### **Artigo 33**

1. Recoñécese o dereito á propiedade privada e á herdanza.
2. A función social destes dereitos delimitará o seu contido, de acordo coas leis.
3. Ninguén poderá ser privado dos seus bens e dereitos se non é por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas leis.

### **Artigo 34**

1. Recoñécese o dereito de fundación para fins de interese xeral, regulado pola lei.
2. Rexerá tamén para as fundacións o disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 22.

### **Artigo 35**

1. Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfaceren as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo.<sup>23</sup>

---

23. Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.

2. A lei regulará un estatuto dos traballadores.<sup>24</sup>

### **Artigo 36**

A lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e do exercicio das profesións tituladas. A estrutura interna e o funcionamento dos colexios deberán ser democráticos.

### **Artigo 37**

1. A lei garantirá o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios.

2. Recoñécese o dereito dos traballadores e empresarios a adoptaren medidas de conflito colectivo. A lei que regule o exercicio deste dereito, sen prexuízo das limitacións que poida establecer, incluírá as garantías precisas para que se asegure o funcionamento dos servizos esenciais da comunidade.

### **Artigo 38**

Recoñécese a liberdade de empresa no marco da economía de mercado. Os poderes públicos garanten e protexen o seu exercicio e a defensa da produtividade, de acordo coas exixencias da economía xeral e, cando corresponda, da planificación.<sup>25</sup>

---

24. Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

25. Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

## CAPÍTULO III

### **Dos principios reitores da política social e económica**

#### **Artigo 39**

1. Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.
2. Os poderes públicos aseguran, tamén, a protección integral dos fillos, iguais estes ante a lei con independencia da súa filiación, e a das nais, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.
3. Os pais deberán prestarlles asistencia de todo tipo aos fillos tidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda.
4. Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos.

#### **Artigo 40**

1. Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica. De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego.
2. Ademais, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesionais, mirarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario, mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados.

## **Artigo 41**

Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.<sup>26</sup>

## **Artigo 42**

O Estado mirará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro, e orientará a súa política cara ao seu regreso.<sup>27</sup>

## **Artigo 43**

1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.
2. Correspóndelles aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. No tocante a iso a lei establecerá os dereitos e deberes de todos.
3. Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e mais o deporte. Tamén facilitarán a adecuada utilización do lecer.

## **Artigo 44**

1. Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

---

26. Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

27. Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior.

2. Os poderes públicos promoverán a ciencia e investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

### **Artigo 45**

1. Todos teñen dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de o conservaren.

2. Os poderes públicos mirarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexeren e melloraren a calidade de vida e defenderen e restauraren o medio ambiente, coa axuda da indispensable solidariedade colectiva.

3. Para quen viole o disposto no apartado anterior, nos termos que a lei fixe estableceranse sancións penais ou, se houbese lugar, administrativas, así como a obriga da reparación do dano causado.

### **Artigo 46**

Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.<sup>28</sup>

### **Artigo 47**

Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para que se impida a especulación.

---

28. Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

A comunidade participará nas plusvalías que nazan da acción urbanística dos entes públicos.

### **Artigo 48**

Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.<sup>29</sup>

### **Artigo 49**

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lles prestarán a atención especializada que requiran, e ampararanos especialmente para o gozo dos dereitos que este título lles outorga a todos os cidadáns.<sup>30</sup>

### **Artigo 50**

Os poderes públicos garantiranlles, mediante pensións axei-tadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns na terceira idade. Tamén, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.<sup>31</sup>

---

29. Lei 18/1983, do 16 de novembro, do Consello da Xuventude de España.

30. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se apro-ba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapaci-dade e da súa inclusión social.

31. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

## **Artigo 51**

1. Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e mais os lexítimos intereses económicos deles.<sup>32</sup>

2. Os poderes públicos promoverán a información e mais a educación dos consumidores e usuarios, fomentarán as súas organizacións e oírán a estas nas cuestións que poidan afectar a aqueles, nos termos que a lei estableza.

3. No marco do disposto polos apartados anteriores, a lei regulará o comercio interior e mais o réxime de autorización de produtos comerciais.

## **Artigo 52**

A lei regulará as organizacións profesionais que contribúan á defensa dos intereses económicos que lles sexan propios. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

# **CAPÍTULO IV**

## **Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais**

## **Artigo 53**

1. Os dereitos e liberdades recoñecidos no capítulo segundo do presente título vinculan a todos os poderes públicos. Só por lei, que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial, poderá regularse o exercicio de tales dereitos e liberdades, que se tutelarán de acordo co previsto no artigo 161.1.a).

---

32. Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.



2. Calquera cidadán poderá reclamar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a sección 1ª do capítulo segundo ante os tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade e, se fose mester, a través do recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional. Este derradeiro recurso seralle aplicable á obxección de conciencia recoñecida no artigo 30.

3. O recoñecemento, o respecto e a protección dos principios recoñecidos no capítulo terceiro informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos. Só poderán ser alegados perante a xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan.

### **Artigo 54**

Unha lei orgánica regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos neste título; para iso poderá supervisar a actividade da administración, dándolle conta ás Cortes Xerais.<sup>33</sup>

## **CAPÍTULO V**

### **Da suspensión dos dereitos e liberdades**

### **Artigo 55**

1. Os dereitos recoñecidos nos artigos 17, 18, apartados 2 e 3, artigos 19, 20, apartados 1.a) e d) e 5, artigos 21, 28, apartado 2, e artigo 37, apartado 2, poderán ser suspendidos cando se acorde a declaración de estado de excepción ou de sitio nos termos previstos na Constitución. Exceptúase do establecido

---

33. Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, do Defensor do Pobo.

anteriormente o apartado 3 do artigo 17 para o suposto de declaración de estado de excepción.

2. Unha lei orgánica poderá determinar a forma e os casos nos que, de xeito individual e coa necesaria intervención xudicial e o adecuado control parlamentario, os dereitos recoñecidos nos artigos 17, apartado 2, e 18, apartados 2 e 3, poden ser suspendidos para persoas determinadas, en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou lementos terroristas.

A utilización inxustificada ou abusiva das facultades recoñecidas na citada lei orgánica producirá responsabilidade penal, como violación dos dereitos e liberdades recoñecidos polas leis.

## TÍTULO II

### **Da Coroa**

#### **Artigo 56**

1. O rei é o xefe do Estado, símbolo da súa unidade e permanencia, arbitra e modera o funcionamento regular das institucións, asume a máis alta representación do Estado español nas relacións internacionais, especialmente coas nacións da súa comunidade histórica, e exerce as funcións que lle atribúen expresamente a Constitución e mais as leis.

2. O seu título é o de rei de España e poderá facer uso dos demais que lle correspondan á Coroa.

3. A persoa do rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade. Os seus actos estarán sempre referendados na forma establecida no artigo 64, carecendo de validez sen ese referendo, agás o disposto no artigo 65.2.

## **Artigo 57**

1. A Coroa de España é hereditaria nos sucesores da S.M. don Juan Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primoxenitura e representación, sendo preferida sempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao máis próximo ao máis remoto; no mesmo grao, o varón á muller, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.

2. O príncipe herdeiro, dende o seu nacemento ou dende que se produza o feito que orixine o chamamento, terá a dignidade de príncipe de Asturias e os demais títulos vinculados tradicionalmente ao sucesor da Coroa de España.

3. Extinguidas todas as liñas chamadas en dereito, as Cortes Xerais proverán a sucesión na Coroa na forma que máis conveña aos intereses de España.

4. Aquelas persoas que tendo dereito á sucesión no trono contraían matrimonio contra a expresa prohibición do rei e das Cortes Xerais quedarán excluídas na sucesión á Coroa elas e os seus descendentes.

5. As abdicacións e renuncias e calquera dúbida de feito ou de dereito que ocorra na orde de sucesión á Coroa resolveranse por unha lei orgánica.<sup>34</sup>

## **Artigo 58**

A raíña consorte ou o consorte da raíña non poderán asumir funcións constitucionais, fóra do disposto para a rexencia.

---

34. Lei orgánica 3/2014, do 18 de xuño, pola que se fai efectiva a abdicación da Súa Maxestade o Rei don Juan Carlos I de Borbón.

## **Artigo 59**

1. Cando o rei for menor de idade, o pai ou a nai do rei e, no seu defecto, o parente máis vello máis próximo a suceder na Coroa segundo a orde establecida na Constitución entrará a exercer inmediatamente a rexencia e exerceraa durante o tempo da minoría de idade do rei.

2. Se o rei quedase inhabilitado para o exercicio da súa autoridade e a imposibilidade fose recoñecida polas Cortes Xerais, entrará a exercer inmediatamente a rexencia o príncipe herdeiro da Coroa, de ser maior de idade. De non o ser, procederase da maneira prevista no apartado anterior, ata que o príncipe herdeiro chegue á maioría de idade.

3. Se non houbese ningunha persoa a quen lle corresponda a rexencia, esta será nomeada polas Cortes Xerais, e compoñeráse dunha, tres ou cinco persoas.

4. Para o exercicio da rexencia cómpre ser español e maior de idade.

5. A rexencia exercerase por mandamento constitucional e sempre en nome do rei.

## **Artigo 60**

1. Será titor do rei menor a persoa que no seu testamento nomease o rei defunto, sempre que sexa maior de idade e español de nacemento; se non o nomeara, será titor o pai ou a nai, mentres permanezan viúvos. No seu defecto, nomearanos as Cortes Xerais, pero non poderán acumularse os cargos de rexente e titor senón no pai, nai ou ascendentes directos do rei.

2. O exercicio da tutela é tamén incompatible co de todo cargo ou representación política.

## **Artigo 61**

1. O rei, ao ser proclamado perante as Cortes Xerais, prestará xuramento de desempeñar fielmente as súas funcións, gardar e facer que se garde a Constitución e mais as leis e que se respecten os dereitos dos cidadáns e das comunidades autónomas.

2. O príncipe herdeiro, ao chegar á maioría de idade, e o rexente ou rexentes, ao se faceren cargo das súas funcións, prestarán o mesmo xuramento, así como o de fidelidade ao rei.

## **Artigo 62**

Correspóndelle ao rei:

- a) A sanción e a promulgación das leis.
- b) A convocatoria e disolución das Cortes Xerais e a convocatoria de eleccións nos termos previstos na Constitución.
- c) Convocar a referendo nos casos previstos na Constitución.
- d) Proponer candidato a presidente do Goberno e, se é o caso, nomealo, así como poñer fin ás súas funcións nos termos previstos na Constitución.
- e) Nomear e separar os membros do Goberno, por proposta do seu presidente.
- f) Expedir os decretos acordados no Consello de Ministros, conferir os empregos civís e militares e a concesión de honores e distincións de acordo coas leis.
- g) Ser informado dos asuntos de Estado e presidir, para estes efectos, as sesións do Consello de Ministros, cando o estime oportuno, por petición do presidente do Goberno.
- h) O mando supremo das Forzas Armadas.

- i) O exercicio do dereito de graza de acordo coa lei, que non poderá autorizar indultos xerais.
- j) O alto padroado das reais academias.

### **Artigo 63**

1. O rei acredita os embaixadores e outros representantes diplomáticos. Os representantes estranxeiros en España están acreditados ante el.
2. Ao rei correspóndelle a manifestación do consentimento do Estado para se obrigar internacionalmente por medio de tratados, de conformidade coa Constitución e as leis.
3. Ao rei correspóndelle, logo da autorización das Cortes Xerais, declarar a guerra e facer a paz.

### **Artigo 64**

1. Os actos do rei serán referendados polo presidente do Goberno e, se cómpre, polos ministros competentes. A proposta e o nomeamento do presidente do Goberno, e a disolución prevista no artigo 99, serán referendados polo presidente do Congreso.
2. Dos actos do rei serán responsables as persoas que os refrenden.

### **Artigo 65**

1. O rei recibe dos orzamentos do Estado unha cantidade global para sustento da súa familia e casa, e distribúea libremente.
2. O rei nomea e releva libremente os membros civís e militares da súa casa.

## TÍTULO III

### **Das Cortes Xerais**

#### CAPÍTULO I

#### **Das cámaras**

#### **Artigo 66**

1. As Cortes Xerais representan ao pobo español e están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.
2. As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado, aproban os seus orzamentos, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución.
3. As Cortes Xerais son inviolables.

#### **Artigo 67**

1. Ninguén poderá ser membro das dúas cámaras simultaneamente, nin acumular a acta dunha asemblea de comunidade autónoma coa de deputado ao Congreso.
2. Os membros das Cortes Xerais non estarán ligados por mandato imperativo.
3. As reunións de parlamentarios que se celebren sen convocatoria regulamentaria non vincularán as cámaras e non poderán facer exercicio das súas funcións nin ostentación dos seus privilexios.

## **Artigo 68**

1. O Congreso componse dun mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.<sup>35</sup>

2. A circunscrición electoral é a provincia. As poboacións de Ceuta e Melilla estarán representadas con cadanseu deputado. A lei distribuirá o número total de deputados, asignándolle unha representación mínima inicial a cada circunscrición e distribuíndo os demais en proporción á súa poboación.

3. A elección verificarase en cada circunscrición atendendo criterios de representación proporcional.

4. O Congreso élíxese por catro anos. O mandato dos deputados termina catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da cámara.

5. Son electores e elixibles todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos.

A lei reconecerá e o Estado facilitará o exercicio do dereito de sufraxio aos españois que se atopen fóra do territorio de España.

6. As eleccións terán lugar entre os trinta días e sesenta días dende a terminación do mandato. O Congreso electo deberá de ser convocado dentro dos vinte e cinco días seguintes á celebración das eleccións.

## **Artigo 69**

1. O Senado é a cámara de representación territorial.

---

35. Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.



2. En cada provincia elixíranse catro senadores por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, polos votantes de cada unha delas, nos termos que sinale unha lei orgánica.

3. Nas provincias insulares, cada illa ou agrupación delas, con cabido ou consello insular, constituirá unha circunscrición para efectos de elección de senadores, correspondéndolle tres a cada unha das illas maiores —Gran Canaria, Mallorca e Tenerife— e un a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

4. As poboacións de Ceuta e Melilla elixirán cada unha delas dous senadores.

5. As comunidades autónomas designarán ademais un senador e outro máis por cada millón de habitantes do seu respectivo territorio.

A designación corresponderalle á asemblea lexislativa ou, no seu defecto, ao órgano colexiado superior da comunidade autónoma, de acordo co que establezan os estatutos, que asegurarán, en todo caso, a adecuada representación proporcional.

6. O Senado elíxese por catro anos. O mandato dos senadores termina catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da cámara.

## **Artigo 70**

1. A lei electoral determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados e senadores, que comprenderán, en todo caso:

- a) Os compoñentes do Tribunal Constitucional.

- b) Os altos cargos da Administración do Estado que determine a lei, coa excepción dos membros do Goberno.
- c) O Defensor do Pobo.
- d) Os maxistrados, xuíces e fiscais en activo.
- e) Os militares profesionais e membros das forzas e corpos de seguridade e policía en activo.
- f) Os membros das xuntas electorais.

2. A validez das actas e credenciais dos membros de ambas as cámaras estará sometida a control xudicial, nos termos que estableza a lei electoral.

## **Artigo 71**

1. Os deputados e senadores gozarán de inviolabilidade polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.
2. Durante o período do seu mandato os deputados e senadores gozarán tamén de inmunity e só poderán ser detidos en caso de flagrante delito. Non poderán ser inculcados nin procesados sen a previa autorización da cámara respectiva.
3. Nas causas contra deputados e senadores será competente a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
4. Os deputados e senadores percibirán unha asignación que será fixada polas respectivas cámaras.

## **Artigo 72**

1. As cámaras establecen os seus propios regulamentos, aproban autonomamente os seus orzamentos e, de común acordo, regulan o estatuto do persoal das Cortes Xerais. Os regula-

mentos e a súa reforma serán sometidos a unha votación final sobre a súa totalidade, que requirirá a maioría absoluta.<sup>36</sup>

2. As cámaras elixen os seus respectivos presidentes e os demais membros das súas mesas. As sesións conxuntas serán presididas polo presidente do Congreso e rexeranse por un regulamento das Cortes Xerais aprobado por maioría absoluta de cada cámara.

3. Os presidentes das cámaras exercen en nome delas todos os poderes administrativos e facultades de policía no interior das súas respectivas sedes.

### **Artigo 73**

1. As cámaras reuniranse anualmente en dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de setembro a decembro, e o segundo, de febreiro a xuño.

2. As cámaras poderán reunirse en sesións extraordinarias por petición do Goberno, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros de calquera das cámaras. As sesións extraordinarias deberanse convocar sobre unha orde do día determinada e serán clausuradas unha vez que esta se esgote.

### **Artigo 74**

1. As cámaras reuniranse en sesión conxunta para o exercicio das competencias non lexislativas que o título II lle atribúe expresamente ás Cortes Xerais.

---

36. Resolución do 24 de febreiro de 1982 pola que se ordena a publicación no *Boletín Oficial del Estado* do novo Regulamento do Congreso dos deputados. Texto refundido do Regulamento do Senado aprobado pola Mesa do Senado, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do día 3 de maio de 1994.

2. As decisións das Cortes Xerais previstas nos artigos 94.1, 145.2 e 158.2 adoptaranse por maioría de cada unha das cámaras. No primeiro caso, o procedemento iniciara o Congreso, e nos outros dous, o Senado. En ambos os casos, se non houbera acordo entre Senado e Congreso, intentarase obter por unha comisión mixta composta de igual número de deputados e senadores. A comisión presentará un texto, que será votado por ambas as cámaras. Se non se aproba na forma establecida decidirá o Congreso por maioría absoluta.

### **Artigo 75**

1. As cámaras funcionarán en Pleno e por comisións.

2. As cámaras poderán delegar nas comisións lexislativas permanentes a aprobación de proxectos ou proposicións de lei. O Pleno poderá, con todo, avocar en calquera momento o debate e votación de calquera proxecto ou proposición de lei que xa fora obxecto desta delegación.

3. Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior a reforma constitucional, as cuestións internacionais, as leis orgánicas e de bases e os orzamentos xerais do Estado.

### **Artigo 76**

1. O Congreso e o Senado, e, se é o caso, ambas as cámaras asemade, poderán nomear comisións de investigación sobre calquera asunto de interese público. As súas conclusións non serán vinculantes para os tribunais, nin afectarán as resolucións xudiciais, sen prexuízo de que o resultado da investigación lle sexa comunicado ao ministerio fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

2. Será obrigatorio comparecer por requirimento das cámaras.

A lei regulará as sancións que poidan impoñerse por incumprimento desta obriga.<sup>37</sup>

### **Artigo 77**

1. As cámaras poden recibir peticións individuais e colectivas, sempre por escrito, quedando prohibida a presentación directa por manifestacións cidadás.

2. As cámaras pódennlle remitir ao Goberno as peticións que reciban. O Goberno está obrigado a explicarse sobre o seu contido, sempre que as cámaras o exixan.

### **Artigo 78**

1. En cada cámara haberá unha Deputación Permanente composta por un mínimo de vinte e un membros, que representarán os grupos parlamentarios, en proporción á súa importancia numérica.

2. As deputacións permanentes estarán presididas polo presidente da cámara respectiva e terán como funcións a prevista no artigo 73, a de asumir as facultades que lles correspondan ás cámaras, de acordo cos artigos 86 e 116, en caso de que estas fosen disoltas ou expirase o seu mandato, e a de velar polos poderes das cámaras, cando estas non estean reunidas.

3. Expirado o mandato ou en caso de disolución, as deputacións permanentes seguirán exercendo as súas funcións ata a constitución das novas Cortes Xerais.

---

37. Lei orgánica 5/1984, do 24 de maio, de comparecencia ante as comisións de investigación do Congreso e do Senado ou de ambas as Cámaras.

4. Reunida a cámara correspondente, a Deputación Permanente dará conta dos asuntos tratados e das súas decisións.

### **Artigo 79**

1. Para adoptaren acordos as cámaras deben estar reunidas regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros.

2. Eses acordos, para seren válidos, deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes, sen prexuízo das maiorías especiais que establezan a Constitución ou as leis orgánicas e mais as que para a elección de persoas establezan os regulamentos das cámaras.

3. O voto de senadores e deputados é persoal e indelegable.

### **Artigo 80**

As sesións plenarias das cámaras serán públicas, salvo acordo contrario de cada cámara, adoptado por maioría absoluta ou de acordo co regulamento.

## **CAPÍTULO II**

### **Da elaboración das leis**

### **Artigo 81**

1. Son leis orgánicas as relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os estatutos de autonomía e o réxime electoral xeral e as demais previstas na Constitución.

2. A aprobación, modificación ou derogación das leis orgánicas exixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

## **Artigo 82**

1. As Cortes Xerais poderán delegar no Goberno a potestade de ditar normas con categoría de lei sobre materias determinadas non incluídas no artigo anterior.

2. A delegación lexislativa deberase outorgar mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

3. A delegación lexislativa teráselle que outorgar ao Goberno de forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio. A delegación esgotarase polo uso que dela faga o Goberno mediante a publicación da norma correspondente. Non poderá entenderse concedida de modo implícito ou por tempo indeterminado. Tampouco poderá ser permitida a subdelegación a autoridades distintas do propio Goberno.

4. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio.

5. A autorización para refundir textos legais determinará o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a regularización, aclaración e harmonización dos textos legais que van ser refundidos.

6. Sen prexuízo da competencia propia dos tribunais, as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control.

### **Artigo 83**

As leis de bases non poderán en ningún caso:

- a) Autorizar a modificación da propia lei de bases.
- b) Facultar para ditar normas con carácter retroactivo.

### **Artigo 84**

Cando unha proposición de lei ou unha emenda sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, o Goberno está facultado para se opoñer á súa tramitación. En tal suposto, poderá presentarse unha proposición de lei para a derogación total ou parcial da lei de delegación.

### **Artigo 85**

As disposicións do Goberno que conteñan a lexislación delegada recibirán o título de decretos lexislativos.

### **Artigo 86**

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá ditar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de decretos lei e que non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

2. Os decretos lei deberán ser inmediatamente sometidos a debate e votación de totalidade ao Congreso dos Deputados, convocado para o efecto se non estivese reunido, no prazo dos trinta días seguintes á súa promulgación. O Congreso terase que pronunciar expresamente dentro dese prazo sobre a súa validación ou derogación; para iso o regulamento establecerá un procedemento especial e sumario.



3. Durante o prazo establecido no apartado anterior as Cortes poderán tramitalos como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

### **Artigo 87**

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles ao Goberno, ao Congreso e ao Senado, de acordo coa Constitución e os regulamentos das cámaras.

2. As asembleas das comunidades autónomas poderán solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitiren á Mesa do Congreso unha proposición de lei, delegando ante a citada cámara un máximo de tres membros da asemblea encargados da súa defensa.

3. Unha lei orgánica regulará as formas de exercicio e requisitos da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei. En todo caso exixiranse non menos de 500.000 sinaturas acreditadas. Non procederá esa iniciativa en materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter internacional, nin no relativo á prerrogativa de graza.<sup>38</sup>

### **Artigo 88**

Os proxectos de lei serán aprobados en Consello de Ministros, que os someterá ao Congreso, acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se pronunciar sobre eles.<sup>39</sup>

---

38. Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular.

39. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **Artigo 89**

1. A tramitación das proposicións de lei regularase polos regulamentos das cámaras, sen que a prioridade debida aos proxectos de lei impida o exercicio da iniciativa lexislativa nos termos regulados polo artigo 87.

2. As proposicións de lei que, de acordo co artigo 87, tome en consideración o Senado remitiráselle ao Congreso para o seu trámite neste como tal proposición.

## **Artigo 90**

1. Aprobado un proxecto de lei ordinaria ou orgánica polo Congreso dos Deputados, o seu presidente daralle inmediata conta del ao presidente do Senado, que o someterá á deliberación deste.

2. O Senado no prazo de dous meses, a partir do día da recepción do texto, pode, mediante mensaxe motivada, vetalo ou introducir emendas nel. O veto deberá ser aprobado por maioría absoluta. O proxecto non poderá ser sometido ao rei para sanción sen que o Congreso ratifique por maioría absoluta, en caso de veto, o texto inicial, ou por maioría simple, unha vez transcorridos dous meses dende a interposición daquel, ou se pronuncie sobre as emendas, aceptándoas ou non por maioría simple.

3. O prazo de dous meses de que o Senado dispón para vetar ou emendar o proxecto reducirase ao de vinte días naturais nos proxectos declarados urxentes polo Goberno ou polo Congreso dos Deputados.

## **Artigo 91**

O rei sancionará no prazo de quince días as leis aprobadas polas Cortes Xerais, e promulgaraas e ordenará a súa inmediata publicación.

## **Artigo 92**

1. As decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns.

2. O referendo será convocado polo rei, mediante proposta do presidente do Goberno previamente autorizada polo Congreso dos Deputados.

3. Unha lei orgánica regulará as condicións e mais o procedemento das distintas modalidades de referendo previstas nesta Constitución.<sup>40</sup>

## **CAPÍTULO III**

### **Dos tratados internacionais**

## **Artigo 93**

Mediante lei orgánica poderá autorizarse o asinamento de tratados polos que se lle atribúa a unha organización ou institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución. Correspóndelles ás Cortes Xerais e mais ao Goberno, segundo os casos, a garantía do cumprimento destes tratados e das resolucións emanadas dos organismos internacionais ou supranacionais titulares da cesión.

---

40. Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, sobre regulación das distintas modalidades de referendo.

## **Artigo 94**

1. A prestación do consentimento do Estado para se obrigar por medio de tratados ou convenios requirirá a previa autorización das Cortes Xerais, nos seguintes casos:

- a) Tratados de carácter político.
- b) Tratados ou convenios de carácter militar.
- c) Tratados ou convenios que afecten a integridade territorial do Estado ou os dereitos e deberes fundamentais establecidos no título I.
- d) Tratados ou convenios que impliquen obrigas financeiras para a Facenda pública.
- e) Tratados ou convenios que supoñan modificación ou derogación dalgunha lei ou exixan medidas legislativas para a súa execución.

2. O Congreso e mais o Senado serán inmediatamente informados da conclusión dos restantes tratados ou convenios.

## **Artigo 95**

1. O asinamento dun tratado internacional que conteña estipulacións contrarias á Constitución exixirá a previa revisión constitucional.

2. O Goberno ou calquera das cámaras pode requirir o Tribunal Constitucional para que declare se existe ou non esa contradición.

## **Artigo 96**

1. Os tratados internacionais validamente asinados, unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do ordenamento interno. As súas disposicións só poderán ser de-

rrogadas, modificadas ou suspendidas na forma prevista nos propios tratados ou de acordo coas normas xerais do dereito internacional.

2. Para a denuncia dos tratados e convenios internacionais utilizarase o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación no artigo 94.

## TÍTULO IV

### **Do Goberno e da Administración**

#### **Artigo 97**

O Goberno dirixe a política interior e exterior, a Administración civil e militar e a defensa do Estado. Exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución e as leis.<sup>41</sup>

#### **Artigo 98**

1. O Goberno componse do presidente, dos vicepresidentes, se é o caso, dos ministros e dos demais membros que estableza a lei.

2. O presidente dirixe a acción do Goberno e coordina as funcións dos demais membros del, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

3. Os membros do Goberno non poderán exercer outras funcións representativas ca as propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin ningunha actividade profesional ou mercantil.

---

41. Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

4. A lei regulará o estatuto e incompatibilidades dos membros do Goberno.<sup>42</sup>

### **Artigo 99**

1. Despois de cada renovación do Congreso dos Deputados, e nos demais supostos constitucionais en que así proceda, o rei, logo de consulta cos representantes designados polos grupos políticos con representación parlamentaria, e por medio do presidente do Congreso, propondrá un candidato á Presidencia do Goberno.

2. O candidato proposto conforme o previsto no apartado anterior expoñerá perante o Congreso dos Deputados o programa político do Goberno que pretenda formar e solicitará a confianza da cámara.

3. Se o Congreso dos Deputados, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, lle outorgase a súa confianza ao citado candidato, o rei nomearáo presidente. Se non se acada esa maioría, someterase a mesma proposta a nova votación corenta e oito horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtén a maioría simple.

4. Se efectuadas as citadas votacións non se outorgase a confianza para a investidura, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista nos apartados anteriores.

5. Se, transcorrido o prazo de dous meses, contado dende a primeira votación de investidura, ningún candidato obtivo a confianza do Congreso, o rei disolverá ambas as cámaras e convocará novas eleccións co referendo do presidente do Congreso.

---

42. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **Artigo 100**

Os demais membros do Goberno serán nomeados e separados polo rei, por proposta do seu presidente.

## **Artigo 101**

1. O Goberno cesa tras a celebración de eleccións xerais, nos casos de perda de confianza parlamentaria previstos na Constitución ou por dimisión ou morte do seu presidente.

2. O Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Goberno.

## **Artigo 102**

1. A responsabilidade criminal do presidente e dos demais membros do Goberno será exixible, cando exista, perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

2. Se a acusación fose por traizón ou por calquera delito contra a seguridade do Estado no exercicio das súas funcións, só poderá ser formulada por iniciativa da cuarta parte dos membros do Congreso, e coa aprobación da maioría absoluta deste.

3. A prerrogativa real de graza non será aplicable a ningún dos supostos do presente artigo.

## **Artigo 103**

1. A Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ao dereito.

2. Os órganos da Administración do Estado son creados, rexidos e coordinados de acordo coa lei.<sup>43</sup>

3. A lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións.<sup>44</sup>

### **Artigo 104**

1. As forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá.

2. Unha lei orgánica determinará as funcións, principios básicos de actuación e estatutos das forzas e corpos de seguridade.<sup>45</sup>

### **Artigo 105**

A lei regulará:

a) A audiencia dos cidadáns, directamente ou mediante as organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten.

b) O acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos, menos no que afecte a seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidade das persoas.

---

43. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

44. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

45. Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.



c) O procedemento polo que deben producirse os actos administrativos, garantindo, cando proceda, a audiencia do interesado.<sup>46</sup>

### **Artigo 106**

1. Os tribunais controlan a potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican.

2. Os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás en casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

### **Artigo 107**

O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Goberno. Unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia.<sup>47</sup>

## **TÍTULO V**

### **Das relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais**

### **Artigo 108**

O Goberno responde solidariamente da súa xestión política perante o Congreso dos Deputados.

### **Artigo 109**

As cámaras e as súas comisións poderán solicitar, por medio dos presidentes daquelas, a información e axuda que precisen

---

46. Lei 9/1968, do 5 de abril, sobre segredos oficiais.

47. Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

do Goberno e dos seus departamentos e de calquera autoridade do Estado e das comunidades autónomas.

### **Artigo 110**

1. As cámaras e as súas comisións poden reclamar a presenza dos membros do Goberno.

2. Os membros do Goberno teñen acceso ás sesións das cámaras e ás súas comisións e a facultade de se faceren oír nelas e poderán solicitar que informen perante aquelas funcionarios dos seus departamentos.

### **Artigo 111**

1. O Goberno e cada un dos seus membros están sometidos ás interpelacións e preguntas que lles formulen nas cámaras. Para esta clase de debate os regulamentos establecerán un tempo mínimo semanal.

2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que a cámara manifeste a súa posición.

### **Artigo 112**

O presidente do Goberno, logo de deliberación do Consello de Ministros, pode formular perante o Congreso dos Deputados a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos deputados.

### **Artigo 113**

1. O Congreso dos Deputados pode exixir a responsabilidade política do Goberno mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá ser proposta cando menos pola décima parte dos deputados, e terá que incluír un candidato á Presidencia do Goberno.

3. A moción de censura non poderá ser votada en tanto non transcorran cinco días dende a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Congreso, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

### **Artigo 114**

1. Se o Congreso lle nega a súa confianza ao Goberno, este presentaralle a súa dimisión ao rei e a seguir procederase á designación de presidente do Goberno, segundo o disposto no artigo 99.

2. Se o Congreso adopta unha moción de censura, o Goberno presentaralle a súa dimisión ao rei e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza da cámara para os efectos previstos no artigo 99. O rei nomearao presidente do Goberno.

### **Artigo 115**

1. O presidente do Goberno, logo de deliberación do Consello de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá propoñer a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais, que será decretada polo rei. O decreto de disolución fixará a data das eleccións.

2. A proposta de disolución non poderá presentarse cando estea en trámite unha moción de censura.

3. Non procederá nova disolución antes de que transcorra un ano dende a anterior, agás o disposto no artigo 99, apartado 5.

### **Artigo 116**

1. Unha lei orgánica regulará os estados de alarma, de excepción e de sitio, e as competencias e limitacións correspondentes.<sup>48</sup>

2. O estado de alarma será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, dándolle conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo. O decreto determinará o ámbito territorial a que se estenden os efectos da declaración.

3. O estado de excepción será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros logo de autorización do Congreso dos Deputados. A autorización e proclamación do estado de excepción deberá determinar expresamente os seus efectos, o ámbito territorial a que se estende e a súa duración, que non poderá exceder de trinta días, prorrogables por outro prazo igual, cos mesmos requisitos.

4. O estado de sitio será declarado pola maioría absoluta do Congreso dos Deputados, por proposta exclusiva do Goberno. O Congreso determinará o seu ámbito territorial, duración e condicións.

5. Non poderá procederse á disolución do Congreso mentres estean declarados algúns dos estados comprendidos neste artigo, quedando automaticamente convocadas as cámaras de non estaren en período de sesións. O seu funcionamento, así como

---

48. Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio.

o dos demais poderes constitucionais do Estado, non poderán interromperse durante a vixencia destes estados.

Disolto o Congreso ou expirado o seu mandato, de se producir algunha das situacións que dan lugar a calquera dos citados estados, as competencias do Congreso serán asumidas pola súa Deputación Permanente.

6. A declaración dos estados de alarma, de excepción e de sitio non modificarán o principio de responsabilidade do Goberno e dos seus axentes recoñecidos na Constitución e nas leis.

## TÍTULO VI

### **Do poder xudicial**

#### **Artigo 117**

1. A xustiza emana do pobo e é administrada en nome do rei por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei.

2. Os xuíces e maxistrados non poderán ser separados, suspendidos, trasladados nin xubilados, a non ser por algunha das causas e coas garantías previstas na lei.<sup>49</sup>

3. O exercicio da potestade xurisdiccional en toda clase de procesos, xulgando e facendo executar o xulgado, correspóndelles só aos xulgados e tribunais determinados polas leis, conforme as normas de competencia e procedemento que estas establezan.

---

49. Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

4. Os xulgados e tribunais non exercerán máis funcións ca as sinaladas no apartado anterior e as que expresamente lles sexan atribuídas pola lei en garantía de calquera dereito.

5. O principio de unidade xurisdiccional é a base da organización e funcionamento dos tribunais. A lei regulará o exercicio da xurisdición militar no ámbito estritamente castrense e nos supostos de estado de sitio, segundo os principios da Constitución.

6. Prohíbense os tribunais de excepción.

### **Artigo 118**

É obrigatorio o cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar tamén a colaboración por eles requirida no curso do proceso e na execución das resolucións.

### **Artigo 119**

A xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

### **Artigo 120**

1. As actuacións xudiciais serán públicas, coas excepcións previstas nas leis de procedemento.

2. O procedemento será predominantemente oral, sobre todo en materia criminal.

3. As sentenzas serán sempre motivadas e pronunciaranse en audiencia pública.

### **Artigo 121**

Os danos causados por erro xudicial, así como tamén os que sexan consecuencia do funcionamento anormal da Adminis-

tración de Xustiza, darán dereito a unha indemnización a cargo do Estado, conforme a lei.

## **Artigo 122**

1. A Lei orgánica do poder xudicial determinará a constitución, funcionamento e goberno dos xulgados e tribunais, así como o estatuto xurídico dos xuíces e maxistrados de carreira, que formarán un corpo único, e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste. A lei orgánica establecerá o seu estatuto e o réxime de incompatibilidades dos seus membros e as súas funcións, especialmente en materia de nomeamentos, ascensos, inspección e réxime disciplinario.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo rei por un período de cinco anos. Destes, doce entre xuíces e maxistrados de todas as categorías xudiciais, nos termos que estableza a lei orgánica; catro por proposta do Congreso dos Deputados, e catro por proposta do Senado, elixidos en ambos os casos por maioría de tres quintos dos seus membros, entre avogados e outros xuristas, todos eles de recoñecida competencia e con máis de quince anos de exercicio na súa profesión.

## **Artigo 123**

1. O Tribunal Supremo, con xurisdición en toda España, é o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.

2. O presidente do Tribunal Supremo será nomeado polo rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, da maneira que determine a lei.

### **Artigo 124**

1. O ministerio fiscal, á parte das funcións encomendadas a outros órganos, ten por finalidades promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, de oficio ou por petición dos interesados, así como velar pola independencia dos tribunais e procurar perante estes a satisfacción do interese social.

2. O ministerio fiscal exerce as súas funcións mediante órganos de seu, conforme os principios de unidade de actuación e dependencia xerárquica e con suxeición, en todo caso, aos de legalidade e imparcialidade.

3. A lei regulará o estatuto orgánico do ministerio fiscal.

4. O fiscal xeral do Estado será nomeado polo rei, por proposta do Goberno, unha vez escoitado o Consello Xeral do Poder Xudicial.<sup>50</sup>

### **Artigo 125**

Os cidadáns poderán exercer a acción popular e participaren na Administración de Xustiza mediante a institución do xurado, na forma e con respecto a aqueles procesos penais que a lei determine, e tamén nos tribunais consuetudinarios e tradicionais.<sup>51</sup>

---

50. Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

51. Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado.



### **Artigo 126**

A policía xudicial depende dos xuíces, dos tribunais e do ministerio fiscal nas súas funcións de pescuda do delito e de descubrimento e aseguramento do delinciente nos termos que a lei estableza.

### **Artigo 127**

1. Os xuíces e maxistrados, e mais os fiscais, mentres estean en activo, non poderán desempeñar outros cargos públicos nin pertencer a partidos políticos ou sindicatos. A lei establecerá o sistema e modalidades de asociación profesional dos xuíces, maxistrados e fiscais.

2. A lei establecerá o réxime de incompatibilidades dos membros do poder xudicial de maneira que asegure a total independencia deles.

## **TÍTULO VII**

### **Economía e facenda**

### **Artigo 128**

1. Toda a riqueza do país nas súas distintas formas e calquera que sexa a súa titularidade está subordinada ao interese xeral.

2. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderánselle reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente no caso de monopolio, e tamén acordar a intervención de empresas cando así o exixa o interese xeral.

### **Artigo 129**

1. A lei establecerá as formas de participación dos interesados na Seguridade Social e na actividade dos organismos públicos

con función que afecte directamente a calidade da vida ou o benestar xeral.

2. Os poderes públicos promoverán con eficacia as diversas formas de participación na empresa e fomentarán mediante unha lexislación axeitada as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.<sup>52</sup>

### **Artigo 130**

1. Os poderes públicos atenderán a modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandaría, da pesca e da artesanía, co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois.

2. Co mesmo fin outorgaráselles un tratamento especial ás zonas de montaña.

### **Artigo 131**

1. O Estado mediante lei poderá planificar a actividade económica xeral para atender as necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución.

2. O Goberno elaborará os proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas e o asesoramento e colaboración dos sindicatos e outras organizacións profesionais, empresariais e económicas. A tal fin constituirase un consello, cunha composición e cunhas funcións que se desenvolverán por lei.<sup>53</sup>

---

52. Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

53. Lei 21/1991, do 17 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social.

## **Artigo 132**

1. A lei regulará o réxime xurídico dos bens de dominio público e dos comunais, inspirándose nos principios de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, así como a súa desafectación.<sup>54</sup>

2. Son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.

3. Regularanse por lei o patrimonio do Estado e o patrimonio nacional, a súa administración, defensa e conservación.

## **Artigo 133**

1. A potestade orixinaria para establecer os tributos correspóndelle exclusivamente ao Estado, mediante lei.<sup>55</sup>

2. As comunidades autónomas e as corporacións locais poderán establecer e exixir tributos de acordo coa Constitución e coas leis.

3. Todo beneficio fiscal que afecte os tributos do Estado debebase establecer por lei.

4. As administracións públicas só poderán contraer obrigas financeiras e realizar gastos de acordo coas leis.

## **Artigo 134**

1. Correspóndelle ao Goberno a elaboración dos orzamentos xerais do Estado e ás Cortes Xerais o seu exame, emenda e aprobación.

---

54. Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

55. Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Os orzamentos xerais do Estado terán carácter anual, incluírán a totalidade dos gastos e ingresos do sector público estatal e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten aos tributos do Estado.

3. O Goberno deberá presentar perante o Congreso dos Deputados os orzamentos xerais do Estado cando menos tres meses antes da expiración dos do ano anterior.

4. Se a Lei de orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos.

5. Aprobados os orzamentos xerais do Estado, o Goberno poderá presentar proxectos de lei que impliquen aumento do gasto público ou diminución dos ingresos correspondentes ao mesmo exercicio orzamentario.

6. Toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación.

7. A Lei de orzamentos non pode crear tributos. Poderá modificalos cando estea previsto nunha lei tributaria substantiva.<sup>56</sup>

## **Artigo 135**

1. Todas as administracións públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria.

---

56. Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O Estado e as Comunidades Autónomas non poderán incurrir nun déficit estrutural que supere as marxes establecidas, de ser o caso, pola Unión Europea para os seus Estados membros.<sup>57</sup>

Unha lei orgánica fixará o déficit estrutural máximo permitido ao Estado e ás Comunidades Autónomas, en relación co seu produto interior bruto. As entidades locais deberán presentar equilibrio orzamentario.

3. O Estado e as Comunidades Autónomas deberán estar autorizados por lei para emitir débeda pública ou contraer crédito. Os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pagamento gozará de prioridade absoluta. Estes créditos non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axusten ás condicións da lei de emisión.

O volume de débeda pública do conxunto das administracións públicas en relación co produto interior bruto do Estado non poderá superar o valor de referencia establecido no Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.

---

57. Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5. Unha lei orgánica desenvolverá os principios aos que se refire este artigo, así como a participación, nos procedementos respectivos, dos órganos de coordinación institucional entre as administracións públicas en materia de política fiscal e financeira. En todo caso, regulará:

- a) A distribución dos límites de déficit e de débeda entre as distintas administracións públicas, os supostos excepcionais de superación deles e a forma e prazo de corrección das desviacións que sobre un e outro puideren producirse.
- b) A metodoloxía e o procedemento para o cálculo do déficit estrutural.
- c) A responsabilidade de cada administración pública en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

6. As Comunidades Autónomas, de acordo cos seus respectivos Estatutos e dentro dos límites aos que se refire este artigo, adoptarán as disposicións que procedan para a aplicación efectiva do principio de estabilidade nas súas normas e decisións orzamentarias.<sup>58</sup>

## **Artigo 136**

1. O Tribunal de Contas é o supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado, así como do sector público.

Dependerá directamente das Cortes Xerais e exercerá as súas funcións por delegación delas no exame e comprobación da Conta xeral do Estado.

---

58. Artigo 135 redactado segundo a reforma aprobada polas Cortes Xerais o 27 de setembro de 2011 (BOE do 27 de setembro de 2011).

2. As contas do Estado e do sector público estatal renderánselle ao Tribunal de Contas e serán censuradas por este.

O Tribunal de Contas, sen perda da súa propia xurisdición, remitiralle ás Cortes Xerais un informe anual no que, cando proceda, comunicará as infraccións ou responsabilidades nas que, ao seu xuízo, se incorrese.

3. Os membros do Tribunal de Contas gozarán da mesma independencia e inamovibilidade e estarán sometidos ás mesmas incompatibilidades ca os xuíces.

4. Unha lei orgánica regulará a composición, organización e funcións do Tribunal de Contas.<sup>59</sup>

## TÍTULO VIII

### **Da organización territorial do Estado**

#### CAPÍTULO I

#### **Principios xerais**

#### **Artigo 137**

O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

#### **Artigo 138**

1. O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, mirando de establecer un equilibrio económico axeitado e xusto entre

---

59. Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular as circunstancias do feito insular.

2. As diferenzas entre os estatutos das diferentes comunidades autónomas non poderán implicar, en caso ningún, privilexios económicos ou sociais.

### **Artigo 139**

1. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.

2. Ningunha autoridade poderá adoptar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español.

## **CAPÍTULO II**

### **Da Administración local**

### **Artigo 140**

A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles aos seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e mais os concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que conveña o réxime de concello aberto.<sup>60</sup>

### **Artigo 141**

1. A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, definida pola agrupación de municipios e división

---

60. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



territorial para o cumprimento das actividades do Estado. Calquera alteración dos límites provinciais terá que ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.

2. O goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendados a deputacións ou a outras corporacións de carácter representativo.

3. Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.

4. Nos arquipélagos, as illas terán ademais a súa administración propia en forma de cabidos ou consellos.

### **Artigo 142**

As facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei lles atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e nos das comunidades autónomas.<sup>61</sup>

## **CAPÍTULO III**

### **Das comunidades autónomas**

### **Artigo 143**

1. No exercicio do dereito á autonomía recoñecido no artigo 2 da Constitución, as provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica poderán acceder ao seu autogoberno e constituírse en comunidades autónomas conforme o previsto neste título e nos respectivos estatutos.

---

61. Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. A iniciativa do proceso autonómico correspóndelles a todas as deputacións interesadas ou ao órgano interinsular correspondente e ás dúas terceiras partes dos municipios se a súa poboación representa, cando menos, a maioría do censo electoral de cada provincia ou illa. Estes requisitos terán que ser cumpridos no prazo de seis meses dende o primeiro acordo adoptado neste sentido por algunha das corporacións locais interesadas.

3. A iniciativa, en caso de non prosperar, só se poderá reiterar pasados cinco anos.

### **Artigo 144**

As Cortes Xerais, mediante lei orgánica, poderán, por motivos de interese nacional:

- a) Autorizar a constitución dunha comunidade autónoma cando o seu ámbito territorial non supere o dunha provincia e non reúna as condicións do apartado 1 do artigo 143.
- b) Autorizar ou acordar, segundo os casos, un estatuto de autonomía para territorios que non estean integrados na organización provincial.
- c) Substituír a iniciativa das corporacións locais a que se refire o apartado 2 do artigo 143.

### **Artigo 145**

1. Non se admitirá en caso ningún a federación de comunidades autónomas.

2. Os estatutos poderán prever os supostos, requisitos e termos en que as comunidades autónomas poderán concertar convenios entre si para a xestión e prestación de servizos propios delas, así como o carácter e efectos da correspondente comunicación ás Cortes Xerais. Nos outros supostos, os acordos de

cooperación entre as comunidades autónomas necesitarán a autorización das Cortes Xerais.

### **Artigo 146**

O proxecto de estatuto será elaborado por unha asemblea composta polos membros da deputación ou órgano interinsular das provincias afectadas e polos deputados e senadores elixidos nelas e seralle elevado ás Cortes Xerais para a súa tramitación como lei.

### **Artigo 147**

1. Dentro dos termos da presente Constitución os estatutos serán a norma institucional básica de cada comunidade autónoma e o Estado recoñeceraos e ampararaos como parte integrante do seu ordenamento xurídico.

2. Os estatutos de autonomía deberán conter:

- a) A denominación da comunidade que mellor lle corresponda á súa identidade histórica.
- b) A delimitación do seu territorio.
- c) A denominación, organización e sede das institucións autónomas propias.
- d) As competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución e as bases para o traspaso dos servizos correspondentes a elas.

3. A reforma dos estatutos axustarase ao procedemento que neles se estableza e requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica.

## **Artigo 148**

1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

1º Organización das súas institucións de autogoberno.

2º As alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que lle correspondan á Administración do Estado sobre as corporacións locais e de transferencia autorizada pola lexislación sobre réxime local.

3º Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

4º As obras públicas de interese da comunidade autónoma no seu propio territorio.

5º As vías férreas e estradas de percorrido comprendido integramente no territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable.

6º Os portos de refuxio, os portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais.

7º A agricultura e a gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía.

8º Os montes e aproveitamentos forestais.

9º A xestión en materia de protección do medio ambiente.

10º Os proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da comunidade autónoma; as augas minerais e termiais.

11º A pesca nas augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial.

12º Feiras interiores.

13º O fomento do desenvolvemento económico da comunidade autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional.

14º Artesanía.

15º Museos, bibliotecas e conservatorios de música de interese para a comunidade autónoma.

16º Patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma.

17º O fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

18º Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

19º Promoción do deporte e da axeitada utilización do lecer.

20º Asistencia social.

21º Sanidade e hixiene.

22º A vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións. A coordinación e demais facultades en relación coas policía locais nos termos que estableza unha lei orgánica.

2. Transcorridos cinco anos, e mediante a reforma dos seus estatutos, as comunidades autónomas poderán ampliar sucesivamente as súas competencias dentro do marco establecido no artigo 149.

## **Artigo 149**

1. O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

1º A regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

2º Nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.

3º Relacións internacionais.

4º Defensa e Forzas Armadas.

5º Administración de Xustiza.

6º Lexislación mercantil, penal e penitenciaria; lexislación procesual, sen perda das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

7º Lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

8º Lexislación civil, á parte da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. En todo caso, as regras relativas á aplicación e eficacia das normas xurídicas, relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio, ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, bases das obrigas contractuais, normas para resolver os conflitos de leis e determinación das fontes do dereito, con respecto, no caso derradeiro, ás normas de dereito foral ou especial.

9º Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

10º Réxime aduaneiro e arancelario; comercio exterior.

11º Sistema monetario: divisas, cambio e convertibilidade; bases da ordenación do crédito, banca e seguros.

12º Lexislación sobre pesas e medidas, determinación da hora oficial.

13º Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

14º Facenda xeral e débeda do Estado.

15º Fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

16º Sanidade exterior. Bases e coordinación xeral da sanidade. Lexislación sobre os produtos farmacéuticos.

17º Lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

18º As bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, que, en todo caso, lles garantirán aos administrados un tratamento común ante elas; o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas; lexislación sobre expropiación forzosa; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e o sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

19º Pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

20º Mariña mercante e abandeiramento de buques; iluminación de costas e sinais marítimos; portos de interese xeral; aeroportos de interese xeral; control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, servizo meteorolóxico e matriculación de aeronaves.

21º Vías férreas e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación.

22º A lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas corran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas, cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial.

23º Lexislación básica sobre protección do medio ambiente sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. A lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

24º Obras públicas de interese xeral ou de realización que afecten máis dunha comunidade autónoma.

25º Bases do réxime mineiro e enerxético.

26º Réxime de produción, comercio, posesión e uso de armas e explosivos.

27º Normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen perda das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

28º Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen tocar á súa xestión por parte das comunidades autónomas.

29º Seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policía polas comunidades autónomas na forma que se estableza nos respectivos estatutos no marco do que dispoña unha lei orgánica.

30º Regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e nor-



mas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

31º Estatística para fins estatais.

32º Autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo.

2. Á parte das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas de acordo con elas.

3. As materias non atribuídas expresamente ao Estado por esta Constitución poderán corresponderlles ás comunidades autónomas, segundo os seus respectivos estatutos. A competencia sobre as materias que non foran asumidas polos estatutos de autonomía corresponderalle ao Estado, e as normas deste prevalecerán, en caso de conflito, sobre as das comunidades autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas. O dereito estatal será, en calquera caso, supletorio do dereito das comunidades autónomas.

## **Artigo 150**

1. As Cortes Xerais, en materias de competencia estatal, poderán atribuírlles a todas ou a algunha das comunidades autónomas a facultade de ditaren, para si mesmas, normas lexislativas no marco dos principios, bases e directrices fixados por unha lei estatal. Á parte das competencias dos tribunais, en cada lei marco establecerase a modalidade do control das Cortes Xerais sobre estas normas lexislativas das comunidades autónomas.

2. O Estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que reserve para si o Estado.

3. O Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das comunidades autónomas, aínda no caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o exixa o interese xeral. Correspóndelle ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada cámara, a apreciación desta necesidade.

## **Artigo 151**

1. Non será necesario deixar transcorrer o prazo de cinco anos a que se refire o apartado 2 do artigo 148 cando a iniciativa do proceso autonómico sexa acordada dentro do prazo do artigo 143.2, ademais de polas deputacións ou os órganos interinsulares correspondentes, polas tres cuartas partes dos concellos de cada unha das provincias afectadas que representen, cando menos, a maioría do censo electoral de cada unha delas e a citada iniciativa sexa ratificada mediante referendo polo voto afirmativo da maioría absoluta dos electores de cada provincia nos termos que estableza unha lei orgánica.

2. No suposto previsto no apartado anterior, o procedemento para a elaboración do estatuto será o seguinte:

1º O Goberno convocará todos os deputados e senadores elixidos nas circunscricións comprendidas no ámbito territorial que pretenda acceder ao autogoberno, para que se constitúan en asemblea, para os únicos efectos de elaborar o correspondente proxecto de estatuto de autonomía, mediante o acordo da maioría absoluta dos seus membros.

2º Aprobado o proxecto de estatuto pola asemblea de parlamentarios, remitiráselle á Comisión Constitucional do Congreso, a cal, dentro do prazo de dous meses, o examinará co concurso e asistencia dunha delegación da asemblea proponente para determinaren de común acordo a súa formulación definitiva.

3º Se se alcanzase o devandito acordo, o texto resultante será sometido a referendo do corpo electoral das provincias comprendidas no ámbito territorial do proxectado estatuto.

4º Se o proxecto de estatuto é aprobado en cada provincia pola maioría dos votos validamente emitidos, seralle elevado ás Cortes Xerais. Os plenos de ambas as cámaras decidirán sobre o texto mediante un voto de ratificación. Aprobado o estatuto, o rei sancionarao e promulgarao como lei.

5º De non alcanzarse o acordo ao que se refire o apartado 2º deste número, o proxecto de estatuto será tramitado como proxecto de lei perante as Cortes Xerais. O texto aprobado por estas será sometido a referendo do corpo electoral das provincias comprendidas no ámbito territorial do proxectado estatuto. No caso de ser aprobado pola maioría dos votos validamente emitidos en cada provincia, procederá a súa promulgación nos termos do parágrafo anterior.

3. Nos casos dos parágrafos 4º e 5º do apartado anterior, a non aprobación do proxecto de estatuto por unha ou varias provincias non impedirá a constitución entre as restantes da comunidade autónoma proxectada, na forma que estableza a lei orgánica prevista no apartado 1 deste artigo.

## **Artigo 152**

1. Nos estatutos aprobados polo procedemento a que se refire o artigo anterior, a organización institucional autonómica ba-

searase nunha asemblea lexislativa elixida por sufraxio universal conforme un sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio; un consello de goberno con funcións executivas e administrativas, e un presidente, elixido pola asemblea, de entre os seus membros, e nomeado polo rei, a quen lle corresponde a dirección do consello de goberno, a suprema representación da respectiva comunidade e a ordinaria do Estado naquela. O presidente e os membros do consello de goberno serán politicamente responsables ante a asemblea.

Un Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da xurisdición que lle corresponde ao Tribunal Supremo, culminará a organización xudicial no ámbito territorial da comunidade autónoma. Nos estatutos das comunidades autónomas poderán establecerse os supostos e as formas de participación daquelas na organización das demarcacións xudiciais do territorio. Todo isto de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste.

Sen prexuízo do disposto no artigo 123, as sucesivas instancias procesuais, se é o caso, esgotaranse perante órganos xudiciais radicados no mesmo territorio da comunidade autónoma no que estea o órgano competente en primeira instancia.

2. Unha vez sancionados e promulgados os respectivos estatutos, só poderán ser modificados mediante os procedementos neles establecidos e con referendo entre os electores inscritos nos censos correspondentes.

3. Mediante a agrupación de municipios limítrofes, os estatutos poderán establecer circunscripcións territoriais de seu que gozarán dunha personalidade xurídica plena.

### **Artigo 153**

O control da actividade dos órganos das comunidades autónomas exercerao:

- a) O Tribunal Constitucional, o relativo á constitucionalidade das súas disposicións normativas con forza de lei.
- b) O Goberno, logo de ditame do Consello de Estado, o do exercicio de funcións delegadas a que se refire o apartado 2 do artigo 150.
- c) A xurisdición contencioso-administrativa, o da Administración autónoma e as súas normas regulamentarias.
- d) O Tribunal de Contas, o económico e orzamentario.

### **Artigo 154**

Un delegado nomeado polo Goberno dirixirá a Administración do Estado no territorio da comunidade autónoma e coordinaraa, cando proceda, coa Administración propia da comunidade.

### **Artigo 155**

1. Se unha comunidade autónoma non cumprise as obrigas que a Constitución ou outras leis lle imponhan, ou actuase de forma que atente gravemente ao interese xeral de España, o Goberno, logo de requirimento ao presidente da comunidade autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

2. Para a execución das medidas previstas no apartado anterior, o Goberno poderá darlles instrucións a todas as autoridades das comunidades autónomas.

## **Artigo 156**

1. As comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias de acordo cos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois.

2. As comunidades autónomas poderán actuar como delegados ou colaboradores do Estado para a recadación, a xestión e a liquidación dos recursos tributarios daquel, de acordo coas leis e os estatutos.

## **Artigo 157**

1. Os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos por:

a) Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado; recargos sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado.

b) Os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.

c) Transferencias dun Fondo de Compensación Interterritorial e outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

d) Rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado.

e) O produto das operacións de crédito.

2. As comunidades autónomas non poderán en ningún caso adoptar medidas tributarias sobre bens situados fóra do seu territorio ou que supoñan obstáculo á libre circulación de mercancías ou servizos.

3. Mediante lei orgánica poderá regularse o exercicio das competencias financeiras enumeradas no precedente apartado 1, as normas que resolvan os conflitos que puideran xurdir e as posibles formas de colaboración financeira entre as comunidades autónomas e o Estado.<sup>62</sup>

### **Artigo 158**

1. Nos orzamentos xerais do Estado poderase establecer unha asignación ás comunidades autónomas en función do volume dos servizos e actividades estatais que asumisen e da garantía dun nivel mínimo na prestación dos servizos públicos fundamentais en todo o territorio español.

2. A fin de corrixir desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade constituirase un Fondo de Compensación con destino a gastos de investimento; os recursos deste fondo serán distribuídos polas Cortes Xerais entre as comunidades autónomas e provincias, se é o caso.

## **TÍTULO IX**

### **Do Tribunal Constitucional**

### **Artigo 159**

1. O Tribunal Constitucional componse de doce membros nomeados polo rei; de entre eles, catro por proposta do Congreso por maioría de tres quintos dos seus membros; catro por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno e dous por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

---

62. Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

2. Os membros do Tribunal Constitucional deberán ser nomeados entre maxistrados e fiscais, profesores de universidade, funcionarios públicos e avogados, todos eles xuristas de reconocida competencia con máis de quince anos de exercicio profesional.

3. Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.

4. A condición de membro do Tribunal Constitucional é incompatible: con todo mandato representativo; cos cargos políticos ou administrativos; co desempeño de funcións directivas nun partido político ou nun sindicato e co emprego ao servizo deles; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal, e con calquera actividade profesional ou mercantil.

No demais, os membros do Tribunal Constitucional terán as incompatibilidades propias dos membros do poder xudicial.

5. Os membros do Tribunal Constitucional serán independentes e inamovibles no exercicio do seu mandato.

### **Artigo 160**

O presidente do Tribunal Constitucional será nomeado entre os seus membros polo rei, por proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de tres anos.

### **Artigo 161**

1. O Tribunal Constitucional ten xurisdición en todo o territorio español e é competente para coñecer:

- a) Do recurso de inconstitucionalidade contra leis e disposicións normativas con forza de lei. A declaración de inconstitu-



cionalidade dunha norma xurídica con categoría de lei, interpretada pola xurisprudencia, afectará a esta, se ben a sentenza ou sentenzas recaídas non perderán o valor de cousa xulgada.

b) Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 53.2 desta Constitución, nos casos e formas que a lei estableza.

c) Dos conflitos de competencia entre o Estado e as comunidades autónomas ou dos destas entre si.

d) Das demais materias que lle atribúan a Constitución ou as leis orgánicas.<sup>63</sup>

2. O Goberno poderá impugnar perante o Tribunal Constitucional as disposicións e resolucións adoptadas polos órganos das comunidades autónomas. A impugnación producirá a suspensión da disposición ou da resolución contra a que se recorreu, mais o Tribunal, se corresponde, deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a cinco meses.

## **Artigo 162**

1. Están lexitimados:

a) Para interpoñeren o recurso de inconstitucionalidade, o presidente do Goberno, o defensor do pobo, cincuenta deputados, cincuenta senadores, os órganos colexiados executivos das comunidades autónomas e, se é o caso, as asembleas destas.

b) Para interpoñeren o recurso de amparo, toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo, así como o defensor do pobo e o ministerio fiscal.

---

63. Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

2. Nos demais casos, a lei orgánica determinará as persoas e órganos lexitimados.

### **Artigo 163**

Cando un órgano xudicial considere, nalgún proceso, que unha norma con categoría de lei, aplicable ao caso, da validez da cal dependa a sentenza, poida ser contraria á Constitución, formulará a cuestión perante o Tribunal Constitucional nos supostos, na forma e cos efectos que estableza a lei, que en ningún caso serán suspensivos.

### **Artigo 164**

1. As sentenzas do Tribunal Constitucional publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* cos votos particulares, se os houberse. Teñen o valor de cousa xulgada a partir do día seguinte da súa publicación e non cabe recurso ningún contra elas. As que declaren a inconstitucionalidade dunha lei ou dunha norma con forza de lei e todas as que non se limiten á estimación subxectiva dun dereito teñen plenos efectos fronte a todos.

2. De non ser que na sentenza se dispoña outra cousa, subsistirá a vixencia da lei na parte non afectada pola inconstitucionalidade.

### **Artigo 165**

Unha lei orgánica regulará o funcionamento do Tribunal Constitucional, o estatuto dos seus membros, o procedemento perante el e as condicións para o exercicio das accións.

## **TÍTULO X**

### **Da reforma constitucional**

### **Artigo 166**

A iniciativa de reforma constitucional exercerase nos termos previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 87.

## **Artigo 167**

1. Os proxectos de reforma constitucional deberán ser aprobados por unha maioría de tres quintos de cada unha das cámaras. Se non hai acordo entrambas, intentarase obtelo mediante a creación dunha comisión de composición paritaria de deputados e senadores, que presentará un texto que será votado polo Congreso e o Senado.

2. De non se lograr a aprobación mediante o procedemento do apartado anterior, e sempre que o texto obtivera o voto favorable da maioría absoluta do Senado, o Congreso por maioría de dous terzos poderá aprobar a reforma.

3. Aprobada a reforma polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, unha décima parte dos membros de calquera das cámaras.

## **Artigo 168**

1. Cando se propoña a revisión total da Constitución ou unha parcial que afecte o título preliminar, o capítulo segundo, sección 1ª, do título I, ou o título II, procederase á aprobación do principio por maioría de dous terzos de cada cámara, e á disolución inmediata das Cortes.

2. As cámaras elixidas deberán ratificar a decisión e proceder ao estudo do novo texto constitucional, que deberá ser aprobado por maioría de dous terzos de ambas as cámaras.

3. Aprobada a reforma polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación.

## **Artigo 169**

Non poderá iniciarse a reforma constitucional en tempo de guerra ou de vixencia dalgún dos estados previstos no artigo 116.

### **Disposición adicional primeira**

A Constitución ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais.

A actualización xeral dese réxime foral levarase a cabo, se é o caso, no marco da Constitución e dos estatutos de autonomía.

### **Disposición adicional segunda**

A declaración de maioría de idade contida no artigo 12 desta Constitución non prexudica as situacións amparadas polos dereitos forais no ámbito do dereito privado.

### **Disposición adicional terceira**

A modificación do réxime económico e fiscal do arquipélago canario requirirá informe previo da comunidade autónoma ou, cando non, do órgano provisional autonómico.

### **Disposición adicional cuarta**

Nas comunidades autónomas onde teñan a súa sede máis dunha audiencia territorial, os estatutos de autonomía respectivos poderán manter as existentes, distribuindo as competencias entre elas, sempre de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste.

### **Disposición transitoria primeira**

Nos territorios dotados dun réxime provisional de autonomía, os seus órganos colexiados superiores, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros, poderán substituír a iniciativa que o apartado 2 do artigo 143 lles atri-

búe ás deputacións provinciais ou aos órganos interinsulares correspondentes.

### **Disposición transitoria segunda**

Os territorios que no pasado plebiscitaron afirmativamente proxectos de estatuto de autonomía e contén, no intre de se promulgar esta Constitución, con réximes provisionais de autonomía poderán proceder inmediatamente na forma que se prevé no apartado 2 do artigo 148, cando así o acorden, por maioría absoluta, os seus órganos preautonómicos colexiados superiores, comunicándollo ao Goberno. O proxecto de estatuto será elaborado de acordo co establecido no artigo 151, número 2, por convocatoria do órgano colexiado preautonómico.

### **Disposición transitoria terceira**

A iniciativa do proceso autonómico por parte das corporacións locais ou dos seus membros, prevista no apartado 2 do artigo 143, enténdese diferida, con todos os seus efectos, ata a celebración das primeiras eleccións locais unha vez vixente a Constitución.

### **Disposición transitoria cuarta**

1. No caso de Navarra, e para efectos da súa incorporación ao Consello Xeral Vasco ou ao réxime autonómico vasco que o substitúa, en lugar do que establece o artigo 143 da Constitución, a iniciativa correspóndelle ao órgano foral competente, que adoptará a súa decisión por maioría dos membros que o compoñen. Para a validez da citada iniciativa será preciso, ademais, que a decisión do órgano foral competente sexa ratificada por referendo expresamente convocado para o efecto, e aprobado por maioría dos votos válidos emitidos.

2. Se a iniciativa non prosperase, esta só se poderá reproducir en distinto período de mandato do órgano foral competente

e, en todo caso, cando xa transcorrera o prazo mínimo que establece o artigo 143.

### **Disposición transitoria quinta**

As cidades de Ceuta e Melilla poderanse constituír en comunidades autónomas se o deciden así os seus respectivos concellos, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros e se o autorizan tamén así as Cortes Xerais, mediante unha lei orgánica, nos termos previstos no artigo 144.

### **Disposición transitoria sexta**

En caso de se remitiren á Comisión Constitucional do Congreso varios proxectos de estatuto, ditaminaranse pola súa orde de entrada nela, e o prazo de dous meses a que fai referencia o artigo 151 empezará a contar dende que a Comisión remate o estudo do proxecto ou proxectos dos que sucesivamente fose tendo coñecemento.

### **Disposición transitoria sétima**

Os organismos provisionais autonómicos consideraranse disoltos nos casos seguintes:

- a) Cando estean constituídos os órganos que establezan os estatutos de autonomía aprobados conforme esta Constitución.
- b) No caso de que a iniciativa do proceso autonómico non chegara a callar por non cumprir todos os requisitos previstos no artigo 143.
- c) Se o organismo non exerceu o dereito que lle reconece a disposición transitoria primeira no prazo de tres anos.

### **Disposición transitoria oitava**

1. As cámaras que aprobaron esta Constitución asumirán, tras a súa entrada en vigor, as funcións e competencias que se sina-

len nela tanto para o Congreso coma para o Senado, sen que en caso ningún o seu mandato se estenda máis aló do 15 de xuño de 1981.

2. Conforme o establecido no artigo 99, a promulgación da Constitución considerárase como suposto constitucional no que procede a súa aplicación. Para isto, e a partir da devandita promulgación, abrírase un período de trinta días para a aplicación do disposto no citado artigo. Neste período, o actual presidente do Goberno, que asumirá as funcións e competencias que para ese cargo establece a Constitución, poderase decidir pola utilización da facultade que lle recoñece o artigo 115 ou dar paso, por medio da dimisión, á aplicación do establecido no artigo 99, quedando no derradeiro caso na situación prevista no apartado 2 do artigo 101.

3. No caso de se disolver, conforme o previsto no artigo 115, e de non desenvolverse legalmente o previsto nos artigos 68 e 69, serán aplicables nas eleccións as normas vixentes con anterioridade, pero coa excepción de que, no que se refire a inelixibilidades e incompatibilidades, se aplicará directamente o previsto no inciso segundo da letra b) do apartado 1 do artigo 70 da Constitución, e igualmente o disposto nela con respecto á idade para o voto e o establecido no artigo 69.3.

### **Disposición transitoria novena**

Aos tres anos de elixidos por primeira vez os membros do Tribunal Constitucional procederáse a sortes á designación dun grupo de catro membros da mesma procedencia electiva entre os que teñan que cesar e renovarse. Só no que a isto se refire, consideraranse agrupados como membros da mesma procedencia os dous designados por proposta do Goberno e os dous que proceden da formulada polo Consello Xeral do Poder

Xudicial. Procederáse de igual xeito unha vez transcorridos outros tres anos entre os dous grupos non afectados polo sorteo anterior. A partir de entón seguirase o establecido no número 3 do artigo 159.

### **Disposición derogatoria**

1. Queda derogada a Lei 1/1977, do 4 de xaneiro, para a reforma política, así como, en tanto en canto non estiveran xa derogadas pola lei mencionada anteriormente, a de principios do movemento nacional do 17 de maio de 1958, o Foro dos españois do 17 de xullo de 1945, o do traballo do 9 de marzo de 1938, a Lei constitutiva das Cortes do 17 de xullo de 1942, a Lei de sucesión na Xefatura do Estado do 26 de xullo de 1947, todas elas modificadas pola Lei orgánica do Estado do 10 de xaneiro de 1967 e nos mesmos termos esta última e mais a do referendo nacional do 22 de outubro de 1945.

2. En tanto en canto puidera conservar algunha vixencia considérase definitivamente derogada a Lei do 25 de outubro de 1839 no que puidera afectar ás provincias de Álava, Guipúscoa e Biscaia.

Nos mesmos termos considérase definitivamente derogada a Lei do 21 de xullo de 1876.

3. Así mesmo quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta Constitución.

### **Disposición derradeira**

Esta Constitución entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto oficial no *Boletín Oficial del Estado*. Publicarase tamén nas demais linguas de España.



# ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

# ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

*O Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) foi aprobado polo pobo galego no referendo do 21 de decembro de 1980 e ratificado polo Congreso dos Deputados e o Senado en febreiro e marzo, respectivamente, de 1981. Publicouse no Boletín Oficial del Estado do 28 de abril de 1981 e no Boletín Oficial da Xunta de Galicia de outubro do mesmo ano.*

Don Juan Carlos I, rei de España

A todos os que a presente viran e entenderan,  
Sabede: Que as Cortes Xerais aprobaron co carácter de orgánica e eu veño en sancionar a seguinte lei:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.

## **Artigo 2**

1. O territorio de Galicia é o abranguido polas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

2. A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento.

3. Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia de acordo co presente Estatuto.<sup>64</sup>

## **Artigo 3**

1. Para efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

2. Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.<sup>65</sup>

---

64. Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.

65. Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

## **Artigo 4**

1. Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.<sup>66</sup>
2. Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.<sup>67</sup>
3. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

## **Artigo 5**

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.<sup>68</sup>
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en

---

66. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

67. Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

68. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.<sup>69</sup>

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

## **Artigo 6**

1. A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.

2. Galicia ten himno e escudo de seu.<sup>70</sup>

## **Artigo 7**

1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades, que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.<sup>71</sup>

2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado español que, para facilitar o disposto anteriormente, concerte os oportunos tratados ou convenios cos estados onde existan tales comunidades.

---

69. Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

70. Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia.

71. Lei 7/2013, do 13 de xuño, de galeguidade.

## **Artigo 8**

Unha lei de Galicia, que requirirá para a súa aprobación o voto favorable dos dous terzos dos membros do seu Parlamento, fixará a sede das institucións autonómicas.<sup>72</sup>

# **TÍTULO I**

## **Do poder galego**

## **Artigo 9**

1. Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
2. As leis de Galicia ordenarán o funcionamento destas institucións de acordo coa Constitución e co presente Estatuto.

# **CAPÍTULO I**

## **Do Parlamento**

## **Artigo 10**

1. Son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:
  - a) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma. O Parlamento só poderá delegar esta potestade lexislativa na Xunta, nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ao Goberno, todo iso no marco do presente Estatuto.

---

72. Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Galicia.

Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela.

b) Controlar a acción executiva da Xunta, aprobar os orzamentos e exercer as outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo presente Estatuto, polas leis do Estado e polas do Parlamento de Galicia.

c) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais os senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, de acordo co previsto no artigo 69, apartado 5, da Constitución. Tal designación será feita de forma proporcional á representación das distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia.

d) Elixir de entre os seus membros o presidente da Xunta de Galicia.

e) Esixirles, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu presidente.

f) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.

g) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.<sup>73</sup>

## 2. O Parlamento de Galicia é inviolable.

### **Artigo 11**

1. O Parlamento estará constituído por deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.<sup>74</sup>

---

73. Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

74. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2. O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.

3. Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.

5. Una lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten aos postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

6. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

7. Os deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

## **Artigo 12**

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros un presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento,



que deberá ser aprobado por maioría absoluta, dispoñerá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.

2. O Parlamento de Galicia fixará o seu propio orzamento.

3. O Parlamento funcionará en Pleno e en comisións e reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias.

4. O Regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de grupos parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces daqueles. Os grupos parlamentarios participarán en todas as comisións en proporción ao número dos seus membros.

### **Artigo 13**

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles aos deputados, ao Parlamento e á Xunta. A iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan de ser tramitadas polo Parlamento de Galicia será regulada por este mediante lei, de acordo co que estableza a lei orgánica prevista no artigo 87.3 da Constitución.<sup>75</sup>

2. As leis de Galicia serán promulgadas en nome do rei polo presidente da Xunta, e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*. Para efectos da súa entrada en vigor, rexerá a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.<sup>76</sup>

3. O control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia corresponderalle ao Tribunal Constitucional.

---

75. Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

76. Real decreto 18/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial *Boletín Oficial del Estado*.

## **Artigo 14**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e organización, mediante lei do seu Parlamento e con respecto á institución do Defensor do Pobo establecida no artigo 54 da Constitución, dun órgano similar que en coordinación con aquela exerza as funcións a que se refire o mencionado artigo e calquera outra que o Parlamento de Galicia poida encomendarlle.<sup>77</sup>

## **CAPÍTULO II**

### **Da Xunta e do seu presidente**<sup>78</sup>

## **Artigo 15**

1. O presidente dirixe e coordina a acción da Xunta e exerce a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

2. O presidente da Xunta será elixido polo Parlamento galego de entre os seus membros e será nomeado polo rei.

3. O presidente do Parlamento, logo de consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propondrá un candidato a presidente da Xunta.

O candidato presentarlle o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido, o candidato deberá obter na primeira votación maioría absoluta; en caso de non a obter, procederase, transcorridas vinte e catro horas da anterior, a unha nova votación e, obtendo maioría simple, considérase outorgada a confianza. A non conseguirse esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

---

77. Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

78. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

4. O presidente da Xunta será politicamente responsable perante o Parlamento. Unha lei de Galicia determinará o alcance de tal responsabilidade, así coma o estatuto persoal e atribucións do presidente.

## **Artigo 16**

1. A Xunta é o órgano colexiado de goberno de Galicia.
2. A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, se é o caso, e mais os conselleiros.
3. Os vicepresidentes e conselleiros serán nomeados e destituídos polo presidente.
4. Unha lei de Galicia regulará a organización da Xunta e as atribucións e o estatuto persoal dos seus compoñentes.<sup>79</sup>

## **Artigo 17**

1. A Xunta de Galicia responde politicamente perante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes, pola súa xestión.
2. A Xunta cesa tras a celebración de eleccións ao Parlamento galego; nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu presidente.
3. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.<sup>80</sup>

---

79. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

80. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## **Artigo 18**

O presidente e máis membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

## **Artigo 19**

A Xunta de Galicia poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.<sup>81</sup>

## **CAPÍTULO III**

### **Da Administración de Xustiza en Galicia**

## **Artigo 20**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma:

1. Exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado.<sup>82</sup>
2. Fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.

---

81. Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

82. Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

## **Artigo 21**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se integrará a actual Audiencia Territorial, é o órgano xurisdiccional en que culminará a organización xudicial no seu ámbito territorial, e perante o cal se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, nos termos do artigo 152 da Constitución e de acordo co presente Estatuto.

## **Artigo 22**

1. A competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia esténdese:

a) No plano civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de dereito civil galego.<sup>83</sup>

b) No plano penal e social, a todas as instancias e graos con excepción dos recursos de casación e de revisión.

c) No plano contencioso-administrativo, a todas as instancias e graos, cando se trate de actos ditados pola Xunta e pola Administración de Galicia, naquelas materias que corresponda legislar en exclusiva á Comunidade Autónoma e as que, segundo a lei da citada xurisdición, lle correspondan en relación cos actos ditados pola Administración do Estado en Galicia.

d) Ás cuestións de competencia entre órganos xudiciais de Galicia.

e) Aos recursos sobre cualificación de documentos referentes ao dereito privativo galego que deban ter acceso aos rexistros da propiedade.

2. Nas restantes materias poderase interpoñer, cando proceda, perante o Tribunal Supremo, o recurso de casación ou o

---

83. Lei 5/2005, do 25 de abril, reguladora do recurso de casación en materia de dereito civil de Galicia.

que corresponda segundo as leis do Estado e, se é o caso, o de revisión. O Tribunal Supremo resolverá tamén os conflitos de competencia e xurisdición perante os tribunais de Galicia e os do resto de España.

### **Artigo 23**

1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será nomeado polo rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. O nomeamento dos maxistrados, xuíces e secretarios do Tribunal Superior de Xustiza será efectuado na forma prevista nas leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

### **Artigo 24**

1. A instancia da Comunidade Autónoma, o órgano competente convocará os concursos e oposicións para cubrir as prazas vacantes en Galicia de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais e restante persoal ao servizo da Administración de Xustiza, de acordo co que dispoña a Lei orgánica do poder xudicial.

2. Correspóndelle integramente ao Estado, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do ministerio fiscal.

### **Artigo 25**

Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país.

## **Artigo 26**

1. Os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado. Para a provisión de notarías, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos, tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España. Nestes concursos e oposicións será mérito preferente a especialización en dereito galego e o coñecemento do idioma do país. Non se poderá establecer, en ningún dos casos, a excepción de natureza ou de veciñanza.

2. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes aos rexistros da propiedade e mercantís para as acomodar ao que se dispoña en aplicación do artigo 20, parágrafo 2, deste Estatuto. Tamén participará na fixación das demarcacións notariais e do número de notarios de acordo co previsto nas leis do Estado.

## **TÍTULO II**

### **Das competencias de Galicia**

## **CAPÍTULO I**

### **Das competencias en xeral**

## **Artigo 27**

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Organización das súas institucións de autogoberno.
2. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de

termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o réxime local lle correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18º da Constitución e o seu desenvolvemento.<sup>84</sup>

3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.<sup>85</sup>

4. Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego.<sup>86</sup>

5. Normas procesuais e procedementos administrativos que deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos.<sup>87</sup>

6. Estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.<sup>88</sup>

7. Obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, e a súa execución ou explotación non afecte a outra comunidade autónoma ou provincia.

8. Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio

---

84. Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

85. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

86. Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

87. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

88. Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.



da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.<sup>89</sup>

9. Os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos.<sup>90</sup>

10. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23º da Constitución.<sup>91</sup>

11. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.<sup>92</sup>

12. Aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución.<sup>93</sup>

13. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º e 25º da Constitución.

---

89. Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

90. Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

91. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

92. Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

93. Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

14. As augas minerais e termais. As augas subterráneas, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22º da Constitución e no número 7 do presente artigo.<sup>94</sup>

15. A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.<sup>95</sup>

16. As feiras e mercados interiores.<sup>96</sup>

17. A artesanía.<sup>97</sup>

18. Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28º da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade.<sup>98</sup>

19. O fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.<sup>99</sup>

---

94. Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

95. Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.  
Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

96. Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais da Comunidade Autónoma de Galicia.

97. Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.

98. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.  
Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.  
Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

99. Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.  
Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais.

20. A promoción e o ensino da lingua galega.
21. A promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.<sup>100</sup>
22. A promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer.<sup>101</sup>
23. Asistencia social<sup>102</sup>.
24. A promoción do desenvolvemento comunitario.<sup>103</sup>
25. A creación dunha Policía Autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29º da Constitución.<sup>104</sup>

---

100. Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

101. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

102. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

103. Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

104. Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia.

26. O réxime das fundacións de interese galego.<sup>105</sup>

27. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo- benéficas.<sup>106</sup>

28. Os centros de contratación de mercancías e valores, en conformidade coas normas xerais do dereito mercantil.

29. Confrarías de pescadores, cámaras da propiedade, agrarias, de comercio, industria e navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.<sup>107</sup>

30. Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23º.<sup>108</sup>

31. Publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.

32. As restantes materias que con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.

---

105. Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes de las.

106. Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

107. Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.

Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

108. Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **Artigo 28**

É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes:

1. Réxime xurídico da administración pública de Galicia, e réxime estatutario dos seus funcionarios.<sup>109</sup>
2. Expropiación forzosa, contratos e concesións administrativas no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma.
3. Réxime mineiro e enerxético.<sup>110</sup>
4. Reserva ao sector público de recursos ou servizos esenciais, especialmente no caso de monopolo e intervención de empresas cando veña exixido polo interese xeral.
5. Ordenación do sector pesqueiro.
6. Portos pesqueiros.<sup>111</sup>
7. Entidades cooperativas.<sup>112</sup>

---

109. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

110. Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.  
Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

111. Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

112. Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

8. Establecementos farmacéuticos.<sup>113</sup>

**Artigo 29**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1. Laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e a nivel de execución, desenvolve actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.<sup>114</sup>

Quédanlle reservadas ao Estado todas as competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

2. Propiedade industrial e intelectual.

3. Salvamento marítimo.

4. Vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.

5. As restantes materias que se atribúen no presente Estatuto expresamente como de competencia de execución, e as que con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.

**Artigo 30**

I. De acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á

---

113. Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia.

114. Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.

Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11º e 13º da Constitución, a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Fomento e planificación da actividade económica en Galicia.<sup>115</sup>

2. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Quédalle reservada á competencia exclusiva do Estado a autorización para transferencia de tecnoloxía estranxeira.<sup>116</sup>

3. Agricultura e gandería.<sup>117</sup>

4. Comercio interior, defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia. Denominacións de orixe en colaboración co Estado.<sup>118</sup>

---

115. Lei 9/2013, do 19 de novembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

116. Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

117. Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

118. Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

5. Institucións de crédito corporativo, público e territorial e caixas de aforro.<sup>119</sup>

6. Sector público económico de Galicia en canto non se encontre contemplado por outras normas deste Estatuto.<sup>120</sup>

7. O desenvolvemento e execución en Galicia de:

a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos.

b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas.

c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise.

II. A Comunidade Autónoma galega participará, tamén, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que procedan.

### **Artigo 31**

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades

---

119. Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

120. Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.



que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.<sup>121</sup>

### **Artigo 32**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un fondo cultural galego e o Consello da Cultura Galega.

### **Artigo 33**

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.<sup>122</sup>

2. En materia de Seguridade Social corresponderalle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico dela. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da caixa única.

3. Corresponderalle tamén á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos.

---

121. Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia  
Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia

122. Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.  
Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

4. A Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e Seguridade Social, reservando para si o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo.

### **Artigo 34**

1. No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o estatuto xurídico da radio e da televisión.<sup>123</sup>

2. Correspóndelle igualmente, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de prensa, e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

3. Nos termos establecidos nos apartados anteriores deste artigo, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.<sup>124</sup>

### **Artigo 35**

1. A Comunidade Autónoma poderá asinar convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia delas. O asinamento dos citados convenios, antes da súa entrada en vigor, debe-

---

123. Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

124. Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

ralle ser comunicado ás Cortes Xerais. Se as Cortes Xerais, ou algunha das cámaras, manifestasen reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá seguir o trámite previsto no parágrafo seguinte. Se transcorrer ese prazo sen que se manifesten reparos ao convenio, este entrará en vigor.

2. A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

3. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que asine e lle presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.<sup>125</sup>

### **Artigo 36**

1. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

2. Correspóndelle ao Parlamento de Galicia a competencia para formular as anteriores solicitudes, e para determinar o organismo da Comunidade Autónoma galega a favor do cal se deberá atribuír en cada caso a competencia transferida ou delegada.

---

125. Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

## CAPÍTULO II

### Do réxime xurídico

#### **Artigo 37**

1. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia enténdense referidas ao seu territorio.

2. Nas materias da súa competencia exclusiva correspóndelle ao Parlamento a potestade lexislativa nos termos previstos no Estatuto e nas leis do Estado ás que aquel se refire, correspondéndolle á Xunta a potestade regulamentaria e a función executiva.

3. As competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas a correspondente potestade regulamentaria, a administración e a inspección. Nos supostos previstos nos artigos 28 e 29 deste Estatuto, ou noutros preceptos del, con análogo carácter, o exercicio desas potestades pola Comunidade Autónoma realizarase en conformidade coas normas regulamentarias de carácter xeral que, como desenvolvemento da súa lexislación, dite o Estado.

#### **Artigo 38**

1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos neste Estatuto.

2. A falta de dereito propio de Galicia, será aplicable supletoriamente o dereito do Estado.

3. Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do dereito civil galego.

## TÍTULO III

### Da administración pública galega

#### **Artigo 39**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e estruturación da súa propia administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.<sup>126</sup>

#### **Artigo 40**

Nos termos previstos no artigo 27.1.2 deste Estatuto, por lei de Galicia poderase:

1. Recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación de seu. A comarca non supoñerá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integren.
2. Crear, tamén, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos.<sup>127</sup>
3. Recoñecerlle personalidade xurídica á parroquia rural.

#### **Artigo 41**

A Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia. Tamén poderá delegalas nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto.<sup>128</sup>

---

126. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

127. Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

128. Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

## TÍTULO IV

### Da economía e facenda

#### **Artigo 42**

A Comunidade Autónoma galega contará para o desempeño das súas competencias con facenda e patrimonio propios.<sup>129</sup>

#### **Artigo 43**

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma estará integrado por:

- 1) O patrimonio da Comunidade no momento de aprobarse o Estatuto.
- 2) Os bens afectos a servizos traspasados á Comunidade Autónoma.
- 3) Os bens adquiridos pola Comunidade Autónoma por calquera título xurídico válido.

2. O patrimonio da Comunidade Autónoma, a súa administración, a súa defensa e conservación serán regulados por unha lei de Galicia.

#### **Artigo 44**

A facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

1. Os rendementos dos impostos que estableza a Comunidade Autónoma.<sup>130</sup>

---

129. Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

130. Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

2. Os rendementos dos impostos cedidos polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles de cesión aprobada polas Cortes Xerais.<sup>131</sup>
3. Unha porcentaxe de participación no que se recade no total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.
4. O rendemento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos da Comunidade Autónoma, de propia creación ou como consecuencia de tras-pasos de servizos estatais.
5. As contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.
6. Os recargos sobre impostos estatais.
7. Se é o caso, os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.
8. Outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
9. A emisión de débeda e o recurso ao crédito.
10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.
11. Ingresos de dereito privado; legados e doazóns; subvencións.<sup>132</sup>
12. Multas e sancións no ámbito das súas competencias.

## **Artigo 45**

A Comunidade Autónoma galega ou os entes locais afectados participarán nos ingresos correspondentes aos tributos que o

---

131. Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

132. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estado poida establecer para recuperar os custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia, na forma que estableza a lei creadora do gravame.

## **Artigo 46**

1. Cando se complete o traspaso de servizos, ou ao cumprirse o sexto ano de vixencia deste Estatuto, en caso de o solicitar a Comunidade Autónoma, a participación anual nos ingresos do Estado citada no número 3 do artigo 44 e definida na disposición transitoria quinta negociarase sobre as bases seguintes:

- a) A media dos coeficientes de poboación e esforzo fiscal de Galicia, este último medido polo que se recade no seu territorio do imposto sobre a renda das persoas físicas; isto é, o cociente entre o que se recade efectivamente e o potencialmente atinxible, tendo en conta o nivel e distribución persoal da renda.
- b) A cantidade equivalente á achega proporcional que lle corresponde a Galicia polos servizos e cargas xerais que o Estado continúe asumindo como propios.
- c) A relación inversa entre a renda real media dos residentes na comunidade autónoma e a media estatal.
- d) Relación entre os índices de déficit en servizos sociais e infraestruturas que afecten o territorio da Comunidade e o conxunto do Estado.
- e) Relación entre os custos por habitante dos servizos sociais e administrativos transferidos para o territorio da Comunidade e para o conxunto do Estado.
- f) Outros criterios que se xulguen procedentes.



2. A fixación da nova porcentaxe de participación será obxecto de negociación inicial e será revisable por solicitude do Goberno ou da Comunidade Autónoma cada cinco anos.

### **Artigo 47**

1. A Comunidade Autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.

2. O volume e característica das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia e en coordinación co Estado.

3. Os títulos emitidos terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos.

### **Artigo 48**

No suposto de que o Estado emita débeda parcialmente destinada á creación ou mellora de servizos situados en Galicia e transferidos á Comunidade Autónoma galega, esta estará facultada para elaborar e presentar o programa de obras e servizos beneficiarios da emisión.

### **Artigo 49**

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 deste Estatuto.

2. É competencia dos entes locais de Galicia a xestión, cobranza, liquidación e inspección dos tributos propios que lles atribúan as leis, sen prexuízo da delegación que poidan outorgar para estas facultades a favor da Comunidade Autónoma galega. Mediante lei do Estado establecerase o sistema de colabo-

ración dos entes locais, da Comunidade Autónoma galega e do Estado para a xestión, liquidación, cobranza e inspección daqueles tributos que se determinen.

Os ingresos dos entes locais de Galicia, consistentes en participación en ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, percibiranse a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que se establezan para as referidas participacións.

### **Artigo 50**

A Comunidade Autónoma galega gozará do tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.

### **Artigo 51**

Regularanse necesariamente mediante lei do Parlamento galego as seguintes materias:

- a) O establecemento, a modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais, e das exencións ou bonificacións que os afecten.
- b) O establecemento e a modificación e supresión dos recargos sobre os impostos do Estado.
- c) A emisión de débeda pública e demais operacións de crédito concertadas pola Comunidade Autónoma galega.

### **Artigo 52**

Correspóndelle á Xunta de Galicia:

- a) Aprobar os regulamentos xerais dos seus propios tributos.
- b) Elaborar as normas regulamentarias precisas para xestionar os impostos estatais cedidos de acordo cos termos desta cesión.

### **Artigo 53**

1. Correspóndelle á Xunta ou Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma galega, e ao Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes.<sup>133</sup>

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 136 e no apartado d) do artigo 153 da Constitución, créase o Consello de Contas de Galicia. Unha lei de Galicia regulará a súa organización e funcionamento e establecerá as garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma que deberá someterse á aprobación do Parlamento.

### **Artigo 54**

1. A xestión, cobranza, liquidación e inspección dos seus propios tributos corresponderalle á Comunidade Autónoma galega, que dispoñerá de plenas atribucións para a execución e organización desas tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida ser establecida, en especial cando coa Administración do Estado así veña exixida pola natureza do tributo.

2. No caso dos impostos dos que se cedesen os rendementos, a Xunta asumirá por delegación do Estado a xestión, recadación, liquidación e inspección deles, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse entrambas as administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e condicións da cesión.

---

133. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. A xestión, recadación, liquidación e inspección dos demais impostos do Estado recadados en Galicia corresponderanlle á Administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma poida recibir desta e da colaboración que poida establecer, especialmente cando así o exixa a natureza do tributo.

## **Artigo 55**

1. A Comunidade Autónoma, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará os seus propios representantes nos organismos económicos, as institucións financeiras e as empresas públicas do Estado que teñan competencia dentro do territorio galego e que pola súa natureza non sexan obxecto de traspaso.

2. A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia, segundo o establecido no presente Estatuto.

3. A Comunidade Autónoma, como poder público, poderá facer uso das facultades previstas no apartado 1 do artigo 130 da Constitución, e poderá fomentar, mediante unha lexislación axeitada, as sociedades cooperativas nos termos resultantes do número 17 do artigo 28 do presente Estatuto.

Igualmente, de acordo coa lexislación do Estado na materia, poderá facer uso das demais facultades previstas no apartado 2 do artigo 129 da Constitución.

4. A Comunidade Autónoma galega queda facultada para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias.

## **TÍTULO V**

### **Da reforma**

#### **Artigo 56**

1. A reforma do Estatuto farase conforme o seguinte procedemento:

a) A iniciativa da reforma corresponderalles á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.

2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referendo polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento mentres non transcorra un ano.

3. A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica, incluírá a autorización do Estado para que a Comunidade Autónoma galega convoque o referendo a que se refire o parágrafo b) do apartado 1 deste artigo.

#### **Artigo 57**

A pesar do disposto no artigo anterior, cando a reforma teña por obxecto a simple alteración da organización dos poderes da Comunidade Autónoma e non afecte as relacións da Comunidade Autónoma co Estado, poderase proceder da seguinte maneira:

a) Elaboración do proxecto de reforma polo Parlamento de Galicia.

b) Consulta ás Cortes Xerais.

c) Se no prazo de trinta días, posteriores á recepción da consulta prevista no apartado precedente, as Cortes Xerais non se declarasen afectadas pola reforma, convocarase, debidamente autorizado, un referendo sobre o texto proposto.

d) Requirirase finalmente a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.

e) Se no prazo sinalado na letra c) as Cortes se declarasen afectadas pola reforma, esta terá que seguir o procedemento previsto no artigo anterior, dándose por cumpridos os trámites do apartado a) do número 1 do mencionado artigo.

## **Disposición adicional primeira**

1. Cédeselle á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento dos seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.

b) Imposto sobre o patrimonio.<sup>134</sup>

c) Imposto sobre sucesións e doazóns.

---

134. Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias.

Lei 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial.

Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Os tributos sobre o xogo.
- f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.
- g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.
- m) O imposto especial sobre a electricidade.
- n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- ñ) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.<sup>135</sup>

---

135. Punto 1 da disposición adicional primeira redactado segundo modificación introducida polas leis 32/1997, do 4 de agosto; 18/2002, do 1 de xullo, e 17/2010, do 16 de xullo.

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado polo Goberno como proxecto de lei. Para estes efectos, a modificación da presente disposición non se considerará modificación do Estatuto.

3. O alcance e condicións da cesión serán establecidos pola Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da disposición transitoria quinta, que, en todo caso, terá que os referir a rendementos en Galicia. O Goberno tramitará o acordo da Comisión como proxecto de lei ou, de concorreren razóns de urxencia, como decreto lei, no prazo de seis meses despois da constitución da primeira Xunta de Galicia.

### **Disposición adicional segunda**

O exercicio das competencias financeiras recoñecidas por este Estatuto á Comunidade Autónoma de Galicia axustarase ao que estableza a lei orgánica a que se refire o apartado 3 do artigo 157 da Constitución.

### **Disposición adicional terceira**

1. A Xunta coordinará a actividade das deputacións provinciais de Galicia en canto afecte directamente ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e para estes efectos uniranse os orzamentos que aquelas elaboren e aproben ao da Xunta de Galicia.

2. A Xunta poderalles encomendar a execución dos seus acordos ás deputacións provinciais. Estas exercerán as funcións que a Xunta lles transfira ou delegue.



## **Disposición adicional cuarta**

A celebración de eleccións aterase ás leis que, se é o caso, aproben as Cortes Xerais co fin exclusivo de coordinar o calendario das diversas consultas electorais.

## **Disposición transitoria primeira**

O primeiro Parlamento galego será elixido de acordo coas normas seguintes:

1. Logo de acordo co Goberno, a Xunta Preautonómica de Galicia convocará as eleccións nun termo máximo de cento vinte días desde a promulgación do presente Estatuto. As eleccións deberán celebrarse nun termo máximo de sesenta días contados desde a data da convocatoria.
2. A circunscrición electoral será a provincia, elixíndose un total de 71 membros, dos que corresponderán á provincia da Coruña 22, á de Lugo 15, á de Ourense 15 e á de Pontevedra 19.
3. Os membros do Parlamento galego serán elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, dos maiores de dezaioito anos, segundo un sistema de representación proporcional.
4. As xuntas provinciais electorais terán, dentro dos límites da súa respectiva xurisdición, a totalidade das competencias que a normativa electoral vixente lle atribúe á Xunta Central.

Para os recursos que teñan por obxecto a impugnación da validez da elección e proclamación dos membros electos será competente a Sala do Contencioso- Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, mentres non queda integrada no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que tamén entenderá dos recursos ou impugnacións que procedan contra os acordos das xuntas electorais provinciais.

Contra as resolucións da citada sala da Audiencia Territorial non caberá recurso ningún.

5. En todo o non previsto na presente disposición serán aplicables as normas vixentes para as eleccións lexislativas ao Congreso dos Deputados das Cortes Xerais.

## **Disposición transitoria segunda**

1. Na súa primeira reunión o Parlamento galego:

a) Constituirase, presidido por unha mesa de idade, integrada por un presidente e dous secretarios, e procederá a elixir a mesa provisional, que estará composta por un presidente, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.

b) Elixirá as súas autoridades conforme este Estatuto.

2. Elixidos os órganos da Comunidade Autónoma galega, disolveranse as institucións preautonómicas.

## **Disposición transitoria terceira**

Mentres as Cortes Xerais non elaboren as leis ás que se refire este Estatuto, e o Parlamento de Galicia lexisle sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor as actuais leis

e disposicións do Estado que se refiren a estas materias, sen prexuízo de que o seu desenvolvemento lexislativo, se é o caso, e a súa execución os leve a cabo a Comunidade Autónoma galega nos supostos así previstos neste Estatuto.

### **Disposición transitoria cuarta**

1. Coa finalidade de transferirle a Galicia as funcións e atribucións que lle corresponden de acordo co presente Estatuto, creárase, no termo máximo dun mes a partir da constitución da Xunta de Galicia, unha Comisión Mixta paritaria integrada por representantes do Estado e da Comunidade Autónoma galega. Esta Comisión Mixta establecerá as súas normas de funcionamento. Os membros da Comisión Mixta representantes de Galicia darán conta periodicamente da súa xestión perante o Parlamento de Galicia.

A Comisión Mixta establecerá os calendarios e prazos para o traspaso de cada servizo. De calquera maneira, a referida comisión deberá determinar nun prazo de dous anos desde a data da súa constitución o termo en que haberá de completarse o traspaso de todos os servizos que lle corresponden á Comunidade Autónoma galega, de acordo con este Estatuto.

2. Os acordos da Comisión Mixta adoptarán a forma de propostas ao Goberno, que as aprobará mediante decreto, figurando aqueles como anexos a este, e serán publicados simultaneamente no Boletín Oficial del Estado e no *Diario Oficial de Galicia*, adquirindo vixencia a partir desta publicación.

3. Será título abondo para a inscrición no rexistro da propiedade do traspaso de bens inmoables do Estado á Comunidade Autónoma a certificación pola Comisión Mixta dos acordos

gubernamentais debidamente promulgados. Esta certificación deberá conter os requisitos exixidos pola Lei hipotecaria.

O cambio de titularidade nos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servizos que se transfiran non lle dará dereito ao arrendador a extinguir ou renovar o contrato.

4. Os funcionarios adscritos a servizos de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectadas polos traspasos á Comunidade Autónoma pasarán a depender desta, séndolles respectados todos os dereitos de calquera orde ou natureza que lles correspondan no momento do traspaso, mesmo o de participaren nos concursos de traslado que convoque o Estado en igualdade de condicións ca os restantes membros do seu corpo, podendo exercer desta maneira o seu dereito permanente de opción.

Mentres a Comunidade Autónoma de Galicia non aprobe o réxime estatutario dos seus funcionarios, serán aplicables as disposicións do Estado vixentes sobre a materia.

5. A Comisión Mixta, creada polo Real decreto 474/78, do 16 de marzo, considerarase disolta cando se constitúa a Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da presente disposición transitoria.

### **Disposición transitoria quinta**

1. En canto non se complete o traspaso dos servizos correspondentes ás competencias fixadas á Comunidade Autónoma neste Estatuto, o Estado garantirá o financiamento dos servizos transferidos á Comunidade cunha cantidade igual ao custo efectivo do servizo en Galicia no momento da transferencia.

2. Para garantir o financiamento dos servizos antes referidos, a Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta adoptará un método encamiñado a fixar o tanto por cento de participación previsto no apartado 3 do artigo 45. O método que se siga terá en conta tanto os custos directos coma os custos indirectos dos servizos, así coma os gastos de investimento que correspondan.

3. Ao fixar as transferencias para os investimentos terase en conta, na forma progresiva que se acorde, a conveniencia de equiparar os niveis de servizos en todo o territorio do Estado, establecéndose, se é o caso, as transferencias necesarias para o funcionamento dos servizos.

O financiamento a que se refire este apartado terá en conta as achegas que se realicen a Galicia partindo do Fondo de Compensación a que se refire o artigo 158 da Constitución, así coma a acción investidora do Estado en Galicia que non sexa aplicación dese fondo.

4. A Comisión Mixta a que se refire o apartado 2 fixará o citado tanto por cento, mentres dure o período transitorio, cunha antelación mínima dun mes á presentación dos orzamentos xerais do Estado nas Cortes.

5. A partir do método fixado no apartado 2, establecerase un tanto por cento no que se considerará o custo efectivo global dos servizos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma, minorado polo total da cobranza obtida por esta polos tributos cedidos, en relación coa suma dos ingresos obtidos polo Estado nos capítulos I e II do último orzamento anterior á transferencia dos servizos.

### **Disposición transitoria sexta**

No relativo á televisión, a aplicación do apartado 3 do artigo 34 do presente Estatuto supón que o Estado lle outorgará en réxime de concesión á Comunidade Autónoma de Galicia a utilización dunha terceira canle, de titularidade estatal, que debe crearse especificamente para emitir no territorio de Galicia, nos termos que prevexa a citada concesión.

Mentres non se poña en funcionamento efectivo esta nova canle de televisión, Radio-Televisión Española (RTVE) articulará a través da súa organización en Galicia un réxime transitorio de programación específica para o territorio de Galicia, que Televisión Española emitirá pola segunda cadea (UHF).

O custo da programación específica de televisión a que se refire o parágrafo anterior entenderase como base para a determinación da subvención que poida concedérselle á Comunidade Autónoma de Galicia durante os primeiros anos de funcionamento da nova canle á que se refire esta disposición.

### **Disposición transitoria sétima**

As transferencias que se realicen en materia de ensino para traspasarlle á competencia da Comunidade Autónoma os servizos e centros do Estado en Galicia realizaranse de acordo cos calendarios e programas que defina a Comisión Mixta.

LEI 1/1982, DO 24 DE XUÑO, DE  
FIXACIÓN DA SEDE DAS INSTITUCIÓNS  
AUTONÓMICAS DE GALICIA

## **LEI 1/1982, DO 24 DE XUÑO, DE FIXACIÓN DA SEDE DAS INSTITUCIÓNS AUTONÓMICAS DE GALICIA**

O artigo 8º do Estatuto de autonomía para Galicia determina que «unha lei de Galicia, para a aprobación da cal se requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do seu Parlamento, fixará a sede das institucións autonómicas».

En cumprimento do disposto no devandito precepto, o Parlamento de Galicia co quorum requirido aprobou e eu dou en promulgar, en nome de El-Rei, a seguinte Lei:

### **Artigo 1**

Desígnase a Santiago de Compostela como sede do Parlamento, da Xunta, do seu presidente e das consellarías.

### **Artigo 2**

O Tribunal Superior de Xustiza terá a súa sede na cidade da Coruña.



# LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO, REGULADORA DA XUNTA E DA SÚA PRESIDENCIA

## **Texto consolidado**

Modificacións:

Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

Lei 12/1989, do 4 de outubro, de derogación da disposición transitoria terceira da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Lei 12/2007, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

Lei 10/2015, do 31 de agosto, de modificación do artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

**LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO,  
REGULADORA DA XUNTA  
E DA SÚA PRESIDENCIA**

O Estatuto de autonomía, nos seus artigos 15 e 16, prevé que o Parlamento de Galicia determine, mediante lei, a regulación do estatuto persoal, atribucións e responsabilidades do presidente e da Xunta de Galicia.

Recolle este mandato o espírito de que a regulación destas institucións básicas teña a prioridade debida e constitúa, en consecuencia, un dos pasos lexislativos inmediatos na construción da Autonomía galega.

O disposto no artigo 9 do Estatuto ao atribuír o exercicio dos poderes da Comunidade Autónoma ao Parlamento, á Xunta e ao seu presidente, quizais aconselle unha lei do Parlamento que, estimada agora fóra do contexto desta norma de desenvolvemento dos artigos 15 e 16 do Estatuto, regule con precisión as relacións da Cámara co Goberno e acade a debida complitude institucional da Autonomía de Galicia.

Limitase, en consecuencia, esta lei á regulación da organización e establecemento de normas xerais relativas aos órganos executivos superiores de Galicia, cun senso básico, sen prexuízo de que unha Lei de réxime xurídico da Administración da Comunidade Autónoma Galega recolla en toda a súa integridade as necesarias normas de funcionamento.

Polo tanto, en cumprimento dos devanditos preceptos, o Parlamento de Galicia aprobou e eu promulgo, en nome de El-Rei, a Lei reguladora da Xunta e do seu presidente.

## **TÍTULO I**

### **Da Xunta**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Da natureza e composición da Xunta**

###### **Artigo 1**

A Xunta é o órgano colexiado que, baixo a dirección do presidente, dirixe a política xeral e a Administración da Comunidade Autónoma. A tal fin, exerce a iniciativa lexislativa, a función executiva e a potestade regulamentaria de conformidade co Estatuto de autonomía e as leis.

###### **Artigo 2**

A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes —no seu caso— e os conselleiros.

No suposto de que haxa varios vicepresidentes, un deles terá a condición de vicepresidente primeiro coas facultades que esa lei lle atribúe.

Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello, que exercerá, conforme ao establecido nesta lei, as atribucións da Xunta, sen prexuízo das competencias das Comisións Delegadas.

Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunha proporción entre cada un deles que debe concretar o Parlamento ao inicio de cada lexislatura.

###### **Artigo 3**

A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes pola súa xestión.

## CAPÍTULO II

### **Das atribucións da Xunta**

#### **Artigo 4**

Corresponde á Xunta:

1. Establecer as directrices e desenvolver o programa de goberno.
2. Elaborar os presupostos da Comunidade Autónoma, remitilos ao Parlamento para a súa aprobación.
3. Aprobar os proxectos de lei para a súa remisión ao Parlamento e acordar, no seu caso, a súa retirada.
4. Ditar decretos legislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.
5. Outorgar ou denegar a súa conformidade á tramitación de proposicións de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos presupostarios, nos termos previstos no Regulamento do Parlamento.
6. Aprobar os regulamentos para o desenrolo e execución das leis de Galicia así como os das leis do Estado, cando a competencia de execución corresponda á Comunidade Autónoma en virtude do Estatuto de autonomía ou por delegación ou transferencia.
7. Adoptar, no seu caso, as medidas regulamentarias que requirise a execución dos tratados e convenios internacionais e o cumprimento dos regulamentos e directrices derivadas daqueles, no que afecte a materias atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.
8. Aprobar e remitir ao Parlamento os proxectos de convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas para a ratificación ou aprobación, no seu caso.

9. Acordar a interposición de recursos de inconstitucionalidade, así como o persoarse nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia e o plantexamento de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional.

10. Deliberar sobre a cuestión de confianza que o presidente da Xunta propoña formular ao Parlamento, así como sobre a disolución da Cámara, que o presidente pode decretar, ao abeiro do artigo 24 da presente lei.

11. Resolver os recursos en vía administrativa nos casos previstos polas leis.

12. Resolver mediante decreto os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas consellarías.

13. Nomear e destituír, por proposta de quen posúa a titularidade das consellarías respectivas, os altos cargos da Administración pública galega de rango igual ou superior a dirección xeral, así como aqueles outros que legalmente se estableza. Nos nomeamentos atenderase ao principio de equilibrio por sexos, de acordo coas porcentaxes e a estrutura que determine a propia Xunta.

14. Crear, modificar e suprimir as Comisións Delegadas da Xunta.

15. Determinar a estrutura orgánica superior da Vicepresidencia ou Vicepresidencias e das consellarías da Xunta de Galicia.

16. Designar os representantes da Comunidade Autónoma nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado a que se refire o artigo 55 do Estatuto de autonomía. Do mesmo xeito, supervisar, de acordo coa lei, a xestión dos servizos públicos e dos entes e empresas públicas dependentes da Comunidade Autónoma, e administrar o patrimonio da mesma con suxeición ao disposto na lei.

17. Coordinar a actividade das Deputacións Provinciais, en canto afecte directamente ao interese xeral da Comunidade Autónoma, e acordar as transferencias ou delegación de funcións nas mesmas. Do exercicio destas competencias darase conta ao Parlamento.

18. Tomar coñecemento das resolucións do Parlamento e adoptar, se é o caso, as medidas que proceden.

19. Garantir e promover a aplicación do principio de igualdade por razón de sexo en todas as políticas que lle corresponda desenvolver á Xunta de Galicia.

20. Calquera outra atribución que lle veña conferida por algunha disposición legal ou regulamentaria e, en xeral, deliberar sobre aqueles asuntos nos que a súa resolución deba revestir a forma de decreto ou que, pola súa importancia e repercusión na vida da Comunidade Autónoma, exixan o coñecemento ou deliberación da Xunta.

### CAPÍTULO III

#### **Do funcionamento da Xunta**

##### **Artigo 5**

A Xunta reúne en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

##### **Artigo 6**

As atribucións da Xunta serán exercidas polo Consello. O Consello designará de entre os seus membros un secretario que dará fe dos seus acordos e dos das Comisións Delegadas e librárala, cando proceda, certificación dos mesmos.

## **Artigo 7**

1. O Consello será convocado polo presidente da Xunta. Á convocatoria xuntaráselle a orde do día, que será conformada polo secretario de acordo coas instrucións do presidente.

2. O Consello entenderase validamente constituído cando asista o presidente, ou quen o substitúa, e, ao menos, a metade dos seus membros.

3. Os membros do Consello están obrigados a gardar segredo sobre as deliberacións daquel, as opinións e, se é o caso, os votos emitidos.

## **Artigo 8**

A Xunta poderá crear no seu seo Comisións Delegadas para coordinar a elaboración de directrices e disposicións, programar a política sectorial, examinar asuntos de interese interdepartamental e preparar as reunións do Consello.

O réxime xeral de funcionamento das Comisións haberá de axustarse aos criterios establecidos nesta lei para o Consello.

En todo caso, o decreto de creación dunha Comisión Delegada deberá conter a composición e a presidencia da mesma e mais as competencias asignadas.

## **Artigo 9**

O Consello establecerá as normas internas que se precisen para a boa orde dos traballos e para a adecuada preparación dos acordos que haxan de adoptarse, mediante un Regulamento de réxime interior que haberá de axustarse aos termos da presente lei.

## TÍTULO II

### **Do presidente da Xunta**

#### CAPÍTULO I

### **Do estatuto persoal, elección e cese**

#### *Sección 1ª. Do estatuto persoal*

#### **Artigo 10**

O presidente da Xunta ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia. Dirixe e coordina a acción da Xunta ou Goberno.

#### **Artigo 11**

O presidente da Xunta en razón do seu cargo ten dereito a:

1. A preeminencia que, con arreglo á alta representación da Comunidade Autónoma e á ordinaria do Estado en Galicia, lle corresponde.
2. Que lle sexan rendidos os honores que lle correspondan consoante co que se establece na legalidade vixente e o que acorde a Comunidade Autónoma.
3. Recibir o tratamento de Excelencia.
4. Utilizar a bandeira de Galicia como guión.
5. Ocupar a residencia oficial que se estableza, coa correspondente dotación de persoal e servizos.
6. Percibir a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.
7. Recibir con carácter vitalicio o tratamento de excelen-



tísimo señor e os honores protocolarios e as precedencias establecidas na lexislación vixente e na que, se é o caso, dite a Comunidade Autónoma.

As ex-presidentas e os ex-presidentes terán dereito a percibir, durante dous anos desde a data do seu cesamento, as compensacións económicas que se establezan por decreto da Xunta de Galicia.

Así mesmo, terán dereito por un período de catro anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante catro ou menos anos, ou por un período de dez anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante máis de catro anos, aos medios e servizos que se establezan por decreto da Xunta. Este dereito será incompatible coa condición de membro nato do Consello Consultivo de Galicia ou co exercicio dun cargo público que outorgue unha prestación de medios e servizos de análoga natureza.

Malia o anterior, a Xunta de Galicia poderalles prestar ás ex-presidentas e aos ex-presidentes os medios materiais de apoio precisos para o exercicio das funcións inherentes á súa condición por un período de tempo superior ao establecido no parágrafo anterior.

## **Artigo 12**

O presidente da Xunta non poderá exercer ningunha función pública que non se derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou calquera outra que puidese menoscabar a independencia e dignidade da súa función.

En canto ás funcións representativas propias do mandato parlamentario, haberá que aterse ao disposto no artigo 6 da Lei de Galicia 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

### **Artigo 13**

A responsabilidade política do presidente da Xunta ante o Parlamento será exixible nos termos establecidos no Estatuto de autonomía, no Regulamento da Cámara e na presente lei.

### **Artigo 14**

Durante o seu mandato e polos actos delitivos cometidos no territorio de Galicia non poderá ser detido nin retido senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra do devandito territorio, a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

#### *Sección 2ª. Da elección e cesamento*

### **Artigo 15**

O presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros.

### **Artigo 16**

Constituído o Parlamento e nos demais supostos en que así proceda, o seu presidente, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propondrá un candidato á Presidencia da Xunta, conforme ao previsto no artigo 136.1º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

### **Artigo 17**

O candidato presentará o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá en primeira votación obter maioría absoluta; de non obtela procederase a unha nova votación 24 horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple. Caso de non conseguir a

devandita maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Se transcorresen dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento, este quedará disolto e procederase á convocatoria de novas eleccións.

### **Artigo 18**

Se o Parlamento outorga a súa confianza ao candidato, o presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Artigo 19**

O presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos cinco días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.

### **Artigo 20**

O presidente prestará xuramento na súa toma de posesión coa seguinte fórmula:

«Xuro ou prometo ser fiel ao meu mandato como presidente da Xunta, observar e facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado e exercer as miñas funcións no interese supremo e exclusivo de Galicia e de España.»

### **Artigo 21**

O presidente da Xunta cesa trala celebración de eleccións autonómicas, nos casos de perda da confianza parlamentaria, ou por dimisión, falecemento ou incapacidade para o exercicio do cargo. Corresponde ao Parlamento a apreciación da incapacidade do presidente.

## **Artigo 22**

Nos supostos de falecemento e incapacidade do presidente, será substituído polos vicepresidentes se os houber, pola súa orde, e no seu defecto polo conselleiro que máis tempo leve pertencendo ininterrompidamente á Xunta e, no caso de igualdade, o de máis idade. A mesma orde de substitución observárase nos casos de ausencia ou enfermidade temporal do presidente da Xunta, agás designación expresa do mesmo.

A substitución terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

## **Artigo 23**

Nos demais casos previstos no artigo 20, o presidente continuará o exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo presidente da Xunta.

# **CAPÍTULO II**

## **Das atribucións**

## **Artigo 24**

Ao presidente da Xunta, como supremo representante da Comunidade Autónoma, compételle representar a esta nas relacións con outras institucións do Estado, subscribir os convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, convocar eleccións ao Parlamento de Galicia trala súa disolución, promulgar en nome de El-Rei as leis de Galicia, así como, se é o caso, os decretos legislativos, e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O presidente, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo da deliberación do Consello da Xunta, poderá disolver o Parlamento mediante decreto que fixará a data das eleccións.

Esta facultade en todo caso non se poderá exercer cando non pasase alomenos un ano desde a última disolución da Cámara.

### **Artigo 25**

Como representante ordinario do Estado en Galicia, corresponde ao presidente da Xunta manter relacións coa Delegación do Goberno, aos efectos dunha mellor coordinación das actividades do Estado en Galicia e as da Comunidade Autónoma, ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do nomeamento do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, e das leis e decretos legislativos de Galicia no *Boletín Oficial del Estado*.

### **Artigo 26**

Para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

1. Crear, modificar ou suprimir mediante decreto a vicepresidencia ou vicepresidencias, se as houber, e as consellarías, sempre que non supoña aumento de gasto público, así como nomear e dispor o cesamento dos vicepresidentes e dos conselleiros.
2. Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións do Consello e das Comisións Delegadas, así como dirixir as súas deliberacións.
3. Dirixir e coordinar a acción de Goberno e asegurar a súa continuidade.
4. Velar polo cumprimento das directrices sinaladas pola Xunta e promover e coordinar a execución dos acordos do Consello e das súas Comisións Delegadas.
5. Asegurar a coordinación entre as distintas consellarías.

6. Coordinar o programa legislativo da Xunta e a elaboración de normas de carácter xeral.
7. Encomendar a un vicepresidente ou a un conselleiro que se encargue do despacho dunha consellaría ou da propia Presidencia, en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento do titular.
8. Plantexar perante o Parlamento, previa deliberación do Consello, a cuestión de confianza.
9. Presentar ao Parlamento os proxectos de lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.
10. Facilitar ao Parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.
11. Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria.
12. Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.
13. Comunicar ao Parlamento a interposición de recursos de inconstitucionalidade e o plantexamento de conflitos de competencias perante o Tribunal Constitucional, así como o acordo da Xunta de persoarse nos recursos e nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia.
14. Exercer cantas facultades e atribucións lle correspondan en consonancia coas disposicións vixentes.

## **TÍTULO III**

### **Dos membros da Xunta**

#### **CAPÍTULO I**

#### **Do estatuto persoal, nomeamento e cese**

##### **Artigo 27**

1. O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e os conselleiros serán nomeados e cesados polo presidente da Xunta, a teor do disposto no artigo 26, e terán a alta consideración que corresponde á súa condición de membros do Goberno Autónomo e o tratamento de excelentísimo señor.

2. Os ex-vicepresidentes e mais os ex-conselleiros manterán o tratamento de excelentísimo señor e recibirán os honores protocolarios que estableza a lexislación vixente e a que dite a Comunidade Autónoma.

##### **Artigo 28**

O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e mais os conselleiros prestarán xuramento na súa toma de posesión coa mesma fórmula prevista nesta lei para o presidente da Xunta.

##### **Artigo 29**

O cese do presidente da Xunta comporta o de todos os membros da mesma. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

##### **Artigo 30**

Os membros da Xunta percibirán a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

### **Artigo 31**

O vicepresidente ou vicepresidentes, se os houber, e mais os conselleiros, non poderán exercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario ou, no seu caso, do Senado, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou outra que menoscabe a independencia e dignidade da súa función.

### **Artigo 32**

En canto á inmunidade, estarase ao disposto no artigo 13 para o presidente.

## **CAPÍTULO II**

### **Das atribucións**

### **Artigo 33**

O vicepresidente, ou no seu caso, o vicepresidente primeiro, amais de substituír ao presidente nos supostos previstos nesa lei, exercerá as funcións que aquel lles delegue dentro do ámbito que lle confiran as disposicións da presente lei.

Así mesmo, poderán designarse no seo da Xunta outros vicepresidentes encargados de áreas homoxéneas coas funcións que lles sexan asignadas.

### **Artigo 34**

Os conselleiros como xefes das súas consellarías están investidos das seguintes atribucións:

1. Ostentar a representación do departamento de que son titulares.
2. Propoñer ao Consello os nomeamentos e ceses dos cargos da súa consellaría que requiran a forma de decreto para a súa designación.



3. Exercer a iniciativa, dirección e inspección de todos os servizos da consellaría e a alta inspección e demais funcións que lles corresponden respecto dos organismos autónomos adscritos á mesma.
4. Proponer para a súa aprobación polo Consello a estrutura e organización da súa consellaría.
5. Proponer ao Consello os proxectos de lei ou de decreto relativos ás competencias atribuídas á súa consellaría.
6. Exercer a potestade regulamentaria nas materias da súa consellaría.
7. Resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións dos organismos e das entidades da consellaría, agás cando por lei ou regulamentariamente se lle atribúa esa facultade a outro órgano.
8. Formular o anteproxecto de presupostos da súa consellaría.
9. Dispoñer os gastos propios dos servizos da súa consellaría non reservados á competencia do Consello, dentro dos límites da autorización presupostaria e interesar dos servizos financeiros competentes a ordenación dos pagos correspondentes.
10. Firmar en nome da Xunta os contratos relativos a asuntos propios da súa consellaría.
11. Resolver os conflitos de atribucións entre autoridades dependentes da súa consellaría.
12. E cantas facultades lles atribúan as disposicións en vigor.

### **Artigo 35**

Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente o persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos

presupostarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter eventual, cesará automaticamente ao se producir o cese do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.

## TÍTULO IV

### **Organización e réxime xurídico**

#### **Artigo 36**

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados baixo a dirección da Xunta, ten personalidade xurídica única e posúe a capacidade de obrar necesaria para levar a cabo os seus fins.

2. A actuación da Administración axéitase aos principios de lealdade, obxectividade, servizo ao interese xeral, publicidade, eficacia, xerarquía, economía do gasto público, desconcentración e coordinación entre os seus órganos.

#### **Artigo 37**

1. Adoptarán a forma de decreto:

- a) As disposicións xerais aprobadas polo Consello da Xunta.
- b) As resolucións do Consello da Xunta nos supostos dos números 6, 7, 12, 13, 14, 15, 16 primeiro inciso e 18 do artigo 4 da presente lei e os demais casos que establezan as leis.
- c) As resolucións do presidente da Xunta, nos supostos contemplados no parágrafo segundo do artigo 24 e nos números 1 e 7 do artigo 26 desa lei.

2. Os decretos serán asinados polo presidente da Xunta e referendados, agás no suposto c) do apartado anterior, polo conselleiro competente en razón da materia.

### **Artigo 38**

As disposicións e resolucións dos conselleiros revestirán a forma de ordes, que serán asinadas polo titular do departamento. Cando interesen a máis de unha consellaría, serán asinadas conxuntamente polos conselleiros afectados.

### **Artigo 39**

As normas regulamentarias terán o rango do órgano que as aprobara e ordenaranse xerarquicamente da seguinte forma:

1. Decretos.
2. Ordes das Comisións Delegadas.
3. Ordes ditadas polos conselleiros.

### **Artigo 40**

Serán nulas de pleno dereito as normas regulamentarias que infrinxan outras de rango superior ou se opoñan ao establecido pola lei.

### **Artigo 41**

1. As disposicións regulamentarias non poderán establecer penas nin impoñer tributos ou exaccións de calquera natureza. Tampouco poderán impoñer sancións a non ser no marco do disposto na lei.
2. Serán nulas as disposicións e resolucións que infrinxan o disposto no apartado anterior.

### **Artigo 42**

As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral

ou dispensar singularmente do seu cumprimento, aínda cando aquelas teñan un rango formal igual ou superior a esta.

### **Artigo 43**

1. O Consello poderá delegar as funcións administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas.

2. Sen prexuízo das competencias delegadas no vicepresidente primeiro de acordo co disposto no artigo 32 desta lei, o presidente poderá delegar funcións puramente executivas nos demais membros da Xunta, dando conta ao Parlamento.

3. Os conselleiros poderán delegar competencias administrativas nos órganos inmediatamente inferiores das súas consellerías, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen.

### **Artigo 44**

1. A delegación de atribucións a que se refire o artigo anterior e a súa revogación haberán de publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Non poderán ser obxecto de delegación, a non ser que unha lei o autorice expresamente, as competencias que, á súa vez, foran delegadas, nin a competencia para resolver recursos administrativos interpostos contra actos ou resolucións do órgano delegatario.

3. Os actos ditados por delegación consideraranse como propios do órgano delegante, que en calquera momento poderá revogar a delegación outorgada.

## TÍTULO V

### **Das relacións da Xunta co Parlamento**

#### CAPÍTULO I

#### **Do control parlamentario**

##### *Sección 1ª. Da moción de censura*

#### **Artigo 45**

1. O Parlamento pode exixir a responsabilidade política da Xunta e do seu presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá estar firmada, alomenos, por unha quinta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

3. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

#### **Artigo 46**

Se prosperase a moción de censura, a Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza do Parlamento, procedéndose a continuación á súa designación como presidente da Xunta, segundo o disposto no artigo 17 desta lei.

## *Sección 2ª. Da cuestión de confianza*

### **Artigo 47**

O presidente da Xunta, previa deliberación do Consello, pode plantexar perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral. A cuestión de confianza non se poderá votar ata transcorridas 24 horas desde a súa presentación. A confianza entenderase outorgada cando vote a prol da mesma a maioría simple de deputados.

Se o Parlamento negase a súa confianza ao presidente da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo presidente conforme ao establecido nesa lei.

## *Sección 3ª. Do impulso e control da acción política do Goberno*

### **Artigo 48**

A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.

## *Sección 4ª. Doutras formas de control*

### **Artigo 49**

O Parlamento, as súas Comisións e os deputados a través da Presidencia do mesmo, poderán recabar a información e axuda que precisen da Xunta, dos seus conselleiros e de calquera outra autoridade da Comunidade Autónoma.

### **Artigo 50**

O Parlamento mais as súas Comisións poden reclamar a presenza dos conselleiros e dos outros altos cargos da Comunidade Autónoma.

### **Artigo 51**

Os conselleiros teñen acceso ás sesións do Parlamento e das súas Comisións e a facultade de se facer oír nelas. Ante as Comisións poderán facerse acompañar de altos cargos ou funcionarios das súas consellarías e solicitar que estes informen.

### **Artigo 52**

1. A Xunta e cada un dos seus membros están sometidos ás mocións, interpelacións e preguntas que se lles formulen no Parlamento.
2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que o Parlamento manifeste a súa posición.

## **CAPÍTULO II**

### **Delegación lexislativa**

### **Artigo 53**

1. O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de ditar normas con rango de lei que recibirán o título de decretos lexislativos.
2. A delegación lexislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

3. Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do presuposto, as leis institucionais ou de desenrolo básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación.

### **Artigo 54**

A delegación lexislativa haberá de outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitir a subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.

### **Artigo 55**

1. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio. En ningún caso poderán autorizar á Xunta para modificar a propia lei de bases nin para ditar normas con carácter retroactivo.

2. As leis ordinarias de autorización para refundir textos legais, determinarán o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, clarexar e harmonizar os textos legais que han de ser refundidos.

### **Artigo 56**

O control sobre os decretos lexislativos levarase a cabo nos termos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen prexuízo do cal as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.



## **Artigo 57**

1. Cando unha proposición de lei ou unha emenda sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, a Xunta está facultada para se opoñer á súa tramitación. Neste caso poderá presentar unha proposición de lei para a derogación parcial ou total da lei de delegación.
2. A delegación entenderase esgotada coa publicación pola Xunta da norma correspondente.

## **Disposición transitoria primeira**

O disposto no número 7 do artigo 11 da presente lei será aplicable para todos os efectos desde a celebración das primeiras eleccións autonómicas galegas.

Os tratamentos honoríficos establecidos nese precepto serán tamén extensibles aos ex-presidentes da Preautonomía.

## **Disposición transitoria segunda**

En tanto a Xunta non regule por decreto o establecido no parágrafo segundo do número 7 do artigo 11 da presente lei, a compensación económica establecida será equivalente ao 60 por cento da que lle corresponda ao presidente da Xunta. Tal compensación será compatible con aquelas outras retribucións que os ex-presidentes poidan percibir, por outros conceptos, con cargo aos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

En ningún caso a contía global pode chegar a ser superior á retribución total que en cada caso perciba o presidente da Xunta de Galicia.

## **Disposición transitoria terceira** *(derogada)*

### **Disposición transitoria cuarta**

Mentres o Parlamento de Galicia non adopte a resolución prevista no artigo 2, parágrafo cuarto, desta lei, a porcentaxe do sexo menos representado no Consello da Xunta de Galicia non pode ser inferior ao 40 por 100.

### **Disposición derradeira primeira**

Facúltase á Xunta para ditar os seus propios regulamentos internos conforme ao establecido nesta lei.

### **Disposición derradeira segunda**

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

# LEI 3/1983, DO 15 DE XUÑO, DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

## **LEI 3/1983, DO 15 DE XUÑO, DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

O proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos tivo para Galicia dúas consecuencias profundamente negativas: anular a posibilidade de constituír institucións propias e impedir o desenvolvemento da nosa cultura xenuína cando a imprenta ía promover o grande despegue das culturas modernas.

Sometido a esta despersonalización política e a esta marxina-  
ción cultural, o pobo galego padeceu unha progresiva depau-  
peración interna que xa no século XVIII foi denunciada polos  
ilustrados e que, desde mediados do XIX, foi constantemente  
combatida por todos os galegos conscientes da necesidade de  
evitar a desintegración da nosa personalidade.

A Constitución de 1978, ao recoñecer os nosos dereitos auto-  
nómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en  
marcha dun esforzo construtivo encamiñado á plena recupe-  
ración da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade  
creadora.

Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua,  
por ser o núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior  
e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira  
forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade.  
Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como  
patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá  
de nós como legado da identidade común. E na Galicia do  
presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na  
terra nativa e os galegos emigrados polo mundo.

A presente Lei, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de autonomía, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 22 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Normalización Lingüística.

## TÍTULO I

### **Dos dereitos lingüísticos en Galicia**

#### **Artigo 1**

O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e usalo<sup>136</sup>.

#### **Artigo 2**

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

#### **Artigo 3**

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón de lingua. Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

---

136. Redacción orixinal: «O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo». Pola sentenza do Tribunal Constitucional 84/1986, do 26 de xuño (BOE do 4 de xullo), foi declarado inconstitucional o inciso «o deber de coñecelo».

## TÍTULO II

### Do uso oficial do galego

#### **Artigo 4**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

2. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.

#### **Artigo 5**

As leis de Galicia, os Decretos legislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración Pública galega publicaranse en galego e castelán no *Diario Oficial de Galicia*.

#### **Artigo 6**

1. Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesa lei.

## **Artigo 7**

1. No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza.

2. As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou o interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa.

3. A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

## **Artigo 8**

Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. De non haber acordo entre as partes, empregaranse ambas as dúas linguas.

## **Artigo 9**

1. Nos Rexistros Públicos dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribírase na lingua que indique quen o presenta no Rexistro. Nos Rexistros Públicos non dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.

2. As certificacións literais expediranse na lingua na que se efectuase a inscrición reproducida. Cando non sexa transcripción literal do asentamento, empregarase a lingua oficial interesada polo solicitante.

3. No caso de documentos inscritos en dobre versión lingüística pódense obter certificacións en calquera das versións, a vontade do solicitante.

## **Artigo 10**

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.

3. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

## **Artigo 11**

1. A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas de carácter público en Galicia.

2. Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma e Local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

3. Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, así como



notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego.

### **TÍTULO III**

#### **Do uso do galego no ensino**

##### **Artigo 12**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.

2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente lei.

##### **Artigo 13**

1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.

O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

2. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.

3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

## **Artigo 14**

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios. Garantirase o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados.

2. O Goberno Galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obriga se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia.

3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

## **Artigo 15**

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.

2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.

3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos.

## **Artigo 16**

1. Nos cursos especiais de educación de adultos e nos cursos de ensino especializado nos que se ensine a disciplina de lingua, é preceptivo o ensino do galego.

Nos centros de ensino especializado dependentes da Xunta de Galicia establecerase o ensino da lingua galega nos casos en que o seu estudo non teña carácter obrigatorio.

2. Nos centros de educación especial para alumnos con deficiencias físicas ou mentais para a aprendizaxe, empregarase como lingua instrumental aquela que, tendo en conta as circunstancias familiares e sociais de cada alumno, mellor contribúa ao seu desenvolvemento.

## **Artigo 17**

1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de formación do profesorado será obrigatorio o estudo da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquirir a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente lei.

2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores dos niveis non incluídos no parágrafo anterior, a fin de garantir a progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.

# **TÍTULO IV**

## **Do uso do galego nos medios de comunicación**

## **Artigo 18**

O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

## **Artigo 19**

O Goberno Galego prestará apoio económico e material aos medios de comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

## **Artigo 20**

Serán obrigas da Xunta de Galicia:

1. Fomentar a produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.
2. Estimular as manifestacións culturais, representacións teatrais e os espectáculos feitos en lingua galega.
3. Contribuír ao fomento do libro en galego, con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.

## **TÍTULO V**

### **Do galego exterior**

## **Artigo 21**

1. O Goberno Galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución Española e o Estatuto de autonomía para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.

2. Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

## TÍTULO VI

### **Da Administración Autonómica e a función normalizadora**

#### **Artigo 22**

O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e aos particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente lei.

#### **Artigo 23**

O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

#### **Artigo 24**

1. A Escola Galega de Administración Pública encargarse da formación dos funcionarios a fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos pola presente lei.

2. O dominio das linguas galega e castelá será condición necesaria para obter o diploma da Escola Galega de Administración Pública.

#### **Artigo 25**

O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

## **Disposición adicional**

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega.

Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

## **Disposición final**

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

LEI 5/1984, DO 29 DE MAIO,  
DE SÍMBOLOS DE GALICIA

## **LEI 5/1984, DO 29 DE MAIO, DE SÍMBOLOS DE GALICIA**

O Estatuto de Galicia dispón no seu artigo sexto:

«1. A bandeira de Galicia é branca, cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.

2. Galicia ten himno e escudo de seu.»

Da lectura desta disposición, que non se remite a un desenvolvemento lexislativo, cabe doadamente pensar que os redactores da nosa Lei estatutaria tiñan ben presente que xa existían no ánimo e no pensar do pobo galego o himno e o escudo, e que, polo tanto, non cabían sobre a súa regulación máis dúbidas cás que veñen impostas pola necesidade de oficializar a letra e a música que Pondal e Veiga puxeron na memoria e na boca dos galegos e pola conveniencia de describir coa exactitude que a heráldica demanda o símbolo que foi nacendo en pedras e en bandeiras co paso das idades.

Polo que se refire á bandeira, que vén descrita no Estatuto como seña de identidade e co rango que precisaba, a Lei límitase a fixar as súas proporcións, a regular a bandeira oficial, isto é, a que vai cargada co Escudo, e a facer as previsións precisas no que toca ao seu uso e ás súas precedencias.

Parte a Lei de considerar que os tres símbolos de Galicia foron asumidos como seus polo pobo galego e non fai, polo tanto, máis precisións cás estritamente imprescindibles para un uso correcto da bandeira, para fixar definitivamente a composición do escudo e para lles dar carácter oficial á letra e á música do himno.



Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de símbolos de Galicia.

## **Artigo 1**

A bandeira, o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.

## **Artigo 2**

1. A bandeira de Galicia, de acordo co preceptuado no artigo 6 do Estatuto, é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.

2. A bandeira de Galicia deberá levar cargado o escudo oficial cando ondee nos edificios públicos e nos actos oficiais da Comunidade Autónoma.

## **Artigo 3**

O Escudo de Galicia trae, en campo de azur, un cáliz de ouro sumado dunha hostia de prata, e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres a cada lado e unha no centro do xefe.

O timbre coroa real, cerrada, que é un círculo de ouro, engastado de pedras preciosas, composto de oito floróns de follas de acanto, visibles cinco, interpoladas de pérolas e das súas follas saen cadansúas diademas sumadas de pérolas, que converxen nun mundo de azur, co semimeridiano e o ecuador de ouro, sumado de cruz de ouro. A coroa, forrada de gules, ou vermello.

## **Artigo 4**

Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga.

## **Artigo 5**

A bandeira de Galicia utilizarase, xuntamente coa de España, en todos os edificios públicos do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, e nos actos oficiais que nela se celebren.

O disposto anteriormente entenderase respectando sempre a lexislación específica e as precedencias que sexan de rigor.

## **Artigo 6**

1. A bandeira de Galicia cando concorra soamente coa bandeira de España situarase á súa esquerda desde a presidencia se a houbese, e á dereita desde o observador. Cando concorra ademais con bandeiras de Concellos, Deputacións ou calquera outra corporación pública que utilice bandeira propia, a de Galicia situarase á dereita da de España se o número é impar e á súa esquerda se fose par.

2. Se concorre con outras bandeiras, estas non poderán ter maior tamaño cá de Galicia.

## **Artigo 7**

O escudo de Galicia deberá figurar:

- 1) Nas bandeiras ás que se refire o artigo 5.
- 2) Nas leis de Galicia que promulgue, en nome de El-Rei, o presidente da Xunta.
- 3) Nas placas nas fachadas dos locais da Administración autonómica.
- 4) Nos cuños en seco e de lacre da Comunidade Autónoma.

- 5) Nos títulos acreditativos de condecoracións galegas.
- 6) Nas publicacións oficiais.
- 7) Nos documentos, impresos, cuños e membretes de uso oficial da Comunidade.
- 8) Nos diplomas e títulos expedidos pola Comunidade Autónoma.
- 9) Nos distintivos usados polas autoridades ou funcionarios da Comunidade aos que lles corresponda.
- 10) Nos edificios públicos e nos obxectos de uso oficial nos que, polo seu carácter representativo, sexa pertinente.

### **Artigo 8**

O himno de Galicia deberá ser interpretado nos actos oficiais solemnes das institucións autonómicas de Galicia, e das entidades locais do seu territorio.

### **Artigo 9**

Os símbolos de Galicia gozan da mesma protección xurídica que as leis estatais confiren aos símbolos do Estado con aplicación dos mesmos casos e supostos que estas contemplan.

### **Disposición transitoria primeira**

Os símbolos de Galicia axustaranse no prazo dun ano ao previsto nesta Lei.

### **Disposición transitoria segunda**


Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira manteranse os escudos existentes en edificios declarados monumentos histórico-artísticos e naqueloutros monumentos, edifi-

cios ou construcións da que sexan parte ornamental importante ou se a súa estrutura se puidese danar ao separar os escudos.

### **Disposición adicional primeira**


A bandeira de Galicia terá unha lonxitude igual a tres medios do seu ancho e o ancho da banda será igual á cuarta parte do ancho da bandeira.

A representación é a seguinte:




### **Disposición adicional segunda**

1) A representación lineal do escudo de Galicia é a seguinte:



2) Nas bandeiras, o escudo colocárase no centro e a súa altura será igual á metade do ancho da bandeira.

A representación lineal da bandeira cargada co escudo é a seguinte:



### Disposición adicional terceira

1) A letra do himno de Galicia, da que foi autor o bardo Eduar-do Pondal, é a seguinte:

#### HIMNO GALEGO

¿Que din os rumorosos  
na costa verdecente,  
ao raio transparente  
do prácido luar?  
¿Que din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros,  
confin dos verdes castros  
e valeroso chan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden  
e con arroubo atenden  
o noso ronco son,  
mais só os iñorantes  
e fériados e duros,  
imbéciles e escuros  
non os entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán;  
pois, donde quer, xigante  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.

2) A partitura oficial do himno de Galicia, composta por Pascual Veiga, é a seguinte:

[illegible]

[illegible]

## Disposición adicional cuarta

No Regulamento de Honras da Comunidade Autónoma deberán especificarse os usos e preeminencias que correspondan a insignias, distintivos, tratamentos e enseñas tradicionais, como a Antiga Marcha do Reino de Galicia, sen que o seu uso, o seu ritual ou o seu exercicio poidan menoscabar a preeminencia que lles corresponde aos símbolos descritos na presente Lei.

## Disposición derradeira única

Autorízase ao Goberno Galego para ditar as disposicións regulamentarias precisas para o cumprimento da presente Lei, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.





# LEI 6/1984, DO 5 DE XUÑO, DO VALEDOR DO POBO

## **Texto consolidado**

Modificacións:

Lei 3/1994, do 18 de xullo, para a modificación da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo

Lei 1/2002, do 26 de marzo, pola que se modifica a Lei de Galicia 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

## **LEI 6/1984, DO 5 DE XUÑO, DO VALEDOR DO POBO**

Regulada a Institución do Defensor del Pueblo pola Lei Orgánica 3/1981, do 6 de abril, en desenvolvemento do disposto no artigo 54 da Constitución, e recollido no artigo 14 do Estatuto galego o dereito da Comunidade Autónoma á creación e organización mediante Lei do Parlamento de Galicia dun órgano similar, resulta conveniente a súa creación e regulación para completar en materia tan relevante a institucionalización autonómica de Galicia e abrir novas vías que completen a garantía dos dereitos que consagra o título I da Constitución no funcionamento transparente e eficaz da Administración Pública de Galicia.

A relación entre a Administración Autónoma e os cidadáns, pola súa especial intermediación, ao carón das súas indiscutibles avantaxes, entraña o risco de que poidan orixinarse comportamentos impropios, alonxados da estrita e igual aplicación das normas, o cal subliña aínda máis a importancia da figura na Comunidade Autónoma de Galicia.

O texto da presente lei, aínda seguindo as grandes liñas da Lei Orgánica do Defensor del Pueblo, procura, sen desnaturalizar o seu carácter, ensanchar as súas funcións, facendo uso da habilitación contida no artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia, e profundizar no sentido dunha maior eficacia no exercicio das funcións do Valedor do Pobo.

A Lei contén tamén normas harmonizadoras da actividade do Valedor do Pobo e a homóloga institución estatal, sobre o principio de cooperación establecido no artigo 12 da Lei 3/1981, do 6 de abril.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Valedor do Pobo.

## **TÍTULO I**

### **Status da institución**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Carácter, elección, nomeamento e cesamento**

##### **Artigo 1**

1. O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que esta lei lle atribúe.

2. A actividade do Valedor do Pobo estenderase á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar.

3. Para estes fins, e en exercicio das funcións que lle encomendan o Estatuto de autonomía e a presente lei, o Valedor do Pobo poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade.

##### **Artigo 2**

1. O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de cinco anos.

2. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. A estes efectos será suficiente a maioría simple para a adopción de acordos da Comisión.

3. Proposto o candidato ou candidatos, convocarase, nun prazo non inferior a 15 días, o Pleno do Parlamento para que proceda á elección. Será designado quen obtivese unha votación favorable das tres quintas partes dos membros do Parlamento.

4. No suposto de que ningún candidato acadase a maioría establecida no apartado anterior, procederase pola Comisión de Peticións, no prazo máximo dun mes, á formulación de sucesivas propostas seguidas das correspondentes votacións ata a obtención da maioría sinalada.

### **Artigo 3**

1. Poderá ser elixido Valedor do Pobo calquera cidadán que goce da condición política de galego, se encontre no pleno desfrute dos seus dereitos civís e políticos e coñeza os idiomas oficiais de Galicia.

2. O nomeamento do Valedor do Pobo será acreditado polo presidente do Parlamento e publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O Valedor do Pobo tomará posesión do seu cargo ante a Mesa do Parlamento, dentro dos quince días seguintes á publicación do seu nomeamento. Prestará xuramento ou promesa de fiel cumprimento das súas funcións.

### **Artigo 4**

1. A Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia será a encargada das relacións co Valedor do Pobo e informará ao Pleno en cantas ocasións sexa necesario.

2. O Valedor do Pobo dirixirase, de ordinario, ao Parlamento a través do presidente do mesmo.

### **Artigo 5**

1. O Valedor do Pobo de Galicia cesará por algunhas das seguintes causas:

1<sup>a</sup>) Por renuncia.

2<sup>a</sup>) Por expiración do prazo do seu nomeamento.

3<sup>a</sup>) Por morte ou incapacidade sobrevida.

4<sup>a</sup>) Por notorio incumprimento das obrigas e deberes do seu cargo.

5<sup>a</sup>) Por ser condenado, mediante sentenza firme, por delito doloso.

6<sup>a</sup>) Pola perda da condición política de galego ou galega.

2. O presidente do Parlamento declarará a vacante no cargo nos supostos de morte, renuncia, expiración do prazo do mandato ou perda da condición política de galego. Nos outros casos, decidirá o Pleno do Parlamento pola maioría establecida das tres quintas partes dos membros do Parlamento, mediante debate e logo de audiencia do interesado.

3. Vacante o cargo, iniciarase, no prazo non superior a un mes, o procedemento para a elección dun novo Valedor do Pobo.

Se a causa do cesamento fose a expiración do seu nomeamento, o Valedor do Pobo seguirá no desempeño do seu cargo con prórroga de funcións ata que se produza a nova elección.

4. Nos demais supostos, a Comisión de Peticións poderá acordar por maioría simple, en tanto non se cubra a vacante, o desempeño das funcións do Valedor do Pobo polo seu adxunto, interinamente.

## CAPÍTULO II

### **Prerrogativas e incompatibilidades**

#### **Artigo 6**

1. O Valedor do Pobo de Galicia non estará suxeito a mandato imperativo ningún. Non recibirá instrucións de ningunha autoridade. Desempeñará as súas funcións con autonomía e segundo o seu criterio.

2. O Valedor do Pobo gozará das prerrogativas e garantías necesarias para o cumprimento da súa función, de acordo coa lexislación vixente.

#### **Artigo 7**

1. A condición de Valedor do Pobo é incompatible con todo mandato representativo, cargo político ou actividade de propaganda política; coa permanencia en servizo activo de calquera Administración Pública; coa condición de membro de Partido Político ou co desempeño de funcións directivas nun Partido, Sindicato, Asociación ou Fundación, ou co emprego ao servizo dos mesmos; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal ou de calquera actividade profesional, xudicial, mercantil ou laboral.

2. O Valedor do Pobo deberá cesar na situación de incompatibilidade na que se atope antes de tomar posesión do cargo. No caso contrario entenderase que non acepta o nomeamento.

3. No suposto de incompatibilidade sobrevida entenderase que renuncia ao cargo na data na que se producise aquela.

## TÍTULO II

### **Medios persoais e materiais**

#### CAPÍTULO I

### **Vicevaledores e persoal**

#### **Artigo 8**

O Valedor do Pobo estará auxiliado por un adxunto, en quen poderá delegar as súas funcións e que o substituirá no exercicio destas.

#### **Artigo 9**

1. A Comisión de Peticións propoñeralle ao Valedor do Pobo o nomeamento do adxunto. O nomeamento e o cesamento deste correspóndenlle ao Valedor do Pobo.

2. O nomeamento e o cesamento do adxunto serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O adxunto deberá reunir as condicións establecidas no artigo 3.1, gozará durante o exercicio das súas funcións de todas as prerrogativas e garantías recoñecidas no artigo 6 e estará sometido ao réxime de incompatibilidades preceptuado no artigo 7 desta lei.

#### **Artigo 10**

1. O persoal ao servizo do Valedor do Pobo considerarase persoal ao servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións. Dependerá orgánica, funcional e disciplinarmente do Valedor do Pobo e rexerase polas normas de réxi-

me interior previstas na disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do Valedor ou da Valedora do Pobo. Dentro do devandito cadro o Valedor ou a Valedora do Pobo poderá designar ata cinco persoas asesoras, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios.

O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.

3. Os funcionarios provenientes das administracións públicas galegas, parlamentaria, local e da Comunidade Autónoma, adscritos á oficina do Valedor do Pobo, terán dereito a ser declarados na situación administrativa de servizos especiais na súa Administración de orixe, agás os que se incorporen por concurso público, que pasaran á situación prevista no artigo 54 da Lei da función pública de Galicia.

## **Artigo 11**

O adxunto e os asesores adscritos á oficina do Valedor do Pobo cesarán automaticamente no momento da toma de posesión dun novo Valedor do Pobo nomeado polo Parlamento.

## **CAPÍTULO II**

### **Dotación económica**

## **Artigo 12**

1. A dotación económica necesaria para o funcionamento da institución constituirá unha partida do presuposto do Parla-



mento de Galicia e a súa elaboración correspóndelle ao Valedor do Pobo. Remitiráselle á Mesa do Parlamento para a súa aprobación e integración no presuposto do Parlamento.

2. A autorización dos gastos e a ordenación dos pagamentos corresponderanlle ao Valedor do Pobo, quen poderá delegalas no adxunto, e os réximes de contabilidade, intervención, contratación e adquisición de bens e dereitos serán os que rexan no Parlamento de Galicia.

### **TÍTULO III**

#### **Do procedemento**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Atribucións e facultades**

#### **Artigo 13**

1. O Valedor do Pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre:

- a) Os actos e as resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma e dos seus axentes.
- b) Os actos e as resolucións da Administración local, incluídos os seus organismos autónomos, así como as empresas e entes públicos ou participados que dela dependan, no ámbito das competencias que lle correspondan á Comunidade Autónoma, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa lexislación vixente.
- c) Os servizos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesión administrativa e, en xeral, calquera organismo ou entidade pública ou privada que realice funcións de servizo público e se atope suxeita a calquera tipo de tutela

naquilo que afecte ás materias integradas nas competencias da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na lexislación vixente.

d) Se é o caso, as materias que sexan obxecto de transferencia ou delegación, ao abeiro do que dispoñen os apartados primeiro e segundo do artigo 150 da Constitución, tanto no caso de que a Comunidade Autónoma as administre como asunto propio coma no suposto de administración comisionada.

2. As facultades do Valedor do Pobo estenderanse á actividade que realicen os Conselleiros e calquera autoridade administrativa, funcionario e axente que actúe ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e aos seus entes ou empresas dependentes.

## **Artigo 14**

1. Toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse ao Valedor do Pobo sen restrición nin limitación ningunha.

2. Os deputados individualmente, e as Comisións do Parlamento de Galicia relacionadas coa defensa dos dereitos e liberdades públicas, poderán solicitar a intervención do Valedor do Pobo en todas as cuestións atribuídas á súa competencia.

3. A Comisión de Peticións poderá ademais transmitirle as que reciba nos termos do artigo 48 do Regulamento do Parlamento Galego.

4. Ningunha autoridade administrativa, no ámbito da súa competencia, poderá presentar queixas perante o Valedor do Pobo.

## **Artigo 15**

1. A actividade do Valedor do Pobo de Galicia non se verá interrompida nos casos en que o Parlamento non se encontre reunido, fose disolto ou expire o seu mandato. Nos citados casos o Valedor do Pobo de Galicia dirixirase á Deputación Permanente da Cámara.

2. A declaración dos estados de excepción ou sitio non interromperá a actividade do Valedor do Pobo, nin o dereito dos cidadáns de acceder ao mesmo, sen prexuízo do disposto nos artigos 55 e 116 da Constitución.

## **Artigo 16**

1. O Valedor do Pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución e o seu sometemento pleno á lei e ao dereito. Con este mesmo fin poderá asemade supervisar a actividade da Administración local no ámbito das competencias que o Estatuto de autonomía e a lexislación vixente lle confiren á Comunidade Autónoma.

2. As facultades atribuídas ao Valedor do Pobo estenderanse igualmente de maneira especial á defensa dos dereitos e principios reitores que dimanan do título preliminar do Estatuto de autonomía de Galicia.

3. Respecto das demais administracións públicas exercerá as funcións que lle correspondan dentro dos principios de coordinación, cooperación e colaboración establecidos no artigo 12 da Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, e na Lei 36/1985, do 6 de novembro.

4. O Valedor do Pobo, para acelerar as comunicacións coas persoas interesadas e as administracións, utilizará sempre que sexa posible as comunicacións por vía telemática.

## **CAPÍTULO II**

### **Tramitación das queixas**

#### **Artigo 17**

As queixas que o Valedor do Pobo reciba referidas ao funcionamento da Administración de Xustiza de Galicia deberá dirixilas ao Ministerio Fiscal e ao Consello do Poder Xudicial, sen prexuízo de incluílas no informe ao Parlamento.

#### **Artigo 18**

1. Toda queixa dirixida ao Valedor do Pobo poderá ser formulada oralmente ou por escrito, onde conste a identificación e o enderezo postal ou telemático do peticionario e se relate o feito que a motiva. As queixas orais só se poderán presentar na oficina da institución e deberán ser transcritas e asinadas pola persoa interesada. As queixas, que deberán ir subscritas, tramitaranse de xeito confidencial de o interesado o solicitar.

2. Acusarase recibo de toda queixa que sexa rexistrada.

3. As queixas ao Valedor do Pobo deberanse presentar no prazo dun ano cumprido a partir do coñecemento dos feitos.

4. A actuación do Valedor do Pobo e a dos seus colaboradores será gratuíta para o interesado.

5. Non será preceptiva a intervención ou asistencia de letrado nin procurador.

### **Artigo 19**

O Valedor do Pobo tramitará ou rexeitará as queixas recibidas. Só poderá rexeitar as queixas recibidas polos motivos establecidos nesta lei, e farao sempre mediante escrito motivado, no que se poderá informar a persoa interesada do máis oportuno en dereito á súa actuación.

### **Artigo 20**

O Valedor do Pobo de Galicia non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os Tribunais Ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais plantexados nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, no tempo e na forma, as peticións e recursos que lle fosen formulados.

### **Artigo 21**

O Valedor do Pobo de Galicia rexeitará as queixas anónimas e poderá rexeitar aquelas nas que se advirta mala fe, carencia de fundamento, inexistencia de pretensión, así como aquelas outras das que a tramitación irroque prexuízo ao lexítimo dereito de terceira persoa. As súas resolucións non serán susceptibles de recurso.

### **Artigo 22**

1. Admitida a trámite unha queixa, o Valedor do Pobo promoverá a oportuna investigación sumaria e informal. En todo caso, informará o organismo ou a dependencia administrativa do contido substancial da solicitude, reunindo cantos datos coide pertinentes, que terán que serlle remitidos no prazo de

quince días, a non ser que a complexidade do asunto aconselle, ao seu criterio, prorrogar o prazo por un mes.

2. A negativa ou negligencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndose pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se é o caso, ao Parlamento. Tamén poñerá os ditos feitos en coñecemento do seu superior xerárquico, informando sobre o seu comportamento por se fose susceptible de corrección disciplinaria.

### CAPÍTULO III

#### **Tramitación da investigación**

#### **Artigo 23**

No exercicio das súas funcións, o Valedor do Pobo, o seu adxunto ou a persoa en que delegue poderán comparecer en calquera centro ou dependencia da Administración pública da Comunidade Autónoma galega, dos seus entes e empresas públicas dependentes desta ou afectos a un servizo público, para a comprobación de datos, realización de entrevistas persoais, estudo de expedientes e documentos relacionados co motivo da súa actuación sen que se lle poida negar o exame da documentación interesada, excepto nos casos taxativamente establecidos pola lei.

#### **Artigo 24**

1. Cando a queixa que se vaia investigar afectase á conduta das persoas ao servizo da Administración Pública Galega, en relación coa función que desempeñan, o Valedor do Pobo de

Galicia dará conta da mesma ao afectado e ao seu inmediato superior ou Organismo de que aquel dependese.

2. O afectado responderá por escrito e coa aportación de cantos documentos e testemuños coide oportunos, no prazo que lle fose fixado, que en ningún caso será inferior a dez días, podendo ser prorrogado a instancia de parte pola metade do concedido.

O Valedor do Pobo de Galicia poderá comprobar a súa veracidade e propoñer ao funcionario afectado unha entrevista ampliatoria de datos. Os funcionarios que se negasen a isto poderán ser requiridos por aquel para que manifestaren por escrito as razóns que xustifiquen tal decisión.

3. O superior xerárquico ou organismo que prohíba ao funcionario ás súas ordes ou servizo responder á requisitoria do Valedor do Pobo de Galicia ou entrevistarse con el, deberá manifestalo por escrito debidamente motivado, dirixido ao funcionario e ao propio Valedor do Pobo de Galicia. Este dirixirá en adiante cantas actuacións investigadoras sexan necesarias ao referido superior xerárquico.

4. A información que no curso dunha investigación poida aportar un funcionario a través do seu testemuño persoal terá o carácter de reservada sen prexuízo do disposto na Lei de axuízamento criminal sobre a denuncia de feitos que puidesen revestir carácter delitivo.

## **Artigo 25**

Cando o Valedor do Pobo, por razón do exercicio das funcións propias do seu cargo, teña coñecemento dunha conduta ou fei-

to presumiblemente delitivo comunicarllo ao Ministerio Fiscal de quen poderá solicitar información sobre o estado de tramitación no que se encontren as actuacións iniciadas á súa instancia.

## **CAPÍTULO IV**

### **Deber de colaboración**

#### **Artigo 26**

1. Os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións.

2. Nos supostos en que a obtención de datos ou a prestación de auxilio resultase preciso obtelas fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, o Valedor do Pobo poderá solicitálos do Defensor do Pobo ou doutras institucións similares de acordo cos principios de coordinación e cooperación establecidos na Lei orgánica 3/81, do 6 de abril.

#### **Artigo 27**

Se as autoridades, os funcionarios ou os axentes dificultaren ou entorpeceren a actuación do Valedor do Pobo, do seu adxunto ou delegados, aquel dará conta ao superior xerárquico e, se for o caso, ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións que poidan proceder; e recollerá tales actitudes nos seus informes ao Parlamento de Galicia.

## **CAPÍTULO V**

### **Gastos causados a particulares**

#### **Artigo 28**

Os gastos efectuados ou os prexuízos materiais, causados aos particulares que non promovesen a queixa, ao seren chamados



a informar polo Valedor do Pobo, serán compensados con cargo ao seu presuposto unha vez xustificadas debidamente.

## **CAPÍTULO VI**

### **Das resolucións**

#### **Artigo 29**

1. O Valedor do Pobo poderá suxerirlle á Administración pública a modificación dos criterios utilizados na produción dos seus actos e resolucións.

2. Esta actuación de mediación, así como a tramitación dunha reclamación, non interromperán os prazos establecidos para os diferentes procedementos administrativos.

#### **Artigo 30**

Se o Valedor do Pobo de Galicia, como consecuencia das súas investigacións, chegase ao convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma pode provocar situacións inxustas ou prejudiciais para os administrados, poderá suxerir ao Parlamento de Galicia ou á Administración a modificación da mesma.

#### **Artigo 31**

O Valedor do Pobo poderá instar das autoridades administrativas competentes o exercicio das súas facultades de inspección e sanción se as actuacións se realizaron con ocasión de servizos prestados por particulares en virtude de acto administrativo habilitante.

#### **Artigo 32**

1. O Valedor do Pobo, con motivo das súas investigacións, poderá formular ás autoridades e funcionarios das Administracións Públicas advertencias, recomendacións, recordatorios

dos seus deberes legais e suxerencias para a adopción de novas medidas.

2. Estes funcionarios e autoridades deberán responder sempre por escrito e no prazo dun mes.

### **Artigo 33**

1. Se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración pública galega.

2. Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial, con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos nos que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

## **CAPÍTULO VII**

### **Modificacións e notificacións**

### **Artigo 34**

O Valedor do Pobo informará ao interesado ou, se é o caso, ao deputado ou ás comisións a que se refire o artigo 14 desta lei do resultado das súas investigacións, así como da resposta que lle dese a Administración ou os funcionarios implicados, agás que pola súa natureza aqueles fosen consideradas, de acordo coa lei, de carácter reservado ou declaradas secretas. Así mesmo, cando acorde non intervir, informará razoando a súa decisión.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a admisión a trámite dunha queixa, o Valedor do Pobo deberá informar a quen a formulase do seu estado.

### **Artigo 35**

Cando as actuacións practicadas mostren que a queixa se orixinou presumiblemente por abuso, arbitrariedade, discriminación ou erro, negligencia ou omisión dun funcionario, o Valedor do Pobo dirixirase ao interesado, facéndolle constar o seu criterio ao respecto, e ao seu superior xerárquico, formulando as suxerencias que estime oportunas.

## **TÍTULO IV**

### **Dos informes ao Parlamento**

#### **Artigo 36**

1. O Valedor do Pobo dará conta anualmente ao Parlamento da xestión realizada nun informe que presentará ante o mesmo no período ordinario de sesións.

2. Cando a gravidade ou urxencia dos feitos o aconsellen, poderá presentar un informe extraordinario dirixido á Deputación Permanente do Parlamento se este non estivese reunido ou se encontrase disolto.

3. Os informes anuais e, no seu caso, os extraordinarios serán publicados.

#### **Artigo 37**

1. O Valedor do Pobo de Galicia no seu informe anual dará conta do número de tipos de queixas presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o resultado da mesma, con espe-

cificación das suxerencias ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.

2. No informe non constarán datos persoais que permitan a pública identificación dos interesados no procedemento investigador, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da presente lei.

3. Nos casos especialmente graves, o Valedor do Pobo poderá destacar no seu informe anual a persistencia nunha actitude hostil ou entorpecedora ao seu labor de calquera organismo, funcionario ou persoa ao servizo da Administración pública, no seu ámbito de competencias.

4. O informe conterá igualmente un anexo, destinado ao Parlamento de Galicia, no que se fará constar a liquidación do presuposto da Institución no período que corresponda.

5. Un resumo do informe será exposto oralmente polo Valedor do Pobo ante o Pleno do Parlamento.

## TÍTULO V

### **Das relacións co Defensor do Pobo e cos comisionados de parlamentos ou de asembleas legislativas autonómicas**

#### **Artigo 38**

1. Correspóndelle ao Valedor do Pobo o exercicio das facultades de investigación en relación coas institucións e cos organismos referidos no artigo 13, sen prexuízo das que lle poidan corresponder ao Defensor do Pobo en virtude do artigo 12 da Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, e do artigo 2 da Lei 36/1985, do 6 de novembro.

2. O Valedor do Pobo poderá concertar co Defensor do Pobo acordos de coordinación e colaboración entrambas as dúas institucións, segundo o previsto nas mencionadas leis.

Para a validez e vixencia de tales acordos, será preceptiva a súa ratificación pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia. Estes acordos publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Cando o Valedor reciba queixas ou denuncias referentes a ámbitos das administracións públicas que non son competencia da Comunidade Autónoma galega, daralle conta delas ao Defensor do Pobo. Notificaralle igualmente de oficio aquelas infraccións ou irregularidades que el observase.

### **Artigo 39**

O Valedor do Pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá dirixirse motivadamente ao Defensor do Pobo solicitándolle que este, en defensa de lexítimos intereses dos cidadáns e sempre que o considere oportuno:

- a) Interpoña ou exercite o recurso de inconstitucionalidade ou o de amparo.
- b) Dirixa recomendacións aos órganos xerais do Estado cando as deficiencias no funcionamento dos órganos ou das entidades a que se refire o artigo 13 desta lei deriven de normas de competencia estatal ou sexan orixinadas polo deficiente funcionamento da Administración central do Estado.

### **Artigo 40**

O Valedor do Pobo poderá dirixirse aos comisionados parlamentarios doutras comunidades autónomas cando necesite a súa colabo-

ración para o exercicio das súas funcións. Así mesmo, para coordinar actuacións conxuntas que excedan do ámbito territorial.

### **Disposición adicional**

Autorízase ao Valedor do Pobo para ditar as normas regulamentarias precisas para o desenvolvemento da presente lei, de acordo coa Mesa do Parlamento e a Comisión de Peticións.

Estas normas regulamentarias publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

### **Disposición adicional bis**

O Valedor do Pobo garantirá a posibilidade de presentar e tramitar por medios telemáticos as queixas, as solicitudes, as consultas e as comunicacións.

### **Disposición adicional ter**

As referencias que se conteñen nesta lei á figura do Valedor do Pobo e do seu adxunto deberán entenderse referidas ao Valedor ou á Valedora do Pobo e ao adxunto ou á adxunta.

### **Disposición transitoria**

A Comisión de Peticións propondrá ao Pleno da Cámara, no prazo máximo de seis meses computados desde o día da entrada en vigor da presente lei, o candidato ou candidatos a Valedor do Pobo de Galicia mediante acordo adoptado por maioría simple.

### **Disposición final**

O Valedor do Pobo, transcorrido un ano do exercicio das súas funcións, poderá propoñer ao Parlamento no informe anual, ou noutro extraordinario, as modificacións no texto da presente lei que xulgue oportunas á luz da aplicación práctica da mesma.

# LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS

## **Texto consolidado**

### Modificacións:

Lei 4/1986, do 26 de decembro, de modificación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas

Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción

## **LEI 6/1985, DO 24 DE XUÑO, DO CONSELLO DE CONTAS**

O Estatuto de autonomía de Galicia asume o poder presupostario da Comunidade Autónoma nos artigos 10.B e 53. Así mesmo, o artigo 17.a) da Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas recoñécelles a estas competencias normativas, de acordo cos seus respectivos Estatutos, na «elaboración, exame, aprobación e control dos seus presupostos...».

Os artigos 136 e 153.d) da Constitución consideran ao Tribunal de Contas como supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado e do sector público, atribuíndolle o control económico e presupostario das Comunidades Autónomas.

A Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas no seu artigo 22 reitera o disposto no artigo 153.d) da Constitución e complétao ao sentar que o control económico e presupostario da actividade financeira das Comunidades Autónomas pode concorrer tanto no Tribunal de Contas coma noutros sistemas e institucións de control de carácter comunitario.

Tendo en conta o anterior, é posible non só que cada Comunidade Autónoma cree os seus propios órganos de control interno, isto é, os seus propios órganos interventores, senón tamén órganos de control externo.

Por outra parte, é unha realidade que o control político da actividade, en xeral, de cada Administración Autonómica e o da execución do seus propios presupostos, en especial, corresponden a cada Asemblea lexislativa territorial.



O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 53.2 prevé a creación dos seus propios órganos de control económico e presupostario externo, ao sinalar: «Sen prexuízo do disposto no artigo 136 e no apartado d) do artigo 153 da Constitución, créase o Consello de Contas de Galicia. Unha Lei de Galicia regulará a súa organización e funcionamento e establecerá as garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma, que deberá someterse á aprobación do Parlamento».

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do devandito Estatuto e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Consello de Contas.

## **TÍTULO I**

### **Competencias**

#### **Artigo 1. Competencias**

1. O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira.

2. Depende directamente do Parlamento de Galicia e exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico.

3. Para garantir unha correcta xestión das finanzas públicas, o Consello de Contas asume a competencia de prevención da

corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma.

## **Artigo 2. Ámbito de actuación**

1. Para os efectos desta lei, compoñen o sector público da Comunidade Autónoma:

- a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- b) As entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas.
- c) As universidades públicas do Sistema universitario de Galicia e as entidades nas que no seu capital ou fondo patrimonial equivalente teñan participación maioritaria as devanditas universidades.
- d) As corporacións ás que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia.
- e) Os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, nos que a participación das entidades sinaladas nas letras anteriores considerada conxuntamente sexa maioritaria ou comporte o seu control público.

2. Quedan sometidos á actuación do Consello de Contas, na medida necesaria para o axeitado exercicio das funcións deste órgano:

- a) As persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, créditos, avais ou calquera outro tipo de axuda pública outorgada polas entidades previstas no punto 1 deste artigo.

b) As formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

3. O Consello de Contas realizará un seguimento e dará conta do grao de cumprimento das recomendacións emanadas dos informes emitidos.

### **Artigo 3. Réxime interior**

Correspóndelle ao Consello de Contas a competencia para todo o concernente ao goberno e ao réxime interior do mesmo e ao persoal ao seu servizo.

Deberá elaborar o seu proxecto de presupostos, que se integrará nos xerais da Comunidade Autónoma, nunha sección específica diferenciada, para que sexa sometido á aprobación do Parlamento de Galicia.

### **Artigo 4. Fiscalización**

Son funcións do Consello de Contas de Galicia:

- a) Fiscalizar a actividade económico-financeira do sector público de Galicia, velando para que se axuste ao ordenamento xurídico e ao principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.
- b) Fiscalizar as subvencións, os créditos e as axudas con cargo aos orzamentos das entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como os avais e as exencións fiscais directas e

persoais concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.

c) Fiscalizar os contratos celebrados pola Administración autonómica e das entidades previstas no punto 1 do artigo 2 nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.

d) Fiscalizar a situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades previstas no punto 1 do artigo 2.

e) Fiscalizar os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos presupostarios galegos.

f) Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten os ingresos ou gastos públicos.

g) Analizar a utilización dos recursos dispoñibles atendendo ao menor custo na realización do gasto e formular as propostas tendentes a mellorar os servizos prestados polo sector público de Galicia.

h) Fiscalizar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas presupostarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso, as causas de incumprimento.

- i) Emitir informes facultativos, por petición da consellaría competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.
- j) Fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico.

### **Artigo 5. Axuizamento**

1. Se no exercicio da súa función fiscalizadora o Consello de Contas advirte a existencia de indicios de responsabilidade contable, dará traslado das correspondentes actuacións ao Tribunal de Contas para que este efectúe o axuizamento delas.
2. Así mesmo, en materia de axuizamento contable, realizará todas as funcións que lle delegue o Tribunal de Contas, de acordo co que prevé a Lei orgánica 2/82, do 12 de maio.

### **Artigo 5 bis. Prevención da corrupción**

O Consello de Contas desempeña as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción:

- a) Colaborar coas administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas e facerlles propostas na elaboración de códigos de conduta e manuais internos de xestión de riscos que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos.
- b) Solicitar información ás administracións relativas aos seus sistemas de prevención da corrupción, comprobando o axeitado deseño e implantación das políticas de integridade

e propondo melloras que garantan a transparencia e reduzan as oportunidades de fraude.

Neste sentido, deberá avaliar de xeito sistemático os plans de prevención de risco da corrupción que realicen as institucións e entes do sector público da Comunidade Autónoma, nos cales deberán analizar as actividades nas que se constata unha maior incidencia de risco.

c) Asesorar o Parlamento, a Administración autonómica e as administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas sobre os instrumentos normativos ou internos de prevención e represión da corrupción.

d) Fomentar a conciencia e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético no sector público e impulsar dentro do sector privado o establecemento de mecanismos de autorregulación co fin de evitar prácticas irregulares, en particular nas empresas licitadoras e adxudicatarias de contratos, concesionarias de servizos públicos e beneficiarias de subvencións e axudas públicas.

## TÍTULO II

### **Organización e funcionamento**

#### CAPÍTULO I

#### **Organización**

#### **Artigo 6. Órganos**

Son órganos do Consello de Contas:

1. O Pleno.
2. O conselleiro ou conselleira maior.

3. A Comisión de Goberno.
4. As Seccións:
  - a) De Fiscalización.
  - b) De Axuizamento.
  - c) De Prevención da Corrupción.
5. Os conselleiros ou conselleiras.
6. A Secretaría Xeral.

## **Artigo 7. O Pleno**

1. O Pleno estará integrado por cinco conselleiros, dos que un será o conselleiro maior.
2. O Pleno quedará validamente constituído cando estean presentes tres dos seus membros e os acordos serán adoptados por maioría dos presentes.
3. Correspóndelle ao Pleno:
  - a) Exercer a función fiscalizadora de acordo coas disposicións desa lei.
  - b) Adoptar as disposicións necesarias para cumprir os fins que esa lei lle encomenda ao Consello de Contas.
  - c) Aprobar o Proxecto de Presuposto.
  - d) Aprobar todos os informes, memorias, propostas, ditames e consultas que formulen os órganos competentes do Consello de Contas.
  - e) Propor o nomeamento dun dos seus membros para o cargo de conselleiro maior.

- f) Resolver os conflitos de atribucións e cuestións de competencia entre os diversos órganos do Consello de Contas.
- g) Designar os presidentes ou presidentas das seccións de Fiscalización e Axuizamento.
- h) Nomear o secretario xeral.
- i) Plantexar os conflitos que afectan ás competencias ou atribucións do Consello.
- l) Subscribir protocolos ou convenios de colaboración ou cooperación con outros órganos externos de fiscalización do sector público ou con entidades públicas ou privadas coa finalidade de mellorar o exercicio das funcións do Consello de Contas.
- m) Aprobar o plan anual de traballo do Consello, así como a memoria anual de actividades e a relación de postos de traballo.
- n) As demais funcións que por lei se lle encomenden.

4. O Pleno será convocado polo conselleiro maior a iniciativa propia ou sempre que o soliciten polo menos dous dos seus membros.

### **Artigo 8. O conselleiro maior**

1. O conselleiro maior será nomeado por un período de tres anos polo presidente da Xunta, a proposta do Pleno de entre os seus membros.
2. O conselleiro maior cesará no seu cargo: por expiración do período do seu mandato, por renuncia, por invalidez permanente que o incapacite para o exercicio da súa función, ou cando perda a súa condición de conselleiro.
3. O conselleiro maior será substituído provisionalmente en caso de ausencia e enfermidade, así como no suposto de va-



cante, ata que se produza o novo nomeamento, polo conselleiro de maior antigüidade de entre os que integran a Comisión de Goberno, dirimíndose a substitución, en caso de empate, en favor do conselleiro de maior idade.

#### 4. Son atribucións do conselleiro maior:

- a) Representar ao Consello de Contas.
- b) Convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, así como decidir co seu voto de calidade no caso de empate.
- c) Exercer a xefatura superior do persoal.
- d) A execución do estado de gastos, así como a contratación de obras, bens, servizos, subministracións e demais prestacións necesarias para o seu funcionamento.
- e) Resolver as demais cuestións de carácter interno non asignadas a outros órganos do Consello.
- f) As demais que lle recoñeza a lei.

### **Artigo 9. A Comisión de Goberno**

1. A Comisión de Goberno está constituída polo conselleiro maior e os conselleiros de Contas presidentes de Sección.

#### 2. Correspóndelle á Comisión de Goberno:

- a) Establecer o réxime de traballo do persoal.
- b) Distribuír os asuntos entre as Seccións.
- c) Exercer as funcións relativas ao nomeamento e contratación do persoal, goberno e administración en xeral.

- d) Exercer a potestade disciplinaria respecto ao persoal de acordo coas normas de réxime interior.
- e) Nomear os delegados instrutores.
- f) As outras facultades que o Pleno lle delegue para a maior eficacia no exercicio das funcións propias do Consello.

## **Artigo 10. As Seccións**

1. Á Sección de Fiscalización corresponderalle a verificación da contabilidade das entidades do sector público de Galicia e o exame e a comprobación das súas contas.

Organizarase en departamentos sectoriais á fronte de cada un dos cales estará un conselleiro.

2. Á Sección de Axuizamento correspóndelle, no marco establecido polo artigo 5 desa lei, a instrución dos procedementos xurisdiccionais e o axuizamento das responsabilidades contables daqueles que teñen ao seu cargo caudais ou efectos públicos conforme ás funcións do Consello de Contas.

2 bis. Correspóndelle á Sección de Prevención da Corrupción o exercicio das funcións descritas no artigo 5 bis desta lei. Estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e actuará asistida polo persoal do Consello de Contas. A Sección elaborará un programa anual de actividades que elevará ao Pleno para a súa integración no plan de traballo do Consello de Contas. Se no exercicio das súas funcións se observan indicios de condutas ou feitos que poidan ser constitutivos de delito, estes poñeranse de forma inmediata en coñecemento do Ministerio Fiscal ou da autoridade xudicial.

3. Os presidentes ou presidentas das seccións de Fiscalización e Axuizamento serán designados polo Pleno para un período de tres anos.

### **Artigo 10 bis. Conselleiros ou conselleiras**

Os conselleiros ou conselleiras son os competentes para dirixir a actividade fiscalizadora correspondente ao departamento sectorial ao que fosen adscritos polo Pleno do Consello e do que serán responsables.

### **Artigo 11. A Secretaría Xeral**

1. O secretario xeral desempeñará as funcións conducentes ao adecuado exercicio das competencias gobernativas do Pleno da Comisión de Goberno e do conselleiro maior en todo o relativo ao réxime interior do Consello de Contas.

2. O secretario xeral velará especialmente pola redacción das actas das sesións do Pleno e da Comisión de Goberno, formará o anteproxecto de presuposto e o proxecto de memoria anual que se deban someter ao Pleno.

3. A persoa titular da Secretaría Xeral deberá ser licenciada, ou con título equivalente, en Dereito e funcionaria do grupo A, subgrupo A1, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas, da Administración local ou do Estado, ou persoal letrado do Consello Consultivo ou do Parlamento de Galicia.

## **CAPÍTULO II**

### **Funcionamento**

#### *Sección 1ª. Os membros do Consello*

### **Artigo 12. Os conselleiros**

1. Os conselleiros, en número de cinco, son designados polo Parlamento mediante votación por maioría de tres quintas partes, para un período de seis anos. Se se producen vacan-

tes, cubriranse de acordo co establecido anteriormente e polo tempo que reste de mandato.

2. Os conselleiros ou conselleiras de contas son independentes e inamovibles e serán elixidos entre conselleiros ou conselleiras do Tribunal de Contas, censores ou censoras xurados de contas, maxistrados ou maxistradas, fiscais, funcionarios ou funcionarias públicos pertencentes a corpos clasificados no subgrupo A1, e entre persoas licenciadas ou graduadas en Dereito, en Ciencias Económicas ou con títulos equivalentes de recoñecida competencia con máis de doce anos de exercicio profesional nas áreas que son competencia do Consello de Contas.

2 bis. Non poderán ser designados conselleiros ou conselleiras de contas as persoas que, nos seis anos anteriores, estivesen comprendidas nalgún dos supostos seguintes:

a) Teren a condición de membros do Parlamento de Galicia, das Cortes Xerais, do Parlamento Europeo, do Consello de Goberno da Xunta de Galicia ou das entidades locais.

b) Formaren parte dos órganos de dirección de partidos políticos ou de organizacións representativas dos traballadores e traballadoras ou dos empresarios e empresarias.

3. Non poderán ser designados conselleiros ou conselleiras de contas as persoas que, nos dous anos anteriores, estivesen comprendidas nalgún dos supostos seguintes:

a) O persoal directivo e os empregados e empregadas do sector público de Galicia que tivesen ao seu cargo a xestión, inspección ou intervención dos ingresos e gastos do dito sector.

b) Os presidentes ou presidentas, directores ou directoras e membros dos consellos de administración ou asimilados das entidades previstas no punto 1 do artigo 2.

c) Os particulares que, excepcionalmente, administrasen, recadasen ou custodiasen fondos ou valores públicos.

d) As persoas perceptoras das subvencións con cargo a fondos públicos.

e) Calquera outra persoa que tivese a condición de contadante perante o Consello de Contas.

f) Os beneficiarios de avais ou exencións fiscais directas e persoais concedidas por calquera dos entes indicados no punto 1 do artigo 2.

4. Con seis meses de antelación á expiración do mandato dos conselleiros e conselleiras, o conselleiro ou conselleira maior dirixirase á Presidencia do Parlamento de Galicia solicitando que se proceda ao nomeamento de novos conselleiros ou conselleiras. Unha vez recibida tal comunicación, no prazo máximo de seis meses, o Parlamento de Galicia, logo dos trámites oportunos, deberá proceder á votación establecida no punto 1 deste artigo.

5. Os conselleiros e as conselleiras de contas terán como límite máximo de permanencia nos seus cargos a idade de 72 anos.

6. As persoas candidatas propostas polos grupos parlamentarios para seren membros do Consello de Contas deberán comparecer perante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia conforme o seu Regulamento co fin de examinar a súa idoneidade para o cargo.

7. As persoas membros do Consello de Contas están suxeitas ás mesmas obrigas en materia de transparencia que a normativa vixente exixa aos conselleiros e conselleiras da Xunta de Galicia.

### **Artigo 13. Incompatibilidades**

1. Os membros do Consello de Contas estarán suxeitos ás mesmas causas de incapacidade, incompatibilidade e prohibicións establecidas para os xuíces na Lei orgánica do Poder Xudicial.

2. A condición de membro do Consello de Contas de Galicia é incompatible con:

- a) A de deputado do Parlamento de Galicia ou de calquera outro Parlamento autonómico.
- b) A de deputado do Congreso dos Deputados.
- c) A de senador.
- d) A de membro do Tribunal de Contas.
- e) A de Valedor do Pobo.
- f) A de Defensor do Pobo.
- g) Calquera cargo político ou administrativo do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais ou das súas entidades dependentes, calquera que sexa a súa forma xurídica.
- h) O exercicio de funcións directivas ou executivas en partidos políticos, centrais sindicais, organizacións empresariais e colexios profesionais.
- i) A de membro de calquera dos órganos asesores da Xunta de Galicia.

l) O exercicio da súa profesión ou de calquera outra actividade remunerada.

3. Se a designación recaese nalgunha das persoas ás que se refire o apartado anterior, antes de tomar posesión, deberá renunciar ao seu cargo ou función.

4. O nomeamento dos membros do Consello de Contas implicará, no seu caso, a declaración do interesado na situación de servizos especiais ou equivalente na carreira ou corpo de procedencia.

#### **Artigo 14. Abstención e recusación**

Para os conselleiros rexen as causas de abstención e de recusación seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto ou na empresa ou entidades interesadas, ou ter cuestión litixiosa pendente ou relación de servizo con algún interesado.

b) Ter parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao con calquera dos contadantes ou administradores das entidades indicadas no punto 1 do artigo 2.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas sinaladas no apartado anterior.

#### **Artigo 15. Responsabilidade**

A responsabilidade disciplinaria do conselleiro maior e dos conselleiros deberá ser establecida polas normas de réxime interior do Consello de Contas.

## **Artigo 16. Perda da condición**

Os membros do Consello de Contas de Galicia perden a súa condición polas seguintes causas:

- a) Por morte ou por renuncia presentada e aceptada polo Parlamento.
- b) Por extinción do mandato ao expirar o termo.
- c) Por incapacidade declarada por decisión xudicial firme.
- d) Por inhabilitación para o exercicio dos dereitos políticos declarada por decisión xudicial firme.
- e) Por condena en sentenza firme a causa de delito.
- f) Por incumprimento das obrigas do cargo, conforme as normas de réxime interior do Consello de Contas.
- g) Ter cumprido a idade fixada no artigo 12 como límite máximo de permanencia.

### *Sección 2ª. Persoal ao servizo do Consello*

## **Artigo 17. Réxime xeral**

1. O persoal que preste servizos no Consello de Contas rexerase pola lexislación reguladora do emprego público de Galicia, sen prexuízo das normas específicas que lle sexan aplicables.

2. O desempeño da función pública no Consello de Contas será incompatible con calquera outra función, destino ou cargo, así como co exercicio profesional e coa intervención en actividades industriais, mercantís ou profesionais, mesmo as consultivas e as de asesoramento.



3. O persoal do Consello de Contas deberá gardar confidencialidade e segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu traballo.

4. No exercicio das súas funcións de control sobre as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o punto 2 do artigo 2 desta lei o persoal auditor do Consello de Contas gozará da condición de axente da autoridade.

5. Os postos de traballo reservados a persoal funcionario de carreira proveranse ordinariamente polo procedemento de concurso específico.

### **Artigo 18. Comisionados.**

1. O Consello de Contas poderá comisionar a expertos que teñan titulación adecuada ao obxecto de inspeccionar, revisar e comprobar documentación, libros, metálico, valores, bens e existencias das entidades do sector público galego, ou para practicar a función prevista no apartado b) do artigo 4 desa lei, e, en xeral, para comprobar a realidade das operacións reflexadas nas súas contas e emitir os informes correspondentes.

2. Non poderán ser comisionados os que incorran nalgún dos supostos a que se refire o número 3 do artigo 12.

### *Sección 3ª. Documentación e memoria anual*

### **Artigo 19. Documentación das actuacións**

1. O resultado da fiscalización farase constar por medio de informes, mocións ou notas dirixidas á autoridade, organismo ou entidade ás que afecten e de memorias ordinarias ou extraordinarias, que se elevarán ao Parlamento de Galicia, con

remisión de copias á Xunta de Galicia e mais ás indicadas autoridades, organismos e entidades afectadas, e faranse públicos a través dos medios dixitais do Consello e do Parlamento. O *Diario Oficial de Galicia* publicará o correspondente anuncio da publicación, no que constará a ligazón que permita acceder ao texto completo dos informes.

2. O Consello de Contas fará constar cantas infraccións, abusos ou prácticas irregulares observase, con indicación da responsabilidade en que, ao seu xuízo, se incorrese e das medidas para exixila.

3. O Consello de Contas poderá emitir en calquera momento, a petición do Parlamento ou por iniciativa propia, informes ou memorias relativas ás funcións sinaladas nesa lei.

## **Artigo 20. Memoria anual**

1. O Consello de Contas de Galicia deberá elaborar e elevar ao Parlamento unha memoria das súas actividades, que comprenderá a análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e das demais do sector público de Galicia. Estenderase, ademais, á fiscalización da xestión económica da Comunidade e do sector público galego e comprenderá, entre outros, os seguintes extremos:

- a) Observancia da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia, das leis reguladoras dos ingresos e gastos do sector público de Galicia e, en xeral, das normas que afectan á actividade económico-financeira e contable do mesmo.
- b) Cumprimento das previsións e da execución dos presupostos da Comunidade Autónoma, das entidades locais e demais entidades suxeitas á súa fiscalización.

c) Racionalidade na execución do gasto público baseado en criterios de eficacia e economía.

d) Execución dos programas de actuación, investimentos e financiamento e demais plans ou previsións que rexan a actividade das entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como o emprego ou a aplicación de subvencións con cargo ao orzamento da Comunidade Autónoma e das exencións fiscais directas e persoais concedidas.

2. O Consello de Contas proporá as medidas a adoptar, no seu caso, para a mellora da xestión económico-financeira do sector público de Galicia.

3. Así mesmo, a memoria anual conterá un informe das actividades xurisdicionais do Consello durante o exercicio correspondente.

4. A memoria anual conterá un informe das actividades desenvolvidas pola Sección de Prevención da Corrupción.

#### *Sección 4ª. Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento*

### **Artigo 21. Comisión parlamentaria**

Unha Comisión parlamentaria encargárase das relacións do Parlamento co Consello de Contas.

### **Artigo 22. As contas do Consello**

O exame das contas do Consello de Contas correspóndelle ao Parlamento de Galicia, ao que se lle deberán trasladar con esta finalidade como un anexo na memoria anual a que se refire o artigo 20 da presente lei.

### TÍTULO III

## **Garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición de contas**

### **Artigo 23. Deber de colaboración**

1. Todas as entidades e persoas ás que se refire o artigo 2 colaborarán co Consello de Contas no exercicio das funcións deste, estando obrigadas a subministrarlle cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes lles solicite.

Cando a normativa vixente estableza a obrigatoriedade da auditoría de contas para determinadas entidades do sector público, achegarase o correspondente informe ao Consello.

2. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionar, logo de requirimento, toda clase de datos, informes ou antecedentes deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas que sexan necesarios para o exercicio das funcións de control previstas nesta lei.

3. O incumprimento dos requirimentos do Consello poderá supoñer a aplicación das multas coercitivas previstas nesta lei. Se os requirimentos se refiren á reclamación de xustificantes de investimentos ou gastos públicos e non son cumpridos no prazo solicitado, iniciárase de oficio o oportuno expediente de reintegro. O Consello de Contas poñerá en coñecemento do Parlamento de Galicia a falta de colaboración dos obrigados a prestarlla.

4. Trasladaranse ao Consello de Contas as auditorías practica-das polos servizos competentes da Administración autonómica ou baixo a dirección desta.

5. O persoal auditor do Consello de Contas terá, no exercicio das súas funcións, libre acceso ás oficinas, centros e dependencias, así como ás autoridades e persoal das entidades suxeitas a control.

En todo caso, a documentación e o acceso dos sistemas contables que sexan necesarios para o exercicio das súas funcións serán facilitados polo órgano controlado.

6. Créase unha comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma co obxectivo de intercambiar información implantando a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes de control. A composición, a organización e o funcionamento da comisión regularanse nun convenio de colaboración.

## **Artigo 24. Procedemento**

1. Os procedementos para o exercicio da función fiscalizadora impulsaranse de oficio en todos os seus trámites. A iniciativa correspóndelles ao propio Consello e ao Parlamento de Galicia.

2. Os requirimentos de inhibición feitos ao Consello de Contas non producirán a suspensión do respectivo procedemento.

3. O procedemento tamén poderá iniciarse de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

## **Artigo 24 bis. Conclusión da fiscalización e dereito de audiencia**

1. Unha vez concluídos os procedementos de fiscalización polo Consello de Contas, o anteproxecto de informe, coa inclusión

de todas as actuacións practicadas, poñerase de manifesto aos responsables do ente fiscalizado para que nun prazo non superior a trinta días aleguen ou presenten os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Se a fiscalización se refire a períodos nos que fosen outras persoas as responsables do ente fiscalizado ou as titulares do órgano, conferiráselles a estas igualmente a mesma audiencia.

### **Artigo 24 ter. Procedemento específico en relación coa evolución dos bens patrimoniais das autoridades**

1. Cando o órgano responsable do Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos da Xunta de Galicia aprecie unha evolución inadecuada da situación patrimonial dun alto cargo do sector público autonómico respecto dos seus ingresos acreditados, poderá solicitar, a través da consellaría competente, nunha petición razoada, que o Consello da Xunta de Galicia se dirixa ao Consello de Contas para que proceda a fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais do devandito alto cargo.

2. Para poder cumprir esta función fiscalizadora e unha vez recibida a solicitude do Consello da Xunta, o Consello de Contas terá acceso ao Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. O período obxecto de fiscalización coincidirá co do mandato do cargo público, de modo que non alcanzará, en ningún caso, períodos anteriores á toma de posesión do cargo e finalizará cando se produza o cesamento efectivo daquel.

4. O alto cargo cuxa situación patrimonial sexa obxecto de exame deberá achegar toda a información que lle sexa requi-

rida, así como comunicar todas aquelas circunstancias que sexan relevantes para a elaboración do informe.

5. O Consello de Contas, en todo caso, deberá remitir á persoa fiscalizada un borrador previo de conclusións para permitirlle, nun prazo de quince días, presentar alegacións. Superado este trámite, o Consello de Contas remitirá o resultado desa fiscalización á Xunta de Galicia e incorporarao ao informe anual que remite ao Parlamento de Galicia.

6. Se, como resultado da súa fiscalización, o Consello de Contas advirte indicios de responsabilidades administrativas, penais ou doutra índole, deberá poñelo en coñecemento da autoridade ou órgano administrativo ou xurisdiccional competente en cada caso.

## **Artigo 25. Presentación das contas**

1. O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de seis meses, a partir da data na que se rendese.

O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispor a publicación das conclusións no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio directamente ao Consello, sendo a data límite para efectuar a devandita remisión a mesma que a lexislación estatal reguladora das facendas locais estableza para a remisión das súas contas de cada exercicio ao Tribunal de Contas.

O Consello de Contas debe formar e unir a conta xeral das entidades locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento. O Consello de Contas debe formar e unir a conta xeral das entidades locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento.

3. Á conta xeral da Comunidade Autónoma acompañarase a conta xeral de operacións realizadas polas corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia.

### **Artigo 26. Contadantes**

Serán contadantes nas que se deban render ao Consello de Contas:

- a) Os funcionarios e funcionarias e demais persoal das entidades do sector público galego que teñan ao seu cargo a xestión dos ingresos e gastos públicos, así como as demais operacións de administración.
- b) Os presidentes e presidentas ou os directores e directoras das entidades previstas no punto 1 do artigo 2.
- c) Os particulares que, excepcionalmente, administren, recaden ou custodien fondos ou valores da Comunidade Autónoma, sen prexuízo de que sexan intervidas as respectivas operacións.
- d) Os perceptores das subvencións correntes a que se refire a lexislación en materia de subvencións.

### **Artigo 27. Medios de apremio**

1. Os medios de apremio que o Consello poderá empregar gradualmente para asegurar a rendición de contas e o mellor cumprimento das súas funcións, son:



a) O requirimento, entendéndose por tal a orde que se comunique polo Consello fixando o prazo para o cumprimento dun servizo.

b) A imposición de multas coercitivas.

c) A formación de oficio da conta retrasada e dos estados ou documentos que se pidan, a cargo e risco do apremiado.

2. En calquera caso, e sen prexuízo de deducir tanto de culpa por desobediencia aos efectos de instrución do proceso penal, o Consello de Contas poderá propor á autoridade ou órgano competente de que dependa o contadante a apertura do procedemento sancionador.

### **Artigo 28. Multas coercitivas**

1. No caso de incumprimento dos requirimentos efectuados, o Consello de Contas de Galicia poderá impoñer multas ata a contía dun mes dos seus haberes ao persoal ao servizo das entidades a que se refire o punto 1 do artigo 2, e para os particulares ata a cantidade de 600 €, pola primeira vez, e de ata dous meses ou 6.000 €, respectivamente, no caso de reincidencia.

2. Se o requirido ao pagamento for persoal ao servizo das entidades a que se refire o punto 1 do artigo 2 e non o fixer efectivo, ordenarase ao habilitado ou pagador que, baixo a súa responsabilidade, faga efectivo o importe dela deducindo da primeira mensualidade que lle corresponda percibir ou das sucesivas, de exceder, na cantidade que legalmente poida ser descontada.

3. Cando o apremiado sexa un particular, o Consello, para efectividade da multa, procederá ao seu cobro en voluntaria e, de non se efectuar o pagamento, en vía executiva, aplicando as normas da Comunidade Autónoma que regulen a recadación

dos seus tributos, e, no seu defecto, as normas estatais. A estes efectos, a correspondente certificación de descuberto será expedida polo secretario xeral do Consello de Contas.

4. De toda imposición de multa a altos cargos ou persoal das Administracións autonómica, local ou corporativa darase conta á autoridade da que dependan, expondo as causas que determinasen o devandito medio de apremio, para que, sen prexuízo da exacción da multa polo Consello de Contas, adopte aquelas outras medidas que coide convenientes.

### **Disposición adicional**

En todo o non regulado por esa lei será de aplicación, en canto fose conducente, o establecido na Lei orgánica 2/82, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

### **Disposición adicional bis. Informe preceptivo**

Someteranse a informe do Consello de Contas as proposicións de lei e os anteproxectos de lei que versen sobre o seu réxime xurídico ou sobre o exercicio das súas funcións. O Consello de Contas emitirá o seu informe no prazo de trinta días. Se na orde de remisión se fai constar a urxencia do informe, o prazo será de quince días. Excepcionalmente, o órgano remitente poderá conceder unha prórroga do prazo atendendo as circunstancias do caso. No caso dos anteproxectos de lei, a Xunta remitirá dito informe ao Parlamento de Galicia.

### **Disposición adicional ter. Autorizacións de ampliacións e transferencias de crédito dos orzamentos do Consello de Contas**

Con suxeición ás limitacións e aos requisitos establecidos con carácter xeral, as autorizacións de ampliacións e transferencias de crédito que se lle atribúen á persoa titular da consellaría

competente en materia de facenda pola lexislación vixente entenderanse referidas ao órgano competente do Consello de Contas en relación co orzamento deste. As modificacións autorizadas deberanlle ser comunicadas para a súa instrumentación á dirección xeral competente en materia de orzamentos.

### **Disposición adicional quater. Medios electrónicos**

A comunicación e a remisión dos documentos elaborados polo Consello de Contas realizaranse, de xeito preferente e con carácter ordinario, a través de medios electrónicos, co obxectivo de minimizar o uso do papel, impulsar as novas tecnoloxías e axilizar o funcionamento do Consello de Contas.

### **Disposición transitoria primeira**

O Parlamento nomeará, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desa lei, os membros do Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido.

### **Disposición transitoria segunda**

Na primeira sesión que se celebre despois de se constituír o Consello de Contas, o Pleno debe designar ao chou tres conselleiros, o mandato dos cales durará tres anos. Transcorrido o devandito prazo, o Pleno do Parlamento designará os novos conselleiros na forma establecida pola Lei.

### **Disposición derradeira** *(derrogada)*



# LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA

## **Texto consolidado**

Modificacións:

Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia

Lei 12/2004, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia

Lei 10/2012, do 3 de agosto, de modificación da estrutura do Valedor do Pobo

Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas

## **LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA**

O artigo 11 do Estatuto de autonomía para Galicia debuxa as liñas fundamentais da constitución e composición do Parlamento de Galicia e establece tamén que unha Lei de Galicia determinará os extremos que deben constituír as normas electorais da nosa Comunidade. É obxecto da presente lei desenvolver esa previsión estatutaria que habilita ao propio Parlamento de Galicia para ditar aquelas normas que coide máis axeitadas ás necesidades e á idiosincrasia da nosa sociedade.

De acordo co devandito artigo, o Parlamento de Galicia pode regular os prazos e o procedemento para a elección dos seus membros, establecer o número dos deputados, así como tamén as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que os afecten. De acordo con estas directrices, considérase que a normativa electoral non debe introducir excesivas modificacións no regulamento xeral que ordena os máis dos procesos electorais con relevancia estatal.

Neste senso é preciso eliminar os factores que puidesen suscitar inseguridades xurídicas, sobre todo na práctica, nos soportes persoais do sistema electoral. Polo demais cómpre ter en conta que unha maior claridade e sinxeleza nos regulamentos especiais vai en beneficio das forzas políticas que concorren ás eleccións e, loxicamente, dos propios electores, que precisan normas claras e facilmente comprensibles.

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **Artigo 1**

1. Esta lei é aplicable ás eleccións a deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Estatuto de autonomía para Galicia.

2. A materia relativa a gastos e subvencións electorais rexerase polo disposto na lei que regula o financiamento de formacións políticas e de fundacións e entidades vinculadas a elas.

## **TÍTULO I**

### **Disposicións xerais**

## **CAPÍTULO I**

### **Electores**

### **Artigo 2**

1. Son electores os que, ostentando a condición de galegos conforme ao artigo 3 do Estatuto de autonomía, sexan maiores de idade e gocen do dereito de sufraxio activo.

2. Para o exercicio do dereito de sufraxio é indispensable a inscrición no censo electoral.

## **CAPÍTULO II**

### **O censo electoral**

### **Artigo 3**

Nas eleccións ao Parlamento de Galicia rexerá o censo electoral único referido ás catro circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

## CAPÍTULO III

### **Elixibilidade**

#### **Artigo 4**

1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incursores nalguna das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación electoral xeral.

2. Son inelixibles tamén:

- a) O conselleiro maior e os conselleiros do Consello de Contas de Galicia.
- b) O valedor do pobo e o seu adxunto.
- c) Os alcaldes, presidentes de Deputación e deputados provinciais.
- d) Os secretarios xerais técnicos e os directores xerais das consellarías, os directores dos gabinetes da Presidencia e das consellarías, así como os altos cargos de libre designación da Xunta de Galicia nomeados por decreto da Xunta.
- e) Os presidentes e directores xerais ou asimilados dos organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que a dita presidencia a exerza un membro do Consello do Goberno.
- f) Os delegados xerais da Xunta, os delegados provinciais ou territoriais das consellarías e os secretarios das súas delegacións.
- g) O director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, os directores das súas sociedades e os seus delegados territoriais.
- h) O delegado territorial da TVE en Galicia, así como os directores dos centros de radio e televisión que dependan de entes públicos.



- i) Os membros da Policía Autónoma en activo.
- j) O presidente, vicepresidente, ministros e secretarios de Estado do Goberno central.
- k) Os parlamentarios das asembleas doutras comunidades autónomas.
- l) Os membros dos consellos de goberno das demais comunidades autónomas, así como os cargos de libre designación dos citados consellos.
- m) Os que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un Estado estranxeiro.

## **Artigo 5**

1. A cualificación das inelixibilidades establecidas no artigo anterior verificarase de conformidade co réxime xeral electoral.
2. Quen formando parte dunha candidatura accedese a un cargo ou función declarada inelixible, deberalle comunicar esta situación á correspondente Xunta Electoral, quedando excluído da candidatura.

## **CAPÍTULO IV** **Incompatibilidades**

## **Artigo 6**

1. As causas de inelixibilidade sono tamén de incompatibilidade.
2. A condición de deputado do Parlamento de Galicia é incompatible coa de parlamentario europeo, deputado do Congreso e senador, salvo os senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

### 3. Así mesmo son incompatibles:

- a) Os membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.
- b) Os presidentes de consellos de administración, conselleiros, administradores, directores xerais, xerentes e cargos equivalentes de entes públicos e empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma, incluídas as Caixas de Aforro de fundación pública.

Os cargos aos que se refire o parágrafo anterior non constituirán causa de incompatibilidade cando se posúan por representación sindical ou pola súa condición de membro do Goberno autónomo ou de Corporación local.

### 4. O mandato dos deputados do Parlamento de Galicia é compatible co desempeño de actividades privadas, salvo nos supostos seguintes:

- a) As actividades de xestión ou dirección ante a Administración Pública galega, os seus entes ou organismos autónomos en asuntos que teñan que resolver estes, que afecten directamente á realización dalgún servizo público ou que estean encamiñados á obtención de subvencións ou avais públicos. Exceptúanse as actividades particulares que, en exercicio dun dereito recoñecido, realicen os directamente interesados, así como as subvencións ou os avais dos que a súa concesión derive da aplicación regrada do disposto nunha norma de carácter xeral.
- b) A actividade de contratista ou fiador de obras, servizos ou subministracións públicos que se paguen con fondos da Comunidade Autónoma ou o desempeño de cargos que leven

anexas funcións de dirección ou representación en compañías ou empresas que se dediquen ás devanditas actividades.

c) A celebración con posterioridade á data da súa elección como deputado de concertos de prestación de servizos de asesoramento ou de calquera outra índole, con titularidade individual ou compartida, en favor da Administración pública galega.

d) A participación superior ao dez por cento, adquirida en todo ou en parte, con posterioridade á data da súa elección como deputado, agás que fose por herdanza, en empresas ou sociedades que teñan concertos de obras, servizos ou subministracións con entidades do sector público.

5. Os deputados que desempeñen, por si ou mediante substitución, calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos mediante soldo, salario, arancel, honorarios ou calquera outra forma, só percibirán, con cargo aos presupostos do Parlamento de Galicia, as indemnizacións e axudas de custo que sexan correspondentes para o cumprimento da súa función.

6. Garantiráselles a reserva de posto ou praza de destino, nas condicións que determinen as normas específicas de aplicación, aos deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, estean na situación de excedencia voluntaria ou servizos especiais.

7. Os deputados deberán formular declaración de todas as actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade conforme o establecido na lexislación vixente e de calquera outra actividade que lles proporcione ou poida proporcionar

ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ao adquiriren coma ao perderen a súa condición de parlamentarios, así como cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens formularanse por separado conforme o modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e inscribíranse nun Rexistro de Intereses, que estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara.

O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público, a excepción do que se refire a bens patrimoniais.

### **Artigo 7**

1. Ningún electo poderá adquirir a condición de deputado se está incurso nalgunha causa de incompatibilidade.

2. O deputado galego que aceptase un cargo, función ou situación constitutiva de incompatibilidade, cesará na situación de deputado.

## **TÍTULO II**

### **Sistema electoral**

### **Artigo 8**

De acordo co artigo 11.4 do Estatuto de autonomía de Galicia a circunscrición electoral será a provincia.

### **Artigo 9**

1. O número de deputados do Parlamento de Galicia fíxase en 75.

2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 10 deputados.

3. Os 35 deputados restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme ao seguinte procedemento:

- a) Obtense unha cota de reparto resultante de dividir por 35 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.
- b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos deputados como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cota de reparto.
- c) Os deputados restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias, o cociente das cales, obtido conforme ao apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.

4. O decreto de convocatoria debe especificar o número de deputados que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo.

## **Artigo 10**

A atribución de escanos en función dos resultados do escrutinio realízase de acordo coas seguintes regras:

- a) Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtiveron, cando menos, o cinco por cento dos votos válidos emitidos na circunscrición.
- b) Ordénanse de maior a menor, nunha columna, as cifras e os votos obtidos polas restantes candidaturas.
- c) Divídese o número de votos obtido por cada candidatura por 1, 2, 3, etc., ata un número igual de escanos correspondentes á circunscrición, formándose un cadro semellante ao que aparece no exemplo práctico que se recolle na correspondente disposición adicional. Os escanos atribúenselles

ás candidaturas que obteñan os cocientes maiores no cadro, atendendo á súa orde decrecente.

d) Cando na relación de cocientes coincidan dous correspondentes a distintas candidaturas, o escano atribuiráselle á que obtivese maior número total de votos. De haber dous candidatos con igual número de votos, o primeiro empate resolverase por sorteo e os sucesivos de maneira alternativa.

e) Os escanos correspondentes a cada candidatura adxudícanse aos candidatos incluídos nela, pola orde de colocación na que aparezan.

### **Artigo 11**

En caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun deputado en calquera momento da lexislatura o escano será atribuído ao seguinte da mesma lista atendendo á súa orde de colocación.

## **TÍTULO III**

### **Convocatoria de eleccións**

### **Artigo 12**

1. A convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia realízase mediante decreto.

2. O decreto de convocatoria sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre o quincuaxésimo cuarto e o sesaxésimo día posterior á convocatoria, a duración da campaña electoral, así como a data constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo de un mes, contado desde o día da celebración das eleccións.

3. Salvo no suposto de disolución anticipada, o decreto de convocatoria expedirase o vixésimo quinto día anterior á expiración do mandato do Parlamento.

4. O decreto de convocatoria publicarase o día seguinte da súa expedición no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

## TÍTULO IV

### **Xuntas electorais**

#### **Artigo 13**

1. A administración electoral correspóndelles á Xunta Electoral de Galicia, ás Xuntas Provinciais e de Zona e ás mesas electorais.

2. A Xunta Electoral de Galicia terá a súa sede na do Tribunal Superior de Xustiza.

#### **Artigo 14**

1. A Xunta Electoral de Galicia é un órgano permanente e está composto por:

a) Presidente: o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

b) Vicepresidente: o elixido polos vogais, de entre as de orixe xudicial, na sesión constitutiva que se celebrará a convocatoria do secretario.

c) Catro vogais, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza.

d) Catro vogais, profesores en activo das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía das universidades de Galicia.

2. As designacións dos vogais, no non previsto polo apartado anterior, realizaranse nos noventa días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento, conforme ás seguintes normas:

a) Os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza serán designados por sorteo efectuado perante o presidente do Tribunal.

b) Os profesores das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía serán designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con representación no Parlamento. Cando a proposta non teña lugar no prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, a Mesa do Parlamento, oídas as forzas políticas presentes na Cámara, procederá á súa designación, en consideración á representación existente nela.

## **Artigo 15**

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia serán nomeados por decreto ao comezo de cada lexislatura e continuarán o seu mandato ata a toma de posesión da nova Xunta Electoral.

2. O secretario da Xunta Electoral de Galicia é o letrado maior do Parlamento. Participa con voz e sen voto nas súas deliberacións e custodia a documentación correspondente á Xunta Electoral.

## **Artigo 16**

O Parlamento poñerá a disposición da Xunta Electoral de Galicia os medios persoais e materiais para o exercicio das súas funcións.

## **Artigo 17**

1. Os membros da Xunta Electoral de Galicia son inamovibles e só poderán ser suspendidos por delitos ou faltas electorais, mediante expediente incoado pola propia Xunta en virtude de



acordo da maioría absoluta dos seus componentes, sen prexuízo do procedemento xudicial correspondente.

2. No suposto previsto no número anterior, así como no caso de renuncia xustificada e aceptada polo presidente, procederase á substitución dos membros da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma conforme ás seguintes regras:

- a) O vicepresidente e os vogais serán substituídos polos mesmos procedementos previstos para a súa designación.
- b) O letrado maior do Parlamento será substituído polo letrado máis antigo, e, en caso de igualdade, polo de maior idade.

## **Artigo 18**

Ademais das competencias establecidas na lexislación vixente, correspóndelle á Xunta Electoral de Galicia:

- a) Cursarlles instrucións de obrigado cumprimento ás xuntas provinciais na materia electoral obxecto desta lei.
- b) Resolver, con carácter vinculante, as consultas que lle elevan as xuntas provinciais na mesma materia.
- c) Revogar de oficio, en calquera momento, ou por instancia de parte interesada, dentro dos prazos previstos no artigo 21 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, as decisións da xuntas provinciais, cando se opoñan á interpretación da normativa electoral realizada pola Xunta Electoral de Galicia.
- d) Unificar os criterios interpretativos das xuntas provinciais na aplicación da normativa electoral.
- e) Aprobar, por proposta da Administración da Xunta, os modelos de actas de constitución de mesas electorais, de escrutinio, de sesión, de escrutinio xeral e de proclamación

de electos. Tales modelos deberán permitir a expedición instantánea de copias das actas, mediante documentos autocopiativos e outros procedementos análogos.

f) Resolver as queixas, reclamacións e recursos que se lle dirixan conforme a presente lei ou calquera outra disposición que lle atribúa esa competencia.

g) Exercer potestade disciplinaria sobre todas as persoas que interveñan con carácter oficial nas operacións electorais.

h) Corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral, sempre que non sexan constitutivas de delito, e impoñer multas ata a contía de 250.000 ptas.

i) Expedirllas as credenciais aos deputados nos supostos de vacantes por falecemento, incapacidade e renuncia unha vez terminado o mandato das xuntas electorais provinciais.

j) Aplicar e garantir o dereito do uso gratuíto de espazos nos medios de comunicación de propiedade pública, no suposto previsto nos artigos 27, 28 e 29 da presente lei, e en xeral garantir o exercicio das liberdades públicas durante o proceso electoral.

## **TÍTULO V**

### **Procedemento electoral**

#### **CAPÍTULO I**

### **Representantes das candidaturas perante a administración electoral**

#### **Artigo 19**

1. Os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que pretendan concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia, desig-

narán ás persoas que deban representalos perante a administración electoral, como representantes xerais ou de candidaturas.

2. Os representantes xerais actúan en nome dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións concorrentes.

3. Os representantes das candidaturas sono dos candidatos incluídos nelas.

Ao seu domicilio, ou ao lugar que designen a eses efectos, remítiráselles as notificacións, escritos e emplacements dirixidos pola administración electoral aos candidatos, dos que reciben, pola soa aceptación da candidatura, un apoderamento xeral para actuar en procedementos xudiciais en materia electoral.

## **Artigo 20**

1. Aos efectos previstos no artigo anterior, os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que pretendan concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia designarán por escrito, perante a Xunta Electoral de Galicia, un representante xeral, antes do noveno día posterior á convocatoria de eleccións. O mencionado escrito deberá expresar a aceptación da persoa designada.

2. Cada un dos representantes xerais designará, antes do undécimo día posterior á convocatoria, perante a Xunta Electoral de Galicia, os representantes das candidaturas que o seu partido, federación, coalición ou agrupación presente en cada unha das circunscricións electorais.

3. No prazo de dous días a Xunta Electoral de Galicia comunicarlles ás Xuntas Electorais Provinciais os nomes dos representantes das candidaturas correspondentes á súa circunscrición.

4. Os representantes das candidaturas presentaranse persoalmente perante as respectivas Xuntas Provinciais, para aceptar a súa designación, antes do décimo quinto día posterior á convocatoria de eleccións.

## CAPÍTULO II

### **Presentación e proclamación de candidatos**

#### **Artigo 21**

1. Para as eleccións ao Parlamento de Galicia, a Xunta Electoral competente para todas as actuacións previstas en relación á presentación e proclamación de candidatos é a Xunta Electoral Provincial.

2. Cada candidatura presentarase mediante lista de candidatos.

3. Para presentar candidaturas, as agrupacións de electores precisarán, cando menos, a sinatura do un por cento dos inscritos no censo electoral de circunscricións.

4. As candidaturas presentadas e as candidaturas proclamadas das catro circunscricións de Galicia publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

#### **Artigo 22**

1. A presentación de candidatos deberase realizar mediante listas que deben incluír tantos candidatos coma cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a cinco.

2. En calquera caso, as listas deberán conter o número exacto de escanos que deban ser cubertos, sen que se poida admitir ningunha lista que non cumpra tal requisito.

3. As Xuntas Electorais Provinciais inscribirán a candidatura facendo constar a data e hora de presentación da mesma. Expedirán documento acreditativo deste trámite se se lles solicita.

### **Artigo 23**

As candidaturas electorais non poderán ser obxecto de modificación unha vez presentadas, agás no prazo establecido para a reparación de irregularidades e só por pasamento ou renuncia do titular, operando automaticamente a reparación pola orde dos suplentes, agás que o representante dixese outra cousa.

## **CAPÍTULO III**

### **Campaña electoral**

### **Artigo 24**

Enténdese por campaña electoral, a efectos desa lei, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en orde á captación de sufraxios.

### **Artigo 25**

1. A campaña electoral terá unha duración non inferior a quince días nin superior a vinte e un.
2. Terminará, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior ao da votación.
3. Durante a campaña electoral os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán realizar unha campaña institucional destinada a informar e fomentar a participación dos electores na votación, sen influír na orientación de voto. Queda prohibida a utilización polos partidos políticos, fede-

racións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións dos elementos identificativos da campaña institucional, dos que serán informados con anterioridade ao inicio da mesma.

4. A propaganda e os actos de campaña electoral axustaranse ao disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral.

## CAPÍTULO IV

### **Utilización dos medios da Compañía de Radio-Televisión de Galicia**

#### **Artigo 26**

Non se poderán contratar espazos de publicidade electoral nos medios de comunicación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

#### **Artigo 27**

1. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisoras de televisión e radio da Compañía de RTVG, conforme o establecido neste artigo e nos seguintes.

2. A distribución dos mencionados espazos faise en función do número total de votos obtidos por cada partido, federación ou coalición nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

3. Se as eleccións ao Parlamento de Galicia se celebran simultaneamente coas eleccións municipais, para a distribución de espazos nas emisoras da Compañía de RTVG só se teñen en conta os resultados das anteriores eleccións ao dito Parlamento.

## **Artigo 28**

1. A Xunta Electoral de Galicia é a autoridade competente para distribuír os espazos gratuítos de propaganda electoral que se emitan polos medios de comunicación da Compañía de RTVG a proposta da Comisión a que se refire o apartado seguinte deste artigo.

2. A Comisión de Control Electoral de RTVG será designada pola Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia e estará integrada por un representante de cada partido, federación, coalición e agrupación que concorran ás eleccións convocadas ao Parlamento e contén con representación no mesmo. Os devanditos representantes votarán ponderadamente de acordo coa composición do Parlamento.

## **Artigo 29**

1. A distribución do tempo gratuito de propaganda electoral en cada medio de comunicación da Compañía de RTVG e nos distintos ámbitos de programación que estes teñan efectuaranse conforme ao seguinte baremo:

### **A) Na TVG:**

a) Dez minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

b) Vinte minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Corenta e cinco minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

**B) Na Radio Galega:**

a) Trinta minutos para os partidos, federacións e coalicións que non concorreron ou non obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

b) Corenta minutos para aqueles que, obténdoa, non acadaron o cinco por cento do total de votos válidos emitidos na Comunidade Autónoma.

c) Sesenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron entre o cinco e o quince por cento do total de votos a que se fai referencia no apartado precedente.

d) Oitenta minutos para os partidos, federacións e coalicións que obtiveron representación nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia e acadaron, polo menos, un quince por cento do total de votos a que se fai referencia no parágrafo b).

2. O dereito aos tempos de emisión gratuíta, enumerados no apartado anterior, só lles corresponde aos partidos, federacións e coalicións que presenten candidatura, cando menos, en tres circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

3. As agrupacións de electores que se federen para realizar propaganda nos medios da Compañía de Radio-Televisión de



Galicia terán dereito a quince minutos en Televisión de Galicia e corenta minutos na Radio Galega de emisión, se cumpren o requisito de presentación de candidaturas exixido no apartado 2 precedente deste mesmo artigo.

4. Para a determinación do momento e da orde e emisión dos espazos gratuítos de propaganda electoral a que se refire este artigo, a Xunta Electoral de Galicia terá en conta as preferencias dos partidos, federacións ou coalicións en función do número de votos que obtiveron nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia.

## CAPÍTULO V

### **Papeletas e sobres electorais**

#### **Artigo 30**

1. As Xuntas Electorais Provinciais son os órganos competentes para aprobar o modelo oficial das papeletas correspondentes á súa circunscrición.

2. A Xunta de Galicia asegurará a dispoñibilidade das papeletas e dos sobres de votación conforme ao disposto no artigo seguinte, sen prexuízo da súa eventual confección polos grupos políticos que concorran ás eleccións.

#### **Artigo 31**

1. A confección das papeletas e os sobres de votación iníciase inmediatamente despois da proclamación de candidatos.

2. Se contra a proclamación de candidatos se interpoñen recursos perante o órgano xudicial contencioso-administrativo competente na provincia, a confección das papeletas corres-

pondentes posponse na circunscrición electoral onde se inter-puxeron, ata a resolución destes recursos.

3. As primeiras papeletas confeccionadas entregaránselle á Delegación do Goberno para o seu envío aos residentes ausentes que viven no estranxeiro.

4. Os delegados xerais da Xunta aseguran a entrega de papeletas e sobres en número suficiente ás mesas electorais, polo menos unha hora antes do momento no que se deba iniciar a votación.

### **Artigo 32**

As papeletas electorais destinadas á elección de deputados ao Parlamento de Galicia deben expresar as indicacións seguintes:

- a) Denominación, sigla e símbolo do partido, federación, coalición ou agrupación de electores que presente a candidatura.
- b) Os nomes e apelidos dos candidatos e dos suplentes, segundo a súa orde de colocación, así como, no seu caso, a condición de independente dos candidatos que concorran con tal carácter ou, no caso de coalicións, a denominación do partido ao que pertenza cada un se así se exixiu para a presentación da lista.

## **CAPÍTULO VI**

### **Interventores e apoderados**

### **Artigo 33**

1. O representante de cada candidatura pode nomear, ata tres días antes da elección, dous interventores por cada mesa electoral, para que comproben que a votación se desenvolve conforme ás normas establecidas.

2. Para ser designado interventor é exigible a condición de elector de acordo co artigo 2 da presente lei, debendo pertencer á circunscrición electoral na que se atope a mesa na que vaia desempeñar as súas funcións.

3. O nomeamento farase mediante a expedición de credenciais talonarias, coa data e sinatura ao pé do nomeamento.

4. As follas talonarias por cada interventor deberán estar divididas en catro partes: unha como matriz para conservalas o representante; a segunda entregaraa o interventor como credencial; a terceira e cuarta serán remitidas á Xunta de Zona, para que esta faga chegar unha delas á mesa electoral de que formen parte e outra á mesa na que teñan dereito a votar para a súa exclusión da lista electoral.

5. As credenciais de nomeamento de interventores enviaranse ás Xuntas de Zona ata o mesmo terceiro día anterior ao da votación.

6. As Xuntas de Zona farán a remisión ás mesas de maneira que obren no seu poder no momento de constituírse as mesmas o día da votación.

7. Para integrarse na mesa o día da votación, comprobarase que a credencial é conforme coa folla talonaria que se atopa en poder da mesa. De non ser así ou de non existir folla talonaria poderá dársele posesión, consignando o incidente na acta.

Neste caso, sen embargo, o interventor non poderá votar na mesa na que estea acreditado.

Se o interventor concorre sen a súa credencial, unha vez que a mesa recibiu a folla talonaria, logo de comprobar a súa iden-

tidade, permitiráselle integrarse na mesa, tendo, neste caso, dereito a votar na mesma.

### **Artigo 34**

1. Os interventores, como membros das mesas, colaborarán no bo funcionamento do proceso de votación e escrutinio velando co presidente e os vogais para que as actas electorais se realicen de acordo coa lei.

2. Os interventores poderán:

- a) Solicitar certificación da acta de constitución da mesa e da acta xeral da sesión ou dun extremo determinado delas. Non se expedirá máis dunha certificación por candidatura.
- b) Reclamar sobre a identidade dun elector, o que deberá realizar publicamente.
- c) Anotar, se o desexa, nunha lista numerada de electores, o nome e número de orde en que emiten os seus votos.
- d) Pedir durante o escrutinio a papeleta lida polo presidente, para o seu exame.
- e) Formular as protestas e reclamacións que coide oportunas, tendo dereito a facelas constar na acta xeral da sesión.

### **Artigo 35**

1. O representante de cada candidatura pode outorgar poder a favor de calquera cidadán, maior de idade, que se atope en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos co obxecto de ostentar a representación da candidatura nos actos e operacións electorais.

2. O apoderamento formalízase perante notario ou perante o secretario da Xunta Electoral Provincial ou de Zona, os cales

expíden a correspondente credencial conforme ao modelo oficialmente establecido.

### **Artigo 36**

Os apoderados teñen as mesmas facultades que os interventores, se ben deberán votar na sección e mesa que lles corresponda conforme á súa inscrición no censo.

### **Artigo 37**

Os apoderados deben mostrarlles as súas credenciais e mais o seu Documento Nacional de Identidade aos membros das mesas electorais e demais autoridades competentes.

## **CAPÍTULO VI bis**

### **Do escrutinio**

#### **Artigo 37 bis**

1. As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o oitavo día seguinte ao da votación.
2. O escrutinio deberá realizarse na forma prevista na Lei orgánica do réxime electoral xeral e concluirá non máis tarde do décimo primeiro día posterior ás eleccións.

## **CAPÍTULO VII**

### **Dos deputados proclamados**

#### **Artigo 38**

A presidencia da Xunta Electoral de Galicia remitiralle ao Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas circunscripcións electorais.

## TÍTULO VI

### Gastos e subvencións electorais *(derogado)*

#### Disposición adicional primeira

Facúltase á Xunta de Galicia para ditar as disposicións precisas para o cumprimento e execución desa lei.

#### Disposición adicional segunda

Aos efectos previstos no artigo 10, ofrécese o seguinte exemplo práctico: 360.000 votos válidos emitidos nunha circunscrición que elixa 17

Deputados. Votación repartida entre catro candidaturas:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
	(1)	(3)	(5)	(7)	(10)	(12)	(14)	(16)									
A.....	160.000	80.000	53.333	40.000	32.000	26.666	22.857	20.000	17.777	16.000	14.545	13.333	12.307	11.428	10.666	10.000	9.411
	(2)	(6)	(9)	(13)													
B.....	98.000	49.000	32.666	24.500	19.600	16.333	14.000	12.250	10.880	9.800	8.909	8.166	7.538	7.000	6.533	6.125	5.764
	(4)	(11)	(15)														
C.....	62.000	31.000	20.666	15.500	12.400	10.333	8.557	7.750	6.888	6.200	5.636	5.166	4.769	4.428	4.123	3.875	3.617
	(8)	(17)															
D.....	40.000	20.000	13.333	10.000	8.000	6.666	5.714	5.000	4.444	4.000	3.636	3.333	3.076	2.857	2.666	2.500	2.352
A.....	8																
B.....	4																
C.....	3																
D.....	2																

#### Disposición transitoria primeira

Mentres non se constitúa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, todas as referencias ao mesmo contidas nesa lei entenderanse referidas á Audiencia Territorial da Coruña.

### **Disposición transitoria segunda**

1. No prazo de un mes a partir da entrada en vigor desa lei procederase ao nomeamento dos vogais da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma.

2. Designados os vogais da Xunta Electoral de Galicia, procederase á constitución da mesma no prazo de cinco días.

### **Disposición transitoria terceira**

O réxime de incompatibilidades disposto nesa lei entrará en vigor a partir das próximas eleccións ao Parlamento de Galicia.

### **Disposición transitoria cuarta**

Aos efectos previstos no artigo 27, nas primeiras eleccións que se celebren a partir da entrada en vigor da presente lei enténdese que os grupos parlamentarios existentes no momento da disolución da Cámara asumen a representación proporcional dos electores que, no seu día, votaron ao partido ou coalición polos que se presentaron os deputados que constitúen os grupos.

### **Disposición transitoria quinta**

Nas primeiras eleccións a celebrar despois da entrada en vigor da presente lei, o número de deputados do Parlamento de Galicia é de 71, dos que corresponderán 22 á provincia da Coruña, 15 á de Lugo, 15 á de Ourense e 19 á de Pontevedra.

### **Disposición final primeira**

En todo o non previsto na presente lei serán de aplicación as normas vixentes para as eleccións legislativas ao Congreso dos Deputados das Cortes Xerais, coas modificacións e adapta-

cións derivadas do carácter e ámbito da consulta electoral ao Parlamento de Galicia e, neste senso, enténdese que as competencias atribuídas ao Estado e aos seus órganos e autoridades se asignan ás correspondentes da Comunidade Autónoma verbo das materias que non son competencia exclusiva daquel.

### **Disposición final segunda**

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



# REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

## **Texto consolidado**

Modificacións:

BOPG núm. 150, do 1 de setembro de 1983. DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984

BOPG núm. 435, do 29 de xullo de 1993. DOG núm. 182, do 21 de setembro de 1993

BOPG núm. 131, do 7 de outubro de 1994. DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 1995

BOPG núm. 742, fasc. 2, do 3 de agosto de 2012. DOG núm. 155, do 14 de agosto de 2012

BOPG núm. 502, fasc. 2, do 6 de agosto de 2015. DOG núm. 162, do 26 de agosto de 2015

# **REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **Dos idiomas oficiais do Parlamento de Galicia**

#### **Artigo 1**

1. O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia.
2. Os deputados poderán facer uso, indistintamente, de ambos os idiomas.
3. As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia serán bilingües.

## **TÍTULO I**

### **Da sesión constitutiva do Parlamento de Galicia**

#### **Artigo 2**

1. Celebradas as eleccións ao Parlamento galego e proclamados os resultados en todas as circunscricións electorais, a Xunta de Galicia publicará o decreto da sesión constitutiva, conforme o que dispoña unha lei do Parlamento.
2. A sesión constitutiva terá lugar na data que, dentro do prazo dun mes, a partir do día de celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.

#### **Artigo 3**

A sesión constitutiva será presidida inicialmente polo deputado electo de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de secretarios, polos dous deputados máis novos.

## **Artigo 4**

1. O presidente declarará aberta a sesión e un dos secretarios dará lectura ao decreto de convocatoria, á relación de deputados electos e aos recursos contencioso-electorais interpostos, con indicación dos deputados electos que puidesen quedar afectados pola resolución deles.

2. O Pleno procederá seguidamente á elección da Mesa do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento previsto no artigo 36 deste Regulamento.

## **Artigo 5**

1. Concluídas as votacións, os elixidos ocuparán os seus postos. O presidente electo prestará e solicitará dos demais deputados o xuramento ou a promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia, para o cal serán chamados por orde alfabética. Rematado o chamamento, o presidente declarará constituído o Parlamento, e a seguir levantará a sesión.

2. A constitución do Parlamento será comunicada polo seu presidente a el-rei, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.

## **Artigo 6**

Dentro do prazo dos quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva, terá lugar a solemne sesión de apertura da lexislatura.

## TÍTULO II

### **Do estatuto dos deputados**

#### **Disposición xeral**

#### **Artigo 7**

1. O deputado proclamado electo adquirirá a condición plena de deputado polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

1º. Presentar na Oficialía Maior a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración electoral.

2º. Cubrir a súa declaración para efectos do exame de incompatibilidades, reflectindo os datos relativos a profesión e cargos públicos que desempeñe.

3º. Prestar na primeira sesión do Pleno á que asista a promesa ou o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

2. Os dereitos e as prerrogativas serán efectivos desde o momento mesmo no que o deputado sexa proclamado electo. Con todo, celebradas tres sesións plenarias sen que o deputado adquira a condición plena de tal, non terá dereitos regulamentarios ata que esta adquisición se produza.

## CAPÍTULO I

### **Dos dereitos dos deputados**

#### **Artigo 8**

1. Os deputados terán o dereito de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno do Parlamento e ás das comisións das que formen parte. Poderán asistir igualmente, nas condicións establecidas neste Regulamento, ás sesións das comisións das que non formen parte.

2. Os deputados terán dereito a formar parte, polo menos, dunha Comisión e a exercer as facultades e desempeñar as funcións que este Regulamento lles atribúe.

## **Artigo 9**

1. Para o mellor cumprimento das súas funcións parlamentarias, os deputados, logo de coñecemento do respectivo grupo parlamentario, terán a facultade de solicitar das administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.

2. A solicitude dirixirase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestar á Presidencia do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado á persoa solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan, ou comunicar a súa disposición para lle permitir o acceso directo á documentación solicitada.

2 bis. No caso de que a Administración autonómica non facilite a información requirida e de que non medie comunicación que xustifique a negativa no prazo sinalado na alínea anterior, transcorridos trinta días as solicitudes de información poderán ser reconvertidas, sempre por petición do autor ou da autora delas, en pregunta en comisión, onde recibirán o tratamento das preguntas orais.

3. Os deputados teñen dereito tamén a recibir directamente ou a través do seu grupo parlamentario a información e documentación necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas. Os servizos xerais da Cámara teñen a obriga de facilitárllela.

## **Artigo 10**

1. Os deputados percibirán unha asignación económica que lles permita cumprir eficaz e dignamente a súa función.

2. Terán igualmente dereito ás indemnizacións e axudas de custo por gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.

2 bis. A totalidade das percepcións dos deputados e das deputadas estarán suxeitas ás normas de carácter xeral. Igualmente, a información tributaria facilitada será sometida ás normas de transparencia que resulten aplicables.

3. A Mesa do Parlamento de Galicia fixará cada ano a contía das percepcións dos deputados e as súas modalidades dentro das correspondentes consignacións orzamentarias.

## **Artigo 11**

1. Correrá a cargo do orzamento do Parlamento o aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.

2. O Parlamento de Galicia poderá realizar coas entidades xestoras da Seguridade Social os concertos precisos para cumprir o disposto no apartado anterior e para afiliarse, no réxime que proceda, os deputados que así o desexen e que con anterioridade non estivesen dados de alta na Seguridade Social.

3. O establecido no apartado 1 estenderase, no caso dos funcionarios públicos que pola súa dedicación parlamentaria estean en situación de excedencia, ás cotas das clases pasivas.

## **CAPÍTULO II**

### **Dos deberes dos deputados**

#### **Artigo 12**

1. Os deputados e as deputadas terán o deber de asistir ás sesións do Pleno do Parlamento e das comisións de que formen parte.
2. Publicaranse no Portal de transparencia, ao final de cada período de sesións, as asistencias dos deputados e das deputadas ás diferentes sesións parlamentarias e o sentido do seu voto.

#### **Artigo 13**

Os deputados están obrigados a axectar a súa conduta ao Regulamento e a respectar a orde, a cortesía e a disciplina parlamentarias, así como a non divulgar as actuacións que, segundo o disposto naquel, poidan ter excepcionalmente o carácter de secretas.

#### **Artigo 14**

Os deputados non poderán invocar ou facer uso da súa condición de parlamentarios para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

#### **Artigo 15**

1. As deputadas e os deputados estarán obrigados a efectuar declaración dos seus bens e dereitos e daquelas actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade, de acordo co establecido na lexislación vixente, así como de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.
2. As declaracións deberán formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputada ou

deputado e no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Así mesmo, deberán actualizarse sempre que existan circunstancias que as modifiquen. Para estes efectos, a Mesa aprobará os modelos a que necesariamente deberán axustarse as declaracións.

3. A declaración de bens e dereitos conterà, entre outros, os seguintes datos:

- a) As rendas percibidas de calquera clase.
- b) Os bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa declarante e os títulos representativos do capital en calquera entidade xurídica.
- c) Os créditos, os préstamos e as débedas que integran o seu pasivo.
- d) A cota líquida pagada polo imposto da renda das persoas físicas.

4. Na declaración de bens e dereitos deberá constar a súa valoración, segundo os seguintes criterios:

- a) Os bens inmobles, polo valor catastral.
- b) Os vehículos, as embarcacións e as aeronaves valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.
- c) Os restantes bens e dereitos valoraranse aplicando os criterios de valoración do imposto sobre o patrimonio. No suposto de bens e dereitos indivisos indicárase o valor que corresponda segundo a porcentaxe de participación da persoa declarante no ben ou dereito correspondente.



5. As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Presidencia. O seu contido será público, a través do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e do Portal de transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmoables e máis aqueloutros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Tamén se inscribirán neste rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados e deputadas sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

## **Artigo 16**

1. Os deputados deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades establecidas na Constitución, no Estatuto e nas leis.

2. A Comisión do Estatuto dos Deputados elevaralle ao Pleno as súas propostas sobre a situación de incompatibilidade de cada deputado no prazo dos vinte días seguintes, contados a partir da plena asunción por el da condición de deputado ou da comunicación, que obrigatoriamente deberá realizar, de calquera alteración na declaración formulada para efectos de incompatibilidades. Para estes fins, remitiránselle desde o Rexistro de Intereses á Comisión do Estatuto dos Deputados a copia das declaracións de actividades e as súas modificacións.

3. Declarada e notificada a incompatibilidade, o deputado incurso nela terá oito días para optar entre o escano e o cargo incompatible. Se non exercitar a opción no prazo sinalado, entenderase que renuncia ao seu escano.

4. Todo membro do Parlamento que se ocupe directamente, no marco da súa profesión ou no dunha actividade remunerada, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno dunha Comisión manifestarao con anterioridade.

### CAPÍTULO III

#### **Das prerrogativas parlamentarias**

##### **Artigo 17**

Os deputados gozarán de inviolabilidade, aínda despois de cesaren no seu mandato, polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

##### **Artigo 18**

Os deputados, durante o seu mandato, non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, senón en caso de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

##### **Artigo 19**

O presidente do Parlamento, unha vez coñecida a detención ou retención dun deputado, ou calquera outra actuación xudicial ou gubernativa que obstaculizar o exercicio da súa función parlamentaria, adoptará, de inmediato, cantas medidas coide convenientes, co fin de salvagardar os dereitos e as prerrogativas da Cámara e mais dos seus membros.

## CAPÍTULO IV

### **Da suspensión e perda da condición de deputado**

#### **Artigo 20**

O deputado quedará suspendido nos seus dereitos e deberes parlamentarios:

- 1º. Nos casos nos que, conforme este Regulamento, así proceda.
- 2º. Cando unha sentenza firme condenatoria así o imponha ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer a función parlamentaria.

#### **Artigo 21**

O deputado perderá a súa condición de tal polas seguintes causas:

- 1ª. Por decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación do deputado.
- 2ª. Por falecemento ou incapacitación do deputado, declarada esta por decisión xudicial firme.
- 3ª. Por extinción do mandato ao transcorrer o seu prazo ou disolverse a Cámara, sen prexuízo da prórroga nas súas funcións dos membros, titulares e suplentes, da Deputación Permanente, ata a constitución da nova Cámara.
- 4ª. Por renuncia expresa do deputado, perante a Mesa do Parlamento ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á Mesa.

### **TÍTULO III**

#### **Dos grupos parlamentarios**

##### **Artigo 22**

1. Os grupos parlamentarios deberán constar, polo menos, de cinco deputados. Cada deputado non poderá formar parte máis ca dun só grupo parlamentario.

2. Non poden constituír grupo parlamentario separado deputados que pertencen a un mesmo partido ou coalición electoral, agás a excepción prevista no apartado 3 do artigo 26 deste Regulamento.

##### **Artigo 23**

1. A constitución inicial de grupos parlamentarios farase dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido á Mesa da Cámara.

2. No devandito escrito, que irá asinado por todos os que desexen constituír o grupo, deberá constar a denominación deste e os nomes de todos os membros, do seu portavoz e dos deputados que eventualmente poidan substituílo.

3. Os deputados que non sexan membros de ningún dos grupos parlamentarios constituídos poderán asociarse a algún deles, mediante solicitude que, aceptada polo portavoz do grupo ao que se pretende asociar, se dirixa á Mesa da Cámara dentro do prazo sinalado no apartado 1 precedente.

4. Os asociados computaranse para a determinación dos mínimos que se establecen no artigo precedente, así como para fixar o número de deputados de cada grupo nas distintas comisións.

## **Artigo 24**

Os deputados que, conforme o establecido nos artigos precedentes, non quedasen integrados nun grupo parlamentario nos prazos sinalados quedarán necesariamente incorporados ao Grupo Mixto polo vixente período de sesións.

## **Artigo 25**

Os deputados que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia deberán incorporarse a un grupo parlamentario dentro dos cinco días seguintes a esta adquisición. Para que se poida producir a incorporación, deberá constar a aceptación do portavoz do grupo parlamentario correspondente. En caso contrario, quedará incorporado ao Grupo Parlamentario Mixto, nos mesmos termos establecidos no artigo anterior.

## **Artigo 26**

1. Unha vez producida a adscrición a un grupo parlamentario no tempo e na forma previstos no artigo anterior, o deputado que o abandonase terá que se encadrar necesariamente no Grupo Mixto durante o vixente período de sesións.

2. Cando os compoñentes dun grupo parlamentario distinto do Mixto se reduzan durante o transcurso da lexislatura a un número inferior á metade do mínimo esixido para a súa constitución, o grupo quedará disolto e os seus membros pasarán automaticamente a formar parte daquel, nos mesmos termos prescritos no apartado que antecede.

3. Iniciado un novo período de sesións, os deputados poderán incorporarse ao grupo parlamentario que desexen dos constituídos, e só para o suposto de que por calquera circunstancia se extingue ou rematase a actividade do partido ou coalición electoral polo que concorren poderán constituír, por unha

soa vez, grupo ou grupos parlamentarios distintos se para iso cumpren as esixencias previstas neste Regulamento.

### **Artigo 27**

1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención a que se refire a alínea anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicárase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

### **Artigo 28**

Todos os grupos parlamentarios, coas especificacións previstas no presente Regulamento, gozan de idénticos dereitos.

## **TÍTULO IV**

### **Da organización do Parlamento**

### **CAPÍTULO I**

#### **Da Mesa**

#### *Sección 1ª. Das funcións da Mesa e dos seus membros*

### **Artigo 29**

1. A Mesa é o órgano reitor da Cámara e desempeña a representación colexiada desta nos actos a que asista.

2. A Mesa estará composta polo presidente do Parlamento, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.

Entenderase validamente constituída cando estean presentes, polo menos, tres dos seus membros.

3. O presidente dirixe e coordina a acción da Mesa.

### **Artigo 30**

1. Correspóndenlle á Mesa as seguintes funcións:

1ª. Interpretar e suplir o Regulamento, se é o caso, nos supostos de dúbida ou omisión.

2ª. Adoptar cantas decisións e medidas requiran a organización do traballo e o réxime e goberno interiores da Cámara.

3ª. Elaborar o proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia, proceder á súa execución unha vez aprobados e, ao final de cada exercicio, elaborar un informe sobre a súa execución, que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicará no Portal de transparencia.

4ª. Aprobar os gastos da Cámara, sen prexuízo das delegacións que poida acordar.

5ª. Cualificar, consonte o Regulamento, os escritos e documentos de índole parlamentaria, así como declarar a admisibilidade ou inadmisibilidade destes.

6ª. Decidir a tramitación de todos os escritos e documentos de índole parlamentaria, de acordo coas normas establecidas neste Regulamento. Tanto se a resolución fose tramitar o escrito no seo da propia Cámara ou dirixilo a outras institucións como se se resolvese o seu arquivo, darase conta da decisión adoptada ao petionario ou peticionarios.

7ª. Programar as liñas xerais de actuación da Cámara, fixar o calendario de actividades do Pleno e das comisións para cada período de sesións e coordinar os traballos dos seus distintos órganos, todo isto logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

8ª. Calquera outra que lle encomende o presente Regulamento e as que non estean atribuídas a un órgano específico.

2. Se un deputado ou un grupo parlamentario discrepar da decisión adoptada pola Mesa no exercicio das funcións a que se refiren os puntos 5ª e 6ª do apartado anterior, poderá solicitar a súa reconsideración. A Mesa decidirá definitivamente, oída a Xunta de Portavoces, mediante resolución motivada.

### **Artigo 31**

1. O presidente do Parlamento desempeña a representación da Cámara, asegura a boa marcha dos traballos, dirixe os debates, mantén a orde destes e ordena os pagamentos, sen prexuízo das delegacións que poida conferir.

2. Correspóndelle ao presidente cumprir e facer cumprir o Regulamento e interpretar e suplir este no transcurso dos debates.

3. O presidente desempeña, así mesmo, todas as demais funcións que lle confiren o Estatuto de Galicia, as demais leis e o presente Regulamento.

### **Artigo 32**

Os vicepresidentes, pola súa orde, substitúen o presidente, exercendo as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade deste. Desempeñan, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.



### **Artigo 33**

O secretario e o vicesecretario supervisan e autorizan, co visto e praxe do presidente, as actas das sesións plenarias, da Mesa e da Xunta de Portavoces, así como as certificacións que se deban expedir; asisten ao presidente nas sesións para asegurar a orde nos debates e a corrección nas votacións; colaboran para o normal desenvolvemento dos traballos da Cámara segundo as disposicións do presidente; e exercen, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.

### **Artigo 34**

A Mesa reunirase por convocatoria do presidente e estará asesorada polo secretario, que redactará a acta das sesións e coidará, baixo a dirección do presidente, da execución dos acordos.

#### *Sección 2ª. Da elección dos membros da Mesa*

### **Artigo 35**

1. O Pleno elixirá os membros da Mesa na sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.

2. Procederase a unha nova elección dos membros da Mesa cando as sentenzas recaídas nos recursos contencioso-electorais supuxesen cambio na titularidade de máis do dez por cento dos escanos. A devandita elección terá lugar unha vez que os novos deputados teñan adquirida a plena condición de tales.

### **Artigo 36**

1. Na elección de presidente cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultará elixido o que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara. Se ningún obtivese na primeira votación esta maioría, repetirase a elección entre

os que acadasen as dúas maiores votacións e resultará elixido o que obteña máis votos.

2. Os dous vicepresidentes elixiranse simultaneamente. Cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultarán elixidos, por orde sucesiva, os dous que obteñan maior número de votos. Na mesma forma serán elixidos o secretario e mais o vicesecretario.

3. Se nalgunha votación se producir empate, celebraranse sucesivas votacións entre os candidatos igualados en votos ata que o empate quede dirimido.

### **Artigo 37**

As vacantes que se produzan na Mesa durante a lexislatura serán cubertas por elección do Pleno na forma establecida no artigo anterior, axeitado nas súas previsións á realidade das vacantes que se teñen que cubrir.

## **CAPÍTULO II**

### **Da Xunta de Portavoces**

### **Artigo 38**

1. Os portavoces dos grupos parlamentarios constitúen a Xunta de Portavoces, que se reunirá baixo a presidencia do presidente do Parlamento. Este convocaraa por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara.

2. Das convocatorias da Xunta de Portavoces daráselle conta ao Goberno autonómico de Galicia para que envíe, se o considera oportuno, un representante, que poderá estar acompañado, se é o caso, por persoa que o asista.

3. Deberán asistir ás reunións da Xunta de Portavoces, polo menos, un vicepresidente, o secretario ou vicesecretario da Cámara e o letrado oficial maior. Os portavoces ou os seus suplentes poderán estar acompañados por un membro do seu grupo que non terá dereito a voto.

4. As decisións da Xunta de Portavoces adoptaranse sempre en función do criterio de voto ponderado.

### **Artigo 39**

Sen prexuízo das funcións que lle atribúe o presente Regulamento, a Xunta de Portavoces será escoitada para:

Establecer os criterios que contribúan a ordenar e facilitar os debates e as tarefas do Parlamento.

Decidir a Comisión competente para entender nos proxectos ou nas proposicións de lei.

Fixar o número de membros de cada grupo parlamentario que integrarán as comisións.

Establecer o calendario de actividades das comisións.

Asignarlles os escanos no salón de sesións aos diferentes grupos parlamentarios.

## **CAPÍTULO III**

### **Das comisións**

#### *Sección 1ª. Das comisións en xeral*

### **Artigo 40**

1. As comisións, agás precepto en contrario, estarán formadas polos membros que designen os grupos parlamentarios no número

que, respecto de cada un, indique a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, e en proporción á importancia numérica daqueles na Cámara. Todos os grupos parlamentarios teñen dereito a contar, como mínimo, cun representante en cada Comisión.

2. Os grupos parlamentarios poden substituír un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro ou outros do mesmo grupo, logo de comunicación por escrito ao presidente do Parlamento. Se a substitución fose só para un determinado asunto, debate ou sesión, a comunicación faráselle verbalmente ou por escrito ao presidente da Comisión, quen admitirá como membro desta, indistintamente, o substituto ou o substituído.

Así mesmo poderán ser eventualmente substituídos o vicepresidente ou o secretario dunha Comisión por outros membros do mesmo grupo parlamentario, comunicándollos así ao presidente da Comisión verbalmente.

3. Os membros da Xunta de Galicia poderán asistir con voz ás comisións.

### **Artigo 41**

As comisións, coas excepcións previstas neste Regulamento, elixen de entre os seus membros unha Mesa, composta por un presidente, un vicepresidente e mais un secretario. A elección verifícase de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.

### **Artigo 42**

1. As comisións serán convocadas polo seu presidente, de acordo co do Parlamento, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Comisión.

O presidente do Parlamento poderá convocar e presidir calquera Comisión, aínda que só terá voto naquelas das que forme parte.

2. As comisións entenderanse validamente constituídas en sesión plenaria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros.

### **Artigo 43**

1. As comisións coñecerán dos proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomende, de acordo coa súa respectiva competencia, a Mesa do Parlamento.

2. A Mesa do Parlamento, pola súa propia iniciativa ou por petición dunha Comisión interesada, poderá acordar que, sobre unha cuestión que sexa competencia principal dunha Comisión, informe previamente outra ou outras comisións.

3. As comisións deberán concluír a tramitación de calquera asunto nun prazo máximo de dous meses, agás naqueles casos nos que este Regulamento imponha un prazo distinto ou a Mesa da Cámara, atendidas as circunstancias excepcionais que poidan concorrer, acorde amplialo ou reduci-lo.

4. As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, mais, neste lapso, non poderán actuar con capacidade legislativa plena.

### **Artigo 44**

1. A través do presidente do Parlamento, as comisións poden:

1º. Pedir a información e documentación que necesiten das institucións autonómicas e mais dos entes públicos de Galicia. Así mesmo pódennlles solicitar información e do-

cumentación ás autoridades do Estado respecto daquelas competencias atribuídas á Xunta de Galicia das cales non estean aínda transferidos os servizos. As autoridades requiridas, nun termo non superior aos trinta días, facilitarán o que se lles pedise ou ben manifestaranlle ao presidente do Parlamento as razóns polas que non poden facelo, para que llo comunique á Comisión solicitante.

2º. Requirir a presenza dos membros da Xunta de Galicia competentes por razón da materia que se debata, para informaren sobre todas as cuestións das que sexan consultados.

3º. Solicitar a presenza de funcionarios, autoridades e particulares.

2. Se os funcionarios ou as autoridades non compareceren e non o xustificaren no prazo establecido pola Comisión, ou non se responder á petición de información requirida no período indicado no apartado anterior, o presidente do Parlamento comunicarllo á autoridade ou ao funcionario superior correspondente por se for procedente esixirlles algunha responsabilidade.

### *Sección 2ª. Das comisións permanentes*

## **Artigo 45**

1. Son comisións permanentes legislativas as seguintes:

1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3ª. Economía, Facenda e Orzamentos.

4ª. Educación e Cultura.

5ª. Sanidade, Política Social e Emprego.

6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

7ª. Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

8ª. Pesca e Marisqueo.

2. Son tamén comisións permanentes aquelas que deban constituírse por disposición legal e mais as seguintes:

1ª. Regulamento.

2ª. Estatuto dos Deputados.

3ª. Peticións.

3. As comisións permanentes a que se refiren os apartados anteriores deberán constituírse dentro dos dez días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.

## **Artigo 46**

A Comisión de Regulamento estará formada polo presidente da Cámara, que a presidirá, polos demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia e mais polos deputados que designen os grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 40 deste Regulamento.

## **Artigo 47**

1. A Comisión do Estatuto dos Deputados estará composta por un membro de cada un dos grupos parlamentarios. Terá un presidente, un vicepresidente e un secretario, e adoptará as súas resolucións mediante o voto ponderado de cada un dos seus membros.

2. A Comisión actuará como órgano preparatorio das resolucións do Pleno cando este, de acordo co Regulamento, deba

pronunciarse en asuntos que afecten ao estatuto dos deputados, agás no caso de que a proposta lle corresponda á Presidencia ou á Mesa do Parlamento de Galicia.

A Comisión elevaralle ao Pleno, debidamente articuladas, as propostas que no seu seo estiveren formalizadas.

### **Artigo 48**

1. A Comisión de Peticións estará formada pola Mesa do Parlamento máis un deputado de cada grupo parlamentario e adoptará as decisións polo sistema de voto ponderado.

2. A Comisión examinará cada petición, individual ou colectiva, que reciba o Parlamento de Galicia e poderá acordar a súa remisión, segundo proceda, por conduto do presidente da Cámara:

1º. Ao Defensor do Pobo.

2º. Á Comisión do Parlamento que estiver coñecendo ou puiden coñecer o asunto de que se trate.

3º. Ás Cortes, ao Goberno, aos tribunais, ao Ministerio Fiscal ou á Comunidade Autónoma, Deputación ou Concello ao que corresponda.

3. A Comisión tamén poderá acordar, se non proceder a remisión a que se refire o apartado anterior, o arquivo da petición sen máis trámites.

4. En todo caso, acusarase recibo da petición e comunicaráse-lle ao petionario o acordo adoptado.



## **Artigo 49**

1. O Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar a creación doutras comisións que teñan carácter permanente durante a lexislatura na que o acordo se adopte.
2. O acordo de creación fixará o criterio de distribución de competencias entre a Comisión creada e as que, se é o caso, poidan resultar afectadas.
3. Polo mesmo procedemento sinalado no apartado 1 poderá acordarse a disolución das comisións a que este artigo se refire.

### *Sección 3ª. Das comisións non permanentes*

## **Artigo 50**

Son comisións non permanentes as que se crean para unha función especial ou un traballo concreto. Extínguense ao finalizar o seu obxecto e, en todo caso, ao concluír a lexislatura. Poden ser especiais ou de investigación, e os seus acordos, resolucións ou propostas adoptaranse mediante o voto ponderado, incluída a elección da correspondente Mesa, salvo cando a representación de cada grupo parlamentario na Comisión garde a proporcionalidade existente no Pleno.

## **Artigo 51**

A creación de comisións especiais e o seu eventual carácter mixto ou conxunto respecto doutras xa existentes poderá acordala a Mesa do Parlamento por iniciativa propia, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, e logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

## **Artigo 52**

1. O Pleno do Parlamento de Galicia, por proposta da Xunta, da Mesa, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, poderá acordar a creación dunha Comisión de investigación sobre calquera asunto de interese público.

1 bis. Poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura de o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

2. As comisións de investigación elaborarán un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requirir a presenza, por conduto da Presidencia do Parlamento de Galicia, de calquera persoa para ser oída. Os extremos sobre os que deba informar a persoa requirida deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días. Os comparecentes serán advertidos dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistidos de letrado.

3. A Presidencia da Cámara, oída a Comisión, poderá, se é o caso, ditar as oportunas normas de procedemento.

4. As conclusións destas comisións deberán plasmarse nun ditame que será discutido no Pleno da Cámara. O presidente do Parlamento, oída a Mesa e a Xunta de Portavoces, está facultado para ordenar o debate, conceder a palabra e fixar os tempos das intervencións.

5. As conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara serán publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e comunicadas á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento lle dea traslado delas ao Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

6. Por petición do grupo parlamentario propoñente publicaranse tamén no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

## CAPÍTULO IV

### Do Pleno

#### **Artigo 53**

O Pleno do Parlamento de Galicia será convocado polo seu presidente, por propia iniciativa ou por solicitude, polo menos, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara.

#### **Artigo 54**

1. Os deputados tomarán asento no salón de sesións conforme a súa adscrición a grupos parlamentarios.

2. Haberá no salón de sesións un banco especial destinado aos membros da Xunta de Galicia.

3. Só terán acceso ao salón de sesións, ademais das persoas indicadas, os funcionarios do Parlamento de Galicia no exercicio do seu cargo e quen estea expresamente autorizado polo presidente.

## CAPÍTULO V

### Da Deputación Permanente

#### **Artigo 55**

1. A Deputación Permanente velará polos poderes da Cámara cando estea expirado o mandato parlamentario, cando o Parlamento estea disolto ou non estea reunido por vacacións ou por calquera causa de forza maior que impida reunir o Pleno. Especialmente:

1º. Coñecerá a delegación temporal das funcións executivas do presidente da Xunta de Galicia nun dos conselleiros.

2º. Exercerá o control da lexislación delegada.

3º. Entenderá en todo o que atinxe á inviolabilidade parlamentaria.

4º. Convocará o Parlamento por acordo da maioría absoluta dos membros da Deputación Permanente.

5º. Poderá autorizar orzamentos extraordinarios, suplementos de créditos e créditos extraordinarios, por petición da Xunta de Galicia, por razón de urxencia e de necesidade xustificada, sempre que así o acordar a maioría absoluta dos seus membros.

6º. Poderá tamén autorizar ampliacións ou transferencias de crédito, cando o esixan a conservación da orde, unha calamidade pública ou unha necesidade financeira urxente doutra natureza, de acordo coa maioría absoluta dos seus membros.

2. A Deputación Permanente debe cumprir calquera outra función que lle encomende o Regulamento do Parlamento.

## **Artigo 56**

1. A Deputación Permanente estará presidida polo presidente do Parlamento de Galicia. Formarán parte dela un mínimo de once membros, que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.

2. A fixación do número de membros farase conforme o establecido no apartado 1 do artigo 40. Cada grupo parlamentario designará o número de deputados titulares que lle correspondan e outros tantos en concepto de suplentes.

3. A Deputación elixirá de entre os seus membros un vicepresidente e un secretario, de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento de Galicia, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.

4. A Deputación Permanente será convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros daquela.

## **Artigo 57**

1. En calquera caso, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno do Parlamento dos asuntos e das decisións tratados na primeira sesión ordinaria.

2. Ao se constituír o Parlamento, dentro do prazo de quince días seguintes á súa primeira reunión, os deputados e os grupos parlamentarios poderán formular obxeccións contra a vixencia dos acordos que adoptase a Deputación Permanente.

3. Se durante este prazo se formularen obxeccións a través de escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta enviarallas á Comisión competente, que haberá de emitir un ditame no prazo que se

sinale. O ditame será debatido no Pleno do Parlamento segundo as normas xerais de procedemento lexislativo; para este efecto, cada observación considerarase como unha emenda.

### **Artigo 58**

Seralles aplicable ás sesións da Deputación Permanente e ao seu funcionamento o establecido para o Pleno no presente Regulamento.

### **Artigo 59**

Despois da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno del, unha vez constituído este, dos asuntos que tratase e das decisións adoptadas.

## **CAPÍTULO VI**

### **Dos servizos do Parlamento**

### **Artigo 60**

1. O Parlamento de Galicia dispoñerá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento.
2. A relación de postos de traballo e a determinación de funcións correspondentes a cada un deles faraa a Mesa do Parlamento.
3. Estes postos cubriranse conforme o disposto nas leis que lles sexan aplicables.

## **Artigo 61**

O Parlamento contará cunha biblioteca, e o orzamento da Cámara dedicará anualmente unha asignación para ela.

## **Artigo 62**

1. O letrado oficial maior do Parlamento, baixo a dirección do presidente e da Mesa, é o xefe superior de todo o persoal e de todos os servizos do Parlamento e cumpre as funcións técnicas e de asesoramento dos órganos reitores deste, asistido dos letrados do Parlamento adscritos á Oficialía Maior.

2. O letrado oficial maior é nomeado pola Mesa do Parlamento, de entre os letrados deste.

## **Artigo 63**

As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia son as seguintes:

1ª. O *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.

2ª. O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

## **Artigo 64**

1. No *Diario de Sesións* reproduciranse integramente, deixando constancia dos incidentes producidos, todas as intervencións e acordos adoptados en sesións do Pleno, da Deputación Permanente e, se é o caso, das comisións que non teñan carácter secreto.

2. Das sesións secretas levantarase acta taquigráfica, o único exemplar da cal custodiarase na Presidencia. Este exemplar poderá ser consultado polos deputados. Os acordos adoptados publicaranse no *Diario de Sesións*, a non ser que o órgano parla-

mentario decida o carácter reservado deles e sen prexuízo do disposto nos apartados 5 e 6 do artigo 52 deste Regulamento.

### **Artigo 65**

O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* publicará os proxectos e as proposicións de lei, os votos particulares ou as emendas que se teñan de defender no Pleno ou en comisións con capacidade lexislativa plena, os informes de Ponencia, os ditames das comisións, os acordos das comisións e do Pleno, as interpelacións, as mocións, as proposicións non de lei, as propostas de resolución, as preguntas e respostas que se dean que non sexan de carácter reservado, as comunicacións da Xunta de Galicia e calquera outro texto ou documento cuxa publicación sexa esixida por algún precepto deste Regulamento ou a ordene o presidente, atendendo á esixencia dun trámite que requira a intervención do Parlamento. Tamén publicará a xuízo da Presidencia as disposicións das Cortes Xerais do Estado que poidan afectar á Comunidade Autónoma galega.

### **Artigo 66**

1. A Mesa da Cámara adoptará as medidas axeitadas, en cada caso, para facilitarlles aos medios de comunicación social a información sobre as actividades dos distintos órganos do Parlamento de Galicia.

2. A propia Mesa regulará a concesión de credenciais aos representantes dos distintos medios de comunicación social, co obxecto de que poidan acceder aos locais do recinto parlamentario que se lles destine e ás sesións ás que poidan asistir.

3. Ninguén poderá, sen estar expresamente autorizado polo presidente do Parlamento, realizar gravacións gráficas ou sonoras das sesións dos órganos da Cámara.



### **Artigo 66 bis**

1. No Portal de transparencia do Parlamento de Galicia estará dispoñible toda a información prevista pola lexislación en materia de transparencia pública, así como a establecida neste regulamento. O acceso á información respectará os límites legais en garantía dos dereitos das persoas.

2. Corresponde á Mesa aprobar as normas e adoptar as medidas que resulten necesarias para o cumprimento do disposto na alínea anterior.

## **TÍTULO V**

### **Das disposicións xerais de funcionamento**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Das sesións**

### **Artigo 67**

1. O Parlamento de Galicia reunirse anualmente en dous períodos de sesións, de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.

2. Fóra dos devanditos períodos, a Cámara só poderá celebrar sesións extraordinarias por petición da Xunta de Galicia, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros do Parlamento. Na petición deberá figurar a orde do día que se propón para a sesión extraordinaria solicitada.

3. A convocatoria e a fixación da orde do día das sesións extraordinarias, tanto das comisións coma do Pleno, faranse de acordo co previsto neste Regulamento para as sesións ordinarias do Pleno.

## **Artigo 68**

1. As sesións, por regra xeral, celebraranse en días comprendidos entre o martes e o venres, ambos inclusive, de cada semana.
2. Poderán, non obstante, celebrarse en días diferentes dos sinalados:

1º. Por acordo tomado en Pleno ou en Comisión, por iniciativa dos seus respectivos presidentes, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros da Cámara ou da Comisión.

2º. Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, aceptado pola Xunta de Portavoces.

## **Artigo 69**

As sesións do Pleno serán públicas coas seguintes excepcións:

1ª. Cando se traten cuestións que atinxan ao decoro da Cámara ou dos seus membros, ou da suspensión dun deputado.

2ª. Cando se debatan propostas, ditames, informes ou conclusións elaborados no seo da Comisión do Estatuto dos Deputados.

3ª. Cando o acorde o Pleno por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da Mesa do Parlamento, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara. Formulada a solicitude de sesión secreta, someterase a votación sen debate e a sesión continuará co carácter que se acordase.

## **Artigo 70**

1. As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistir os representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

2. As sesións das comisións serán secretas cando o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

3. Serán secretas, en todo caso, as sesións e os traballos da Comisión do Estatuto dos Deputados.

4. As sesións das comisións de investigación axustaranse ao previsto no apartado 1 deste artigo, coas seguintes excepcións:

a) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da Comisión.

b) Serán igualmente secretas as comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas.

c) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión.

## **Artigo 71**

1. Das sesións do Pleno e das comisións levantarase acta, que conterá unha relación sucinta das materias debatidas, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

2. As actas serán asinadas polo secretario ou vicesecretario, co visto e prace do presidente, e quedarán á disposición dos deputados na Oficialía Maior do Parlamento. No caso de que non se produza reclamación sobre o seu contido dentro dos dez días seguintes á cele-

bración da sesión, entenderase aprobada; en caso contrario, someterase á decisión do órgano correspondente na súa seguinte sesión.

## **CAPÍTULO II**

### **Da orde do día**

#### **Artigo 72**

1. O presidente, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces, tendo en conta o calendario de actividades, fixará a orde do día do Pleno, que se incluírá na correspondente convocatoria.

2. A orde do día das comisións será fixada pola súa respectiva Mesa, tendo en conta o calendario establecido pola Mesa do Parlamento.

3. A Xunta de Galicia poderá pedir que nunha sesión concreta se inclúa un asunto con carácter prioritario, sempre que este cumprise os trámites regulamentarios que o fagan estar en condición de ser incluído na orde do día.

4. Por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia, a Mesa do Parlamento poderá acordar por maioría coa Xunta de Portavoces e o seu presidente, e atendendo razóns de urxencia, a inclusión na orde do día dun determinado asunto aínda que non cumprise os trámites regulamentarios.

5. As sesións plenarias non poderán ser levantadas antes de que a orde do día fose debatida na súa totalidade, sen prexuízo das alteracións previstas no presente Regulamento.

#### **Artigo 73**

1. A orde do día do Pleno pode ser alterada por acordo deste, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.

2. A orde do día dunha Comisión pode ser alterada por acordo desta, por proposta do seu presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros dela.

3. Nun e noutro caso, cando se trate de incluír un asunto, este terá que ter cumpridos os trámites regulamentarios que lle permitan estar en condicións de ser incluído.

### **CAPÍTULO III**

#### **Dos debates**

#### **Artigo 74**

Ningún debate poderá comezar sen a previa distribución, polo menos con corenta e oito horas de antelación, do informe, do ditame ou da documentación que teña de servir de base a aquel, agás acordo contrario da Mesa do Parlamento ou da Comisión, debidamente xustificado.

#### **Artigo 75**

1. Ningún deputado poderá falar sen ter pedida e obtida do presidente a palabra. Se un deputado chamado pola Presidencia non se encontrase presente, enténdese que renunciou a facer uso da palabra.

2. Os discursos pronunciaranse persoalmente e de viva voz. O orador poderá facer uso da palabra desde a tribuna ou desde o escano.

3. Ninguén poderá ser interrompido, cando fale, senón polo presidente, para lle advertir que esgotou o tempo, para chamalo á cuestión ou á orde, para lle retirar a palabra ou para

facer chamadas á orde á Cámara, a algún dos seus membros ou ao público.

4. Os deputados que pedisen a palabra nun mesmo sentido poderán cederse a rolda entre si. Logo de comunicación ao presidente e para un caso concreto calquera deputado con dereito a intervir poderá ser substituído por outro do mesmo grupo parlamentario.

5. Os membros da Xunta de Galicia poderán intervir, sempre que o solicitasen, ao longo dos debates para matizar ou esclarecer feitos ou fixar a postura do Goberno. Estas intervencións non reabrirán o debate, sen prexuízo da réplica específica que poderá exercer a oposición e da dúplica a cargo do Goberno.

6. Transcorrido o tempo establecido, o presidente, tras indicarlle dúas veces ao orador que conclúa, retirarlle a palabra.

## **Artigo 76**

1. Cando, a xuízo da Presidencia, no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, concederáselle ao aludido, se así o solicitase, o uso da palabra, por un tempo de tres minutos, para que conteste ás alusións realizadas.

2. Non se poderá contestar ás alusións senón na mesma sesión. Se o deputado aludido non estiver presente, poderá contestar á alusión na sesión seguinte.

3. Cando a alusión afecte ao decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario, o presidente poderá concederlle a un representante daquel o uso da palabra polo mesmo tempo e coas condicións que se establecen nos apartados 1 e 2 do presente artigo.

## **Artigo 77**

1. En calquera estado do debate, un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento. Para este efecto, deberá citar o artigo ou os artigos dos que reclama a aplicación. Non caberá por este motivo debate ningún debendo acatarse a resolución que a Presidencia adopte á vista da alegación feita.

2. Calquera deputado poderá tamén pedir, durante a discusión ou antes de votar, a lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración da materia de que se trate. A Presidencia poderá denegar as lecturas que coide non pertinentes ou innecesarias.

## **Artigo 78**

1. En todo o debate, o que fose contradito nas súas argumentacións por outro ou outros dos intervinientes terá dereito a replicar ou rectificar por unha soa vez e por tempo máximo de cinco minutos.

2. Dentro do marco establecido no presente Regulamento, o presidente ten as facultades de ordenar os debates e as votacións, acumulando asuntos, incrementando ou diminuindo o tempo das intervencións, ponderando para isto a importancia dun asunto e as circunstancias concorrentes.

## **Artigo 79**

1. Se non houber precepto específico entenderase que en todo debate cabe unha rolda a favor, outra en contra e unha rolda de portavoces. Non poderán intervir nesta última os grupos parlamentarios que xa o fixesen na rolda a favor ou en contra. A duración das intervencións nunha discusión sobre calquera asunto ou cuestión, agás precepto en contra deste Regulamento, será fixada pola Mesa de acordo coa Xunta de Portavoces.

2. Se o debate for dos cualificados como de totalidade, as roldas

serán de quince minutos, e, tras elas, os demais grupos parlamentarios poderán fixar a súa posición en intervencións que non excedan de dez minutos.

### **Artigo 80**

1. Os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais en orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo de menor número de membros.

2. Os membros do Grupo Mixto distribuirán entre eles o tempo total de intervención, que no seu conxunto non poderá exceder do que lle corresponde a cada un dos demais grupos. A Presidencia da Cámara deberá ser informada do acordo antes de cada sesión, e de non teren concretada a intervención os membros do grupo resolverá sobre a distribución do tempo que ha de empregar cada un deles.

### **Artigo 81**

A Presidencia poderá acordar o cerramento dunha discusión, de acordo coa Mesa, cando estimase que un asunto está suficientemente debatido. Tamén poderá acordalo por petición do portavoz dun grupo parlamentario. Sobre esta petición de cerramento poderán falar, durante cinco minutos como máximo cada un, un orador en contra e outro a favor.

### **Artigo 82**

Cando o presidente, os vicepresidentes ou o secretario ou vicesecretario da Cámara ou da Comisión desexaren tomar parte no debate, abandonarán o seu lugar na Mesa e non volverán ocupalo ata que concluíse a discusión do tema de que se trate.



## CAPÍTULO IV

### Das votacións

#### **Artigo 83**

1. Para adoptar acordos, a Cámara e mais os seus órganos deberán estar reunidos regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros.

2. Se chegado o momento da votación ou celebrada esta resulta que non existe o quórum a que se refire o apartado anterior, pospoñerase a votación polo prazo máximo de dúas horas. Se transcorrido este prazo tampouco non puiden celebrarse validamente aquela, o asunto será sometido a decisión do órgano correspondente na seguinte sesión.

#### **Artigo 84**

1. Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.

2. Computaranse como presentes nunha votación as deputadas e os deputados da Cámara que malia estaren ausentes fosen autorizados expresamente pola Mesa do Parlamento para participar na devandita votación a través dos mecanismos previstos neste Regulamento.

3. O voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren

abondo xustificados. A Mesa do Parlamento, mediante resolución motivada, poderá autorizar que a deputada ou o deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.

4. O voto delegado: as deputadas e os deputados poderán delegar o seu voto noutra deputada ou deputado do seu mesmo grupo parlamentario. Para tal efecto, a deputada ou o deputado dirixirá escrito á Mesa do Parlamento, no que se farán constar o nome da deputada ou do deputado que delega o seu voto, o nome da deputada ou do deputado que recibe a delegación e o período de duración da delegación ou os debates e as votacións en que debe exercerse. Deberá constar, así mesmo, mediante sinatura, o coñecemento da ou do portavoz do grupo parlamentario correspondente. A delegación non se entenderá prorrogada tacitamente.

5. O voto telemático: as deputadas e os deputados poderán exercer o seu voto telematicamente. Para tal efecto, dirixirán escrito á Mesa do Parlamento, no que se fará constar o seu nome, as votacións ou o período de tempo durante o cal poderá emitir o seu voto a través deste procedemento.

6. Ningunha deputada nin deputado poderá tomar parte, directamente ou mediante delegación, nas votacións sobre resolucións que afecten o seu estatuto de deputados.

## **Artigo 85**

As votacións non poderán interromperse por ningunha causa. Durante o desenvolvemento da votación, a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún deputado poderá entrar

no salón nin abandonalo agás caso de forza maior e coa venia da Presidencia.

### **Artigo 86**

Nos casos establecidos no presente Regulamento e naqueles que pola súa singularidade ou importancia a Presidencia así o acorde, a votación realizarase a hora fixa, anunciada previamente por aquela. Se, chegada a hora fixada, o debate non estiver rematado, a Presidencia sinalará nova hora para a votación.

### **Artigo 87**

A votación poderá ser:

1º. Por asentimento.

2º. Ordinaria.

3º. Pública.

4º. Secreta.

### **Artigo 88**

Consideraranse aprobadas por asentimento as propostas do presidente, cando, unha vez anunciadas, non suscitaren ningunha obxección nin oposición. Noutro caso, farase votación ordinaria.

### **Artigo 89**

A votación ordinaria poderá realizarse, por decisión da Presidencia, nunha das seguintes formas:

1ª. Erguéndose primeiro os que aproben, a seguir os que desaproben e finalmente os que se absteñan. O presidente ordenará o reconto polo secretario ou vicesecretario se tiver dúbida do resultado ou se, mesmo despois de publicado este, algún grupo parlamentario o reclamar.

2ª. Por procedemento electrónico que acredite o sentido do voto de cada deputado e mais os resultados totais da votación.

## **Artigo 90**

Na votación pública por chamamento o secretario ou vicesecretario nomeará os deputados e estes responderán «si», «non» ou «abstención». O chamamento realizarase por orde alfabética de primeiro apelido, comezando polo deputado cuxo nome sexa sacado a sorte. Os membros da Xunta de Galicia que sexan deputados e mais a Mesa votarán ao final.

## **Artigo 91**

1. A votación secreta poderá facerse:

1º. Por procedemento electrónico que acredite o resultado total da votación, omitindo a identificación dos votantes.

2º. Por papeletas cando se tratar de eleccións de persoal, cando o decida a Presidencia e cando se tiver especificada esta modalidade na solicitude de voto secreto.

2. Para realizar as votacións a que se refire o punto 2º do apartado anterior, os deputados serán chamados nominalmente á Mesa para depositaren a papeleta na urna correspondente.

## **Artigo 92**

1. A votación será pública por chamamento ou secreta cando así o esixa este Regulamento ou o soliciten dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos deputados ou dos membros da Comisión. Se houber solicitudes concorrentes en sentido contrario, prevalecerá a de votación secreta. En ningún caso a votación poderá ser secreta cando se tratar de materia lexislativa.

2. As votacións para a investidura do presidente da Xunta, a moción de censura e a cuestión de confianza serán en todo caso públicas por chamamento.

### **Artigo 93**

1. Cando ocorrer empate nalgunha votación, realizarase unha segunda e, de persistir aquel, suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Presidencia. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, entenderase desbotado o ditame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

2. Nas votacións en Comisión sobre unha cuestión que deba ser ulteriormente sometida ao Pleno, entenderase que non existe empate cando a igualdade de votos, sendo idéntico o sentido no que votasen todos os membros da Comisión pertencentes a un mesmo grupo parlamentario, puider dirimirse ponderando o número de votos con que cada grupo conte no Pleno.

### **Artigo 94**

1. Verificada unha votación, ou o conxunto de votacións sobre unha mesma cuestión, cada grupo parlamentario poderá explicar o voto por tempo máximo de cinco minutos.

2. Nos proxectos e nas proposicións de lei só poderá explicarse o voto tras a derradeira votación, a non ser que se divida en partes claramente diferenciadas para efectos do debate, pois neste caso caberá a explicación despois da derradeira votación correspondente a cada parte. Nos casos previstos neste apartado, a Presidencia poderá ampliar o tempo ata dez minutos.

3. Non caberá explicación do voto cando a votación fose secreta ou cando o grupo parlamentario interviñese no debate prece-

dente. Non obstante e neste último suposto, o grupo parlamentario que cambiase o sentido do seu voto terá dereito a explicalo.

## CAPÍTULO V

### **Do cómputo dos prazos e da presentación dos documentos**

#### **Artigo 95**

1. Os prazos sinalados por días neste regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de data a data, na forma que determine a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Excluíranse do cómputo os períodos nos que o Parlamento non celebre sesións, a non ser que o asunto en cuestión estiver incluído na orde do día dunha sesión extraordinaria. A Mesa da Cámara fixará os días que han de habilitarse cos únicos efectos de cumprir os trámites que posibiliten a celebración daquela.

#### **Artigo 96**

1. A Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces poderá acordar a prorroga ou redución dos prazos establecidos neste Regulamento.

2. Agás casos excepcionais, as prórrogas non serán superiores a outro tanto do prazo nin as reducións á súa metade.

#### **Artigo 97**

1. A presentación de documentos no Rexistro da Oficialía Maior do Parlamento poderá facerse nos días e nas horas que fixe a Mesa da Cámara. A Mesa ha de garantir que os servizos de Rexistro da Oficialía Maior poidan recibir os documentos

correspondentes antes de que expiren os prazos dos días e das horas prefixados.

2. Serán admitidos os documentos presentados dentro do prazo nas oficinas de correos, sempre que concorran os requisitos esixidos na Lei de procedemento administrativo.

## CAPÍTULO VI

### **Da declaración de urxencia**

#### **Artigo 98**

1. Por petición da Xunta de Galicia, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, a Mesa do Parlamento poderá acordar que un asunto se tramite polo procedemento de urxencia.

2. Se o acordo se tomar achándose un trámite en curso, o procedemento de urxencia aplicarase para os trámites seguintes a aquel.

#### **Artigo 99**

Sen prexuízo do establecido no artigo 96 do presente Regulamento, os prazos terán unha duración da metade dos establecidos con carácter ordinario.

## CAPÍTULO VII

### Da disciplina parlamentaria

#### *Sección 1ª. Das sancións polo incumprimento dos deberes dos deputados*

#### **Artigo 100**

Durante as sesións do Pleno e das comisións, os deputados teñen a obriga de respectar as regras de orde establecidas por este Regulamento, de evitar toda clase de perturbación ou desorde, acusacións ou recriminacións entre eles, expresións inconvenientes ao decoro da Cámara, interrupcións aos oradores sen autorización do presidente e facer uso da palabra máis tempo do autorizado, como tamén entorpecer deliberadamente o curso dos debates ou de obstruír o traballo parlamentario.

#### **Artigo 101**

1. O deputado poderá ser privado, por acordo da Mesa, dalgún ou de todos os dereitos que lle conceden os artigos do 8 ao 11 do presente Regulamento nos seguintes supostos:

1º. Cando de forma reiterada e sen xustificación deixar de asistir voluntariamente ás sesións do Pleno ou das comisións.

2º. Cando quebrantar o deber de segredo establecido no artigo 13 deste Regulamento.

2. O acordo da Mesa, que será motivado, sinalará a extensión e duración das sancións, que poderán estenderse tamén á parte alicuota de subvención contemplada no artigo 27 do presente Regulamento.

#### **Artigo 102**

A prohibición de asistir a unha ou dúas sesións e a expulsión inmediata dun deputado poderán ser impostas polo presidente, nos termos establecidos no presente Regulamento.



### **Artigo 103**

1. A suspensión temporal na condición de deputado poderá acordala o Pleno da Cámara, por mor de disciplina parlamentaria, nos seguintes supostos:

1º. Cando, imposta e cumprida a sanción prevista no artigo 101, o deputado persistir na súa actitude.

2º. Cando o deputado portar armas dentro do recinto parlamentario.

3º. Cando o deputado, despois de ser expulsado do salón de sesións, se negar a abandonalo.

4º. Cando o deputado contraviñese o disposto nos artigos 13 e 14 deste Regulamento.

2. As propostas formuladas pola Mesa da Cámara nos tres primeiros supostos do apartado anterior e pola Comisión do Estatuto dos Deputados no cuarto someteranse á consideración e decisión do Pleno da Cámara en sesión secreta. No debate os grupos parlamentarios poderán intervir por medio dos seus portavoces, e a Cámara resolverá sen máis trámites.

3. Se a causa da sanción puiden ser, a xuízo da Mesa, constitutiva de delito, a Presidencia daralle conta ao órgano xudicial competente.

#### *Sección 2ª. Das chamadas á cuestión e á orde*

### **Artigo 104**

1. Os oradores serán chamados á cuestión sempre que estiven fóra dela, xa por digresións estrañas ao punto de que se trate, xa por volveren sobre o que estiver discutido ou votado.

2. O presidente retiralle a palabra ao orador ao que lle houber de facer unha terceira chamada á cuestión nunha mesma intervención.

### **Artigo 105**

Os deputados e os oradores serán chamados á orde:

1º. Cando proferiren palabras ou verteren conceptos ofensivos ao decoro da Cámara ou dos seus membros, das institucións do Estado e de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade.

2º. Cando nos seus discursos faltaren ao establecido para a boa marcha das deliberacións.

3º. Cando con interrupcións ou de calquera forma alteraren a orde das sesións.

4º. Cando, retirada a palabra a un orador, pretender continuar facendo uso dela.

### **Artigo 106**

1. Ao deputado ou orador que for chamado á orde tres veces nunha mesma sesión, advertido unha segunda vez das consecuencias dunha terceira chamada, retiráraselle, se é o caso, a palabra e o presidente, sen debate, poderá impoñerlle a sanción de non asistir ao resto da sesión.

2. Se o deputado sancionado non atender ao requirimento de abandonar o salón de sesións, o presidente adoptará as medidas que considere pertinentes para facer efectiva a expulsión. Neste caso, a Presidencia, sen prexuízo do establecido no artigo 103, poderá impoñerlle, ademais, a prohibición de asistir á seguinte sesión.

3. Cando se producir o suposto previsto no punto 1º do artigo anterior, o presidente requirirá ao deputado ou orador para que retire as ofensas proferidas e ordenará que non consten no Diario de Sesións. A negativa a este requirimento poderá dar lugar a sucesivas chamadas á orde, cos efectos previstos nos apartados anteriores deste artigo.

*Sección 3ª. Da orde dentro do recinto parlamentario*

**Artigo 107**

O presidente vela polo mantemento da orde dentro de todas as dependencias do Parlamento. Para este efecto pode tomar todas as medidas que considere pertinentes, incluída a de poñer á disposición xudicial as persoas responsables.

**Artigo 108**

Calquera persoa que no recinto parlamentario, en sesión ou fóra dela, promover desorde grave coa súa conduta de obra ou palabra será inmediatamente expulsada. Se se tratar dun deputado, o presidente suspenderao, ademais, no acto, dos seus dereitos parlamentarios por prazo de ata un mes, sen prexuízo de que a Cámara, por proposta da Mesa e de acordo co previsto no artigo 103, poida ampliar ou agravar a sanción.

**Artigo 109**

1. O presidente velará, nas sesións públicas, polo mantemento da orde das tribunas.

2. Os que nestas deren mostras de aprobación ou desaprobación, perturbaren a orde ou faltaren á debida compostura serán inmediatamente expulsados do pazo por indicación da Presidencia, ordenando, cando o estime conveniente, que os

servizos de seguridade da Cámara levanten as oportunas dilixencias por se os actos producidos puidesen ser constitutivos de delito ou de falta.

## TÍTULO VI

### **Do procedemento lexislativo**

#### CAPÍTULO I

#### **Da iniciativa lexislativa**

##### **Artigo 110**

A iniciativa lexislativa, sen prexuízo do disposto no artigo 87.2 da Constitución e no 10.1.f) do Estatuto de autonomía, correspóndelles:

1. Aos deputados e aos grupos parlamentarios de acordo co que establece este Regulamento.
2. Á Xunta ou ao Goberno de Galicia.
3. Aos cidadáns, de acordo co artigo 87.3 da Constitución española e da lei orgánica que o desenvolva.

#### CAPÍTULO II

### **Do procedemento lexislativo común**

#### *Sección 1ª. Dos proxectos de lei*

##### **Artigo 111**

1. Os proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia deben ir acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar.

2. A Mesa do Parlamento mandará que se publiquen, que se abra o prazo de emendas e, oída a Xunta de Portavoces, que se tramiten na Comisión correspondente.

## **Artigo 112**

1. Publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentar emendas a aquel mediante escrito dirixido á Mesa da Comisión. O escrito de emendas deberá levar a sinatura do portavoz do grupo ao que pertenza o deputado ou da persoa que substitúa a aquel, para os meros efectos de coñecemento. A omisión deste trámite poderá repararse antes do comezo da discusión en Comisión.

2. As emendas poderán ser á totalidade ou ao articulado.

3. Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do proxecto de lei e postulen a devolución daquel á Xunta, ou as que propongan un texto completo alternativo ao do proxecto. Só poderán ser presentadas polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.

4. As emendas ao articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto completo que se propoña.

5. A tal fin, e en xeral, para todos os efectos do procedemento legislativo, cada disposición adicional, derradeira, derogatoria ou transitoria terá a consideración dun artigo, ao igual ca o título da lei, as rúbricas das distintas partes nas que estea sistematizado, a propia ordenación sistemática e a exposición de motivos.

### **Artigo 113**

1. As emendas a un proxecto de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios requirirán a conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

2. Para tal efecto, a Ponencia encargada de redactar o informe remitiralle á Xunta de Galicia, por conduto da Presidencia do Parlamento, as que supoñan o antedito aumento ou mingua.

3. A Xunta de Galicia deberá dar resposta razoada no prazo de quince días. Transcorrido este, entenderase que o silencio da Xunta de Galicia expresa conformidade.

4. A Xunta de Galicia poderá manifestar a súa desconformidade coa tramitación de emendas que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios en calquera momento da tramitación, de non ter sido consultada na forma que sinalan os apartados anteriores.

5. Cando se tratar de emendas que, aínda implicando mingua de ingresos tributarios, non estiveren suxeitas á conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación, ademais dos requisitos de carácter xeral, deberán propoñer unha baixa correlativa dos gastos.

### **Artigo 114**

1. O debate de totalidade dos proxectos de lei no Pleno procederá cando estiveren presentadas, dentro do prazo regulamentario, emendas á totalidade. O presidente da Comisión, neste caso, trasladaralle ao presidente do Parlamento de Galicia as emendas á totalidade que estivesen presentadas para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria na que se teñan de debater.

2. O debate de totalidade desenvolverase con suxeición ao establecido neste Regulamento para os deste carácter, se ben unha vez defendidas todas as emendas, e como regra xeral, se establecerá unha rolda a favor e outra en contra sobre elas, e unha rolda de portavoces para os grupos non emendantes.

3. Terminada a deliberación, o presidente someterá a votación as emendas á totalidade defendidas, comezando por aquelas que propoñan a devolución do proxecto á Xunta.

4. Se o Pleno acordar a devolución do proxecto, este quedará desbotado e o presidente do Parlamento de Galicia comunicará ao da Xunta. No caso contrario, remitiráselle á Comisión para proseguir a súa tramitación.

5. Se o Pleno aprobar unha emenda á totalidade das que propoñan un texto alternativo, daráselle traslado deste á Comisión correspondente, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e procederase a abrir un novo prazo de presentación de emendas, que só poderán formularse sobre o articulado.

## **Artigo 115**

1. Finalizado o debate de totalidade, se o houber, e en todo caso o prazo de presentación de emendas, a Comisión nomeará no seu seo un ou varios ponentes para que, á vista do texto e das emendas presentadas ao articulado, redacte un informe no prazo de quince días.

2. A Mesa da Comisión, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 43 do presente Regulamento, poderá prorrogar o prazo para a emisión do informe, cando a transcendencia ou complexidade do proxecto de lei así o esixir.

3. A Ponencia encargada de redactar o informe poderá establecer un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a cal verse o proxecto de lei.

### **Artigo 116**

1. Concluído o informe da Ponencia, comezará o debate en Comisión, que se fará artigo por artigo. En cada un deles poderán facer uso da palabra os emendantes ao artigo e os membros da Comisión.

2. As emendas que estivesen presentadas en relación coa exposición de motivos discutiranse ao final do articulado, se a Comisión acordar incorporar a devandita exposición de motivos como preámbulo da lei.

3. Durante a discusión dun artigo, a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten neste momento por escrito por un membro da Comisión, sempre que tendan a alcanzar un acordo por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto do artigo. Tamén se admitirán a trámite emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.

### **Artigo 117**

1. Na dirección dos debates da Comisión, a Presidencia da Mesa exercerá as funcións que neste Regulamento se lles confiran á Presidencia e á Mesa do Parlamento.

2. O presidente da Comisión, de acordo coa Mesa desta, poderá establecer o tempo máximo da discusión para cada artigo,



o que corresponda a cada intervención, á vista do número de peticións de palabra, e o total para a conclusión do ditame.

### **Artigo 118**

O ditame da Comisión, asinado polo seu presidente e polo secretario, remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.

### **Artigo 119**

Os grupos parlamentarios e deputados, dentro das corenta e oito horas seguintes á data de terminación do ditame, en escrito dirixido ao presidente da Cámara, deberán comunicar os votos particulares e as emendas que, despois de ser defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

### **Artigo 120**

1. O debate no Pleno comezará pola presentación que do ditame da Comisión faga o presidente desta ou un deputado en quen delegue, por un tempo de dez minutos.

A continuación os grupos parlamentarios dispoñerán sucesivamente dunha rolda de quince minutos para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas e os votos particulares non incorporados a aquel e que oportunamente reservasen.

O debate pecharase con outra rolda de cinco minutos para que sucesivamente os grupos se definan sobre as emendas e os votos particulares defendidos polos demais.

2. A Presidencia da Cámara someterá a votación as emendas e os votos particulares mantidos, e incorporaranse ao texto os que resulten aprobados.

3. Durante o debate a Presidencia poderá admitir emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. Só se poderán admitir a trámite as emendas de transacción entre as xa presentadas e o texto do ditame, cando se formulen por escrito e ningún grupo parlamentario se opoña á súa admisión. En todo caso, esta comportará a retirada das emendas respecto das que se transaccionen.

4. Finalmente a Presidencia someterá a votación o ditame da Comisión coas emendas e cos votos particulares que fosen incorporados.

### **Artigo 121**

Terminado o debate dun proxecto, se, como consecuencia da aprobación dun voto particular ou dunha emenda ou da votación dos artigos, o texto resultante puider ser incongruente ou escuro nalgún dos seus puntos, a Mesa da Cámara poderá, por iniciativa propia ou por petición da Comisión, enviar o texto aprobado polo Pleno de novo á Comisión, co único fin de que esta, no prazo dun mes, efectúe unha redacción harmónica que deixe a salvo os acordos do Pleno. O ditame así redactado someterase á decisión final do Pleno, que deberá aprobalo ou rexeitalo no seu conxunto, nunha soa votación.

### *Sección 2ª. Das proposicións de lei*

### **Artigo 122**

As proposicións de lei dos deputados presentaranas acompañadas dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar sobre elas:

1º. Un deputado coa sinatura doutros catro membros da Cámara.

2º. Un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz.

### **Artigo 123**

1. Exercitada a iniciativa, a Mesa do Parlamento ordenará a publicación da proposición de lei e a súa remisión á Xunta de Galicia, para que manifieste o seu criterio respecto da toma en consideración, así como a súa conformidade ou non á tramitación se implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios.

2. Transcorridos quince días sen que a Xunta de Galicia manifestase o seu criterio ou negase expresamente a súa conformidade á súa tramitación, no suposto de implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios do exercicio, a proposición de lei quedará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno para a súa toma en consideración.

3. Antes de iniciar o debate, darase lectura ao criterio da Xunta se o houber. O debate axustarase ao establecido para os de totalidade.

4. Acto seguido, o presidente preguntará se a Cámara toma ou non en consideración a proposición de lei de que se tratar. En caso afirmativo, a Mesa da Cámara acordará o seu envío á Comisión competente e a apertura do correspondente prazo de presentación de emendas. A proposición seguirá o trámite previsto para os proxectos de lei, correspondéndolle a un dos propoñentes ou a un deputado do grupo autor da iniciativa a presentación dela ante o Pleno.

### **Artigo 124**

As proposicións de lei de iniciativa popular deben ser examinadas pola Mesa do Parlamento para ver de que cumpran os requisitos legalmente establecidos. Se os cumpriren, a tramitación axustarase ao previsto no artigo anterior, coas especificidades que poidan derivar das leis que regularán esta iniciativa.

*Sección 3ª. Da retirada de proxectos e proposicións de lei*

**Artigo 125**

1. O Goberno poderá retirar un proxecto de lei en calquera momento da súa tramitación ante a Cámara sempre que non tiver recaído acordo final desta.

2. Mentres non se acordar tomar en consideración unha proposición de lei, o proponente poderá decidir retirala; esta iniciativa terá plenos efectos por ela mesma. Tomada en consideración, a retirada só será efectiva se a aceptar o Pleno da Cámara.

**CAPÍTULO III**

**Das especialidades no procedemento lexislativo**

*Sección 1ª. Dos proxectos e das proposicións de lei  
de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia*

**Artigo 126**

1. A iniciativa lexislativa regulada no artigo 110 deste Regulamento pódese exercer, así mesmo, en relación coas leis de desenvolvemento básico que prevé o Estatuto de Galicia.

2. Non obstante, a Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces e logo de iniciativa de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, pode decidir que nestas materias a iniciativa parlamentaria sexa exercida polos grupos parlamentarios. Con esta finalidade, a Comisión competente nomeará no seu seo unha Ponencia para que elabore o texto da proposición de lei. Para a publicación da proposición haberá que atenderse ao que dispoñen os artigos 111 e 112 deste Regulamento.

3. Recibido o proxecto, a proposición de lei ou o texto elaborado pola Ponencia referida no apartado anterior, seguirase o procedemento lexislativo común.

### **Artigo 127**

1. En todo caso, a aprobación das leis a que se refire o apartado 1 do artigo 126 deste Regulamento require o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade. A votación será anunciada con antelación polo presidente do Parlamento. Se non se conseguise a citada maioría, a Comisión emitirá novo ditame no prazo dun mes.

2. O debate sobre o novo ditame axectarase ás normas que regulan os de totalidade. Se na votación se conseguise o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento, considerarase aprobado, entendéndose definitivamente rexeitado no caso contrario.

3. A modificación ou derogación das leis de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia igualmente require en todo caso o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade.

### *Sección 2ª. Da reforma do Estatuto de Galicia*

### **Artigo 128**

1. Os proxectos e as proposicións de reforma estatutaria a que se refiren os artigos 56 e 57 do Estatuto de Galicia tramitaranse de acordo coas normas establecidas nos artigos 126 e 127 deste Regulamento, pero para seren aprobados será preciso o voto favorable dos dous terzos dos membros de dereito do Parlamento.

2. Aprobado o proxecto de reforma, o presidente do Parlamento remitirallo ás Cortes Xerais para a súa tramitación ulterior.

*Sección 3ª. Do Proxecto de lei de orzamentos*

**Artigo 129**

1. No exame, na emenda e na aprobación dos orzamentos aplicarase o procedemento lexislativo común, agás o disposto na presente sección.

2. O Proxecto de lei de orzamentos gozará de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara.

3. As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se, ademais de cumprir os requisitos xerais, propoñen unha baixa de igual contía na mesma sección.

4. As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan minoración de ingresos remitiráselle á Xunta de Galicia para que emita informe sobre elas no prazo de quince días.

5. Previamente á finalización do prazo de presentación das emendas parciais levaranse a cabo na Comisión 3ª as comparecencias que fosen solicitadas polos grupos parlamentarios e acordadas pola Mesa da Comisión 3ª. En todo caso, comparecerán os responsables das seccións orzamentarias e, sempre que fosen solicitadas, os responsables dos entes instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma que xestionen os principais programas de gasto.

**Artigo 130**

1. O debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos será único, acumulándose nel tanto as emendas que postulen a súa devolución global coma a de calquera sección ou centro xestor de gastos. Para a súa defensa, os grupos que as formulasen dispoñe-

rán dun tempo proporcional entre trinta e corenta e cinco minutos. Só estas emendas terán efectos devolutivos para o proxecto.

A seguir debateranse as emendas que afecten a contía global dos estados dos orzamentos ou que transfiran créditos entre seccións. Para a súa defensa cada grupo parlamentario dispoñerá dun tempo proporcional entre quince e trinta minutos.

2. O debate do orzamento referirase ao articulado e ao estado de autorización de gastos. Todo isto sen prexuízo do estudo doutros documentos que deban acompañar a aquel.

3. O presidente da Comisión e o da Cámara, de acordo coas súas respectivas Mesas, poderán ordenar os debates e as votacións na forma que máis se axeite á estrutura do orzamento.

4. O debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara desenvolverase diferenciando o conxunto do articulado da lei e das súas seccións, as cales poderán ser obxecto dun debate conxunto.

### **Artigo 131**

As disposicións deste apartado tamén son aplicables para a tramitación e a aprobación por parte do Parlamento dos orzamentos dos entes públicos da Xunta de Galicia, para os cales a lei establece a necesidade de aprobación do Parlamento.

#### *Sección 4ª. Da competencia lexislativa plena das comisións*

### **Artigo 132**

1. O Pleno da Cámara, por maioría dos dous terzos, por proposta da Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, ou por iniciativa desta, pode delegar nas comisións a aprobación de proxectos e proposicións de lei, agás as previstas no apartado

1 do artigo 126 e a reforma estatutaria do artigo 128; naquel caso, a Comisión actuará con capacidade legislativa plena.

2. En todo momento, o Pleno pode reclamar o debate e a votación de calquera proxecto ou proposición de lei que fose obxecto de delegación. A iniciativa pode ser tomada pola Mesa do Parlamento, por dous grupos parlamentarios ou por unha quinta parte dos deputados.

### **Artigo 133**

1. Para a tramitación destes proxectos e proposicións de lei aplicarase o procedemento legislativo común, agás o debate e a votación no Pleno, e coas especialidades que se establecen nos apartados seguintes.

2. Recibido o proxecto ou a proposición de lei, a Comisión nomeará unha Ponencia formada por un membro da Comisión pertencente a cada grupo parlamentario.

3. Aplicaráselle ao informe da Ponencia o que prevé o artigo 116 do Regulamento. A continuación, o Pleno da Comisión seguirá o trámite previsto nesta norma para a deliberación en Pleno.

#### *Sección 5ª. Da tramitación dun proxecto de lei en lectura única*

### **Artigo 134**

1. Cando a natureza dun proxecto de lei o aconsellar ou a súa simplicidade de formulación o permitir, o Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces ou por iniciativa desta, poderá acordar que este proxecto se tramite directamente e en lectura única ante o Pleno ou ante unha Comisión.



2. Adoptado o acordo, procederase a un debate suxeito ás normas establecidas para os de totalidade e seguidamente o conxunto do proxecto someterase a unha soa votación.

## TÍTULO VII

### **Da investidura, da moción de censura e da cuestión de confianza**

#### CAPÍTULO I

#### **Da investidura**

#### **Artigo 135**

De conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia será elixido polo Parlamento de Galicia entre os seus membros e será nomeado por el-rei.

#### **Artigo 136**

Para a investidura do presidente da Xunta de Galicia aplicaranse, conforme o establecido no apartado 3 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, as seguintes normas:

1ª. O presidente do Parlamento, consultados os representantes designados polos partidos ou polos grupos políticos con representación parlamentaria, propoñerá de entre os membros do Parlamento un candidato á Presidencia da Xunta. A proposta deberá formularse como máximo no termo de trinta días desde a constitución do Parlamento ou o cesamento do presidente.

2ª. A sesión comezará coa lectura da proposta polo secretario ou vicesecretario da Cámara. A seguir, o candidato proposto expoñerá, sen limitación de tempo, o programa político do Goberno que pretende formar, e solicitará a confianza da Cámara.

3ª. Tras o tempo de interrupción decretado pola Presidencia, que terá un mínimo de corenta e oito horas, intervirá cada grupo parlamentario que o solicite durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces.

4ª. O candidato proposto poderá facer uso da palabra tantas veces o solicitar. Cando contestar individualmente a un dos intervenientes, este terá dereito a réplica por dez minutos. Se o candidato contestar en forma global aos representantes dos grupos parlamentarios, estes terán dereito a unha réplica de dez minutos.

5ª. A votación levarase a efecto á hora fixada pola Presidencia.

6ª. Para ser elixido presidente da Xunta, o candidato deberá obter os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de Goberno. Se non acadada esta maioría, procederase a unha segunda votación vinte e catro horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple. Caso de non se conseguir esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

## CAPÍTULO II

### **Da moción de censura**

#### **Artigo 137**

O Parlamento de Galicia pode esixir a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros con suxeición ao establecido nos artigos 10, 15.4 e 17 do Estatuto de autonomía e nas leis de Galicia que o desenvolvan mediante a adopción dunha moción de censura.

## **Artigo 138**

1. A moción deberá ser proposta, polo menos, pola quinta parte dos deputados en escrito motivado dirixido á Mesa do Parlamento e terá que incluír un candidato á Presidencia da Xunta.
2. A Mesa do Parlamento de Galicia, tras comprobar que a moción de censura reúne os requisitos sinalados no número anterior, admitiráa a trámite, dándolles conta da súa presentación ao presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
3. Dentro dos dous días seguintes á presentación da moción de censura poderán presentarse mocións alternativas, que deberán reunir os mesmos requisitos sinalados no apartado anterior e estarán sometidas aos mesmos trámites de admisión sinalados no apartado precedente.
4. O debate iniciárase pola defensa da moción de censura que, sen limitación de tempo, efectúe un dos deputados asinantes dela.
5. Tras a interrupción decretada pola Presidencia poderán intervir os grupos parlamentarios da Cámara que o solicitaren, por tempo de trinta minutos. Todos os intervenientes teñen dereito a unha rolda de réplica ou rectificación de dez minutos.
6. Se se presentase máis dunha moción de censura, o presidente da Cámara, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar o debate conxunto de todas as incluídas na orde do día, pero deberán de ser postas a votación por separado, seguindo a orde da súa presentación.
7. A moción ou as mocións de censura serán sometidas a votación á hora que previamente fose anunciada pola Presidencia e que

non poderá ser anterior ao transcurso de cinco días desde a presentación da primeira no Rexistro Xeral.

8. A aprobación dunha moción de censura requirirá, en todo caso, o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento.

9. Ningún dos asinantes dunha moción de censura que fose rexeitada poderá asinar outra durante o mesmo período de sesións. Para este efecto a moción presentada entre un período de sesións e outro será imputada ao período seguinte.

10. Se prosperar unha moción de censura:

1º. Non se someterán a votación as restantes que se presentaron.

2º. A Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza da Cámara para os efectos previstos no artigo 136 deste Regulamento.

### CAPÍTULO III

#### **Da cuestión de confianza**

##### **Artigo 139**

1. O presidente da Xunta pode formular ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral.

2. A cuestión de confianza presentarase en escrito motivado ante a Mesa do Parlamento e o seu presidente daralle conta del á Xunta de Portavoces e convocará o Pleno.

3. O debate desenvolverase con suxeición ás mesmas normas establecidas para o de investidura, correspondéndolle ao presidente da Xunta, e se é o caso aos membros desta, as intervencións alí establecidas para o candidato.

4. Rematado o debate, a proposta de confianza será sometida a votación á hora que, previamente, fose anunciada pola Presidencia. A cuestión de confianza non poderá ser votada ata transcorren vinte e catro horas desde a súa presentación.

5. A confianza entenderase outorgada cando obteña o voto da maioría simple dos deputados. En caso de non ser outorgada, a Xunta e o seu presidente cesarán.

## TÍTULO VIII

### **Do exame e debate de comunicacións, programas ou plans da Xunta de Galicia e outros informes**

## CAPÍTULO I

### **Das comunicacións da Xunta de Galicia**

#### **Artigo 140**

1. Cando a Xunta de Galicia lle remitir ao Parlamento unha comunicación para o seu debate, que poderá ser ante o Pleno ou en Comisión, aquel iniciárase coa intervención dun membro da Xunta, tras a cal poderá facer uso da palabra, por tempo máximo de quince minutos, un representante de cada grupo parlamentario.

2. Os membros da Xunta de Galicia poderán contestar ás cuestións formuladas de forma illada, conxunta ou agrupadas por razón da materia. Todos os intervenientes poderán replicar durante un prazo máximo de dez minutos cada un.

## **Artigo 141**

1. Rematado o debate, abrirase un prazo de trinta minutos durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa propostas de resolución. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coa materia obxecto do debate.

2. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de dez minutos. O presidente poderá conceder unha rolda en contra polo mesmo tempo tras a defensa de cada unha delas.

3. As propostas de resolución serán votadas segundo a orde de presentación, agás aquelas que signifiquen o rexeitamento global do contido da comunicación da Xunta, que se votarán en primeiro lugar.

## **CAPÍTULO I bis**

### **Do debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma**

## **Artigo 141 bis**

1. Con carácter anual o Pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Non caberá celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investise o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.

2. O debate iniciarase coa intervención do presidente ou da presidenta da Xunta de Galicia, sen límite de tempo. A continuación, a Presidencia do Parlamento poderá interromper a sesión, tras a cal haberá unha intervención dunha persoa que represente a cada grupo parlamentario polo tempo que fixe a Presidencia, oída a Xunta de Portavoces.

3. O presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo e poderá intervir cantas veces o solicite. Todos os grupos parlamentarios poderán replicar durante un tempo máximo de quince minutos cada un, sen prexuízo da contrarréplica final da persoa titular da Presidencia da Xunta.

4. Ao rematar o debate, a Mesa abrirá un prazo durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución no número máximo que fixe a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, referidas ás grandes liñas de política xeral e de enumeración simple. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coas materias obxecto do debate.

5. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de trinta minutos. A Presidencia do Parlamento ordenará o debate de defensa ou posicionamento sobre as propostas.

6. A Presidencia do Parlamento ordenará a votación das propostas de resolución unha vez rematado o debate.

## CAPÍTULO II

### **Do exame dos programas e plans remitidos pola Xunta de Galicia**

#### **Artigo 142**

1. Se a Xunta de Galicia remitir un programa ou plan que requira o pronunciamento do Parlamento, a Mesa ordenará o seu envío á Comisión competente.

2. A Mesa da Comisión organizará a tramitación e fixará prazos dela. A Comisión designará, se é o caso, unha Ponencia que estu-

de o programa ou plan en cuestión. O debate na Comisión axei-tarase ao previsto no capítulo anterior; entendéndose que o prazo para a presentación de propostas de resolución será de tres días, se a Mesa do Parlamento decidise que aquelas deben debaterse no Pleno da Cámara.

### **CAPÍTULO III**

#### **Das informacións da Xunta**

##### **Artigo 143**

1. Os membros da Xunta, por petición propia ou cando así o solicitar a Comisión correspondente, comparecerán ante esta para celebrar unha sesión informativa.

2. O desenvolvemento da sesión constará das seguintes fases: exposición oral do conselleiro, suspensión por un tempo máximo de corenta e cinco minutos, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.

3. Os membros da Xunta poderán comparecer, para estes efectos, asistidos de autoridades e funcionarios das súas consellaría.

##### **Artigo 144**

1. Os membros da Xunta, por petición propia, ou por acordo da Mesa da Cámara e da Xunta de Portavoces, deberán comparecer ante o Pleno ou calquera das súas comisións para informaren sobre un asunto determinado. A iniciativa para a adopción de tales acordos corresponderalles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da Cámara ou da Comisión, segundo os casos.



2. Despois da exposición oral da Xunta, poderán intervir os representantes de cada grupo parlamentario por dez minutos fixando posicións, formulando preguntas ou facendo observacións, ás que contestará aquel sen ulterior votación.

3. En casos excepcionais, a Presidencia poderá, de acordo coa Mesa e oída a Xunta de Portavoces, abrir unha rolda para que os deputados poidan concisamente formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. O presidente, para o efecto, fixará un número ou tempo máximo de intervencións.

## TÍTULO IX

### **Do control sobre as disposicións da Xunta con forza de lei**

#### **Artigo 145**

A Xunta, en canto fixer uso da delegación prevista no artigo 10.1 do Estatuto de Galicia, dirixiralle ao Parlamento a correspondente comunicación, que conterá o texto articulado ou refundido obxecto daquela e que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

#### **Artigo 146**

1. Cando, de conformidade co establecido no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, as leis de delegación estableceren que o control adicional da lexislatura delegada o realice o Parlamento galego, procederase conforme o establecido no presente artigo.

2. Se dentro do mes seguinte á publicación do texto articulado ou refundido ningún deputado ou grupo parlamentario formu-

lase obxeccións, entenderase que a Xunta fixo uso correcto da delegación lexislativa.

3. Se dentro do referido prazo se formular algún reparo á delegación en escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta remitirallo á correspondente Comisión da Cámara, que deberá emitir ditame ao respecto no prazo que para o efecto se sinala.

4. O ditame será debatido no Pleno da Cámara consonte as normas xerais do procedemento lexislativo.

5. Os efectos xurídicos do control serán os previstos na lei de delegación.

## TÍTULO IX

### **Das interpelacións e preguntas**

#### CAPÍTULO I

### **Das interpelacións**

#### **Artigo 147**

Os deputados e os grupos parlamentarios poderán formularlles interpelacións á Xunta e a cada un dos seus membros.

#### **Artigo 148**

1. As interpelacións terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento e versarán sobre motivos ou propósitos da actuación do Executivo ou das consellarías, en materias de política xeral ou cuestións de acentuada relevancia.

2. A Mesa cualificará o escrito e, en caso de que o seu contido non sexa propio dunha interpelación, conforme o establecido no

apartado precedente, comunicarllo ao seu autor para a súa conversión en pregunta con resposta oral ou por escrito.

### **Artigo 149**

1. Transcorridos sete días desde a publicación da interpelación, esta estará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno.

2. As interpelacións incluíranse na orde do día, dándolles prioridade ás dos deputados de grupos parlamentarios ou ás dos propios grupos parlamentarios que no correspondente período de sesións non consumisen a cota resultante de asignar unha interpelación por cada tres deputados ou fracción pertencentes a el. Sen prexuízo do mencionado criterio, aplicarase o da prioridade na presentación. En ningunha orde do día se poderán incluír máis de dúas interpelacións dun mesmo grupo parlamentario.

3. Finalizado un período de sesións, as interpelacións pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período, a non ser que o deputado ou grupo parlamentario interpelante manifeste a súa vontade de manter a interpelación para o antedito período.

### **Artigo 150**

As interpelacións substanciaranse, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicada, perante o Pleno, e darán lugar a unha rolda de exposicións polo autor ou a autora da interpelación, á contestación da Xunta e a cadansúa rolda de réplica. As primeiras intervencións non poderán exceder de dez minutos nin as réplicas de cinco minutos.

### **Artigo 151**

1. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que a Cámara manifeste a súa posición.

2. O grupo parlamentario interpelante ou aquel ao que pertenza o asinante da interpelación deberá presentar a moción nos tres días seguintes ao da substanciación daquela ante o Pleno. A moción, unha vez admitida pola Mesa, incluírase na orde do día da seguinte sesión plenaria, e poderán presentarse emendas ata seis horas antes do comezo desta. A Mesa admitirá a moción se é congruente coa interpelación.

3. O debate e a votación realizaranse de acordo co establecido para as proposicións non de lei.

## **CAPÍTULO II**

### **Das preguntas**

#### **Artigo 152**

1. Os deputados e as deputadas poderán formular preguntas á Xunta de Galicia e a cada un dos seus membros.

2. Nas sesións plenarias ordinarias as e os portavoces dos grupos parlamentarios poderanlle formular preguntas á Presidencia da Xunta de Galicia. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, fixará o número e a distribución proporcional en cada período de sesións.

#### **Artigo 153**

1. As preguntas terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento.

2. Non será admitida a pregunta de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estritamente xurídica.

3. A Mesa cualificará o escrito e admitirá a pregunta se se axear ao establecido no presente capítulo.

### **Artigo 154**

En defecto de indicación, entenderase que quen formula a pregunta solicita resposta por escrito e, se solicitar resposta oral e non o especificar, entenderase que esta ha de ter lugar na Comisión correspondente.

### **Artigo 155**

1. Cando se pretenda a resposta oral ante o Pleno, o escrito non poderá conter máis ca unha concisa e estrita formulación dunha soa cuestión interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información, sobre se a Xunta tomou ou vai tomar algunha providencia en relación co asunto, ou se lle vai remitir ao Parlamento algún documento ou informalo acerca dalgún extremo.

2. As preguntas estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días da súa publicación, e darase prioridade ás presentadas polos deputados e as deputadas que aínda non formularon preguntas no Pleno no mesmo período de sesións. Sen prexuízo deste criterio, a Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces, sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados e deputadas correspondentes a cada grupo parlamentario.

3. No debate, tras a concisa formulación da pregunta polo deputado, contestará a Xunta. Aquel poderá intervir a continuación para replicar ou preguntar, e, tras a nova intervención da Xunta, terminará o debate. Os tempos distribuíraos o presidente entre os intervinientes, sen que en ningún caso a formulación da pregunta

poida exceder de cinco minutos. Rematado o tempo dunha interpelación, o presidente automaticamente daralle a palabra a quen deba intervir a continuación ou pasará á cuestión seguinte.

4. A Xunta poderá solicitar, motivadamente, en calquera momento e por unha soa vez, respecto de cada pregunta, que sexa posta para a orde do día da seguinte sesión plenaria.

5. Cando unha pregunta fose cualificada como urxente, a súa inclusión na orde do día requirirá comunicación á Xunta de Galicia con corenta e oito horas de antelación ao desenvolvemento daquel.

### **Artigo 156**

1. As preguntas respecto das cales se pretenda resposta oral en comisión estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos catro días desde a súa publicación.

2. Tramitaranse conforme o establecido no apartado 3 do artigo anterior, coa particularidade de que as primeiras intervencións serán por tempo de dez minutos e as de réplica de cinco. Poderán comparecer para respondelas os conselleiros, directores xerais ou subdirectores xerais da Administración autonómica.

3. Rematado un período de sesións, as preguntas pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período de sesións.

### **Artigo 157**

1. A contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse dentro dos vinte días seguintes á súa publicación, podendo prorrogarse este prazo por petición motivada da Xunta e por acordo da Mesa do Parlamento por outro prazo de ata vinte días máis.

2. Se a Xunta non enviar a contestación no devandito prazo, o presidente da Cámara, por petición do autor da pregunta, ordenará que se inclúa na orde do día da seguinte sesión da Comisión competente, onde recibirá o tratamento das preguntas orais, dándoselle conta de tal decisión á Xunta.

### **CAPÍTULO III**

#### **Normas comúns**

#### **Artigo 158**

Nas semanas nas que exista sesión ordinaria do Pleno, dedicaranse, por regra xeral, dúas horas como tempo mínimo a preguntas e interpelacións.

#### **Artigo 159**

1. O presidente da Cámara está facultado para acumular e ordenar que se debatan simultaneamente as interpelacións ou preguntas incluídas nunha orde do día e relativas ao mesmo tema ou a temas conexos entre si.

2. A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá declarar non admisibles a trámite aquelas preguntas ou interpelacións cuxo texto incorra nos supostos contemplados no número 1º do artigo 105 deste Regulamento.

### **TÍTULO IX**

#### **Das proposicións non de lei**

#### **Artigo 160**

Os grupos parlamentarios poderán presentar proposicións non de lei a través das cales lle formulen propostas de resolución á Cámara.

### **Artigo 161**

1. As proposicións non de lei deberán presentarse por escrito á Mesa do Parlamento, que decidirá sobre a súa admisibilidade, ordenará, se é o caso, a súa publicación e acordará a súa tramitación ante o Pleno ou a Comisión competente en función da importancia dos temas obxecto da proposición.

2. Publicada a proposición non de lei poderán presentar emendas os grupos parlamentarios ata seis horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.

3. Para a inclusión das proposicións non de lei na orde do día do Pleno haberá que averse ao disposto respecto das interpelacións, no apartado 2 do artigo 149 deste Regulamento.

### **Artigo 162**

1. A proposición non de lei será obxecto de debate, no que poderá intervir, tras o grupo parlamentario autor daquela, un representante de cada un dos grupos parlamentarios que presentasen emendas e, a seguir, daqueles que non o fixesen. Unha vez concluídas estas intervencións, a proposición, coas emendas aceptadas polo proponente daquela, será sometida a votación.

2. O presidente da Comisión ou da Cámara poderá acumular, para efectos de debate, as proposicións non de lei relativas a un mesmo tema ou a temas conexos entre si.

## **TÍTULO XII**

### **Procedementos legislativos especiais**

### **Artigo 163**

1. A elaboración de proposicións de lei que se vaian presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados e mais a solicitude ao Goberno do



Estado da adopción dos proxectos de lei a que se refire o apartado f) do artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia faranse de acordo co que prevé este Regulamento para o procedemento lexislativo ordinario.

2. As proposicións e os proxectos de lei a que se refire o apartado anterior deberán ser aprobados, en derradeira votación, polo Pleno do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta.

3. Para a designación dos deputados que teñan que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, segundo o que prevé o artigo 10.1, apartado f), do Estatuto de autonomía de Galicia, cada deputado escribirá un nome na papeleta correspondente. Resultarán elixidos, ata un máximo de tres, no número que previamente fixará o Pleno por maioría absoluta, os deputados que obteñan máis votos. Se cumprir, a votación repetirase entre os que obtivesen maior número de votos.

## TÍTULO XIII

### **Dos recursos de inconstitucionalidade e dos conflitos de competencia**

#### **Artigo 164**

1. De acordo co que establece o artigo 10, apartado 1.g), do Estatuto de autonomía de Galicia, chegado o caso, o Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, adoptará por maioría absoluta os acordos seguintes:

1º. Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade a que se refire o apartado 1.a) do artigo 161 da Constitución.

2º. Comparecer nos conflitos de competencias a que fai referencia o apartado c) do nº 1 do artigo 161 da Constitución e

designar o deputado ou os deputados que representarán ao Parlamento de Galicia.

3º. Determinar que sexa a Xunta de Galicia a que compareza nos conflitos a que se refire o punto anterior.

2. No suposto previsto no punto 3º deste artigo, terán que especificarse con claridade os preceptos da disposición, ou os puntos da resolución ou do acto en vicio de incompetencia, así como as disposicións legais constitucionais das que resulte o vicio.

## TÍTULO XIV

### **Da designación dos senadores e do nomeamento do defensor do pobo**

#### **Artigo 165**

1. O Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, designará os senadores que representarán á Comunidade Autónoma galega no Senado, de acordo co artigo 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia.

2. A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, fixará o número de senadores que lle corresponden proporcionalmente a cada grupo parlamentario.

3. O presidente do Parlamento fixará o prazo no que os representantes dos diferentes grupos parlamentarios deberán de poñer os seus candidatos. Rematado este termo, o presidente fará públicas as resolucións correspondentes e convocará o Pleno do Parlamento para que as ratifique.

4. Se cumprir substituír a algúns dos senadores a que se refiren os apartados 1 e 3 deste artigo, o substituto será proposto polo mesmo grupo parlamentario que o propuxese.

### **Artigo 166**

O defensor do pobo será designado polo Pleno do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento que estableza a lei de Galicia a que se refire o artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia.

### **Disposición transitoria primeira**

1. Se transcorreren dous meses a partir da primeira votación de investidura e ningún candidato proposto obtivese a confianza do Parlamento, aplicaranse as leis e disposicións do Estado conforme o disposto na disposición transitoria terceira do Estatuto de autonomía de Galicia, en tanto non se aprobase a lei prevista no apartado 4 do artigo 14 do devandito Estatuto.

2. En tanto non se diten as leis a que fai referencia o artigo 137 do presente Regulamento, a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e de cada un dos conselleiros esixirase conforme o previsto no Estatuto de Galicia e neste Regulamento.

### **Disposición transitoria segunda**

Os deputados prestarán o xuramento ou a promesa de acatar a Constitución e o Estatuto de Galicia na sesión plenaria seguinte á de aprobación deste Regulamento.

### **Disposición transitoria terceira**

As comisións ás que se refire o artigo 45 deste Regulamento constituiranse dentro dos dez días seguintes ao da súa entrada en vigor.

### **Disposición derradeira primeira**

A presente reforma do Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tamén se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Disposición derradeira segunda**

A reforma do presente Regulamento tramitarase polo procedemento establecido para as proposicións de lei de iniciativa do Parlamento. A súa aprobación requirirá unha derradeira votación de totalidade por maioría absoluta.

### **Disposición derradeira terceira**

Unha vez aprobadas as leis referidas no artigo 128 do presente Regulamento, e concordantes do Estatuto de autonomía de Galicia e mais as relativas a outras institucións, a Comisión de Regulamento axitará este mediante o procedemento previsto na disposición derradeira segunda.

### **Disposición derradeira cuarta**

Os dereitos, deberes, situacións, funcións e competencias dos funcionarios ao servizo do Parlamento de Galicia serán determinados polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o servizo de expertos sempre que o requira o traballo das comisións, logo de acordo da Mesa destas e por proposta do seu presidente.

### **Disposición derradeira quinta**

A Mesa do Parlamento habilitará os sistemas tecnolóxicos e técnicos adecuados para garantir a participación nos debates e nas

votacións non presenciais previstos neste Regulamento e adoptará as disposicións e as medidas necesarias para a posta en práctica deste procedemento e dos métodos de verificación persoal.

### **Disposición derogatoria**

Coa aprobación e entrada en vigor do presente Regulamento quedan derogadas todas as normas de carácter regulamentario aprobadas polo Parlamento de Galicia.



LEI 7/2015, DO 7 DE AGOSTO,  
DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR  
E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO  
PARLAMENTO DE GALICIA

## **LEI 7/2015, DO 7 DE AGOSTO, DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO PARLAMENTO DE GALICIA**

### **Exposición de motivos**

O Estatuto de autonomía de Galicia reconece, no seu artigo 13.1, a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan que ser tramitadas polo Parlamento de Galicia, así como que a dita iniciativa será regulada por este mediante lei.

En cumprimento do mandato estatutario, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular, ante o Parlamento de Galicia, evidenciando, como se expresa na exposición de motivos desta norma, a vontade do poder lexislativo autonómico de favorecer unha máis plural e intensa participación da sociedade civil galega no labor de dirección política da Comunidade Autónoma a través do exercicio da potestade lexislativa; unha participación cidadá directa na iniciativa lexislativa que, lonxe de restarlle protagonismo político ao Parlamento de Galicia, contribuíu ao longo dos últimos anos a reforzar a súa centralidade, a mellorar o exercicio por parte das deputadas e dos deputados da representación política e a achegar as demandas e inquietudes sociais á institución parlamentaria.

A vontade de favorecer a participación cidadá nos procedementos lexislativos autonómicos quedou reafirmada coa recente reforma da Lei 1/1988, mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro, na que, co obxecto de darlle un novo pulo, se reduciu o número de sinaturas precisas para que as iniciativas lexislativas populares poidan ser debatidas no Parlamento



de Galicia, se habilitou a posibilidade de recoller as sinaturas electronicamente e se estableceu un prazo para que, unha vez completados todos os requisitos que a lexislación e o Regulamento da Cámara establecen, se produza o debate para a correspondente toma en consideración.

Adicionalmente, e coa mesma vontade de facilitar a participación cidadá na elaboración das leis, a Presidencia e a Mesa do Parlamento promoveron na presente lexislatura a posta en marcha, a través da páxina web oficial da Cámara, da iniciativa denominada “Lexisla con nós”, un instrumento que permite á cidadanía coñecer e realizar achegas aos proxectos e proposicións de lei que se están a tramitar. Unha iniciativa útil, que, como se fai nesta norma, cómpre regular con maior garantía para todas aquelas persoas que queiran trasladar a súa opinión aos lexisladores con pleno coñecemento tanto do texto do proxecto ou proposición de lei como das emendas que os respectivos grupos parlamentarios presenten de acordo co previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia.

Co fin de ampliar máis aínda a posibilidade de que todas as persoas que gozan da condición política de galegos poidan participar nas funcións que o Estatuto de autonomía lle atribúe ao Parlamento de Galicia e de reforzar así a centralidade política que a nosa asemblea representativa ten na estrutura institucional autonómica, nesta norma introdúcense dous novos mecanismos de participación cidadá directa: a presentación de iniciativas de impulso, mediante proposicións non de lei; e de control, a través de preguntas.

Con estas dúas iniciativas trátase de facilitar que os galegos e as galegas poidan sentirse partícipes da actividade parlamentaria traendo ao Parlamento de Galicia aqueles asuntos de relevan-

cia que consideren que deben ser debatidos pola Cámara, participando máis activamente na fixación das axendas de debate das sesións parlamentarias, así como presentando preguntas dirixidas á Xunta de Galicia para que o Goberno poida informar e dar resposta sobre aqueles asuntos que lles preocupan.

Finalmente, e para facilitar o exercicio do dereito de petición que a Constitución reconece a todas as persoas no seu artigo 29, prevese a posta en marcha dun mecanismo electrónico para a presentación no Rexistro do Parlamento daquelas peticións que vaian dirixidas á Cámara lexislativa autonómica.

Coa finalidade de simplificar o marco normativo, de xeito que tanto cidadáns como asociacións e colectivos e a propia Administración poidan contar cun marco normativo máis simplificado, fácil de manexar e máis operativo, apróveitase a introdución dos novos mecanismos de participación cidadá nas actividades de impulso e control do Parlamento de Galicia para reunir nun único texto a normativa xa existente sobre as iniciativas lexislativas populares, sen modificar o previsto no articulado da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reformada mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro.

En consecuencia, a presente lei estrutúrase en seis títulos. O título I ten un único artigo, no que se reconece o dereito de participación no Parlamento de Galicia de todas e todos os cidadáns que gocen da condición política de galegos e galegas. No título II recóllese o texto consolidado da Lei de iniciativas lexislativas populares. O título III regula a participación popular na elaboración das leis que se tramiten no Parlamento de Galicia. O título IV abre a posibilidade da participación popular no impulso da acción de goberno, regulando a posibilidade de presentación de proposicións non de lei pola cidadanía. No

título V regúlase a participación cidadá no control ao Goberno, a través da presentación de preguntas dirixidas ao Goberno. E no título VI introdúcese a posibilidade de exercer o dereito de petición perante a Cámara a través de medios telemáticos.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

## TÍTULO I

### **Disposición xeral**

#### **Artigo 1**

As persoas maiores de idade que gocen da condición política de galegos ou galegas e se atopen inscritas no censo electoral poden exercer a iniciativa lexislativa prevista no artigo 13.1 do Estatuto de autonomía, así como as restantes formas de participación política a través do Parlamento de Galicia, de acordo co disposto por esta lei.

## TÍTULO II

### **Iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia**

#### **Artigo 2**

A iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia exerceuse por medio da presentación de proposicións de lei asinadas, polo menos, por 10.000 das cidadás e dos cidadáns referidos no artigo anterior.

### **Artigo 3**

Quedan excluídas da iniciativa lexislativa popular as materias seguintes:

1. As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.
2. As de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.
3. As de natureza orzamentaria e tributaria.

### **Artigo 4**

O procedemento para o exercicio da iniciativa lexislativa popular iniciárase mediante a presentación no Rexistro do Parlamento dun escrito dirixido á Mesa, que conterá:

- a) O texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos.
- b) Unha exposición das razóns que, a xuízo dos asinantes, aconsellen a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galicia da proposición de lei.
- c) A relación de membros da comisión promotora, cun mínimo de 10 persoas e coas sinaturas e datos persoais de cada un deles, e a indicación do enderezo que se sinale para cursar as notificacións e comunicacións que sexa preciso realizar.

Os Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia deben asesorar os membros da comisión promotora para facilitarlles o cumprimento dos requisitos formais.

## **Artigo 5**

1. Os membros da comisión promotora deberán reunir a condición de electores, de acordo co disposto no artigo 1 desta lei.

2. Non poderán formar parte da comisión promotora os deputados e as deputadas do Parlamento de Galicia nin as persoas incursas en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

## **Artigo 6**

Recibida a documentación presentada, a Mesa do Parlamento procederá a examinala, e resolverá sobre a súa admisión no prazo dun mes.

A Mesa do Parlamento soamente poderá declarar a inadmisión dunha iniciativa lexislativa popular por algún dos seguintes motivos:

- a) Que teña por obxecto algunha das materias excluídas.
- b) Que o escrito de presentación non reúna algún dos requisitos exixidos. Non obstante, tratándose dun defecto reparable, a Mesa comunicarallo á comisión promotora para que proceda, de ser o caso e no prazo dun mes, á reparación.
- c) Que exista previamente no Parlamento un proxecto ou proposición de lei que verse sobre o mesmo obxecto da iniciativa lexislativa popular e se atope no trámite de emendas ou noutro posterior, mentres non se esgote o procedemento lexislativo.
- d) Que reproduza outra iniciativa lexislativa popular de contido igual ou substancialmente equivalente que se atope en trámite.

A resolución da Mesa do Parlamento notificaráselle á comisión promotora e publicárase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Contra a decisión da Mesa de non admitir a proposición de lei, a comisión promotora poderá interpoñer recurso de amparo.

### **Artigo 7**

1. Admitida a proposición, a Mesa do Parlamento comunicarllo á Xunta Electoral de Galicia, que garantirá a regularidade do procedemento de recollida de sinaturas pola comisión promotora.

2. A Xunta Electoral de Galicia notificaralle á comisión promotora a admisión da proposición co obxecto de que se proceda á recollida das sinaturas requiridas.

3. O procedemento finalizará coa entrega á Xunta Electoral de Galicia das sinaturas recollidas, no prazo máximo de catro meses, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación a que se refire o punto anterior. Este prazo poderá ser prorrogado por tres meses por petición da comisión promotora cando concorra causa xustificada, apreciada pola Mesa do Parlamento. Transcorrido o prazo sen que se fixese entrega das sinaturas requiridas, caducará a iniciativa.

### **Artigo 8**

1. Recibida a notificación de admisión da proposición, a comisión promotora presentará, no prazo de dez días hábiles, ante a Xunta Electoral de Galicia, os pregos necesarios para a recollida de sinaturas. Nestes pregos reproducirase o texto íntegro da proposición de lei.

2. No suposto de que o texto da proposición superase en extensión as tres caras do prego, poderase achegar un prego máis, que se xuntará ao destinado a recoller as sinaturas, de modo que non poidan ser separados, e selaranse e numeraranse de acordo co disposto no punto seguinte.

3. Recibidos os pregos pola Xunta Electoral de Galicia, esta, dentro das setenta e dúas horas seguintes, selaraos, numeraos e devolveraos á comisión promotora.

## **Artigo 9**

1. As sinaturas recollidas figurarán necesariamente nos pregos a que fai referencia o artigo anterior e tamén se poderán recoller a través de sinatura electrónica, conforme o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 22 de xaneiro de 2015, sobre o procedemento para a verificación e certificación de sinaturas electrónicas nas iniciativas lexislativas populares, e demais normas de aplicación.

A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

2. Xunto coa sinatura de cada elector ou electora faranse constar o seu nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, a data de nacemento e o municipio galego en cuxas listas electorais está inscrito ou inscrita.

3. As sinaturas deberán ser autenticadas por un notario, un cónsul, un secretario xudicial ou o secretario municipal que corresponda ao municipio en cuxo censo electoral estea inscrita a

persoa asinante. Indicarase a data en que se realice a autenticación, que poderá ser colectiva, prego por prego, en cuxo caso deberá consignarse o número de sinaturas contidas en cada prego.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as sinaturas poderán tamén ser autenticadas por fedatarios especiais designados pola comisión promotora.

5. Poderá adquirir a condición de fedatario especial quen, sendo maior de idade e tendo a condición política de galego, xure ou prometa ante a Xunta Electoral de Galicia dar fe da autenticidade das sinaturas dos signatarios da proposición, baixo as penas que, en caso de falsidade, procedan.

6. A comisión promotora será responsable de que os datos persoais que estean no seu poder sexan tratados con respecto á lexislación aplicable en materia de protección de datos, e garantirá, particularmente, que os ditos datos non sexan utilizados para fins distintos do apoio declarado a esa iniciativa.

## **Artigo 10**

1. Os pregos que conteñan as sinaturas recollidas, a cada un dos cales se achegará certificado, expedido en forma xenérica por algunha das persoas con facultade de autenticar, que acredite a inscrición dos asinantes no censo electoral, presentaranse ante a Xunta Electoral de Galicia.

Co obxecto de facilitar a expedición dos indicados certificados, facilitaránselles ás persoas para iso facultadas exemplares, o acceso aos correspondentes censos electorais ou copias compulsadas destes.



2. A Xunta Electoral, unha vez entregados os pregos e as certificacións correspondentes, comprobaraos e fará o reconto de sinaturas nun acto público. Para a asistencia a este acto serán notificadas as persoas representantes da comisión promotora.

A Xunta Electoral declarará nulas as sinaturas que non cumpran os requisitos establecidos nesta lei, que non se computarán.

3. Efectuado o reconto de sinaturas no prazo indicado anteriormente e comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos para a válida presentación da proposición, a Xunta Electoral debe comunicar estes datos no prazo de quince días hábiles, que se contarán desde a data do acto público de reconto, e remitir á Mesa do Parlamento e á comisión promotora a certificación acreditativa do número de sinaturas válidas, e procederá a destruír os pregos das sinaturas que estean no seu poder, coa excepción daqueles que conteñan sinaturas ás que se lles negase a súa validez.

## **Artigo 11**

Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a Mesa ordenará a publicación da proposición, e a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 123 do Regulamento da Cámara. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria do debate de toma en consideración da correspondente iniciativa deberá producirse nun dos dous plenos ordinarios seguintes que se realicen, unha vez que esta teña cumpridos todos os trámites establecidos na lexislación vixente e no Regulamento da Cámara.

## **Artigo 12**

Para a defensa da proposición de lei, no debate para a toma en consideración no Pleno do Parlamento, a comisión promotora poderá designar un dos seus membros ou un dos asinantes.

### **Artigo 13**

1. A iniciativa lexislativa popular que estea a tramitarse no momento en que se disolva o Parlamento seguirá a súa tramitación na nova lexislatura.

2. Non poderá exixirse en ningún caso que volva acreditarse o cumprimento dos requisitos establecidos pola presente lei nin que volvan presentarse as sinaturas.

3. A Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces, acordará o trámite a partir do cal debe continuarse, neste suposto, o procedemento lexislativo.

### **Artigo 14**

O Parlamento resarcirá a comisión promotora dos gastos realizados, ata un máximo de 0'64 euros por sinatura, co límite máximo de 6.000 euros, sempre que a proposición de lei sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia e que os gastos estean debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, conforme o establecido na normativa vixente en materia de subvencións. Esta cifra será revisada pola Mesa do Parlamento segundo as variacións do índice de prezos de consumo.

## **TÍTULO III**

### **Da participación popular na elaboración das leis**

### **Artigo 15**

1. As persoas maiores de idade e coa condición política de galegos poderán participar na tramitación parlamentaria das leis remitindo as súas suxestións e achegas á Mesa do Parlamento de Galicia antes da sinatura do informe da ponencia da iniciativa lexislativa.

2. Unha vez admitidas a trámite as suxestións e achegas, serán entregadas á ponencia encargada de elaborar o informe de ponencia para o seu estudo á vista do texto da iniciativa lexislativa e das emendas presentadas.

3. A Mesa do Parlamento aprobará as normas necesarias para facilitar a presentación das achegas populares mediante medios electrónicos e a información aos autores do estado de tramitación das iniciativas lexislativas.

## TÍTULO IV

### **Da participación popular no impulso da acción do Goberno a través de proposicións non de lei**

#### **Artigo 16**

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, ou calquera cidadán ou cidadá coa súa sinatura e a doutros nove, e coa mención dos seus documentos nacionais de identidade, poderán promover a presentación de proposicións non de lei ao Parlamento de Galicia.

2. O procedemento para a presentación de proposicións non de lei de iniciativa popular será o previsto nesta mesma norma para a tramitación das iniciativas lexislativas populares, agás nas especificidades seguintes:

a) A Mesa da Cámara pronunciarase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

b) O número requirido de sinaturas de persoas lexitimadas para subscribir unha proposición non de lei de iniciativa popular é de 2.500.

c) Unha vez admitida unha proposición non de lei, quedará depositada no Rexistro da Cámara. Nese momento, calquera grupo parlamentario poderá asumila, debendo converterla en proposición non de lei en pleno ou en comisión. Seralle de aplicación o disposto no artigo 161.1 do Regulamento do Parlamento. De seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a asunción, quedará asignada ao primeiro que o solicite.

d) Ao formulala, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando a identidade das persoas asinantes.

e) O aboamento dos gastos previstos no artigo 14 da presente lei producirase sempre que a proposición non de lei sexa aprobada polo Parlamento e co límite máximo de 1.500 euros.

3. As proposicións non de lei admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún grupo parlamentario nos quince días seguintes ao seu anuncio no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* consideraranse decaídas.

4. As proposicións non de lei asumidas por un grupo parlamentario seranlle imputadas a ese grupo parlamentario respecto da formación das correspondentes ordes do día.

5. A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

## TÍTULO V

### **Da participación popular no control ao Goberno**

#### **Artigo 17**

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, e calquera cidadán ou cidadá coa súa sinatura e mención do seu documento nacional de identidade, poderán dirixir preguntas ao Parlamento de Galicia co rogo de que sexan formuladas á Xunta de Galicia.

2. A Mesa da Cámara pronunciarase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

3. Unha vez admitida unha pregunta, quedará depositada no Rexistro da Cámara e será cualificada e admitida, de ser o caso, pola Mesa.

As preguntas admitidas anunciaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e establecerase un prazo de quince días, que se contarán desde o seguinte ao da súa publicación, para que os deputados ou as deputadas as poidan asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral. De seren varios os deputados ou as deputadas que manifesten a asunción, será asignada ao primeiro que o solicite.

Ao formulalas, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando, se se trata dunha persoa física, o nome e os apelidos do asinante, e expresando así mesmo os deputados ou as deputadas que as asumisen.

4. As preguntas admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún deputado ou deputada nos quince días seguintes ao seu anuncio no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* consideraranse decaídas.

5. As preguntas de iniciativa popular asumidas por un deputado ou deputada seranlle imputadas ao seu grupo respecto da formación das correspondentes ordes do día.

## TÍTULO VI

### **Do exercicio do dereito de peticións perante o Parlamento de Galicia**

#### **Artigo 18**

Para facilitar o exercicio do dereito de peticións dos cidadáns e das cidadás perante o Parlamento de Galicia habilitarase na páxina web oficial desta institución un mecanismo electrónico.

#### **Disposición transitoria. Regulación da sinatura electrónica**

A Xunta Electoral de Galicia disporá dun prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma para a elaboración das disposicións necesarias que permitan o uso da sinatura electrónica prevista no artigo 15 desta lei.

#### **Disposición derogatoria**

1. Queda derogada a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan á presente lei.

#### **Disposición derradeira**

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO,  
DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

# **LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

## **Exposición de motivos**

### **1**

A importancia do control cidadán sobre a actividade gobernamental nunha democracia queda acreditada desde os debates que precederon á promulgación da primeira constitución democrática da historia. Nos chamados «papeis federalistas», pensadores como James Madison ou Alexander Hamilton introducían os conceptos de «rendición de contas» ou «controis e contrapesos» como elementos esenciais que se atopan na raíz da democracia.

Unha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás. Nese sentido, os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

### **2**

No ordenamento xurídico estatal, xa a propia Constitución prevé como unha obriga a regulación do acceso cidadán a determinada información administrativa. Ao mesmo tempo, o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos,



enunciado no artigo 23, non se debe entender limitado, como dicíamos, ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Con esa vocación, as Cortes Xerais aprobaron a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Unha norma que é, na súa maior parte, de contido básico e, en consecuencia, resulta aplicable ás institucións autonómicas no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, tal e como está indicado na disposición derradeira novena da dita norma.

Esa lei establece as obrigas de difusión de determinada información pública a través da internet, concretando un catálogo mínimo de datos que ofrecer. Por outra banda, regula o dereito da cidadanía a solicitar do Goberno calquera outra información pública que xulgue oportuna, concretando os límites dese dereito e establecendo a posibilidade, en todo caso, de recurso contra as resolucións denegatorias emitidas polas administracións.

Finalmente, a devandita lei establece uns principios básicos de bo goberno para os altos cargos das administracións públicas estatais, e deixa ao cargo de cada unha delas a lexislación concreta sobre as súas normas de conduta e control das incompatibilidades.

### 3

No eido galego, a rendición de contas fora xa abordada por dúas leis específicas: por unha banda, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, e, por

outra, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Ambas as dúas normas teñen a súa cerna no deber fundamental, encomendado polo Estatuto de autonomía aos poderes públicos galegos, de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, e teñen o seu sustento legal no artigo 28.1 do mesmo estatuto, que reconece a competencia da Comunidade Autónoma galega para regular o réxime xurídico da Administración pública de Galicia.

As dúas leis supuxeron importantes avances no control da actividade pública en Galicia. A Lei 9/1996 fixou o primeiro réxime de incompatibilidades dos responsables públicos de Galicia, instaurando as precaucións necesarias para garantir a súa obxectividade e imparcialidade. A Lei 4/2006, pola súa banda, introduciu a transparencia como principio reitor da actividade da Administración autonómica e supuxo a concreción legal de prácticas hoxe habituais como a publicación da información sobre os convenios e contratos públicos, as convocatorias de subvencións e a resolución destas ou a información retributiva dos cargos públicos.

As obrigas de transparencia e bo goberno exixidas por estas leis foron uníndose, ao longo dos anos, outras obrigas en leis sectoriais reguladoras de materias como as subvencións, a ordenación urbanística, as prestacións sanitarias, o sistema de arquivos, a calidade dos servizos públicos, e mesmo na propia Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En calquera caso, a crecente exigencia cidadá de control público da actividade das institucións, así como a necesidade de adaptar as leis existentes en Galicia ao novo marco legal derivado da aprobación de nova lexislación básica, aconsellan a aprobación dun novo texto. Unha nova norma que, ademais de avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar, integre nun mesmo texto toda a regulación referida á rendición de contas dos poderes públicos galegos, tanto no que respecta aos datos derivados da súa actividade administrativa e gobernamental coma no tocante aos mecanismos de control das boas prácticas por parte das persoas que teñen responsabilidades públicas. Unha nova norma que, nos momentos previos á súa remisión ao Parlamento, estea suxeita a un proceso de participación cidadá que terá resultado na incorporación de achegas cidadás á súa redacción final.

Polo que respecta ao fundamento competencial desta norma, o título I dítase en exercicio da competencia autonómica exclusiva en materia de organización das súas institucións de autogoberno recollida no artigo 27.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, da competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia recollida nos artigos 28.1 e 39 do mesmo texto legal, en relación co artigo 148.1.1 da Constitución, dentro do marco lexislativo básico ditado polo Estado.

As materias do título II, baixo a rúbrica de «bo goberno», teñen o seu fundamento nas competencias da Comunidade Autónoma para regular por lei o alcance da responsabilidade e o estatuto persoal dos membros da Xunta, na competencia autonómica en materia de organización das súas institucións de autogoberno, consonte o previsto no artigo 27.1 e 39 en relación co artigo 16 do Estatuto de autonomía de Galicia.

## 4

Deste xeito, a presente lei estrutúrase nun título preliminar e tres títulos numerados, cada un deles dedicado á regulación dun dos dous obxectivos fundamentais mencionados no propio nome da lei: a transparencia e o bo goberno das administracións públicas autonómicas, ademais do réxime sancionador. Así, en primeiro lugar, o título preliminar establece o obxecto da lei e marca aqueles principios polos cales se deberá rexer a súa aplicación.

A continuación, o título I céntrase no eido da transparencia. O seu capítulo I define aqueles suxeitos aos cales serán aplicables as obrigas de transparencia e regula, así mesmo, a obriga doutros suxeitos de colaboraren con aqueles na satisfacción das solicitudes de información pública introducindo, como novidade respecto do marco básico, a posibilidade de aplicar multas coercitivas no caso de ausencia desta necesaria colaboración. No capítulo II deste título establécense obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que, pola súa vez, amplían as establecidas pola Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Así, márcanse novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Pero non só é importante a cantidade dos contidos ofertados senón a calidade destes, e mesmo o seu formato. Por isto, o capítulo III deste primeiro título recolle como modalidade preferente de difusión da información pública os formatos abertos, que permitan á cidadanía a reutilización dos datos públicos.

No seu capítulo IV, o título I aborda a regulación do dereito cidadán ao acceso á información pública, máis alá daquela que sexa ofertada en virtude do disposto no capítulo I. Deste xeito, determínase o procedemento pertinente, establecendo a necesaria obriga das administracións públicas de facilitaren á cidadanía aquela orientación e asesoramento que precise, así como de lle proporcionaren modelos normalizados de solicitudes e canles electrónicas para as tramitar.

Por último, o capítulo V regula os necesarios mecanismos de coordinación e control das ditas obrigas de transparencia. Así, en primeiro lugar regula o Portal de transparencia e Goberno aberto, en que o sector público autonómico deberá dar conta das obrigas de publicidade activa. En segundo lugar, organiza os mecanismos internos de coordinación dentro do sector público autonómico para lles dar cumprimento ás solicitudes de información pública e, por último, de conformidade coa posibilidade regulada na disposición adicional cuarta da lei básica, determina o órgano independente capaz de resolver as reclamacións sobre resolucións denegatorias ás ditas solicitudes. Para garantir a auténtica independencia deste órgano, óptase pola atribución desta competencia ao Valedor do Pobo, institución estatutaria de contrastada independencia, ao ter garantido na súa lei reguladora que nin o seu nomeamento nin o seu cesamento sexan potestade do Goberno autonómico senón do Parlamento.

O título II desta lei, pola súa banda, centra a súa atención nos mecanismos de bo goberno e control da actividade das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico. En concreto, o capítulo I deste título procede a regular con precisión, en primeiro lugar, o repertorio de persoas que teñen a consideración de alto cargo e, a seguir, as obrigas que as

acompañan no exercicio desa responsabilidade, dando rango legal á necesaria existencia dun código ético institucional no eido do sector público autonómico.

No tocante ás incompatibilidades, partindo do principio xeral de dedicación exclusiva, establece as oportunas, razoables e limitadas excepcións a esta e pasa, a continuación, a potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do seu cargo. Así, establécese como principal novidade respecto da lexislación vixente a obriga de se abster nas tomas de decisións relativas a persoas xurídicas ou entidades privadas das cales o alto cargo tivese parte na súa dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.

Xunto con este exemplo, o control sobre os eventuais conflitos de intereses das persoas que ocupan altos cargos vese ampliado tamén pola introdución da obriga para estas persoas de ter que informar a Oficina de Incompatibilidades, durante os dous anos seguintes ao seu cesamento, daquelas actividades que vaian realizar, para que a dita oficina poida informar sobre a súa compatibilidade.

Finalmente, o control da actividade das persoas que ocupan altos cargos non se circunscribe unicamente ao ámbito interno, senón que se fai público a través da publicidade da información recollida nas declaracións de actividades e bens destas persoas. Polo tanto, grazas á publicación das declaracións de actividades, a cidadanía poderá coñecer as actividades desenvolvidas por cada unha destas persoas nos dous anos anteriores á súa toma de posesión, o que, sumado á obrigatoria publicación das resolucións de compatibilidade aprobadas tras o cesamento, lles proporcionará ás galegas e aos galegos unha

completa información sobre a traxectoria de quen xestiona ou xestionou os recursos públicos.

No entanto, no relativo ás declaracións de bens, esténdese a obriga de publicidade que a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, estableceu para os membros do Goberno. A partir da entrada en vigor desta lei, serán todas as persoas que ocupen altos cargos as que deban facer pública a súa información patrimonial tanto no momento do seu nomeamento coma no do seu cesamento, permitindo un escrutinio público sobre a evolución do dito patrimonio.

O capítulo II deste segundo título incide sobre as boas prácticas especificamente relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da delimitación da consideración do Goberno en funcións recollida no artigo 17 do Estatuto de autonomía de Galicia, procédese a limitar as súas facultades durante este período, garantindo que a súa actividade non poida condicionar de xeito substancial a actividade do Goberno que o suceda. Do mesmo xeito, regúlanse as obrigas dese goberno en funcións de lle proporcionar ao futuro Goberno toda aquela información necesaria para iniciar a súa xestión, establecéndose unha completa relación da documentación que deberá ser obxecto de transmisión durante o proceso de traspaso de poderes entre os gobernos saínte e entrante.

O título III establece o réxime sancionador derivado dos incumprimentos en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses. Así mesmo, en desenvolvemento das infraccións en xestión económico-orzamentaria e das infraccións disciplinares reguladas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, precísase o seu procedemento sancionador, ademais de incorporar

ao catálogo de infraccións disciplinarias dispostas pola lei básica aqueloutras derivadas do incumprimento das obrigas de transparencia previstas nesta lei.

A parte final desta lei está conformada por sete disposicións adicionais, tres transitorias, unha derogatoria e cinco derradeiras. Nelas procédese, por exemplo, a engadir a ponderación do criterio de custo nos procedementos de contratación á do criterio prezo, introducida mediante o artigo 10 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. En liña coas recentes directivas europeas na materia, incorpórase o factor custo, entendido como custo do ciclo de vida, como elemento máis preciso e eficiente para a determinación das adxudicacións. A dita novidade incorpórase ao texto legal que actualmente aglutina en Galicia toda a regulación sobre contratación pública no sector público autonómico: a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Por outra banda, consolídase un elemento de control da actividade pública que fora introducido en inicio pola Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, pero que, ao contrario que o resto do articulado da dita lei, ten unha vocación de vixencia indefinida. Trátase da capacidade do Consello da Xunta para homologar os criterios retributivos do persoal directivo das entidades do sector público autonómico, unha regulación que agora pasa a se inserir dentro da propia Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e que, polo tanto, se traslada ao núcleo básico da normativa autonómica sobre réxime xurídico do noso sector público.



O resto das disposicións incluídas na parte final dedícase, de xeito fundamental, a definir os compromisos de desenvolvemento regulamentario e a marcar as transitoriedades necesarias ata que o dito desenvolvemento estea plenamente culminado, así como a marcar o momento de entrada en vigor da lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de transparencia e bo goberno.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **Artigo 1. Obxecto**

1. Esta lei ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública, entendendo estoutra tal e como se define no artigo 24 desta lei.

2. Así mesmo, é obxecto desta lei establecer o réxime xurídico das obrigas de bo goberno que deben cumprir o sector público autonómico así como as persoas que ocupen altos cargos nel, incluíndo o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control dos seus bens patrimoniais.

### **Artigo 2. Principios reitores da lei**

A interpretación e a aplicación desta lei rexeranse polos seguintes principios:

- a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.

e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

## **TÍTULO I**

### **Transparencia da actividade pública**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Ámbito subxectivo de aplicación**

#### **Artigo 3. Ámbito subxectivo de aplicación**

1. As disposicións deste título serán aplicables:

- a) Ao sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais do seu sector público.
- b) Ás universidades do Sistema universitario de Galicia e ás entidades vinculadas ou dependentes delas.
- c) Ás corporacións de dereito público que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo ás súas actividades suxeitas a dereito administrativo.
- d) Ao Parlamento de Galicia, ao Consello Consultivo, ao Valedor do Pobo, ao Consello de Contas, ao Consello Económico e Social, ao Consello Galego de Relacións Laborais e ao Consello da Cultura Galega en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación.
- e) A todos os demais entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia distinta dos expresados nas alíneas anteriores, que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan ca-

rácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos dos indicados nas alíneas anteriores financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

f) Ás asociacións constituídas polos entes, os organismos ou as entidades anteriores.

2. Os partidos políticos, as organizacións sindicais, as organizacións empresariais e as entidades privadas perceptoras de fondos públicos a que se refire o artigo 3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cando reciban fondos do sector público autónomo, darán cumprimento ás súas obrigas de publicidade activa no Portal de transparencia e Goberno aberto.

3. No tocante ás obrigas de subministración de información, esta lei será aplicable a calquera entidade privada que reciba ou xestione fondos públicos ou cuxa actividade teña interese público ou repercusión social nos termos previstos no artigo seguinte.

#### **Artigo 4. Obriga de subministración de información**

1. Todas as persoas físicas ou xurídicas distintas das indicadas no artigo 3.1, que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, estarán obrigadas a lle subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas neste título.

2. Esta obriga de subministrar información estenderase:

- a) A todas as persoas físicas ou xurídicas adxudicatarias de contratos.
- b) A todas as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de subvencións.

3. Para garantir o cumprimento do previsto neste e no anterior artigo, as bases reguladoras das subvencións, así como a documentación contractual ou os negocios xurídicos que instrumenten a prestación dos servizos públicos ou o exercicio de potestades públicas, recollerán expresamente esta obriga de subministración de información e as consecuencias do seu incumprimento.

4. Regulamentariamente determinarase o procedemento que cómpre seguir para o cumprimento desta obriga, así como as multas coercitivas aplicables nos supostos en que o requirimento de información non sexa atendido en prazo. A multa de 100 a 1.000 euros será reiterada por períodos mensuais ata o cumprimento. O total da multa non poderá exceder o 5 % do importe do contrato, subvención ou instrumento administrativo que habilite para o exercicio das funcións públicas ou a prestación dos servizos. No suposto de que no devandito instrumento non figure unha contía concreta, a multa non excederá os 3.000 euros. Para a determinación do importe atenderase á gravidade do incumprimento e ao principio de proporcionalidade.

## **Artigo 5. Fomento da cultura da transparencia**

1. A Xunta de Galicia promoverá a cultura da transparencia entre a cidadanía con cursos, conferencias e cantos outros medios considere oportunos para fomentar e divulgar os medios dispoñibles e animar ao exercicio do dereito de acceso á información por parte dos cidadáns.

2. Con ese mesmo fin, a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, que analizará e expoñerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública, coa inclusión do número de solicitudes presentadas e das porcentaxes dos distintos tipos de resolución a que deron lugar.
- b) Os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e Goberno aberto e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.

## CAPÍTULO II

### **Publicidade activa**

#### **Artigo 6. Principios xerais**

1. Enténdese por publicidade activa o compromiso dos suxeitos comprendidos nos puntos 1 e 2 do artigo 3 de publicaren por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e doadamente accesible toda aquela información relevante relativa ao seu funcionamento, como medio para fomentar o exercicio por parte da cidadanía do seu dereito fundamental á participación e ao control sobre os asuntos públicos.

2. As obrigas de publicidade activa contidas neste capítulo enténdense complementarias das recollidas na normativa básica e sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

3. Serán de aplicación, en todo caso, os límites ao dereito de

acceso á información pública previstos na normativa básica, así como os derivados da normativa en materia de protección de datos persoais. Deste xeito, cando a información obxecto deste capítulo conteña datos especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo logo da disociación destes.

4. A información suxeita ás obrigas de publicidade activa será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web dun xeito claro, estruturado, conciso e entendible para as persoas interesadas e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

5. Toda a información será comprensible, de acceso doado e gratuito e estará á disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade subministrada por medios ou en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme o principio de accesibilidade universal e deseño para todos e todas.

### **Artigo 7. Obrigas específicas de información institucional, organizativa e de planificación**

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 tamén publicarán:

- a) A relación de órganos colexiados adscritos, a súa composición e as normas polas cales se rexen.
- b) As competencias dos distintos órganos e entidades, así como os trasposos de funcións e servizos asumidos.

- c) As delegacións de competencias vixentes.
- d) A localización das unidades administrativas, os medios de contacto e o horario de atención ao público.
- e) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, así como os estándares de boas prácticas e responsabilidade social que aplica.
- f) O contido do Rexistro de Entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Os plans de actuación e contratos de xestión das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) O plan estratéxico ou de goberno.
- i) As axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e das persoas que ocupen altos cargos, que se manterán públicas, como mínimo, durante un ano.

## **Artigo 8. Obrigas específicas de información sobre as relacións coa cidadanía**

Os suxeitos citados no artigo 3.1 desta lei facilitarán información sobre:

- a) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
- b) O réxime xurídico dos distintos servizos públicos.
- c) Os requisitos e as condicións de acceso aos servizos públicos.
- d) As cartas de servizos aprobadas.
- e) Os resultados das avaliacións de calidade efectuadas.



### **Artigo 9. Obrigas específicas de información de relevancia xurídica**

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:

- a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.
- c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer.

### **Artigo 10. Obrigas específicas de información en materia de persoal**

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1, no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:

- a) As relacións de postos de traballo, os cadros de persoal e os demais instrumentos de ordenación de persoal dos ámbitos de función pública, sanitario e docente.
- b) Os efectivos de persoal funcionario, laboral, sanitario e docente, así como a información sobre os efectivos de persoal eventual nos termos previstos no artigo 32 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

c) Os permisos para a realización de funcións sindicais, liberados e liberadas sindicais tanto de carácter institucional coma as dispensas sindicais, distribuídos segundo relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculados, así como todos os custos que estas orixinan.

Crédito horario total que ten cada organización sindical e a súa distribución segundo relación nominal de persoas, así como todos os custos que estas orixinan.

d) Os importes das retribucións máximas autorizadas ao persoal regulado no artigo 53 bis da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e mais as retribucións que efectivamente perciben por todos os conceptos.

e) O perfil biográfico e a traxectoria profesional dos altos cargos.

f) As contías das retribucións que resulten aplicables ao persoal funcionario, estatutario e laboral, e as condicións para a súa devindicación.

g) As contías globais das indemnizacións por razón do servizo que resulten aplicables ao persoal empregado público.

h) As ofertas públicas de emprego ou instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal.

As convocatorias de procesos selectivos para o ingreso en corpos, escalas ou categorías de persoal empregado público e os membros dos órganos designados para os cualificar.

As convocatorias de procesos de provisión definitiva de postos de traballo.

As convocatorias de procesos de provisión transitoria de postos de traballo e, de ser o caso, a relación actualizada de persoas que integran as listas de selección de persoal interino ou temporal, por orde de prelación.

i) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais e das indemnizacións previstas ao final do contrato.

j) As declaracións de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos nos termos previstos no título II desta lei.

k) Os acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo ou das retribucións e incentivos, así como os convenios colectivos vixentes.

l) As retribucións dos altos cargos previstos no artigo 37 desta mesma lei.

m) A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.

n) As resolucións de autorización do exercicio de actividade privada logo do cesamento dos altos cargos.

### **Artigo 11. Obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística**

1. Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1, en relación coa súa actividade económico-financeira, tamén publicarán:

a) A información básica sobre o financiamento, con indicación dos diferentes instrumentos.

b) O teito de gasto non financeiro aprobado para cada exercicio.

c) Os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e estabilidade financeira.

d) A situación déficit/superávit público sobre produto interior bruto e por habitante.

e) A débeda pública da Administración, con indicación da súa evolución, o endebedamento por habitante, o endebedamento relativo e a porcentaxe do endebedamento sobre o produto interior bruto.

f) O período medio de pagamento a provedores.

g) O gasto por habitante e o investimento por habitante e territorializado.

h) As estatísticas en materia tributaria, conforme parámetros xeográficos, poboacionais ou económicos.

i) Calquera outra información económica e estatística de elaboración propia cuxa difusión sexa máis relevante para o coñecemento xeral, facilitando as fontes, as notas metodolóxicas e mais os modelos utilizados.

2. En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual.

## **Artigo 12. Obrigas específicas de información patrimonial**

Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a) tamén farán público:

- a) A relación de bens de interese cultural.
- b) O número de vehículos dos cales é titular ou arrendatario.

## **Artigo 13. Obrigas específicas en materia de contratación pública**

1. Os suxeitos citados no artigo 3.1.a), b) e d), sen prexuízo da información que se debe publicar segundo a normativa básica en materia de transparencia respecto das licitacións que se deban adxudicar polos procedementos aberto, restrinxido, negociado con publicidade e diálogo competitivo, así como nos concursos de proxectos, publicarán a seguinte información:

- a) O obxecto, a duración e o valor estimado do contrato.
- b) O procedemento de adxudicación.
- c) Os pregos, os documentos descritivos e toda a documentación de interese para a licitación, incluíndo as respostas ás aclaracións.
- d) No caso de contratación de medios e prestacións incluídos nos catálogos de autoprovisión regulados no artigo 8 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o informe que, de acordo co disposto na dita lei, xustifique a imposibilidade de facer uso da autoprovisión.
- e) De ser o caso, a composición das mesas de contratación, do comité de persoas expertas e/ou dos organismos técnicos especializados que deban intervir no proceso de adxudicación.

f) Os anuncios publicados nos diarios oficiais e na web do perfil de contratante (texto e data de publicación).

g) O lugar de presentación de ofertas e a data e a hora límite de presentación.

h) De ser o caso, o lugar, a data e a hora do acto público de apertura de ofertas.

i) O número dos licitadores, con identificación dos admitidos, excluídos e, de ser o caso, dos seleccionados.

j) A valoración das ofertas de acordo cos criterios de valoración, coas limitacións impostas pola excepción de confidencialidade prevista no artigo 153 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

k) A adxudicación do contrato.

l) A formalización do contrato.

m) As modificacións do contrato aprobadas.

n) As decisións de desistencia e renuncia aos contratos.

ñ) A cesión de contratos e subcontratacións.

2. A información relativa a todos os contratos menores, con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicaranse, polo menos trimestralmente, no Portal web de transparencia.

3. Tamén serán obxecto de publicación os acordos e criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.

## **Artigo 14. Obrigas de información sobre concesión de servizos públicos**

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, en relación coas concesións de servizos públicos os suxeitos citados no artigo 3.1.a), b) e d) deberán publicar:

- a) O servizo público obxecto da concesión administrativa.
- b) A identificación do concesionario.
- c) Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexan a dita concesión.
- d) Os estándares mínimos de calidade do servizo público.
- e) A identificación da persoa responsable do contrato.
- f) Os enderezos electrónicos aos cales se poden dirixir as reclamacións de responsabilidade patrimonial e as queixas nos termos en que se determine regulamentariamente.
- g) O persoal adscrito á prestación do servizo, con expresión da categoría e titulación.

## **Artigo 15. Obrigas específicas de información sobre convenios**

1. A Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de administracións públicas, manterá un rexistro de convenios público e accesible no cal os suxeitos citados no artigo 3.1.a) farán pública a información prevista na normativa básica en materia de transparencia.

2. Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, cada consellaría ou entidade terá que remitir para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, dentro dos primeiros vinte días dos meses de

xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. Alén do texto do convenio, deberá facerse pública a correspondente memoria na cal se xustifique a utilización desta figura.

3. Cando os devanditos convenios impliquen obrigas económicas para a Facenda autonómica ou para as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, sinalaranse con claridade o importe destas, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

### **Artigo 16. Obrigas de información sobre encomendas de xestión e encargos a medios propios**

Os suxeitos citados no artigo 3.1.a), ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán anualmente, no caso das encomendas de xestión e encargos a medios propios, a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor dos entes de control.

### **Artigo 17. Información específica sobre subvencións**

1. Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), b) e d) publicarán:

- a) O texto íntegro da convocatoria das axudas ou subvencións.
- b) As concesións das devanditas axudas ou subvencións.

2. Enténdense incluídas para os efectos do establecido no parágrafo anterior:

- a) Calquera outro acordo ou resolución do que resulte un efecto equivalente á obtención de axudas directas por parte do beneficiario ou da beneficiaria.



b) As achegas en diñeiro realizadas pola Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, sempre que non estean destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente.

3. Poden ser excluídos da publicación:

a) Aqueles supostos en que a publicación dos datos da persoa beneficiaria, en razón do obxecto da axuda, sexa contraria ao respecto e á salvagarda da honra e da intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

b) Aqueles datos que estean protexidos polo segredo comercial ou industrial, logo de informe debidamente motivado.

c) Con carácter xeral, aqueles supostos ou aqueles datos en que así o exixan ou aconsellen razóns prevalentes pola existencia dun interese público máis digno de protección, que, en todo caso, deberá ser motivado expresamente.

## **Artigo 18. Información sobre ordenación de territorio e ambiente**

1. Os instrumentos de ordenación de territorio e os plans urbanísticos, así como as súas correspondentes modificacións e revisións, deberán ser obxecto de publicidade, polo que se difundirá, como mínimo, a seguinte información:

a) A estrutura xeral de cada municipio.

b) A clasificación e a cualificación do solo.

c) A ordenación prevista para o solo, co grao de detalle adecuado.

d) A normativa urbanística.

e) Todas as resolucións e os informes que no exercicio das súas potestades e competencias emitan a Xunta de Galicia e os órganos que, se é o caso, exercen competencias sobre urbanismo.

2. Igualmente, serán obxecto de publicación:

a) A información xeográfica de elaboración propia cuxa difusión sexa máis relevante para o coñecemento xeral, facilitando as fontes, as notas metodolóxicas e os modelos utilizados.

b) A información ambiental que se debe facer pública de conformidade coa normativa vixente, incluíndo, en todo caso, a relativa á calidade das augas continentais e mariñas e mais a de emisións de gases de efecto invernadoiro.

c) A información relativa aos convenios urbanísticos que se subscriban, con mención dos terreos afectados, das persoas titulares dos ditos terreos, do obxecto do convenio e das contra-prestacións que se establezan nel.

## **Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia**

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.

## **Artigo 20. Ampliación das obrigas de publicidade activa**

Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei fomentarán a difusión de calquera outra información pública que se considere de interese para a cidadanía.

### **CAPÍTULO III** **Reutilización da información**

## **Artigo 21. Reutilización da información do sector público autonómico**

1. A Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia promoverán a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais, dos documentos que elaboran ou custodian, de conformidade coa lexislación aplicable e, en particular, coa normativa básica existente sobre reutilización da información do sector público.

2. Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.

3. Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.

4. A aplicación desta lei farase sen prexuízo do réxime aplicable ao dereito de acceso aos documentos e ás especialidades previstas na súa normativa reguladora.

## **Artigo 22. Formatos dispoñibles**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.

2. Non se lles poderá exixir aos ditos organismos que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por parte dunha entidade pública ou privada.

## **Artigo 23. Catálogo de información reutilizable en formato datos abertos**

1. O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. Regulamentariamente estableceranse os procedementos e mecanismos de coordinación que garantan que o catálogo e os seus contidos estean continuamente actualizados.

2. O portal de datos abertos, accesible desde o Portal de transparencia e Goberno aberto, configúrase como o punto de acceso ao Catálogo de información reutilizable da Administración xeral e do sector público autonómico. O portal terá como obxectivos prioritarios a difusión e a promoción do Catálogo de información reutilizable e das iniciativas de reutilización da información.

3. Regulamentariamente poderanse establecer as condicións de uso encamiñadas, en todo caso, a non permitir a alteración dos datos e a acreditar debidamente a súa fonte.

4. O portal de datos abertos terá á disposición das persoas interesadas un espazo para realizar propostas e suxestións sobre a información posta á disposición nel.

## CAPÍTULO IV

### **Dereito de acceso á información pública**

#### *Sección 1ª. Normas xerais*

#### **Artigo 24. O dereito de acceso á información pública**

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Así mesmo, considérase información pública a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos previstos no artigo 4.

2. No exercicio do seu dereito ao acceso á información pública garantiráselle á cidadanía:

- a) A posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras leis.
- b) A recepción da información pública en formato electrónico ou en papel, segundo teña indicado a persoa solicitante.
- c) A recepción da información pública na lingua oficial de Galicia en que a solicite.

d) O coñecemento das taxas e dos prezos que, de ser o caso, sexan exixibles para a obtención de copias ou para a transposición da información a formatos diferentes do orixinal.

e) A realización de propostas e suxestións tanto sobre a información demandada coma sobre os formatos, os programas ou as linguaxes informáticas empregadas.

3. Cando o dereito de acceso á información pública sexa exercido por un deputado ou unha deputada do Parlamento de Galicia na súa condición de tal, e sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, rexerase pola súa normativa específica.

## **Artigo 25. Limitacións do dereito de acceso á información pública**

1. O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.

Naqueles casos en que a aplicación dalgunha limitación non afecte a totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.

2. As limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e á súa finalidade de protección. En todo caso, deberánse interpretar de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información.

3. As limitacións ao dereito de acceso só serán aplicables durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.

*Sección 2ª. Exercicio do dereito de acceso á información pública*

**Artigo 26. Solicitude de acceso á información**

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciárase coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse á persoa titular do órgano administrativo ou da entidade que posúa a información. Cando se trate de información en posesión de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 aos cales estean vinculadas.

2. A persoa solicitante ten dereito a recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito a través do Sistema integrado de atención á cidadanía regulado na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

3. Para fomentar a presentación das solicitudes por vía electrónica, a Administración ofrecerá á cidadanía, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto de Galicia, modelos normalizados de solicitude e a posibilidade de envío á Administración pública requirida, sen prexuízo das posibilidades que cada unha delas poida ofrecer na súa páxina web propia.

4. A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información. Porén, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

## **Artigo 27. Tramitación e resolución das solicitudes de acceso**

1. A tramitación das solicitudes de acceso efectuarase conforme o previsto na normativa básica en materia de transparencia.

2. Cando as solicitudes se refiran a información que afecte dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederalles un prazo de quince días para que poidan formular alegacións.

O traslado da solicitude á persoa afectada producirá a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

3. No ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalles á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma e mais á persoa titular dos órganos de goberno ou executivos das entidades instrumentais do sector público que posúan a información.

4. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

5. Transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.



## **Artigo 28. Reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública**

1. Contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, agás naquelas ditadas polos suxeitos previstos no artigo 3.1.d) desta lei, contra as cales, conforme o previsto na normativa básica, só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

2. A reclamación ante o órgano independente de control terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa.

3. O seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2, 3 e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consello de Transparencia e Bo Goberno.

4. Unha vez notificadas ás persoas interesadas, e logo de disociación dos datos de carácter persoal que contiveren, as resolucións do Valedor do Pobo polas que se resolven as reclamacións de acceso á información pública publicaranse no Portal de transparencia e Goberno aberto e deberán ser tidas en conta por parte dos suxeitos que ditasen as resolucións obxecto de reclamación.

## **CAPÍTULO V**

### **Mecanismos de coordinación e control**

#### **Artigo 29. Portal de transparencia e Goberno aberto**

1. A Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa, en coordina-

ción co órgano ou a entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, desenvolverá o Portal de transparencia e Goberno aberto, configurado como punto de acceso electrónico para poñer ao dispor da cidadanía, a través da internet, a información que se deba facer pública de acordo coa normativa básica de aplicación e con esta lei.

2. Para os mencionados efectos, as consellarías e entidades do sector público autonómico, a través das unidades responsables, deberán comunicar aquela información ao órgano competente para o cumprimento das súas obrigas de publicidade, e poderase articular a interconexión directa dos datos.

3. O acceso da cidadanía á información do Portal de transparencia e Goberno aberto será gratuíto e respectará os principios de accesibilidade, interoperabilidade e reutilización. A información estará dispoñible en galego e castelán.

4. O Portal de transparencia e Goberno aberto incorporará, nos termos que se establezan regulamentariamente, outra información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, así como permitirá a interconexión con outros enderezos electrónicos da Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico, integrada polos portais web e servizos web sociais e participativos cuxa titularidade, xestión e administración corresponden aos órganos ou unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia no exercicio das súas competencias.

5. Os instrumentos de ordenación da información do Portal de transparencia e Goberno aberto, as prescricións técnicas e as unidades encargadas da súa organización e xestión, que se de-

terminarán regulamentariamente, garantirán que a información dispoñible estea actualizada e que sexa accesible e comprensible, e velarán pola accesibilidade universal nos termos previstos na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. O Portal de transparencia e Goberno aberto estará sometido ás normas xerais que rexan a presenza da Administración autonómica e do seu sector público na internet.

6. Regulamentariamente determinaranse as medidas complementarias e os instrumentos de colaboración coas outras administracións e entidades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, co fin de promover a interoperabilidade cos enderezos electrónicos que nelas se establezan para o cumprimento das obrigas de transparencia e publicidade activa e para facilitar que as entidades sen ánimo de lucro e corporacións de dereito público afectadas poidan cumprir coas obrigas de publicidade activa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto.

7. O Portal de transparencia e Goberno aberto deberá dispoñer dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir de forma automática por medios electrónicos un aviso da incorporación ao Portal de nova información relativa a aqueles ámbitos, ben temáticos ou ben organizativos, dos que solicítase ser informada.

### **Artigo 30. Órganos, servizos ou unidades administrativas responsables da transparencia**

1. Nos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título, os órganos, os servizos ou as unidades administrativas responsables da transparencia distintos dos establecidos no número 2 serán designados polo órgano competente que estableza a súa normativa reguladora.

2. No ámbito do sector público autonómico, os órganos, os servizos ou as unidades administrativas responsables da transparencia dependerán, no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellaría ou dos órganos de goberno ou executivos equivalentes das entidades instrumentais do sector público autonómico.

3. Os órganos, os servizos ou as unidades administrativas a que se refire o punto anterior, no seu respectivo ámbito de actuación, exercerán as seguintes funcións:

a) Solicitar a información exixida polo capítulo II deste título en materia da súa competencia e difundila mediante a súa publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto.

b) Recibir e tramitar as solicitudes de acceso á información pública reguladas no capítulo IV deste título.

c) Levar un rexistro das solicitudes de acceso á información.

d) Realizar o seguimento e control da correcta tramitación das solicitudes de acceso á información pública e, de ser o caso, das reclamacións e dos recursos que se interpoñan.

e) As demais funcións necesarias para o cumprimento adecuado das obrigas previstas nesta lei.

### **Artigo 31. Coordinación e control interno en materia de transparencia**

1. No ámbito do sector público autonómico, a coordinación xeral e o control interno en materia de transparencia exerceraos a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

2. A dita comisión, que será asistida pola persoa titular do centro directivo con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, establecerá a planificación directiva en materia de transparencia, poderá ditar instrucións, establecer protocolos e fixar criterios tanto respecto á implementación da publicidade activa coma en relación co seguimento do adecuado cumprimento das demais obrigas en materia de transparencia.

Cando a dita comisión exerza funcións relativas á reutilización da información e ao Portal de transparencia e Goberno aberto, esta comisión será tamén asistida pola persoa titular do ente público con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicacións.

3. A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación exercerá as funcións necesarias para a coordinación adecuada en materia de transparencia dentro do sector público autonómico e o control no cumprimento das obrigas previstas nesta lei, e acordará a incorporación no Portal de transparencia e Goberno aberto daquela información que sexa solicitada pola cidadanía con máis frecuencia.

## **Artigo 32. O Comisionado da Transparencia**

1. Créase o Comisionado da Transparencia e atribúenselle as súas funcións ao Valedor do Pobo.

2. O Comisionado da Transparencia é o órgano independente de control do cumprimento das obrigas comprendidas neste título por parte dos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación.

3. O Comisionado da Transparencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Responder ás consultas que, con carácter facultativo, lle sexan formuladas polos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

- b) Adoptar recomendacións para o mellor cumprimento das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, oída a Comisión da Transparencia.
- c) Asesorar en materia de transparencia do dereito de acceso á información pública e bo goberno.
- d) Emitir informe, con carácter previo á súa aprobación, sobre proxectos de lei ou de regulamentos en materia de transparencia e bo goberno, oída a Comisión da Transparencia.
- e) Efectuar, por iniciativa propia ou por mor de denuncia, requirimentos para a emenda dos incumprimentos que se poidan producir das obrigas establecidas en materia de publicidade activa previstas nesta lei.
- f) Aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas por unha norma legal.

### **Artigo 33. A Comisión da Transparencia**

1. Créase a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.

2. Compoñerase dos seguintes membros:

- a) Presidente ou presidenta: o valedor ou a valedora do pobo.
- b) Vicepresidente ou vicepresidenta: o adxunto ou a adxunta á institución do Valedor do Pobo.
- c) Vogais: unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

3. A Comisión da Transparencia é o órgano independente ao que lle corresponde a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 desta lei. No caso de empate, o presidente ou presidenta terá voto dirimente.

### **Artigo 34. Separación de funcións e medios**

O Comisionado da Transparencia e a Comisión da Transparencia actuarán con separación das súas funcións respecto das outras que lle corresponden ao Valedor do Pobo, ben que contarán cos medios persoais e materiais asignados a esta institución.

### **Artigo 35. Colaboración co Valedor do Pobo**

1. Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei prestarán a colaboración necesaria ao Valedor do Pobo para o correcto desenvolvemento das súas funcións, facilitando a información que lles solicite no seu respectivo ámbito competencial.

2. A Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 31 desta lei, remitiralle ao Valedor do Pobo o informe referido no artigo 5.

### **Artigo 36. Informe anual ao Parlamento**

1. O Valedor do Pobo incluírá no seu informe presentado anualmente perante o Parlamento de Galicia, previsto no artigo 36 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, unha epígrafe relativa ao grao de aplicación e cumprimento desta lei, na cal recollerá, en todo caso:

- a) Os criterios interpretativos e as recomendacións que formulase durante ese ano.
- b) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e o sentido da súa resolución.

c) A actividade de asesoramento realizada en materia de transparencia, do dereito de acceso á información pública e bo goberno.

d) Os requirimentos efectuados de emenda dos incumprimentos que se puideren producir.

e) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos distintos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación. Formularanse requirimentos expresos no caso de cumprimento insuficiente.

2. O informe anual que se presentará ao Parlamento estará tamén á disposición da cidadanía dentro do Portal de transparencia e Goberno aberto, así como na páxina web do Valedor do Pobo.

## **TÍTULO II**

### **Bo goberno**

## **CAPÍTULO I**

### **Altos cargos**

#### *Sección 1ª. Ámbito de aplicación*

### **Artigo 37. Ámbito de aplicación**

1. O contido das obrigas deste título, cando non se especifique o contrario, será aplicable á totalidade dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público autonómico, consideración que terán os seguintes cargos públicos:

a) Os membros do Consello da Xunta de Galicia.



b) As delegadas e os delegados territoriais, as secretarías e os secretarios xerais, as secretarías e os secretarios xerais técnicos, as directoras e os directores xerais e os cargos asimilados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Os presidentes e as presidentas, os directores e as directoras xerais e asimilados dos entes instrumentais do sector público autonómico previstos no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, agás das fundacións do sector público autonómico, sempre que teñan a condición de máximos responsables e cun nomeamento que sexa efectuado por decisión do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.

d) O persoal eventual que, en virtude de nomeamento legal, exerza funcións de xefatura de gabinete ou xefatura de prensa dos gabinetes da persoa titular da Presidencia da Xunta e dos demais membros do Consello da Xunta de Galicia.

e) As persoas titulares de calquera outro posto de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entes instrumentais do sector público autonómico, calquera que sexa a súa denominación, cuxo nomeamento se efectúe por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

f) O presidente ou a presidenta do Consello Económico e Social.

2. A aplicación aos suxeitos mencionados no punto anterior das disposicións contidas neste título non afectará en ningún caso a condición de cargo electo que poidan ter.

## *Sección 2ª. Exercicio do alto cargo*

### **Artigo 38. Nomeamento e exercicio do alto cargo**

1. O nomeamento do alto cargo farase entre persoas idóneas e realizarase atendendo a criterios de competencia profesional entre persoas con cualificación, formación e experiencia en función do cargo que vaian desempeñar. A idoneidade será apreciada tanto por quen propón coma por quen nomea o alto cargo.

2. As persoas que ocupen os cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo estarán suxeitas aos principios que figuran no Código ético institucional da Xunta de Galicia nos termos establecidos nel.

3. A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.

4. O tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos será o de señor/señora, seguido da denominación do cargo, emprego ou rango correspondente.

## *Sección 3ª. Réxime de actividades e incompatibilidades de altos cargos*

### **Artigo 39. Principios xerais**

1. Os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo exercerán as súas funcións con dedicación exclusiva e non poderán compatibilizar a súa actividade pública:

- a) Co desempeño, en por si ou mediante substitución de persoa interposta, de calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea.
- b) Co exercicio de calquera outra función ou actividade pública representativa, incluído o exercicio de cargos electivos

en colexios, cámaras ou entidades que teñan atribuídas funcións públicas ou coadxuven a estas, salvo as autorizadas por esta lei.

c) Co desempeño, en por si ou por persoas interpostas, de cargos de toda índole en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, sexa cal for a configuración xurídica daquelas.

d) Co exercicio de cargos, en por si ou por persoas interpostas, que leven anexas funcións de dirección, representación ou asesoramento de toda clase de sociedades mercantís e civís e consorcios de fin lucrativo, aínda que uns e outros non realicen fins de servizos públicos nin teñan relacións contractuais coas administracións, os organismos ou as empresas públicas.

e) Coa xestión, a defensa, a dirección ou o asesoramento de asuntos particulares alleos cando, pola súa índole, lles compete ás administracións públicas resolvelos ou quede implicada neles a realización dalgún servizo ou fin público.

f) Coa percepción de pensión de xubilación ou retiro por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio, agás as pensións de viuvez, as prestacións por fillo ou filla ou persoa discapacitada ao cargo ou o cobramento dunha cantidade á conta por accidente de traballo ou enfermidade profesional.

2. Non se poderá percibir en ningún caso máis dunha remuneración, periódica ou eventual, con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos organismos e empresas delas dependentes, sen prexuízo das indemnizacións por gastos de viaxes, estadias, traslados ou asistencias que en cada caso correspondan polas actividades declaradas compatibles.

## **Artigo 40. Compatibilidades con actividades públicas**

1. O exercicio das funcións de alto cargo será compatible coas seguintes actividades públicas:

- a) O exercicio daqueles cargos que lles correspondan con carácter institucional ou para os cales fosen designados pola súa propia condición.
- b) A representación da Administración autonómica nos órganos colexiados.
- c) O desenvolvemento de misións temporais de representación ante organizacións ou conferencias, nacionais e internacionais.
- d) A representación da Administración autonómica nos órganos colexiados ou nos consellos de administración de organismos ou empresas con capital público ou de entidades de dereito público.

No suposto de pertenza a máis de dous consellos de administración de organismos ou empresas con capital público ou de entidades de dereito público, só se poderán percibir cantidades en concepto de asistencia por un máximo de dous consellos de administración.

O Consello da Xunta de Galicia poderá limitar a pertenza a máis de dous dos referidos consellos de administración, así como determinar a non percepción de ningunha cantidade por asistencia.

- e) O cargo de deputado ou deputada no Parlamento de Galicia, só no caso dos membros do Goberno galego.

2. Nos supostos previstos nas alíneas anteriores, os cargos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei só poderán percibir,

polos indicados cargos ou actividades compatibles, as indemnizacións por razón de servizo que lles correspondan de acordo coa normativa vixente, así como as cantidades en concepto de asistencia nos supostos b) e d) previstos no punto anterior. As restantes cantidades que, de ser o caso, se devindiquen polo desenvolvemento destas funcións e cargos, sexa cal for o concepto da devindicación, serán ingresadas pola empresa, sociedade, organismo ou ente pagador directamente na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 41. Compatibilidade co exercicio da docencia**

1. Poderase compatibilizar, cumpridas as restantes exixencias desta lei, o exercicio de funcións docentes, de carácter regrado, sempre que non supoñan menoscabo da dedicación no exercicio do cargo público e se realice en réxime de dedicación a tempo parcial.

2. O desenvolvemento desta actividade non poderá supoñer en ningún caso incremento ningún sobre as cantidades que por calquera concepto corresponda percibir polo exercicio do cargo público, con excepción das indemnizacións por gastos de viaxes, estadias e traslados que lles correspondan de acordo coa normativa vixente na área docente, e dándolles idéntico destino aos dereitos económicos que, de ser o caso, se puideren devindicar consonte o disposto no artigo 40.2.

3. Para o exercicio das funcións docentes requirirase a autorización expresa da persoa titular da consellaría competente en materia de función pública.

4. Os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste capítulo poderán participar nas actividades a cargo dos centros oficiais de formación e perfeccionamento do persoal empregado

público mediante a impartición de conferencias e cursos, sempre que a dita colaboración se produza con carácter excepcional, así como nos congresos, seminarios e actividades análogas, e terán dereito á percepción das indemnizacións previstas regulamentariamente.

Os centros de formación dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos entes instrumentais do sector público autonómico comunicaranlles trimestralmente ás consellerías competentes en materia de orzamentos e de función pública o detalle das cantidades satisfeitas polos conceptos indicados.

## **Artigo 42. Compatibilidade con actividades privadas**

1. O exercicio dun cargo dos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei será compatible coas seguintes actividades privadas, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións públicas:

- a) As que deriven da simple administración do patrimonio persoal ou familiar.
- b) As actividades de produción e creación literaria, artística, científica ou técnica e as publicacións derivadas daquelas, así como a colaboración e a asistencia ocasional como relator ou relatora en congresos, seminarios, xornadas de traballo, conferencias ou cursos de carácter profesional, sempre que non sexan consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos ou supoñan un menoscabo do estrito cumprimento dos seus deberes.
- c) A participación en entidades culturais ou benéficas que non teñan ánimo de lucro e sempre que non perciban ningún tipo de retribución ou percepción pola dita participación.

2. A persoa interesada na realización destas actividades comunicarao á Dirección Xeral da Función Pública con carácter previo, agás no suposto establecido no punto 1.a).

3. Os membros do Consello da Xunta non poderán percibir retribución ningunha pola colaboración e/ou asistencia ocasional como relator ou relatora en congresos, seminarios, xornadas de traballo ou cursos de carácter profesional.

Aos dereitos económicos que, de ser o caso, puideren devindicarse derivados das referidas actividades daráselles o destino disposto no artigo 40.2.

### **Artigo 43. Conflito de intereses**

1. A persoa que ocupe un alto cargo dos mencionados no ámbito de aplicación deste título deberá evitar, en todo caso, a influencia dos seus intereses persoais no exercicio das súas funcións e responsabilidades por lles supoñer un beneficio ou un prexuízo.

2. Para estes efectos, consideraranse intereses persoais:

a) Os intereses propios.

b) Os intereses familiares, incluíndo os do seu ou da súa cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, así como os de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade e do segundo grao de afinidade.

c) Os das persoas coas cales teña unha cuestión litixiosa pendente.

d) Os das persoas coas cales teña amizade íntima ou inimidade manifesta.

e) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas nas cales o alto cargo, o seu cónxuxe ou a persoa unida en análoga relación exercesen funcións de dirección, asesoramento ou administración nos dous anos anteriores ao nomeamento.

f) Os de persoas xurídicas ou entidades privadas ás cales os familiares previstos na alínea b) estean vinculados por unha relación laboral ou profesional de calquera tipo, sempre que esta implique o exercicio de funcións de dirección, asesoramento ou administración.

3. Os altos cargos non poderán ter, en por si ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un dez por cento en empresas mentres teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local, ou reciban subvencións provenientes de calquera Administración pública.

Para os efectos previstos neste artigo, considérase persoa interposta a persoa física ou xurídica que actúa por conta do alto cargo.

No caso en que, de forma sobrevida, se produza a causa descrita neste apartado, o alto cargo deberá notificarllo á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que deberá informar sobre as medidas que cómpre adoptar para garantir a obxectividade na actuación pública.

4. No suposto de que a persoa que sexa nomeada para ocupar un alto cargo posúa a participación a que se refire o punto anterior, terá que allear ou ceder as participacións e os dereitos inherentes a elas durante o tempo en que exerza o seu cargo, no prazo de tres meses contado desde o día seguinte ao do seu



nomeamento. Se a participación fose adquirida por sucesión hereditaria ou outro título gratuíto durante o exercicio do cargo, terá que desprenderse dela no prazo de tres meses desde a súa adquisición.

A dita participación e posterior transmisión serán, así mesmo, declaradas aos rexistros previstos no artigo 49 na forma que regulamentariamente se determine.

#### **Artigo 44. Deber de abstención**

1. As persoas que ocupen os altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título deberanse abster de intervir nos procedementos administrativos que afecten os seus intereses persoais, tal e como están definidos no artigo anterior.

2. Para estes efectos, utilizarán a figura da abstención regulada na normativa básica en materia de procedemento administrativo. Así mesmo, poderán ser recusados nos termos previstos na antedita normativa.

3. A abstención realizarase por escrito para a súa adecuada expresión e constancia, e notificarase á persoa superior inmediata ou, no seu defecto, ao órgano que o ou a nomeou, que resolverá o procedente. No caso de se producir no seo dun órgano colexiado, a abstención constará e incorporarase á acta elaborada pola secretaría. En calquera dos casos, a abstención será comunicada nun prazo máximo dun mes ao Rexistro de Actividades de Altos Cargos para a súa constancia.

4. A persoa que ocupe o alto cargo poderá formular á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos.

## **Artigo 45. Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento**

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.

2. Quedarán exceptuadas do disposto no punto anterior aquelas persoas que se reincorporen a entidades privadas nas cales xa exercen con anterioridade a ocupar o posto de alto cargo, sempre e cando a actividade que vaian desempeñar nelas sexa en postos de traballo que non estean directamente relacionados coas competencias do cargo público ocupado nin poidan adoptar decisións que afecten as competencias do cargo público desempeñado.

3. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos tampouco poderán asinar, nin por si mesmos nin a través de entidades participadas por eles directa ou indirectamente en máis do dez por cento, contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coa Administración pública na cal prestasen servizos, sempre que garden relación directa coas funcións que o alto cargo exercía.

4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que

pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Cando a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas considere que a actividade privada que pretende desenvolver a persoa que ocupou o alto cargo vulnera o establecido nos números 1 e 3 deste artigo, comunicarlle á persoa interesada e á entidade na cal pretende prestar servizos, e concederlles un prazo máximo de dez días para que realicen as alegacións que xulguen oportunas ao respecto. Analizadas as alegacións, a Oficina propoñeralle á persoa titular do centro directivo competente en materia de función pública a resolución que proceda.

6. Durante os dous anos posteriores á data do seu cesamento como alto cargo, aqueles e aquelas que reingresen na función pública e teñan concedida a compatibilidade para prestaren servizos retribuídos de calquera natureza a persoas físicas ou xurídicas de carácter privado absteranse en todas aquelas actuacións privadas que garden relación coas competencias do cargo exercido, e aplicaráselles o previsto no número 3 deste artigo.

#### **Artigo 46. Prohibición da tenza de fondos en paraísos fiscais**

1. Durante o exercicio do seu cargo, así como nos dous anos seguintes ao seu cesamento, os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoas ou entidades ou empresas interpostas, fondos, activos financeiros ou valores negociables en países ou territorios con cualificación de paraíso fiscal segundo a regulación estatal aplicable.

2. No caso de dispoñer dos ditos fondos, activos financeiros ou valores negociables deberán poñelo en coñecemento do órga-

no competente en materia de incompatibilidades e comprometerse a transferilos ás entidades ou aos intermediarios financeiros con residencia fiscal en países ou territorios que non teñan a dita cualificación.

*Sección 4ª. Transparencia e control das actividades e do patrimonio dos altos cargos*

**Artigo 47. Declaracións de actividades e de bens patrimoniais**

1. Os cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título están obrigados a formular as seguintes declaracións:

a) Declaración de actividades ante o Rexistro de Actividades de Altos Cargos. Esta virá referida a calquera actividade, negocio, empresa ou sociedade, pública ou privada, que desenvolvan en por si ou mediante substitución ou apoderamento e que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos ou nos cales teñan participación ou intereses.

Esta declaración deberá incluír tamén aquelas actividades que tivesen desempeñado durante os dous anos anteriores á súa toma de posesión como cargo público, así como as renuncias ou os alleamentos de participacións en empresas que tivesen que realizar para cumprir a norma.

b) Declaración de bens patrimoniais ante o Rexistro de Bens Patrimoniais referida aos que integren o patrimonio da persoa interesada, comprensiva da totalidade dos seus bens, dereitos e obrigas, á cal se xuntará a copia da última declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e ao imposto sobre o patrimonio no caso de que teña obriga de o presentar a persoa declarante ante a Administración tributaria.

Esta declaración deberá incluír as participacións en calquera tipo de sociedade pertencente ao alto cargo.

Xunto con esta declaración deberán presentar a declaración comprensiva da situación patrimonial regulada no artigo 49.4.

2. As declaracións mencionadas nos supostos a) e b) do punto anterior efectuaranse nos termos regulamentariamente establecidos dentro dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e cesamento, respectivamente, do alto cargo.

3. Anualmente, durante o mes de xullo, presentarán ante o Rexistro de Bens Patrimoniais copia das declaracións tributarias mencionadas na alínea b) do punto 1.

#### **Artigo 48. Órgano de xestión**

1. A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia será o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades regulado neste título, así como para coñecer as denuncias que se poidan formular sobre os presuntos incumprimentos dese réxime. Estará adscrito á consellaría competente en materia de función pública.

2. A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia será o órgano encargado do mantemento e da xestión dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos, e mais o responsable da custodia, seguridade e indemnidade dos datos e documentos que se conteñan neles.

3. Este órgano será o encargado de cualificar a declaración de actividades e a declaración de bens patrimoniais nos termos establecidos regulamentariamente. Así mesmo, procederá a recordar

e, de ser o caso, requirir a quen sexa nomeado ou a quen cese nun cargo dos comprendidos no ámbito de aplicación o cumprimento das obrigas previstas nesta lei.

4. Todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como todas as entidades do sector público autonómico deberán informar a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas dos nomeamentos dos altos cargos comprendidos no ámbito de aplicación deste título no prazo de sete días contados desde o nomeamento.

As entidades públicas ou privadas con representación do sector público nos seus órganos de administración ou de goberno comunicarán á Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas as designacións de persoas que, conforme o disposto nesta lei, teñan a condición de alto cargo.

5. Todos os altos cargos, entidades, órganos e organismos públicos, así como as entidades privadas terán a obriga de colaborar coa Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas na obtención de calquera información que esta lles requira para os efectos de detectar calquera vulneración do réxime de incompatibilidades previsto nesta lei.

6. O persoal que preste servizos nesta oficina ten o deber permanente de manter en segredo os datos e as informacións que coñeza por razón do seu traballo.

#### **Artigo 49. Rexistro de Actividades de Altos Cargos e Rexistro de Bens Patrimoniais**

1. O Rexistro de Actividades de Altos Cargos será público. O contido das declaracións inscritas nel estará dispoñible no Portal de transparencia e Goberno aberto.

2. O Rexistro de Bens Patrimoniais de Altos Cargos será público nos termos que se indican no punto 4 deste artigo. O contido das declaracións comprensivas da situación patrimonial estará dispoñible no Portal de transparencia e Goberno aberto e publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, referido aos momentos do nomeamento e do cesamento das persoas que ocupen altos cargos.

Terán acceso completo a este rexistro:

- a) O Parlamento de Galicia, de acordo co que se estableza no Regulamento da Cámara.
- b) Os órganos xudiciais, para a instrución ou a resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos que constan no rexistro, de conformidade co disposto nas leis procesuais.
- c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos que constan no rexistro.
- d) O Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo, nos termos previstos nas súas leis de creación.
- e) O Consello de Contas, nos termos previstos na súa lei reguladora.

3. Non serán obxecto de publicidade as copias da declaración tributaria correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, do imposto sobre o patrimonio.

4. Para o efecto da súa publicación, as persoas referidas cubrirán unha declaración comprensiva da súa situación patrimonial, con omisión daqueles datos referentes á localización dos elementos patrimoniais para salvagardar a privacidade e seguridade das persoas titulares, no modelo que aprobe a persoa titular da consellaría competente en materia de función pública.

Esta declaración deberá ser presentada no Rexistro de Bens Patrimoniais no prazo dos tres meses seguintes á data de toma de posesión e de cesamento, respectivamente, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Será aplicable o réxime xeral establecido neste título para a presentación das declaracións.

## CAPÍTULO II

### **O Goberno en funcións e o traspaso de poderes**

#### **Artigo 50. Actuación do Goberno da Xunta en funcións**

1. No tempo de permanencia en funcións da Xunta cesante, tal e como se define no artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Goberno deberá limitar a súa xestión ao despacho de asuntos ordinarios, evitando adoptar medidas que condicionen aquelas que deba definir o Goberno que o substitúa.

2. Nese sentido, durante a súa permanencia en funcións e agás casos de urxencia ou cando existan razóns motivadas que o xustifiquen, o Goberno en funcións non poderá:

- a) Enviar proxectos de lei ao Parlamento.
- b) Facer uso das delegacións legislativas outorgadas polo Parlamento, así como aprobar decretos de desenvolvemento normativo de leis ou ordes en execución de normas legais ou regulamentarias.
- c) Autorizar convenios ou acordos co Goberno de España ou con outras comunidades autónomas, entidades locais e universidades.
- d) Adquirir compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.



- e) Aprobar convocatorias de probas de acceso ou de provisión de postos de traballo para calquera categoría de persoal empregado público.
- f) Aprobar ou modificar as relacións de postos de traballo do sector público autonómico.
- g) Adxudicar contratos que teñan vixencia plurianual e, en todo caso, aqueles cuxa estimación económica supere a contía de 150.000 euros.
- h) Resolver expedientes que poñan fin á aprobación ou denegación de plans previstos na normativa de ordenación territorial ou ambiental.

### **Artigo 51. Actuación do Goberno en funcións en relación co traspaso de poderes**

1. Durante a súa permanencia en funcións, a Xunta cesante deberá tomar as medidas destinadas a garantir a subministración ao novo Goberno da información pertinente sobre o estado xeral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes instrumentais do sector público galego.
2. Nese sentido, cada consellaría do Goberno en funcións deberá elaborar un informe de xestión relativo tanto a ela mesma coma a aqueles entes instrumentais do sector público autonómico dependentes dela.
3. O contido do dito informe de xestión desenvolverase regulamentariamente e deberá recoller, cando menos:
  - a) A estrutura, o organigrama e as funcións.
  - b) Os programas en execución.
  - c) Os convenios vixentes con detalle de execución.

- d) O detalle da execución orzamentaria do exercicio en curso e das disponibilidades existentes.
  - e) O detalle de préstamos financeiros outorgados e solicitados.
  - f) O detalle de compromisos económicos asumidos polo organismo.
  - g) O detalle da situación do persoal.
  - h) A listaxe e copia de todos os contratos vixentes no momento da transición.
  - i) A listaxe e copia de todas as obrigas pendentes de pagamento.
  - j) A listaxe de todas as disposicións de carácter xeral aprobadas cuxa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior ao da toma de posesión do novo Goberno.
4. Unha vez confeccionados, os informes de xestión serán agrupados nun único documento final que quedará á disposición da persoa titular da Presidencia da Xunta.

### TÍTULO III

#### **Réxime sancionador**

#### **Artigo 52. Réxime sancionador**

1. O incumprimento das obrigas establecidas nesta lei sancionárase consonte o previsto neste título, sen prexuízo doutras responsabilidades que puideren concorrer.
2. A potestade sancionadora respecto das infraccións tipificadas nesta lei exercerase de conformidade co disposto neste título e na normativa en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo sancionador.

3. O presente réxime sancionador non se aplica se os feitos poden ser constitutivos de infracción penal e tampouco se, de acordo coa lei, pode ser aplicable outro réxime de responsabilidade administrativa ou de natureza xurisdiccional, sempre que se dea tamén a identidade de suxeito e fundamento.

4. Cando, en calquera fase do procedemento sancionador, os órganos competentes consideren que existen elementos de xuízo indicativos da existencia doutra infracción para cuxo coñecemento non sexan competentes, comunicaranllo ao órgano que consideren competente.

5. O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo da exixencia das demais responsabilidades a que houber lugar. Para estes efectos, cando aparezan indicios doutras responsabilidades, ordenaráselle á Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia que valore o exercicio doutras posibles accións que poidan corresponder, así como, de proceder, que poña os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal por se poden ser constitutivos de delito.

### **Artigo 53. Infraccións e sancións en materia de xestión económico-orzamentaria**

As persoas que ocupen os altos cargos incluídos no ámbito de aplicación do título II estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de xestión económico-orzamentaria recollido na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.

### **Artigo 54. Infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses**

1. Considéranse infraccións moi graves:

- a) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando se produza dano manifesto á Administración autonómica.

b) A non presentación das declaracións previstas no artigo 47, pasados seis meses desde a toma de posesión ou desde o cesamento.

c) A presentación de declaracións con datos ou documentos falsos.

d) O incumprimento da prohibición da tenza de fondos en paraísos fiscais.

## 2. Considéranse infraccións graves:

a) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, conflitos de intereses e abstencións recollidas no título II, cando non se produza dano manifesto á Administración autonómica.

b) A non presentación en prazo das declaracións previstas no título II cando non sexa emendada tras o prazo dun mes logo do requirimento que se formule para o efecto, tanto tras o nomeamento coma tras o cesamento.

c) A omisión de datos e documentos que deban ser presentados conforme o establecido nesta lei.

## 3. Considérase infracción leve a non presentación no prazo establecido das declaracións previstas no artigo 47, transcorrido o prazo previsto no requirimento que se formule para o efecto.

### **Artigo 55. Infraccións e sancións disciplinarias**

1. As persoas que ocupen os altos cargos incluídos no ámbito de aplicación do título II estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións disciplinarias recollido na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno.

2. Ademais, considérase infracción grave o incumprimento reiterado das obrigas en materia de transparencia previstas nesta lei, cando se produza un dano manifesto, e infracción leve o incumprimento das indicadas obrigas cando non sexa reiterado e non se produza dano manifesto.

## **Artigo 56. Órganos competentes**

1. O procedemento sancionador iníciase de oficio, por acordo do órgano competente, ben por iniciativa propia, ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia cidadá.

2. O órgano competente para ordenar a incoación será:

a) O Consello da Xunta, para as infraccións de calquera tipo que afecten membros do Goberno, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de administracións públicas.

b) A persoa titular da consellaría competente en materia de facenda, para as infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria que afecten as restantes persoas incluídas no ámbito de aplicación do título II.

c) A persoa titular da consellaría competente en materia de función pública, para as infraccións en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses que afecten as restantes persoas incluídas no ámbito de aplicación do título II.

d) A persoa titular da consellaría competente en materia de administracións públicas, para as infraccións disciplinarias.

3. O órgano competente para instruír o procedemento será:

a) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría competente en materia de facenda, para as infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria.

b) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría competente en materia de función pública, para as infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses.

c) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría competente en materia de administracións públicas, para as infraccións disciplinarias.

4. O órgano competente para a imposición das sancións será:

a) O Consello da Xunta de Galicia no caso das sancións moi graves ou cando o alto cargo teña a condición de membro do Goberno.

b) O órgano competente para a súa incoación no caso das sancións graves e leves.

### **Artigo 57. Actuacións previas**

1. O órgano competente para a instrución, con anterioridade á iniciación de calquera expediente de responsabilidade, poderá realizar actuacións previas de carácter reservado co obxecto de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación e notificaralle o inicio de tales actuacións á persoa interesada.

2. Así mesmo, o dito órgano coñecerá das denuncias que sobre os presuntos incumprimentos desta lei se poidan formular.

3. No caso de infraccións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses, a Oficina de Incompatibilidades, a través do centro directivo a que estea adscrita, con anterioridade á iniciación de calquera expediente sancionador, poderá realizar de oficio as actuacións previas de carácter reservado para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. Así mesmo, a Oficina de Incompatibilidades coñecerá das denuncias que se poidan formular

sobre os presuntos incumprimentos en materia de incompatibilidades e conflito de intereses. Unha vez realizadas estas actuacións previas, a Oficina de Incompatibilidades remitiralle ao órgano competente para a instrución o informe das actuacións previas realizadas.

4. Unha vez realizada a información previa, o órgano competente para a instrución elevará o informe das actuacións previas realizadas ao órgano competente para a incoación.

## **Artigo 58. Procedemento**

1. O procedemento tramitarase en expediente contradictorio e sumario conforme se determine regulamentariamente. No que non se regule especificamente, aplicarase a normativa de réxime xurídico e procedemento administrativo aplicable ás administracións públicas.

2. As persoas responsables dos ficheiros, arquivos e rexistros de carácter público proporcionaranlle ao órgano competente para a instrución, cando lles sexan requiridos, información, datos e colaboración na forma establecida na lexislación en materia de datos de carácter persoal.

3. De conformidade co previsto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar.

4. Ao se concluír a instrución, o órgano instructor formulará proposta de resolución na cal se fixarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa cualificación xurídica, e determinaranse a infracción e a persoa ou persoas

que resulten responsables, especificándose a sanción que propón que se imponha e as medidas provisionais que se adoptaron, ou ben propoñerase a declaración de non existencia de infracción ou responsabilidade.

## **Artigo 59. Sancións en materia de incompatibilidades e conflito de intereses**

### **1. A sanción por infracción moi grave comprenderá:**

- a) A destitución nos cargos públicos que ocupen, salvo que xa cesasen nestes.
- b) A obriga de restituír, de ser o caso, as cantidades percibidas indebidamente na forma que se estableza regulamentariamente.
- c) A inhabilitación para ocupar un posto de alto cargo das persoas que cometesen as infraccións tipificadas no artigo 54.1.a) durante un período de entre cinco e dez anos.

A inhabilitación para ocupar cargos públicos comportará a destitución no cargo público que ocupe, de non ter cesado nel.

- d) Unha sanción pecuniaria por un importe de entre un mínimo do cinco por cento e un máximo do dez por cento do seu salario bruto mensual.

### **2. A sanción por infracción grave comprenderá:**

- a) A obriga de restituír, de ser o caso, as cantidades percibidas indebidamente na forma que se estableza regulamentariamente.
- b) A inhabilitación para ocupar un posto de alto cargo das persoas que cometesen as infraccións tipificadas no artigo 54.2.a) durante un período de entre un e cinco anos.



A inhabilitación para ocupar cargos públicos comportará a destitución no cargo público que ocupe, de non ter cesado nel.

c) Unha sanción pecuniaria por un importe de entre un mínimo do dous por cento e un máximo do catro por cento do seu salario bruto mensual.

3. As infraccións leves serán sancionadas cunha amoestación por escrito.

4. Para a gradación das sancións aplicables en cada caso teranse en conta os criterios recollidos na normativa básica de procedemento administrativo e valoraranse a existencia de prexuízos para o interese público, a repercusión da conduta na cidadanía e, de ser o caso, a percepción indebida de cantidades polo desempeño de actividades públicas incompatibles.

5. Cando as sancións comporten o pagamento e/ou a restitución de cantidades, estas depositaranse na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia.

### **Artigo 60. Prescrición de infraccións e sancións**

1. As infraccións e as sancións reguladas nesta lei prescribirán aos cinco anos, tres anos e un ano, segundo se trate de responsabilidades moi graves, graves ou leves, respectivamente.

2. Para o cómputo dos prazos de prescrición, así como para as causas da súa interrupción, observarase o disposto na normativa básica de procedemento administrativo.

### **Artigo 61. Informe ao Parlamento de Galicia**

A Xunta de Galicia deberalle remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre os expedientes tramitados

en aplicación do réxime sancionador previsto neste título, coa inclusión de referencias aos procedementos iniciados, resoltos e, de ser o caso, aos que fosen obxecto de recurso. Este informe farase público no Portal de transparencia e Goberno aberto.

### **Disposición adicional primeira. Formación do persoal público**

A Escola Galega de Administración Pública incorporará, dentro do seu plan de formación, instrumentos específicos para formar o persoal empregado público nos dereitos e obrigas regulados por esta lei.

### **Disposición adicional segunda. Autorización de convenios**

Os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia cando impliquen asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 150.000 euros ou cando as ditas obrigas, aínda que non superen a citada cifra, teñan carácter plurianual.

### **Disposición adicional terceira. Información previa ao Parlamento**

Con carácter previo ao nomeamento dos presidentes ou das presidentas do Consello Económico e Social, do Consello da Cultura Galega ou doutros órganos que se poidan establecer por lei, e cuxo nomeamento sexa realizado polo presidente ou pola presidenta ou polo Consello da Xunta por un período de tempo determinado, poñerase en coñecemento do Parlamento de Galicia o nome das persoas propostas para estes cargos co fin de que poida dispoñer a súa comparecencia perante a comisión correspondente da Cámara. A comisión parlamentaria examinará, de ser o caso, as candidaturas propostas. Os seus membros formularán as preguntas ou solicitarán as aclaracións que crean convenientes.

De igual maneira, comparecerán as candidatas ou os candidatos propostos para os cargos de director ou directora da Corporación Radio e Televisión de Galicia e de valedor ou valedora do pobo.

#### **Disposición adicional cuarta. Custos de acceso á información**

O acceso á información será gratuíto. Non obstante, a obtención de copias e a transposición a formatos diferentes do orixinal poderán estar suxeitas ao pagamento das taxas establecidas na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o particular.

#### **Disposición adicional quinta. Reclamación**

A resolución da reclamación prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo.

#### **Disposición adicional sexta. Reasignación dos medios do Valedor do Pobo**

Á entrada en vigor desta lei, o valedor ou a valedora do pobo procederá á reordenación e reasignación dos medios persoais e materiais da institución para garantir o cumprimento dos fins e das funcións que esta lles atribúe ao Comisionado da Transparencia e á Comisión da Transparencia.

#### **Disposición adicional sétima. Normativa comunitaria**

Nun prazo de oito meses desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia regulará os mecanismos de planificación e avaliación normativa derivados do contido das recomendacións europeas sobre better regulation.

Regularase ademais a existencia dunha memoria de análise de impacto normativo, como documento que integre todas as ache-

gas recibidas polo órgano directivo impulsor da norma, calquera que sexa a súa procedencia, e mais a súa resposta motivada. No caso das iniciativas lexislativas, este documento seralle remitido ao Parlamento xunto con cada unha delas.

### **Disposición transitoria primeira. Obrigas de transparencia**

1. As obrigas en materia de publicidade activa non serán aplicables a aqueles contratos formalizados, convenios asinados ou subvencións concedidas antes da entrada en vigor desta lei.

2. As obrigas en materia de publicidade activa non serán aplicables a aqueles proxectos de disposicións de carácter xeral ou de plans ou programas plurianuais cuxa tramitación se iniciase antes da entrada en vigor desta lei.

### **Disposición transitoria segunda. Vixencia das disposicións regulamentarias**

Mentres non se desenvolva regulamentariamente esta lei, permanecerán en vigor en todo o que non se opoña a ela:

- a) O Decreto 44/1991, do 20 de marzo, de réxime disciplinario do persoal funcionario de Galicia.
- b) O Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- c) O Decreto 205/2008, do 4 de setembro, polo que se regulan os rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia.

### **Disposición transitoria terceira. Instrumentos tecnolóxicos**

Os instrumentos tecnolóxicos precisos para dar cumprimento ás obrigas da presente lei iranse adecuando progresivamente

aos seus requirimentos de forma que, no prazo máximo de seis meses, estean implementados para que as disposicións contidas nesta lei sexan plenamente efectivas.

### **Disposición derogatoria única. Derogación normativa**

1. Queda derogada a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica.
2. Queda derogada a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.
3. Queda derogado o artigo 8 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao contido desta lei.

### **Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia**

Introdúcese un novo artigo 53 bis na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co seguinte contido:

«Artigo 53 bis. Réxime económico aplicable aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para adecuar, conforme criterios obxectivos, os conceptos retributivos e as

percepcións económicas de calquera natureza que resultan aplicables:

- a) Aos órganos unipersoais de goberno e aos membros dos consellos reitores das entidades reguladas no artigo 45.
- b) Aos órganos unipersoais de goberno ou dirección e aos membros dos consellos de administración ou aos órganos equivalentes das entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.
- c) Ao persoal directivo das entidades a que se fai referencia nas alíneas a) e b) anteriores».

### **Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico**

Introdúcese un novo artigo 33 bis na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, co seguinte contido:

«Artigo 33 bis

Nos contratos adxudicados con pluralidade de criterios de valoración, e salvo as excepcións que se poidan establecer en resolución motivada do órgano de contratación cando a natureza da prestación obxecto do contrato así o exixa, a ponderación do prezo ou custo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 por cento da puntuación máxima que se poida atribuír ás ofertas.

O factor custo comprenderá custos sufragados ou que vaia sufragar o poder adxudicador ao longo de toda a vida do produto, servizo ou obra obxecto do contrato de que se trate, que permitan determinar a relación custo-eficacia das ofertas.

Igualmente poderá consistir, cando así o requira a valoración adecuada das ofertas, no cálculo do custo do ciclo de vida, que incluíra nunha medida pertinente a totalidade ou unha parte dos custos seguintes ao longo do ciclo de vida dun produto, dun servizo ou dunha obra:

- a) Custos sufragados polo poder adxudicador ou por outros usuarios, tales como custos de adquisición, de utilización, de mantemento e custos de final de vida.
- b) Custos imputados a externalidades ambientais vinculadas ao produto, servizo ou obra durante todo o seu ciclo de vida, coa condición de que o seu valor monetario se poida determinar e verificar. Eses custos poderán incluír o custo das emisións de gases de efecto invernadoiro e doutras emisións contaminantes, así como outros custos de mitigación do cambio climático.

Todos estes custos deben poder determinarse e verificarse. O método que se utilice para valorar e cuantificar o custo do ciclo de vida incluírase no prego, no cal se indicarán, ademais, os datos que deben facilitar os licitadores para a devandita cuantificación».

### **Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo**

Modifícase o artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, que queda redactado do seguinte xeito:

«2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do valedor ou da valedora do pobo. Dentro do devandito cadro o valedor ou a valedora do pobo poderá designar ata cinco persoas asesoras, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios.

O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.»

### **Disposición derradeira cuarta. Desenvolvemento normativo**

1. Nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma desenvolverá regulamentariamente:

a) A estrutura e os contidos do Portal de transparencia e Goberno aberto.

b) O procedemento de elaboración, estrutura e contidos dos informes de xestión para o traspaso de poderes.

2. Habilítanse o Consello da Xunta de Galicia e mais as persoas titulares das consellarías competentes por razón da materia para ditaren cantas outras disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido nesta lei.

Disposición derradeira quinta.

### **Entrada en vigor**

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



